







# Revista Galega do Ensino

---





# Revista Galega do Ensino

---

## COMITÉ DE REDACCIÓN

Ana María Platas Tasende / Dirección  
M. del Mar Lorenzo Moledo / Subdirección  
María Natividad Rodríguez López / Secretaría  
Javier Vilariño Pintos / Ilustración

---

## CONSELLO ASESOR

Antonio de Ron Pedreira  
Agustín Dosil Maceira  
Constantino García González  
Carlos García Riestra  
Xesús P. González Moreiras  
Venancio Graña Martínez  
José Eduardo López Pereira  
Senén Montero Feijóo  
José Carlos Otero López  
Carlos Pajares Vales  
Vicente Peña Saavedra  
María Pilar Mar Pérez Marsó  
Ángel Rebolledo Varela  
Manuel Regueiro Tenreiro  
María Jesús Suárez Sixto  
José Luis Valcarce Gómez

---

## TRADUCCIÓN E CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Susana García Rodríguez

---

## COLABORACIONES, CORRESPONDENCIA, INTERCAMBIO E PEDIDOS

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Política Lingüística  
Edificio Administrativo San Caetano  
15704 Santiago de Compostela  
*e-mail*: revista.galega.ensino@mail.xunta.es

*O Comité de Redacción non asume  
necesariamente as opinións expostas  
polos autores*

Prohibida a reprodución total ou parcial  
do contido sen a autorización expresa da RGE

© Xunta de Galicia

Edita: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Política Lingüística

Imprime: Grafinova, S. A.

Depósito Legal: C - 818 - 96

ISSN: 1133 - 911X



## Índice

### **Colaboracións especiais**

- |  |         |
|--|---------|
| ❧ Aspectos básicos da biomineralización<br><i>J. S. Casas / J. Sordo</i>   | páx. 17 |
| ❧ Pedro Almodóvar e a intertextualidade.<br>Análise dunha secuencia de <i>Mujeres al borde<br/>de un ataque de nervios</i><br><i>Emmanuel Larraz</i>     | páx. 33 |
| ❧ Primeiros pasos do galego na radiodifusión<br>(1933-1936). A primeira radio galega<br><i>Víctor F. Freixanes</i>                                       | páx. 51 |
| ❧ Realismo, guerra fría e reificación da Historia.<br>A visión histórica da teoría realista das relacións<br>internacionais<br><i>Xavier R. Madriñán</i> | páx. 67 |

## *Estudios*

- ❧ A conducta de fumar durante a adolescencia:  
prevalencia en Galicia e apuntes para a prevención  
*Bernardo José Gómez-Durán* páx. 95
- 
- ❧ Van Gogh. A imaxe do artista no cine  
*Xosé Luís Mosquera Camba* páx. 127
- 
- ❧ Educar en e para a diversidade  
*Pilar Arnaiz Sánchez* páx. 143
- 
- ❧ A formación en centros de traballo: reflexións  
*Josefa Teijeiro Méndez* páx. 161
-



*Prácticas*



Epigrafía romana. Pautas sobre o seu tratamento didáctico

*Javier Gómez Vila*

páx. 177



Proxecto: "Os pementos da nosa escola"

*Javier Iglesias Valiño / Ana M<sup>a</sup> Fariñas Pérez*

páx. 195

## *O pracer de ler*



Literatura infantil e xuvenil

*Agustín Fernández Paz*

páx. 203

## *Recensións*



*O reto da innovación na Educación Especial*, de José Ramón Alberte Castiñeiras (ed.)

*Cristina Abeal Pereira*

páx. 215



*Aforismos sobre el arte de saber vivir*, de Arthur Schopenhauer

*María del Carmen García Sánchez*

páx. 219



*Educación e Neurociencia*, de Lisardo Doval Salgado e Miguel A. Santos Rego (eds.)

*Ana M<sup>a</sup> Porto Castro*

páx. 221



*La Animación con personas mayores*, de Carolina Elizasu

*Agustín Requejo*

páx. 227








*Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica*, de Jaume Sarramona

*Agustín Requejo*

páx. 231

❧	<i>La descentralización de la enseñanza, de AA.VV.</i> <i>Miguel Anxo Santos Rego</i>	páx. 235
❧	<i>A convivencia nos centros escolares de Galicia, de AA.VV.</i> <i>Miguel Anxo Santos Rego</i>	páx. 239
❧	<i>Aprendiendo y enseñando a traducir. Learning and Teaching to Translate. Aprendendo e ensinando a traducir, de Ignacio Palacios Martínez e Elena Seoane Posse</i> <i>M<sup>a</sup> Isabel Balteiro Fernández</i>	páx. 243
❧	<i>Ten o seu punto a fresca rosa, de M<sup>a</sup> Xosé Queizán</i> <i>Xosé Manuel G. Trigo</i>	páx. 247
❧	<i>La primera luz. Libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia. (Facsímile), de Manuel M. Murguía</i> <i>Manuel Quintáns</i>	páx. 251
❧	<i>Contos da Galicia romana: un novo xeito de coñecer a romanización de Galicia, de Fernando Lillo Redonet</i> <i>M<sup>a</sup> Luisa Ortiz Ruiz</i>	páx. 255

	<i>La casa de Patrick Childers</i> , de Lázaro Covadlo <i>Miguel Ángel Otero Furelos</i>	pág. 257
	<i>The Plato papers</i> , de Peter Ackroyd <i>Miguel Ángel Otero Furelos</i>	pág. 259
	<i>El bosque originario</i> , de Jon Juaristi <i>Xavier R. Madriñán</i>	pág. 263
	<i>El retablo de la flagelación de Leonor de Velasco</i> , de J. Yarza Luaces <i>Carlos Sastre Vázquez</i>	pág. 267
	<i>El teorema del loro. Novela para aprender matemáticas</i> , de Denis Guedj <i>José Luis Valcarce Gómez</i>	pág. 271

***Novidades editoriais***



Algunhas novidades editoriais. Literatura

*Ana María Platas Tasende*

páx. 277



Algunhas novidades editoriais. Educación

*M. del Mar Lorenzo Moledo*

páx. 291

***Noticias***



páx. 299

***Lexislación***



Compilación. Marzo, abril, maio, xuño, xullo, agosto e setembro

*Venancio Graña Martínez*

páx. 309

***Normas para os autores***



*Comité de Redacción*

páx. 339





# *Colaboracións especiais*





# ASPECTOS BÁSICOS DA BIOMINERALIZACIÓN

---

*J.S. Casas\**

*J. Sordo\*\**

Universidade de Santiago  
de Compostela

## INTRODUCCIÓN

---

Moitos organismos usan algún material inorgánico en funcións relacionadas co seu ciclo vital. Coñécese como biomineralización o proceso polo que os seres vivos producen estes materiais, denominados biominaerais.

A Táboa 1 mostra algúns dos biominaerais presentes nos seres vivos e as funcións que desenvolven. Como se pode apreciar, conteñen elementos como H, C, O, Si, P, S, Ca e Fe, que forman parte dos denominados elementos esenciais para a vida. Outros, tamén esenciais, como Mg, Na, K, Cu e Zn, atópanse en menor proporción e incluso se localizou algún non esencial como Ag, Au ou Pb, en sólidos asociados coa parede externa de certas bacterias, ou Sr e Ba que aparecen en materiais depositados intracelularmente.

A ampla presenza dos biominaerais e a súa diversidade desmenten, quizais con maior claridade do que o fan as metaloproteínas ou outros cons-

tituíntes dos seres vivos, a impresión de que a vida está monopolizada pola química orgánica. Sen embargo, malia que estes biomateriais se coñecen dende hai moitos anos, o estudo multidisciplinar da biomineralización é un campo de investigación relativamente novo que, dende a perspectiva esencialmente química, trata de comprender os mecanismos de control molecular que permiten a un organismo vivo sintetizar un determinado material inorgánico, sólido e ben definido estruturalmente.

## BIOMINERAIS MÁIS SIGNIFICATIVOS

---

De tódolos coñecidos, os que conteñen calcio representan aproximadamente o 50%, polo que se comentarán en primeiro lugar. A súa ampla difusión reflicte, dunha ou outra forma, a abundancia deste elemento no océano e a ampla utilización do ión  $\text{Ca}^{2+}$  como mensaxeiro celular, pero tamén a baixa solubilidade dos sales que forma con algún dos anións presentes en medios biolóxicos.

\* Catedrático de Química Inorgánica.

\*\* Catedrático de Química Inorgánica.

**TÁBOA 1. Algúns biominerais importantes.**

MINERAL	FÓRMULA	ORGANISMO	FUNCIÓN
<b>Carbonato cálcico</b>			
Calcita	$\text{CaCO}_3^*$	Algas Trilobites	exoesqueletos cristalino do ollo
Aragonita	$\text{CaCO}_3$	Peixes Moluscos	dispositivo de gravidade exoesqueletos
Vaterita	$\text{CaCO}_3$	Ascidia	espículas
Amorfo	$\text{CaCO}_3 \cdot n\text{H}_2\text{O}$	Plantas	reserva de calcio
<b>Fosfato cálcico</b>			
Hidroxiapatito	$\text{Ca}_{10}(\text{PO}_4)_6(\text{OH})_2$	Vertebrados	endoesqueletos dentes reserva de calcio
Fosfato octacálcico	$\text{Ca}_8\text{H}_2(\text{PO}_4)_6$	Vertebrados	fase precursora na formación do óso
Amorfo	?	Mexillón Vertebrados	reserva de calcio fase precursora na formación do óso
<b>Oxalato cálcico</b>			
Whewelita	$\text{CaC}_2\text{O}_4 \cdot \text{H}_2\text{O}$	Plantas	reserva de calcio
Weddelita	$\text{CaC}_2\text{O}_4 \cdot \text{H}_2\text{O}$	Plantas	reserva de calcio
<b>Sulfatos do grupo II</b>			
Xeso	$\text{CaSO}_4$	Larva de medusa	dispositivo de gravidade
Barita	$\text{BaSO}_4$	Algas	dispositivo de gravidade
Celestita	$\text{SrSO}_4$	Acantaria	soporte celular
<b>Óxidos de ferro</b>			
Magnetita	$\text{Fe}_3\text{O}_4$	Bacterias Algún molusco	magnetotaxe dentes

\* Con substitución parcial de Ca por Mg nalgúns casos

Lepidocrocita	$\gamma\text{-FeO(OH)}$	Algún molusco	dentes
Ferrihidrita	$5\text{Fe}_2\text{O}_3 \cdot 9\text{H}_2\text{O}$	Animais e plantas	proteínas de almacenaxe de Fe
+ fosfato		Animais, plantas e bacterias	almacenaxe de Fe
<b>Dióxido de silicio</b>			
Sílice	$\text{SiO}_2 \cdot n\text{H}_2\text{O}$	Algas	exoesqueleto

Xa que as enerxías de hidratación e de rede dependen de forma diferente do radio iónico, un tratamento termodinámico sinxelo pon de manifesto que, en xeral, os sales son máis solubles cando existe unha gran diferenza no tamaño do aniión e do catión, mentres que cando esta é menor o sal faise menos soluble. O tamaño do ión  $\text{Ca}^{2+}$  é relativamente grande (110-120 pm) e isto fai que forme sales relativamente pouco solubles con ións coma carbonato ou fosfato, tamén relativamente grandes.

*Carbonato cálcico.* Cando se forma en sistemas biolóxicos adopta, na maioría dos casos, as estruturas de calcita ou aragonita; nalgúns organismos, sen embargo, detéctase vaterita, que é o polimorfo cristalino menos estable. Ademais, nas follas de moitas plantas depositase carbonato cálcico amorfo, que actúa coma un almacén de calcio. Se ben esta especie amorfa é moi inestable debido a que experimenta facilmente unha rápida transformación de fase, o biomineral amorfo parece estabilizarse por interacción con macromoléculas coma os polisacáridos.

Os biominerais formados por este sal constitúen o soporte estrutural de moitos organismos, pero, ademais, poden participar noutras funcións. Así, por exemplo, no interior do oído interno existen pequenos cristais de calcita que actúan, a través da súa conexión coa membrana baixo a que se sitúan células sensoras, coma un dispositivo que detecta cambios na aceleración e contribúe así a controla-lo equilibrio.

*Fosfato cálcico.* O hidroxipatito é o compoñente inorgánico maioritario dos dentes e dos osos. Estes últimos seica reflicten mellor que ningún outro exemplo a diferenza existente entre un sólido inorgánico e un bioinorgánico ou biomineral. Así, aínda que a estrutura e as propiedades mecánicas do óso xorden dunha mineralización organizada de hidroxipatito dentro dunha matriz de coláxeno e proteínas, este fosfato cálcico sofre un crecemento, disolución e remodelado continuo de forma que se pode pensar nel coma un "mineral vivo".

*Óxidos de ferro.* A diferenza do que sucede co catión  $\text{Ca(II)}$  que se encontra en medios acuosos como tal

cación hidratado, estabilizado nunha relativamente ampla variedade de condicións, o ferro, debido ás diferentes características dos seus dous estados de oxidación Fe(II) e Fe(III), presenta unha química máis complexa que pode ser útil revisar para comprender algunhas cuestións relacionadas cos factores que condicionan a biomineralización deste elemento.

En medios acuosos a estabilidade relativa dos dous estados de oxidación vén definida polo valor do potencial redox  $E^\circ[\text{Fe(III)/Fe(II)}]=0,771 \text{ V}$ , pero este dato resulta útil só en condicións normais. A modificación do pH ou a presenza de axentes complexantes que estabilicen preferentemente un dos dous estados de oxidación alterarán esta estabilidade relativa, favorecendo a formación de Fe(II) ou Fe(III). En medios biolóxicos o intervalo de E e pH que nos interesa considerar é o comprendido na marxe de estabilidade da auga, excluíndose por tanto aqueles valores de E que pertencen a semipares con fases oxidantes capaces de oxidar a auga ou a outros con fases reductoras capaces de reducila.

O diagrama da Figura 1 representa unha combinación dos diagramas de Pourbaix para  $\text{H}_2\text{O}$  e Fe. Este diagrama, construído para auga pura con constante de actividade 1, presión parcial de  $\text{O}_2$  0,21 atm e  $[\text{Fe}^{2+}] = 10^{-7} \text{ M}$ , proporciona información acerca das especies estables a P e T normais. Como se pode apreciar, a potenciais e valores de pH baixos, o Fe(II) é relativamente estable, mentres que a pH próximos a

valores fisiolóxicos e ós normais no medio, o Fe(III), xeralmente en forma de oxihidróxidos pouco solubles, debe predominar a menos que o medio sexa altamente reductor.




Fig.1. Diagrama de Pourbaix para o sistema Fe- $\text{H}_2\text{O}$  (adaptado de A.K. Powell, 1998).

Naturalmente, este diagrama é moi sinxelo e non ten en conta, entre outras cousas, os factores cinéticos e a presenza doutras especies ademais do ferro e da auga, que poden afectar á especiación e ó estado de oxidación do metal, pero resulta moi útil para ilustra-la influencia, crítica, de E e pH sobre o estado de oxidación deste elemento.

Aínda que un diagrama completo resulta difícil de facer poden intentarse aproximacións. Así, por exemplo, se se ten en conta o efecto de dióxido de carbono e do ión sulfuro, apréciase que  $\text{Fe}_2\text{O}_3$  ou goetita están presentes nun

amplio intervalo de pH e potencial, mentres que a presenza de magnetita está favorecida tan só nunha estreita marxe de potencial e a valores de pH altos.

A formación destas fases oxidadas pódese producir a expensas de procesos hidrolíticos do catión Fe(III) que convén considerar. Só a pH ácidos pode existir o ión  $[\text{Fe}(\text{H}_2\text{O})_6]^{3+}$ ; a medida que aumenta o pH algúns enlaces O-H das moléculas de auga coordinada actívanse e rompen, formándose inicialmente hidroxoespecies, as cales, pola vía dunha posterior desprotonación, conducen ós óxidos. Cando estas reaccións hidrolíticas teñen lugar na práctica, obsérvase a formación en primeiro lugar dun precipitado xelatinoso de “hidróxido férrico” que se formula con frecuencia como  $\text{Fe}(\text{OH})_3$  ou  $\text{Fe}_2\text{O}_3 \cdot x\text{H}_2\text{O}$ . Algunhas características deste material e do seu proceso de evolución cara ó óxido teñen transcendencia en conexión co almacenamento de ferro en mamíferos en forma de ferritina e merecen ser considerados.

En primeiro lugar, este precipitado está constituído por unha mestura de fases dun oxihidróxido hidratado que se corresponde co mineral “ferrihidrita” que, cando inicia a súa precipitación, forma nanopartículas dispersas nun sistema coloidal. Este precipitado envellece lentamente no ambiente formando lepidocrocita,  $\gamma\text{-FeO}(\text{OH})$ , cun empacotamento cúbico compacto de oxos e goetita,  $\alpha\text{-FeO}(\text{OH})$ , que posúe un empacotamento hexagonal com-

pacto de oxos, obténdose como produto final hematita,  $\alpha\text{-Fe}_2\text{O}_3$ .

Na súa fase inicial, o precipitado está altamente hidratado e nestas condicións é máis fácil que o Fe(III) se redissolva que cando comeza a se deshidratar. Isto sucede, en parte, porque as nanopartículas formadas teñen unha grande área superficial, o que tende a favorecer a redisolución da partícula fronte ó seu crecemento. O proceso de envellecemento, coa conseguinte perda de auga e protóns e a unión dos centros metálicos para producir fases de goetita ou hematita favorece o crecemento das partículas e leva ós minerais altamente insolubles de Fe(III) que son os que están presentes na natureza e que, precisamente en función desta baixa solubilidade, fan difícil a toma de ferro por parte dos organismos vivos.

*Sulfuros de ferro.* Encontrouse recentemente que certos tipos de bacterias presentes en contornos ricos en ión sulfuro, sintetizan e fan medrar cristais do mineral ferromagnético greixita,  $\text{Fe}_3\text{S}_4$ ; nunha especie destas bacterias, asociados con estes atopáronse tamén cristais de piritita,  $\text{FeS}_2$ . Este proceso de formación de sulfuro de ferro intracelular en bacterias pode ser un exemplo do que sucedeu en épocas primixenias da terra, onde a química do ión sulfuro dominaba sobre a do ión oxo, mostrando así cómo os materiais inorgánicos se formaron en diferentes contornos e se adaptaron a funcións biolóxicas específicas.

*Sílice.* A diferenza do que ocorre con Ca(II) e os seus biominerais, que teñen un grao de cristalinidade elevado, os biominerais de sílice encádranse no que se coñece como “sílice amorfa”. Este termo inclúe unha enorme variedade de formas estruturais que van dende agregados opalinos ordenados ata especies con estrutura análoga á dun xel. En tódolos casos o material existe coma un polímero inorgánico covalente de hidratación variable e de fórmula xeral  $[\text{SiO}_{n/2}(\text{OH})_{4-n}]_m$  onde  $n = 0-4$  e  $m$  é un número grande.

Esta flexibilidade na composición e, por extensión, na reactividade, indica que a sílice bioxénica non sempre é un mineral estequiométrico e a natureza, densidade, solubilidade, dureza, viscosidade, etc., das estruturas silíceas en bioloxía pode variar e resultar condicionada, directa ou indirectamente, polos procesos celulares dos organismos nos que se forman.

Convén sinalar que, en xeral, as fases amorfas son máis solubles cás cristalinas e por iso se detectan só naqueles casos nos que existen barreiras específicas que impiden ou dificultan a cristalización. Un destes exemplos é precisamente a sílice hidratada ( $\text{SiO}_2 \cdot x\text{H}_2\text{O}$ ) que ten unha barreira cinética para a cristalización próxima a  $800\text{kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$  polo que as súas fases amorfas están favorecidas a baixa temperatura e presión, o que xustifica a presenza de sílice bioxénica amorfa.

## FORMACIÓN DE BIOMINERAIS EN SISTEMAS BIOLÓXICOS


### a) Aspectos xerais

Cando se leva a cabo unha análise detida dos diferentes biominerais comentados ata o momento xunto á función que realizan no organismo no que se forman, apréciase a existencia de mecanismos de control altamente específicos en cada unha das fases clave da formación do mineral: nucleación, crecemento e organización espacial dentro do sistema biolóxico.

Suxeríronse dous procesos alternativos na formación de biominerais:

1) Formación *inducida* bioloxicamente, na que o mineral se forma como resultado do efecto da actividade biolóxica do organismo sobre o contorno, existindo un control mínimo ó longo do proceso.

Un exemplo pode se-la calcificación que se produce nos espazos intercelulares de certas algas verdes debido a unha redución da concentración do dióxido de carbono en auga como resultado do proceso de fotosíntese, o que leva a un desprazamento cara á dereita da reacción:



2) Formación *controlada* bioloxicamente, na cal a nucleación e o crecemento do mineral están condicionados por unha matriz orgánica xerada pola actividade celular.

Este segundo proceso, para o que se require un estricto control xenético pero tamén químico e estrutural, ten lugar, inicialmente ou na súa totalidade, en volumes localizados, como poden ser microcompartimentos de vesículas lipídicas. Estes volumes han de se separar do contorno biolóxico que os rodea, ser activados en determinados momentos da vida do organismo, definidos en forma e tamaño e han de permitir unha correcta regulación do proceso químico da mineralización, tanto na súa fase inicial coma na posterior de crecemento do mineral. En ambas etapas resultan críticas tanto a composición iónica do medio (sobresa-

turación) coma a natureza das interfaces mineral-contorno próximo.

Aínda que a situación biolóxica é máis complexa, a visión química sinxela indícanos que para que un sólido iónico do tipo MX se libere dunha disolución, o produto das actividades (concentracións, se se simplifica) dos seus ións ha de supera-la constante do produto de solubilidade. Os organismos, por tanto, han de procurar manter estas concentracións elevadas localmente, sobresaturando a disolución.

A Figura 2 presenta unha panorámica das estratexias que se poden seguir para iso. Inclúense mecanismos




Fig.2. Mecanismos de control da sobresaturación do medio (adaptada de S. Mann, 1989).

directos coma o paso de ións a través da membrana utilizando canles de transporte activo ( $\text{Ca}^{2+}$ ), por medio de procesos redox ( $\text{Fe}^{2+}/\text{Fe}^{3+}$ ), a través da formación ou rotura de complexos, MC, gracias á presenza de ións coma citrato ou difosfato ou o contacto cunha matriz, por medio da regulación enzimática que favoreza certos procesos. Inclúe ademais algún mecanismo indirecto coma o transporte de auga (importante, especialmente á hora de inducir procesos de condensación), o cambio de pH debido ó metabolismo celular ou os cambios na forza iónica debidos á presenza de ións estraños ós necesarios para forma-lo mineral específico.

Para que se poida produci-la deposición controlada do biomineral é preciso illar na célula unha zona de mineralización e cada organismo, en función das súas necesidades, pode crear esta zona nun contorno específico. A Figura 3 presenta, xunto ó esquema dalgúns procesos típicos, algunha destas posibilidades: *a)* epitelular, por exemplo, na membrana exterior da parede celular en bacterias; *b)* extracelular, por exemplo, na matriz de coláxeno do óso e a dentina; *c)* intracelular, por exemplo, nas vesículas de organismos unicelulares, ou *d)* intercelular, por exemplo, os espazos que xeran as células de algas na formación de coral.




Fig.3. Posibles espazos para a biomineralización con algúns exemplos significativos (adaptada de S. Mann, 1996).



Destas posibilidades, aquelas que se refiren á parede celular ou ó interior da célula obsérvanse en organismos unicelulares, mentres que as que afectan ó espazo extracelular se usan nos multicelulares. Aínda que o tamaño da zona de biomineralización pode ser microscópico, ou incluso macroscópico nalgúns casos, o da zona inicial onde se produce a nucleación é moi pequeno, con frecuencia na escala dos nanómetros. Por exemplo, a deposición inicial de fosfato cálcico na matriz de coláxeno extracelular prodúcese en rexións interfibrilares de 40x3 nm e algo similar ocorre coa biomineralización do óxido de ferro na cavidade de ca.7,6-7,8 nm de diámetro existente na proteína de almacenamento de ferro ferritina.

#### b) Control químico da biomineralización

Unha vez analizados os biominaerais máis significativos, visto un esquema simple da forma na que os organismos poden controlar —e os lugares nos que se produce— a súa formación, convén revisar algunhas ideas acerca do proceso polo que se forman.

*Nucleación.* A formación do biomíneral iníciase nesta etapa, que pode transcorrer, en función das condicións, por dúas vías. Na primeira, a máis simple, coñecida como nucleación homoxénea, o núcleo fórmase no seo dunha disolución sobresaturada, mentres que na segunda, ou heteroxénea, fórmase sobre a superficie dun substrato presente na disolución.

Na nucleación homoxénea, cando no seo dunha disolución se acada un certo nivel de sobresaturación, créanse numerosos cúmulo ou conglomerados de ións que se manteñen unidos, denominados embrións; estes, debido á axitación térmica, están continuamente formándose e redisolvéndose. Cando un embrión acada un tamaño crítico convértese en núcleo, que pode medrar posteriormente.

A velocidade de formación da fase sólida pódese expresar como:

$v = A e^{-(\Delta G_n/KT)}$ , onde  $\Delta G_n$  representa a enerxía de activación da nucleación,  $K$  é a constante de Boltzmann,  $T$  a temperatura expresada en kelvins e  $A$  é un factor preexponencial que depende da sobresaturación do medio.

A enerxía de activación,  $\Delta G_n$ , depende de dous compoñentes que actúan en sentidos contrarios. Un, que favorece a formación da partícula sólida, representa a estabilidade do medio cristalino e depende do número de especies que interaccionan, e outro, que representa as forzas de disolución ou intercambio iónico vinculadas coa superficie do cristal e favorecen a desintegración do núcleo incipiente. Nesta liña  $\Delta G_n$  pode expresarse como:

$$\Delta G_n = -(4/3\pi r^3)(1/V)KT \ln (P/K_d) + 4\pi r^2 Z$$

onde  $r$  representa o radio do núcleo que se supón esférico,  $V$  o volume molar do biomíneral,  $K$  a constante de Boltzmann,  $T$  a temperatura expresada en kelvins,  $P$  o produto das

actividades dos ións,  $K_d$  a constante de estabilidade do biomineral e  $Z$  a enerxía superficial.

Na nucleación heteroxénea a presenza dun substrato no medio modifica a enerxía libre requirida para formar un núcleo estable, facéndoa menor xa que fai tamén menor  $Z$ , o compoñente superficial. Por iso, a igualdade de sobresaturación, a nucleación verase termodinamicamente favorecida neste caso.

A velocidade de formación dos núcleos, que ten tamén a súa importancia, aumenta rapidamente unha vez que se acada unha sobresaturación crítica. De novo este factor cinético favorece a nucleación heteroxénea xa que a sobresaturación requirida para que a velocidade sexa significativa é menor.

*Crecemento.* Cando a disolución é pura e contén só os ións que van formar parte do biomineral, admítese que o cristal medra a expensas da adsorción de ións ou moléculas na superficie




Fig.4. Representación esquemática dos niveis de enerxía libre e das barreiras de enerxía de activación na biomineralización (adaptada de S. Mann, 1983).

do núcleo e a súa posterior difusión cara a lugares da superficie especialmente activos, con alta enerxía de enlace. Pero pode suceder que o cristal medre a expensas dun precursor inicial que ten unha estrutura cristalográfica diferente á que finalmente se adopte, o que fai necesario o movemento de ións cara a novas coordenadas. Isto pódese facer a través da disolución superficial do precursor e a reprecipitación nunha segunda fase ou ben a través dunha transformación en estado sólido, que se poderá producir cando exista unha apreciable similitude estrutural e baixa enerxía interfacial entre as dúas fases.

Así pois, as dúas posibilidades de formación dun sólido, dende unha perspectiva enerxética, pódense resumir como se indica na Figura 4: *a)* formación dunha fase cristalina a partir dunha disolución e nunha soa etapa ou *b)* formación desta fase a través doutras intermedias de estrutura cristalina diferente, a primeira das cales é amorfa.

As enerxías de activación implicadas nun proceso do tipo *a)* son as das etapas de nucleación  $\Delta G_n$  e crecemento  $\Delta G_c$ , xa comentadas, mentres que no do tipo *b)* se deben superar barreiras de nucleación  $\Delta G_n$ , crecemento  $\Delta G_c$  e transformación de fase  $\Delta G_r$ . A elección dun proceso ou outro, ou incluso a elección dun polimorfo ou outro, no proceso de tipo *b)* dependerá das magnitudes relativas das correspondentes enerxías de activación.

A estrutura do núcleo que se forma inicialmente poderá condicionala elección dun camiño ou outro. O camiño *a)* tenderá a iniciarse con núcleos compostos por ións deshidratados, fortemente enlazados e ordenados coma no produto final. Pola súa parte, o *b)* iniciarase con núcleos de ións hidratados que interaccionan debilmente e se dispoñen de forma difusa. Observouse que a fase que se forma inicialmente cando se produce unha precipitación secuencial é a máis soluble e xa que, no equilibrio, as fases amorfas son máis solubles cás cristalinas, parece plausible que a biomineralización secuencial utilice amplamente precursores amorfos. Nótese que, se isto é así e o mineral final é cristalino, a súa estrutura non dependerá do proceso de nucleación senón do control biolóxico que se poida exercer ó longo do crecemento e das sucesivas transformacións de fase que sufra o mineral.

Neste caso, pode ser posible seleccionar determinados intermedios cristalinos por medio do control biolóxico das enerxías de activación das etapas así como dos niveis de sobresaturación de cada etapa; isto último é posible se o organismo pode fixalos gradientes de concentración iónica regulando o paso dos ións a través das membranas.

O proceso pódese complicar se no lugar onde se produce a mineralización existen especies que afecten á velocidade de crecemento do cristal, aceleradores ou inhibidores. Estes últimos poden

inhibir certos lugares activos da superficie, ó chou ou incluso selectivamente.

Coñécense varios exemplos desta inhibición selectiva. Así, cando se introduce  $Mg^{2+}$  como un ión estraño na formación de carbonato cálcico non afecta negativamente á velocidade de crecemento do aragonita pero si retarda significativamente a formación da calcita. Por outra banda, a inhibición da transformación de fase por moléculas biolóxicas é, polo menos potencialmente, un proceso moi selectivo e poden ser necesarias tan só pequenas cantidades dun inhibidor para lograr, bloqueando os lugares activos superficiais, inhibir un determinado crecemento cristalino.

Algún destes procesos de inhibición pode desenvolverse no laboratorio; así, certos biopolímeros coma o alxinato, introducidos en disolucións supersaturadas de cloruro sódico, son absorbidos sobre as arestas cristalinas e impiden a nucleación nestes puntos permitindo obter cristais diferentes ós obtidos na súa ausencia. Algo similar sucede coa cristalización deste mesmo sal en presenza de urea, cando se estabiliza unha forma octaédrica no canto da cúbica típica. Nesta mesma liña, identificáronse inhibidores de biomine-rais específicos e sábese que os ións  $Mg^{2+}$ , carbonato, difosfato e certos polifosfatos ou nucleótidos se comportan como inhibidores do crecemento cristalino do hidroxapatito mentres que os aminoácidos aspártico e glutámico estabilizan a formación de aragonita, favorecendo o crecemento superficial

gracias ó efecto dos seus grupos carboxilato.

*c) Matrices orgánicas e a súa influencia na biomineralización.*

Neste contexto unha matriz orgánica é unha superficie definida que contén constituíntes orgánicos como lípidos, proteínas e carbohidratos e que actúa coma un elemento dinamizador da biomineralización en medios biolóxicos. O seu papel pode ser simple, comportándose como un medio heteroxéneo que favorece a nucleación reducindo a enerxía de activación, pero tamén pode ser complexo, definindo ou contribuíndo a controla-lo volume, a orientación e a estrutura do mineral formado.

O papel máis simple non merece unha discusión detallada; a matriz será capaz de reduci-la enerxía de activación tanto máis canto maior sexa a interacción dos ións constituíntes do mineral coa superficie matricial; se se establecen enlaces fortes entre os ións e a matriz lograrase que se inicien procesos de nucleación en condicións de baixa sobresaturación, que non orixinarían núcleos se a matriz non estivese presente.

Sen embargo, a matriz pode exercer un control moi superior ó comentado. En primeiro lugar, pode defini-lo tamaño do biomaterial establecendo un espacio determinado para que este poida medrar, o que se adoita facer por dúas vías: redes orgánicas, normalmente extracelulares e expandidas que serven de soporte estrutural para o

sólido que se forma e vesículas, intra e extracelulares, que definen volumes pechados nos que o biomineral debe medrar.

Pero as matrices poden afectar non só ó tamaño do mineral senón á súa orientación espacial. Esta orientación pódese lograr permitindo que pequenas subunidades do cristal se alíñen por medio dunha floculación ordenada ou coagulación, o que levará os cristaliños a se manter unidos por pontes (enlaces iónicos ou de hidróxeno) co axente floculante, ou ben, facendo que o mineral medre prioritariamente nunhas determinadas caras favorecido polas especiais características da matriz.

Ata agora fíxose referencia ás posibilidades que ten a matriz de controlalo tamaño e a orientación do mineral, controis que, sendo importantes, non acadan o grao de sofisticación dun control estrutural. Este pódese exercer por dous camiños:

i) *Epitaxial*. A matriz constrúe unha rede bidimensional que actúa coma un padrón para o biomineral que se orixina sobre ela; os parámetros da rede na interfase determinan a estrutura cristalográfica do mineral que se vai formar, xa que a epitaxe esixe unha apreciable equivalencia entre os parámetros cristalográficos da superficie do substrato e dos do cristal que se está a formar.

ii) *Non epitaxial*. Establécese unha interacción entre a matriz e os ións que van forma-lo cristal pero non existe o

requirimento dunha concordancia de parámetros entre a superficie da matriz e a do cristal que se forma.

Existen exemplos na natureza que parecen suxerir-la presenza dun mecanismo epitáxico para o control estrutural e un deles é o que proporcionan as conchas dos moluscos, onde se encontrou unha correspondencia entre os parámetros da rede cristalina da matriz insoluble e os da cela unidade do aragonita.

Agora ben, os factores que están relacionados termodinámica e cineticamente cos procesos de nucleación e crecemento cristalino son moitos e a concordancia estrutural na interfase substrato-cristal é só un deles. É verdade que esta concordancia pode axudar a un crecemento orientado pero tamén o poden facer lugares activos sobre a superficie que favorezan o crecemento de determinadas caras; estes sitios activos poden xurdir de irregularidades superficiais como dislocacións e da adsorción de ións externos sobre a superficie.

Por iso, este camiño epitaxial non ten por que estar sempre presente, non é necesario este alto grao de concordancia estrutural na interfase para que o sistema poida exercer un control cristalográfico. De feito, parece difícil que poida ser operativo no caso de biominerais que se forman dentro de vesículas de pequeno tamaño (<100 nm), nos centros activos das cales se iniciaría a nucleación e que, dada a súa curvatura, limitarían o crecemento dun

monocristal e favorecerían a formación dun material policristalino.

## MINERAIS AMORFOS

---

Un último aspecto que parece suxerir que o mecanismo epitaxial non está sempre presente en biomineralización é a considerable presenza de minerais bioxénicos amorfos, con funcións tan variadas coma precursores de fases cristalinas, almacéns de ións ou estruturas mineralizadas. A transformación de precursores amorfos en estados cristalinos dependerá das barreiras de enerxía de activación implicadas e da facilidade coa que estas poidan ser modificadas por interacción da fase sólida con aceleradores ou inhibidores. Así, a sílice, como xa se comentou, depositase sempre nunha forma amorfa hidratada que é estable xa que a enerxía de activación requirida para transformala en cuarzo cristalino é grande e, sen embargo, o fosfato cálcico amorfo transfórmase facilmente nunha fase cristalina. Por iso, observárase un mineral cristalino, fosfato, e outro amorfo, sílice, pero iso non implica que o seu mecanismo de deposición non fose o mesmo; un sufrirá unha transformación de fase e o outro non.

Xa que a solubilidade dunha fase sólida se incrementa a medida que se fai termodinamicamente máis inestable, os materiais amorfos, metaestables, terán solubilidades maiores cós cristalinos e iso fainos útiles, por exemplo, como almacén de ións, que poden ser

postos a disposición do organismo cando sexa preciso, disolvendo o mineral.

Nótese que o uso destes minerais como elementos estruturais require un control biolóxico completo sobre a organización espacial xa que o material non ten unha morfoloxía característica de seu; por iso, deben estar contidos dentro de vesículas especificamente deseñadas e estabilizadas, moldeadas como parte da estrutura. Isto, que inicialmente parece unha limitación, pode resultar unha vantaxe xa que estes materiais poderán adoptar así formas moito máis complexas cás que adopte un material cristalino.

Nos últimos anos dedicouse un grande esforzo multidisciplinar á comprensión de certos sistemas, coma formación do óso, dos exoesqueletos ou das estruturas silíceas, que escapan ó contexto básico deste traballo e cada un dos cales merecería unha análise específica e detallada. Dos estudos levados a cabo nestes sistemas extráese unha información valiosa non só para entende-los procesos básicos implicados na biomineralización senón tamén para a síntese de novos materiais na industria, onde cada vez é máis necesario obter materiais que conteñan, por exemplo, un certo tamaño de partícula, unha morfoloxía determinada, unhas estruturas baseadas en nucleacións orientadas ou materiais compostos con interfase orgánica/inorgánica, etc. En moitos destes aspectos a natureza ten unha enorme experiencia deri-

vada de infinitos procesos de biomineralización; só se trata de comprendelos cada día un pouco mellor para despois poder desenvolvelos nun laboratorio.

## BIBLIOGRAFÍA

- Addadi, L., e Weiner, S., "Control and design principles in biological mineralization". *Angewandte Chemie International Edition*, 31, 1992, pp. 153-169.
- Krampitz, G., e G. Graser, "Molecular mechanisms of biomineralization in the formation of calcified shells", *Angewandte Chemie International Edition*, 27, 1988, pp. 1145-1156.
- Mann, S., "Mineralization in biological systems", *Structure and Bonding*, 54, 1983, pp. 125-174.
- \_\_\_\_\_"Crystallochemical strategies in Biomineralization" en S. Mann, J. Webb e R.J.P. Williams (eds.), *Biomineralization. Chemical and Biochemical Perspectives*. Weinheim, VCH, 1989, pp. 35-62.
- \_\_\_\_\_"Biomineralization: the hard part of bioinorganic chemistry", *Journal of Chemical Society, Dalton Transactions*, 1993, pp. 1-9.
- \_\_\_\_\_"Biogenic inorganic materials" en D.W. Bruce e D. O'Hare (eds.), *Inorganic Materials*, 2ª ed. Nova Yorke, John Wiley, 1996, pp. 255-311.
- \_\_\_\_\_"Biomineralization: the form-(id)able part of bioinorganic chemistry", *Journal of Chemical Society, Dalton Transactions*, 1997, pp. 3953-3961.
- Mann, S., e Perry, C.C., "Solid-state bioinorganic chemistry: mechanisms and models of biomineralization", *Advances in Inorganic Chemistry*, 36, 1991, pp. 137-200.
- Ochiai, E.I., "Biomineralization", *Journal of Chemical Education*, 8, 1991, pp. 627-630.
- Powell, A.K., "Ferritin. Its mineralization". *Metal Ions in Biological Systems*, 35, 1998, pp. 515-561.







## PEDRO ALMODÓVAR E A INTERTEXTUALIDADE. ANÁLISE DUNHA SECUENCIA DE MUJERES AL BORDE DE UN ATAQUE DE NERVIOS

Emmanuel Larraz\*  
Universidade de Dijon  
A Borgoña

Nun artigo recente de Vicente Verdú, “Cómo nos ven” publicado en *El País Semanal* (nº 1240, de 2 de xullo de 2000), sobre o coñecemento internacional de España, afirmábase con certa ironía que a visión que se ten en Francia do cine español é moi limitada: “En el olimpo del cine hispano montado por los franceses sólo hai pedestal para un solo dios. Buñuel lo monopolizó durante tiempo; luego fue Carlos Saura que encarnó la moderna resistencia anti franquista; Manuel Gutiérrez Aragón disfrutó del puesto un trienio y después llegó Almodóvar y lo tiene en propiedad”.

Algunha razón ten o xornalista, pero hai que sinalar que esquece, por exemplo, a devoción por Víctor Erice que tamén subiu ó “pedestal”, a existencia dun público culto, minoritario pero importante, que sabe aprecia-las películas dos directores máis novos, dende Julio Medem ata Icíar Bollaín ou Alejandro Amenábar.

Dende os estudos pioneiros de Marcel Oms, fundador do mítico

*Institut Jean Vigo* de Perpignan e autor en 1986 dunha tese doutoral sobre a imaxe da Guerra Civil no cine: *La guerre d'Espagne vue par le cinéma: mythes et réalités*, o cine español estúdiase nas universidades francesas e xa se leron varias teses doutorais importantes: de Catherine Berthet, *‘Elisa vida mía’ et ‘Carmen’ de Carlos Saura: analyse socio-critique de la bande musicale*; de Jean Claude Seguin, *Joselito: la voix inhumaine*; de Nancy Berthier, *Cinéma et propagande en Espagne sous Franco. Étude de trois cas: ‘Raza’, ‘Franco ese hombre’ et ‘El último caído’ de José Luis Saenz de Heredia*; de Pascale Thibaudeau, *Image, mythe et réalité dans le cinéma de Víctor Erice*; de María Soledad Rodríguez, *Le cinéma de Jaime de Armiñán (1968-1987). Rupture et continuité*; de Françoise Heitz, *Recherches sur l’oeuvre cinématographique de Pilar Miró*; de Jean Paul Aubert, *Le cinéma de Vicente Aranda. Étude des personnages*; de José María Pérez Manrique, *Moncho Armendáriz. Les années de formation d’un cinéaste basque (1979-1984)*.

\* Catedrático de Literatura.

Tamén estudian o cine español tódolos opositores que aspiran a ser catedráticos de Lingua e Literatura Españolas xa que se inclúe unha película no programa sobre o que se examinan.

Nos cursos de 1996 e 1997 a película estudiada, plano a plano, foi *Mujeres al borde de un ataque de nervios*, o filme que en Francia lanzou á fama a Pedro Almodóvar. Lembremos que esta película, coa que o director manchego estivo a piques de gañar en 1989 o Óscar que finalmente lle foi concedido dez anos despois, é a súa sétima longametraxe despois de *Pepi, Luci, Bom y otras chicas del montón* (1980), *Laberinto de pasiones* (1982), *Entre tinieblas* (1983), *¿Qué he hecho yo para merecer esto!* (1984), *Matador* (1985), *La ley del deseo* (1987).

Despois do éxito de *Mujeres al borde de un ataque de nervios*, a prestixiosa revista *Les Cahiers du cinéma* comezou a dedicar longos artigos a Pedro Almodóvar e *L'avant-Scène-Cinéma*, outra revista famosa, publicou a desagregación, plano a plano, desta película de oitenta minutos de duración, formada por seiscentos dezasete planos, estreada en Madrid o 23 de marzo de 1988 e en París o 1 de febreiro de 1989. As seguintes películas de Almodóvar: *Átame* (1989), *Tacones lejanos* (1991), *Kika* (1993), *La flor de mi secreto* (1995), *Carne trémula* (1997) e a oscarizada *Todo sobre mi madre* (1999) tiveron en Francia un enorme éxito de público e de crítica. A editorial Éditions de l'Étoile publicou, en 1994, un libro de conversacións do

cineasta con Frédéric Strauss que é, co libro de Nuria Vidal, *El cine de Pedro Almodóvar* publicado por DestinoLibro en 1989, a mellor fonte de información sobre a súa obra.

Cando estudian unha película, os estudantes adéstranse na análise por menorizada dunhas secuencias duns poucos minutos para tratar de entender cáles foron os procedementos dos que se serviu o director para plasma-la súa creación artística orixinal. Pártese do *plano*, a unidade mínima, a unidade de montaxe que pode ter unha duración que varía dende uns segundos ata varios minutos. A duración dos planos que marca o ritmo da película é un elemento fundamental do estilo dun director e do xénero no que se inscribe a película. *Mujeres al borde de un ataque de nervios*, que é unha comedia na que os personaxes se moven moito, ten un ritmo alegre e os seus planos son xeralmente breves (seiscentos dezasete para unha duración de oitenta minutos). *La historia oficial* de Luis Puenzo, a primeira película latinoamericana que gañou un Óscar, é un melodrama político que segue as pautas da estética de Hollywood e tamén ten un ritmo rápido (seiscentos oitenta e catro planos para unha duración de cento doce minutos). *Demonios en el jardín* de Manuel Gutiérrez Aragón, que evoca a España da posguerra, ten xa un ritmo máis lento e planos máis longos (trescentos trinta e un planos para unha duración de cen minutos). Para unha duración lixeiramente inferior, noventa minutos aproximadamente (dependendo dos

recortes que lle inflíxise a censura na época da súa exhibición nos anos sesenta), *El verdugo*, a obra mestra de Luis García Berlanga partidario do *plano-secuencia* e dun relato máis repousado, só ten cento sesenta planos.

O tamaño dos planos tamén é significativo e, anque a terminoloxía que se usa non é moi precisa, pódese facer unha distinción indo de maior a menor segundo a amplitude de campo que ocupan os personaxes entre o *plano xeral* (abarca a paisaxe na que aparecen un ou varios personaxes), o *plano de conxunto* (redúcese o tamaño e aparecen os personaxes enteiramente no decorado), o *plano americano* (así chamado por se-lo plano dominante nas películas do oeste, que corta a figura polos xeonllos mentres que o “aire” se mantén sobre a cintura) e o *primeiro plano* (que encadra o rostro do actor de xeito que transmite as emocións con intensidade).

En *Mujeres al borde de un ataque de nervios* que é, como xa dixemos, unha comedia, Almodóvar usou esencialmente *planos americanos* e *planos medios* que son os típicos da comedia, pero veremos que cando lles quere dar a certas secuencias un ton máis melodramático tamén emprega o *primeiro plano*.

Tamén se debe analiza-lo ángulo de toma dos planos. O *picado* no que a cámara se sitúa por riba dos personaxes dominándoos, tende a “miserabilizarlos”, segundo unha das expresións favoritas de J. L. Berlanga. Lembremos unha das imaxes máis famosas do cine

español, o derradeiro plano de *El verdugo*: unha vista xeral do patio baleiro do cárcere no que vai avanzando o grupo que acompaña o reo e o verdugo cara ó garrote. O forte *picado* acentúa a fragilidade dos personaxes, a súa indefensión. Cando a cámara se sitúa ó contrario por debaixo dos personaxes e parece engrandecelos, trátase dun *contrapicado* que pode suxerir-la forza, a potencia, a importancia. Nas películas de propaganda, por exemplo nas películas épicas de Eisenstein, os heroes aparecen a miúdo engrandecidos por uns contrapicados moi marcados.


Os movementos da cámara son basicamente dous, a *panorámica* e o *travelling*. Cando a cámara se move sobre un punto de apoio, un eixo, para seguir a un personaxe ou explorar un espacio, efectúase unha *panorámica*. O *travelling* dáse cando a cámara se move sobre uns raís ou sobre rodas acompañando os personaxes (*travelling lateral*), achegándose (*travelling cara a adiante*) ou ben afastándose (*travelling de retroceso*).

Ademais da análise da banda de imaxes hai que lle dedicar tempo ó estudio da banda de son que, no caso das películas de Almodóvar, sempre foi elaborada cun coidado especial. As cancións sempre teñen un valor dramático, coma por exemplo en *Mujeres...* as dúas cancións que encadran o relato. *Soy infeliz*, vella canción interpretada pola cantante mexicana Lola Beltrán, que se escoita durante os títulos de crédito, anuncia o tema da película na que se ve unha muller, Pepa, sufrir porque se sente abandonada. *Puro teatro*,

tamén interpretada pola cantante mexicana, La Lupe, pecha a película, resumindo a filosofía das mulleres que vimos na pantalla e que saben que tódalas promesas dos amantes son pura ilusión.

Almodóvar declarou en repetidas ocasións que as voces teñen para el tanta importancia coma as imaxes. El mesmo, que reconece sentir ás veces unha verdadeira obsesión pola voz, se define coma un “director oral” que sente en ocasións a embriaguez de case hipnotiza-los actores coa palabra ata conducilos á interpretación desexada.

Imos ver, ó analizar unha das secuencias máis brillantes de *Mujeres...*, de qué xeito o universo creado por este director verdadeiramente xenial é dunha grande coherencia e cómo



Pedro Almodóvar, de Denis Rouvre.

soubo precisamente expresar esta fascinación polo poder de seducción da voz. A secuencia escollida, que dura aproximadamente uns dous minutos, consta de vintetrés planos (do plano vinteseite ó corenta e nove), sitúase pois cara ó principio da película e estrutúraa o personaxe de Iván, interpretado por Fernando Guillén, un maduro don Xan que se serve da voz para seducir as mulleres, especialmente a Pepa (Carmen Maura), e tamén para se gañala vida traballando como actor de dobraxe. Trataremos de demostrar cómo este fragmento xa anuncia a tonalidade humorística e decididamente optimista de toda a película e cómo Pedro Almodóvar, verdadeiro experto da intertextualidade, é capaz de asimilar as influencias máis diversas para crea-los seus filmes.

As dúas obras nas que parece inspirarse este fragmento son, por unha parte, a obra de teatro de Jean Cocteau, *La voz humana*, e por outra, a famosa película de Nicholas Ray, *Johnny Guitar* (1954), unha das poucas cintas do oeste que teñen unha muller como protagonista: Vienna, interpretada por Joan Crawford.

A obra de teatro de Jean Cocteau xa se citaba en *La ley del deseo*, onde Carmen Maura, no papel de Tina, a irmá do director de cine interpretado por Eusebio Poncela, facía o papel de muller abandonada que sofre atrocemente e que se limita a suplicarlle ó amante para que non colgue o teléfono que aínda os une. Coma outra homenaxe á cultura francesa, e recollendo a

mesma idea, oíase a magnífica canción de Jacques Brel, *Ne me quitte pas* (Non me deixes), interpretada pola nena da película. En *Mujeres...*, o director modificou de xeito radical a actitude da muller. O personaxe de Pepa, en vez de se compracer no sufrimento e seguir esperando unha chamada de Iván, opta por tirar á rúa o contestador telefónico nunha reacción de defensa.


O personaxe da muller abandonada, que na obra de Cocteau só era “unha vítima mediocre, totalmente namorada” como reza unha anotación escénica, vaise achegando así ó personaxe da enérxica Vienna, da película de Nicholas Ray, unha muller dura que tivo que loitar para monta-lo seu negocio e que é capaz de se enfrontar ós homes e incluso de dominalos.

A secuencia escollida (planos vinsete e corenta e nove), que se podería titular “A seducción da voz de Iván”, ábrese cun *fundido encadeado* seguido dun *zoom* cara a atrás, a partir dun primeiro plano sobre a cabeleira dunha muller deitada. Antes de encadrar esta cabeleira, a cámara recorreu cunha *panorámica* cara á esquerda o corpo tendido dunha muller vestida de rosa e á que non se lle ve a face. *A posteriori* descubrimos que se trata de Pepa deitada en posición fetal. O *fundido encadeado* que serve de transición coa secuencia anterior deixa aparecer nun primeiro tempo unha parede formada por ladrillos octogonais recortados no centro, o que crea un efecto de sorpresa. Tamén se dá un cambio cromático xa que a imaxe en cor se transforma nunha

imaxe en branco e negro. Diante da parede recortada coma un encaixe, aparece o primeiro plano do rostro de Iván, de perfil, que vai entrando en campo pola dereita. Só se ven o nariz, a boca e o queixo, nun primeirísimo plano. A música en *off* que contribuíra á creación de certa atmosfera estraña deixa de se oír no momento en que o home usa, dúas veces, un vaporizador para pulverizar un líquido na boca moi aberta.

A este plano (nº 27) que dura menos de vinte segundos séguese mediante un corte en seco un *plano americano* de Iván, de perfil. Vestido con elegancia e seguido pola cámara en *travelling lateral*, anda ó longo da parede recortada, levando na man un micrófono antigo ó estilo dos que se usaban nos anos cincuenta. Só se cruza con mulleres de varias razas e condicións ás que dirixe cumpridos cunha voz suave. Queda claro que a voz filtrada polo micrófono é a arma favorita deste seductor atraído por tódalas mulleres que pasan ó seu lado. O toque hispánico dano as dúas primeiras mulleres coas que se cruza: unha bailaora de flamenco á que lle declara: “Mi vida sin ti no tiene sentido” e unha monxa que anda a pedir esmola e á que lle propón matrimonio: “¿Quieres casarte conmigo?”. Esta última imaxe pode lembra-lo famoso Don Juan Tenorio, de Zorrilla, que fachendeaba de que recorrera toda a escala social coas súas conquistas:

Desde una princesa real  
A la hija de un pescador



F2\*



F3\*

\* Fotogramas F1, F2, F3, F4 y F5 cedidos pola Filmoteca Nacional.

¡Oh! ha recorrido mi amor  
 Toda la escala social.

e non dubidaba en intentar seduci-las  
 novicias e as damas dos amigos:

...porque os digo  
 Que a la novicia uniré  
 La dama de algún amigo  
 Que para casarse esté.

(Parte primeira, escena XII)

Esta procura incesante de aventuras desenvólvese sobre catro planos que se suceden cun ritmo rápido. No primeiro, que segue ó primeirísimo plano sobre a faciana de Iván de perfil, crúzase o seductor despois da bailaora e a novicia cunha bailaora oriental (“Mil noches no serían suficientes”), cunha muller elegantísima (“No puedo vivir sin ti”) e unha moza moito máis moderna e relaxada, apoiada nunha columna (“Te quiero, te deseo, te necesito”). Cámbiase de plano no momento en que pasa o seductor detrás da columna e aparece daquela en *plano medio curto*, falando primeiro cunha muller africana (“Aquella noche en la selva fue maravillosa”), logo con outra que ten pinta de ama de casa (“¿Por qué no nos casamos por segunda vez?”). Novo corte en seco e volta ó *plano americano* no momento en que se cruza cunha xaponesa (“Eres la geisha de mi vida ¡Sayonara!”) á que segue unha moza loura con longas trenzas (“No me importa el éxito si tu estás a mi lado”), unha elegante policía con minisaia, chapeo e unhas esposas na man (“Estoy dispuesto a aceptarte como eres”) unha moza americana tamén con minisaia que fai malabaris-


mos cun pao de *twirling* (“Mi vida, hay cosas inequívocamente americanas”), unha muller ambigua con pantalóns que leva unha corda e un látego na man (“Estoy a tu disposición”). No último plano dedicado á evocación desta deambulación, vese unha muller, en *plano americano*, que está a fumar apoiada nun semáforo, no medio de plantas tropicais e que ten toda a aparencia dunha prostituta. É a única que contesta con certo desprezo e en ton vulgar (“Pues mira qué bien”) ás palabras de seductor profesional que acaba de lle dicir: “Te acepto como eres, cariño”.

A música en *off*, que non se oía durante o paseo do don Xan, volve contra o final deste plano ó que segue outro de transición elaborado con gran coidado. Trátase dun *primeiro plano* dun semáforo que aparece ó principio en branco e negro coma os cinco que evocan o paseo de don Xan. No momento no que se acende a luz do semáforo e se pon vermella, o director válese deste cambio cromático, do paso de branco e negro á cor, para suxerir que cambiamos de universo, que damos un salto dende as imaxes soñadas por Pepa no seu pesadelo de muller celosa que imaxina o que estará facendo o home do que está namorada, ata as imaxes do estudio de dobraxe onde se atopa Iván preparándose para o seu traballo de dobrador.

En efecto, podemos pensar que as estrañas imaxes en branco e negro nas que se vía a Iván actuar coma un don Xan insaciable son imaxes soñadas por



F4



F5



Pepa que está profundamente durmida despois de tomar un somnífero. O *fundido encadeado* co que se abre a secuencia, a partir dun *primeiro plano* sobre a súa cabeleira, suxire que visualizamos na pantalla as imaxes que a están atormentando.

Esta interpretación queda confirmada polas indicacións de Pedro Almodóvar no guión orixinal que podemos consultar:

Secuencia 3. Una calle grande y elegante. Exterior Día. Estas imágenes se encadenan con la secuencia anterior para indicar que son producto de la mente de Pepa. La calle está desierta, no hay figurantes, ni coches a ser posible. Sólo Iván y las mujeres con las que se cruza. Iván es un hombre de aspecto agradable, de más de cincuenta años, lleva en la mano un bonito micrófono años 50, de vez en cuando saca del bolsillo un spray con el que aclara la garganta. Se conduce como un galán, como un seductor profesional.

O espectador da película xa oíu, ó visualiza-la secuencia que estamos analizando, a voz de Pepa en *off* inmediatamente despois dos títulos de crédito e a voz de Iván cando pronuncia a frase que, por outra banda, aparece escrita nunha folla de papel, preto do teléfono: “Pepa, cariño, no quiero oírte nunca decir soy infeliz”. Iván é pois, ó comezo, unha voz que non se pode asociar con ningunha face, cunha sombra que parece rolda-la habitación na que Pepa está deitada, coma morta, nun decorado que lembra aquel que imaxinara Cocteau para a posta en escena de *La voz humana*: “El telón deja ver una habitación de muerte. Delante

de la cama, por el suelo, una mujer con un largo camisón está tendida, como asesinada. Silencio”.

As anotacións de Pedro Almodóvar no guión orixinal confirman a influencia de Cocteau xa que tamén insistían na inquietante inmovilidade de Pepa: “¿Estará muerta? Desde luego, una muerta no se movería menos. Muerta o viva, las imágenes siguientes se enredan en la oscuridad de sus cabellos”.

O director precisou, por outra parte, no *press-book* de *Mujeres...*, que a súa intención era facer unha adaptación moi libre da obra de Jean Cocteau, deixando que se oíse a voz do correspondente da muller desesperada, dende o principio da película (a obra de Cocteau é un longo monólogo), e facendo ademais que fose un profesional da voz:

Cuando empecé a escribir el guión de *Mujeres al borde de un ataque de nervios* pretendía hacer una versión muy libre del monólogo de Cocteau. En la obra, el amante ausente no tiene voz, incluso cuando llama por teléfono y ella responde, a él no se le oye. *La voz humana* es la de ella, relatando un largo catálogo de dolores cotidianos, en cuya contemplación se ahoga como en un pozo sin fondo. Porque eso es la ausencia: un espejo negro y cristalino que sólo refleja la angustia del que mira.

Al contrario que Cocteau, no sólo le he dado voz al ausente sino que lo he convertido en un profesional de la voz. Cuando terminé de escribir el guión, lo único que permanecía de Cocteau (además del *atrezzo*: una mujer sola, el teléfono y una maleta) es lo que él no escribió: las palabras

del amante ausente. Y sus mentiras. El cuerpo de Iván es su voz y como tal está tratada, como algo físico. He intentado fotografíala, no sólo oírla, moviéndose por el salón de Pepa, como el olor de un guiso transportado por la brisa, o a través de las cintas que Iván ha grabado.

A primeira “visualización” da voz de Iván aparece nas imaxes en branco e negro da secuencia que intentamos analizar e nas que se manifesta coma unha sombra soñada por Pepa, que o está imaxinando no seu papel de seductor compulsivo. A atmosfera irreal do soño tradúcese na pantalla pola elección das imaxes en branco e negro e o tratamento da banda de son da que se eliminaron tódolos rúidos da vida cotiá. Soamente oímos, en efecto, a voz suave de Iván, as contestacións das mulleres, o ruído dos seus pasos, o das castañolas da bailora e o sopro de vento. Todo isto estaba previsto no guión orixinal: “El sonido ayudará a crear esa atmósfera irreal. No se escuchan ruidos, sólo las voces y el sonido de los zapatos. Todo ello hecho en estudio, sin sonido ambiente. Muy artificial”.

Seducida pola voz de Iván, Pepa sofre ó oí-los piropos que lles di a outras mulleres. As súas palabras destácanse sobre o fondo silencioso antes de se esvaecer como se esvaecen as mulleres irrealas ás que se dirixe. Algúns detalles mostran, sen embargo, que Pepa reacciona buscando, de xeito máis ou menos inconsciente, algúns puntos débiles que poden rebaixar e mesmo ridiculiza-lo amante infiel. O

primeiro punto débil de Iván aparece dende o principio do soño con ese primeirísimo plano que suxire que no órgano da seducción, na larinxe, que produce esa voz aveludada algo está a fallar. Por iso precisa o maduro don Xan recorrer dúas veces ó vaporizador. Lembramos que, segundo a psicanálise, pode equivaler ó temor á castración. Isto podería parecer paradoxal cando se sabe que os cantantes que eran castrados conservaban unha voz de soprano extraordinaria, cunha voz inhumana. O caso é que Iván aparece preocupado pola posible perda daquela voz que é o instrumento da súa seducción.

Tamén aparece ridiculizado polo aspecto repetitivo e case mecánico dos piropos que di de xeito compulsivo a todas aquelas mulleres que a penas mira. Non esquezamos que a última, unha profesional da seducción tamén, lle contesta sen miramentos.

Pedro Almodóvar declarou moitas veces que a voz é unha obsesión persoal e que lle preocupa a súa fragilidade e o seu poder de seducción e de mitificación. Coñeceu os seus primeiros éxitos artísticos gracias á voz que tiña de neno e que lle valeu o honor de ser solista no coro do colexio relixioso no que estudiaba: “Al director del colegio salesiano donde estudiaba le gustaba mucho *Torna a Sorrento*. En aquella época, yo era el solista del coro, me pasaba el día ensayando misas y romanzas al piano”.

Por outra parte, xa se sabe que é o único director de cine español que chegou a gravar un disco de *rock* con McNamara, co que aparece nunha secuencia de *Laberinto de pasiones* (1982). Pedro Almodóvar recordou eses anos de “desmadre” no programa de televisión *Devórame otra vez*, do 12 de setembro de 1991. Entrevistábo a unha grande amiga, Olvido Gara, *Alaska*, que interpretaba o papel de Bom na primeira longametraxe *Pepi, Luci, Bom y otras chicas del montón* (1980), e como non é fácil ver na actualidade ese programa reproducimos aquí as palabras do director e excantante:

**Alaska:** Para finalizar esta serie, tenemos un personaje muy especial. Y aunque es muy conocido por el mundo del cine y no por el de la música, yo creo que a nadie le va a extrañar el verte aquí y que te haga una entrevista sobre música, algo a lo que siempre has estado muy vinculado.

**P. Almodóvar:** Sí, desde mi más tierna infancia. De hecho, yo empecé siendo cantante. En el colegio los salesianos, nos pusieron frente a un piano, y un cura tocaba unas notas para comprobar qué tesitura teníamos. Resultó que yo tenía una tesitura ilimitada, una de esas voces blancas típicamente infantiles, de niño cantante. Inmediatamente me dijeron: “Tu serás el solista”. Y me pasé todo el bachillerato cantando. No sé nada de Geografía, ni de Historia, ni de Matemáticas porque me las aprobaban para que ensayara romanzas, zarzuelas y misas cantadas. Lo que más recuerdo de aquella época eran las misas cantadas en latín, que riéte tú de un concierto. Ese contacto con el público, aunque era público devoto, se me quedó grabado...

**Alaska:** También tenías un público muy devoto cuando Almodóvar y McNamara...

**P. Almodóvar:** Sí, pero aquella voz de pequeño, que debía de ser extraordinaria, la había perdido a los 12 o 13 años, y se me puso una voz mucho menos interesante; aparte de la mala vida que llevábamos hace diez años, ¿recuerdas?... Pero después de *Laberinto de pasiones*, donde hicimos dos canciones Fabio y yo, resultó que a la gente le divertía tanto que de un modo natural



Almodóvar y McNamara.

Pedro Almodóvar (ilustración tomada de *Fotogramas*).



F1

empezamos a interpretarlas en vivo. Y nos convertimos en un grupo histórico... (Risas).

Moi interesado pola dirección de actores, Pedro Almodóvar, sitúase na liña de Bresson que, seica contrataba algúns actores despois de escoita-la súa voz no teléfono, ou de Fellini, que chegaba a cambia-la voz dos actores na montaxe para que o personaxe tivera a voz que lle parecía máis acorde co rostro. O traballo de Almodóvar con este aspecto pode chegar a ser obsesivo:

Esta obsesión por la voz se proyecta sobre el trabajo de los actores. El trabajo de los actores con la

voz es casi el más importante de todos y determina si lo han hecho bien o mal. Hay veces en que elijo una toma sólo por el sonido, por eso es importantísimo ser mis películas en versión original<sup>1</sup>.

É fácil comprender, dende este punto de vista, que o director manchego se divirta dando unha imaxe irónica dos estudos de dobraxe que tan activos son en España e nos que se manipulan as películas estranxeiras como *Johnny Guitar* de Nicholas Ray que foi estreada en España, en versión dobrada, en 1954. A magnífica voz de Iván, actor de dobraxe, está pois ó servizo da manipulación e do engano. O salto

1 Pedro Almodóvar, *Un cine visceral. Conversaciones con Frédéric Strauss*, El País, Madrid, 1995, p. 89.

do universo do soño de Pepa ó ámbito real do estudio suxírese, como xa dixemos, polo cambio cromático: o paso de branco e negro á cor. Mentres a cámara queda fixa, despois do último plano do pesadelo que enfocaba un semáforo, a cor vermella vai invadindo, no plano seguinte, todo o encadre, menos o círculo que marca o semáforo. A volta da música en *off* que se ve de novo na banda de son confirma que saímos das imaxes soñadas por Pepa.

Comeza daquela, co plano nº 35, o segundo movemento da secuencia que estamos estudiando e que se vai situar no estudio de dobraxe. Trátase dun primeirísimo plano sobre un micrófono, máis moderno có que se vía nas imaxes en branco e negro. Sitúase de esguello á dereita do encadre e á esquerda, case pegada a el, aparece a boca de Iván. Concentrado e bastante tenso, pasa a lingua polos labios e pronuncia as primeiras palabras do diálogo que está dobrando: “¿A cuantos hombres has tenido que olvidar? Dime algo agradable”.

Apoiándonos nos estudos de Michel Chion sobre a voz no cine<sup>2</sup>, poderíamos dicir que a primeira vez en que se oe a voz de Iván no contestador, ó principio da película, se trata dunha voz “acusmática”, é dicir, que aínda non se pode asociar coa imaxe dunha persoa. En efecto, un son “acusmático”, termo antigo retomado por Pierre Schaeffer nos seus estudos sobre música concreta, é un son que se oe “sen que

se vexa a causa de onde provén”. Michel Chion distingue, no caso da voz no cine, esta voz “acusmática” da que sería simplemente unha voz “fóra de campo”.

Na voz, “fóra de campo”, non se ve a persoa que fala, por exemplo detrás dunha porta, pero pódese identificala. A voz errante de Iván ó principio da película, esta voz “acusmática”, que aínda non se asociara coa imaxe do actor Fernando Guillén e flotaba no piso de Pepa, vaise “desacusmatizar” en dous tempos. O espectador vaina poder asociar coa imaxe de Iván en dúas etapas. A primeira visualización do seductor dáse no ambiente irreal dos planos en branco e negro, e logo esa voz “encárnase”, na realidade do estudio de dobraxe, “incorpórase”, “ponse en boca” no primeirísimo plano que se oe a primeira frase do diálogo.

Neste plano nº 35, tan importante na análise da secuencia, aínda non entramos de cheo na comedia e por iso falamos simplemente dunha “visión irónica do actor de dobraxe”. Almodóvar, que coñece moi ben a gramática da linguaxe cinematográfica, quixo xustificar, nas súas conversas con Frédéric Strauss, a elección deste tipo de plano que non entra na estrutura habitual dunha comedia. A longa cita que segue parécenos moi reveladora da importancia concedida por Almodóvar á voz e tamén da lucidez coa que é quen de reflexionar sobre o seu propio estilo:

2 Michel Chion, *La voix au cinéma*, Éditions de l'Étoile-Cahiers du cinéma, Paris, 1993, p. 156.

El formato, el decorado, la planificación dramática son de comedia, la interpretación también, con actores que hablan muy rápido, como si no pensarán en lo que dicen. Pero a veces la narrativa no es propia de la comedia. En una comedia casi nunca se hace, por ejemplo, un primer plano de un micrófono como el que he hecho en la secuencia de doblaje. La comedia utiliza planos americanos y planos medios básicamente. La planificación de la película no respeta mucho tampoco la de la comedia, probablemente por esa indisciplina que yo tengo para con los géneros y también porque yo quería puntualizar otras cosas que son más bien dramáticas. Todo el final de la película es típico de comedia, pero en la secuencia del doblaje la tonalidad es distinta: puntualizo la importancia de la voz de este hombre, una voz que vuelve locas a las mujeres en todos los aspectos y que despierta de la locura a la propia mujer que está en un hospital. Esa voz que oye la hace reaccionar y volver a reconocer el mundo en el que vive. Esa es la razón por la que presento al hombre como unos labios y un micro, que parece una especie de galaxia y tiene una presencia descomunal<sup>3</sup>.

O primeiro plano do rostro de Joan Crawford que substitúe a imaxe do micrófono, provoca un efecto extraño, porque vémo-los labios moverse sen que se oía son ningún. O seu rostro, moi maquillado, ten unha expresión tensa e sería imposible inserir esta imaxe nunha secuencia claramente cómica. A secuencia que se está dobrando é, de feito, unha das máis

dramáticas da película de Nicholas Ray. Trátase dun verdadeiro enfrontamento entre os dous amantes, Vienna e Johnny Guitar, que se volven atopar despois de cinco anos de separación. Ningún dos dous quere confesar que aínda está namorado e Vienna, que administra con dureza o *saloon* do que é dona e viviu moitas aventuras dende que Johnny a abandonara, desafíao cando este (interpretado por Sterlin Hayden) pretende pedirle contas. Nicholas Ray declarou que filmara a Joan Crawford de xeito que aparecieran no seu rostro “las profundas cicatrices del desgaste social”<sup>4</sup>.

Mentres que o rostro de Joan Crawford, na pantalla, parece dirixirse a Iván nun diálogo irreal no que o actor Fernando Guillén parece falarlle polo micrófono do estudio de dobraxe, o espectador descobre no plano seguinte o rostro do actor Sterling Hayden que, coa voz de Iván, lle pide a Vienna que lle minta xa que lle parece demasiado difícil afronta-la realidade: “Engaña-me. Dime que siempre me has esperado. Dímelo. Dime que te hubieras muerto si no vuelvo”.

Seguen tres planos, en *campo-contracampo*, nos que a imaxe de Iván alterna coa dos actores da película que se está dobrando. Un efecto de montaxe fai que no momento en que Iván acaba de pronuncia-la frase melodramática: “Dime que te hubieras muerto si no

3 Pedro Almodóvar, *op. cit.*, pp. 93-94.

4 Victor Erice e Jos Oliver, *Nicholas Ray y su tiempo*, Madrid, Ed. Filmoteca Española, Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales, 1986, p. 150.

vuelvo", apareza na pantalla (plano nº 41) Pepa na cama, filmada en *plano de conxunto* e cun *picado vertical* que a fragiliza ó máximo. Este forte *picado* e a súa inmovilidade poden facer pensar que quizais estea morta. Despois desta imaxe veñen os dous últimos planos no estudio de dobraxe. No plano nº 42, Iván aparece, en *primeiro plano* de perfil fronte ó micrófono que está á súa dereita. O personaxe que está dobrado, Johnny Guitar, pídelle palabras de amor a Vienna cun ton amargo que revela o seu desengano: "Dime que aún me quieres como yo te quiero".

No último plano da sesión de dobraxe dáse un cambio de eixo; Iván aparece de esguello, á dereita do encadre, fronte ás imaxes de Vienna e Johnny Guitar. O feito de que Iván dobre incluso os xestos do actor Sterling Hayden e beba cando bebe o personaxe, produce certa comicidade. A desaparición das imaxes da película de Nicholas Ray, substituídas pola dun número 8 en medio dos círculos que indican na pantalla o final da bobina e os diferentes reloxos que Pepa reunira en van ó pé da cama e que non foron suficientes para que espertara.

Atopamos na segunda parte desta secuencia, estruturada como dixemos pola voz de Iván, un aspecto documental. Ó mostra-lo cine dentro do cine, como xa fixera por exemplo ó principio de *La ley del deseo*, que se abre coa rodaxe dunha película pornográfica, Almodóvar denuncia, sempre con humor, a manipulación das obras orixinais. A dobraxe é, en efecto, unha ver-

dadeira traizón da película orixinal que durante moito tempo se impuxo por motivos comerciais ou políticos. Como ben se sabe, esta manipulación fíxose en España dunha maneira máis sistemática que noutros países europeos pola obriga da dobraxe que instaurou o franquismo. O desprezo pola obra orixinal facía que non se limitasen a cambiar-las voces senón que tamén se modificaban os diálogos segundo as "orientacións" dos censores. A alienación do público chegou a tanto que Fernando Fernán Gómez lembra nas súas memorias que se chegou a pensar que quizais fose conveniente que os actores de dobraxe tamén dobrasen os demais actores españois. Os promotores de tan peregrina iniciativa pensaban que ó público que oía, en vez das voces orixinais, a voz dos dobradores de Gary Cooper ou de Rita Hayworth, parecíalle que as películas eran "máis americanas", ou sexa, mellores películas.

Agora ben, se este aspecto documental é innegable, non pasa de ser anecdótico nesta película que é, ante todo, un himno á vitalidade das mulleres. Ó inserir esta magnífica secuencia de *Johnny Guitar*, o cineasta parece que desexou modificar de xeito radical a imaxe da muller pasiva e resignada que aparecía nos primeiros planos de *Mujeres al borde de un ataque de nervios* por influencia de *La voz humana* de Jean Cocteau, obra de teatro na que se inspirou, anque modificándoa profundamente. En *La voz humana* que, como xa dixemos, se citaba na película anterior



Tomado de *Fotogramas*, Óscar 1999.

de Almodóvar, *La ley del deseo*, era Carmen Maura quen interpretaba, no escenario, o papel de vítima desesperada, da muller abandonada que só se sabe laiar, mostrándose incapaz de

reaccionar. Recordamos que nunha das indicacións de Jean Cocteau ó longo monólogo, especificaba que “a actriz debía da-la impresión de sangrar coma un animal ferido, debía remata-lo acto



nunha habitación chea de sangue". A actitude de Pepa ó principio de *Mujeres...* parécese á da protagonista de *La voz humana*, cando se mostra sempre pendente do teléfono e incapaz de pensar noutra cousa que non sexa en Iván.

En *Johnny Guitar*, pola contra, son as mulleres, Vienna (Joan Crawford) e Emma (Mercedes McCambridge) as que levan a voz cantante, as que dominan a situación.

Valéndose habilmente da intertextualidade, Pedro Almodóvar xa lle está, pois, suxerindo ó espectador a partir da secuencia clave que intentamos analizar, que Pepa se vai achegar axiña ó personaxe de Vienna e vai saír do papel de vítima que lle estaba asignado na obra de Jean Cocteau. Ela tamén vai reaccionar, vai facer que se oia a súa voz e vaise negar a seguir vivindo con Iván, ese don Xan pusilánime e grotesco que de todas formas non sería un bo pai para o fillo que ela vai ter.





## PRIMEIROS PASOS DO GALEGO NA RADIODIFUSIÓN (1933-1936). A PRIMEIRA RADIO GALEGA

Víctor F. Freixanes\*  
Universidade de Santiago  
de Compostela\*\*

Entre os desafíos que a contemporaneidade impón ás linguas minorizadas, culturas sen estado enfrontadas ós cambios históricos que impón en cada caso a modernidade, capítulo especial merece a *tecnoloxía da comunicación*. Neil Postmann advirte que, ó longo da historia, as sociedades van establecendo sucesivos pactos coas súas tecnoloxías<sup>1</sup>. Pactos de supervivencia e de adaptación. Cada tempo histórico produce o seu discurso, que é resultado da capacidade que o grupo social ten de adapta-las súas formas tradicionais ás novas formas do cambio e mais ás novas tecnoloxías que configuran as relacións sociais, culturais, comerciais, políticas, científicas, de dominio, pracer ou coñecemento.

Do mesmo xeito que a imprenta a partir do século XV e logo a prensa dende o XVIII e o XIX, establecen un novo marco de referencias —cualitati-

vo e cuantitativo— baseado na difusión do documento escrito, en contraposición á sociedade tradicional baseada na transmisión oral, e viven o seu momento histórico máis representativo na Revolución Francesa de 1789 e nos procesos de modernización que con ese modelo se difunden en todo Occidente, a radio e a televisión marcan unha nova fronteira xa no presente século. Son elementos desta nova situación o público de masas, as audiencias indiscriminadas, os grandes espacios de difusión, a internacionalización dos mercados, a superación cada vez maior das distancias espaciais e das fronteiras informativas, unha nova concepción da industria do ocio e mesmo do espectáculo, etc., que se radicaliza nas últimas décadas e, da man da revolución informática, anuncia unha nova realidade: a denominada “sociedade da información”<sup>2</sup>.

\* Profesor Titular de Ciencias da Comunicación.

\*\* Unha primeira e moito máis breve versión deste traballo foi lida no *I Congreso Internacional: A Lingua Galega. Historia e actualidade*, Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, setembro 1996.

<sup>1</sup> Neil Postman, *Tecnópolis*, Galaxia Gutenberg, Barcelona, 1994.

<sup>2</sup> Outros autores falan da “sociedade do coñecemento”, “sociedade postindustrial”, “sociedade postmoderna”, “sociedade-rede”, etc. *Vid.* Daniel Bell, *El advenimiento de la sociedad postindustrial*, Madrid, Alianza, 1976; Manuel Castelles, *La era de la información*, 3 vols., Madrid, Alianza; A. Toffler e H. Toffler, *Crear una nou-*


O século XX é o século da tecnoloxía da comunicación de masas. Non é este o lugar para acometer unha análise miúda da significación deste fenómeno, tan vinculado por outra banda ó proceso de modernización das culturas e as sociedades. O propio concepto de modernidade, concibido como cambio e adaptación permanente, transformación das estruturas sociais e, xa que logo, dos hábitos culturais da colectividade, aparición de novos procesos económicos, hexemonía dunhas determinadas clases sociais sobre outras, instalación de modelos políticos específicos, etc., está abondo estudiado e entendo que non precisa de maior detalle. Pero na historia social da lingua, a aparición dos medios de comunicación de masas —radio e televisión— constitúe o gran momento de inflexión da comunidade galegofalante. Moito máis cá prensa, a radio e a televisión inflúen decisivamente nos comportamentos, nos valores simbólicos, nos usos lingüísticos, nos prexuízos e na consideración psicolóxica do idioma. Poderíamos dicir que é a aparición da radio —a tecnoloxía da radiodifusión— o feito que confirma e radicaliza unha derivada que empezara catro séculos antes coa aparición da imprenta (no ano 1485 en Monterrei, cando a lingua empregada era o latín) e que agora se acelera espectacularmente.

A profesora Carme Hermida estudou a realidade galegofalante no século XIX<sup>3</sup>. Na sociedade de hai cen anos, mesmo de hai cincuenta ou sesenta, a penetración do discurso impreso era mínimo. Tratábase dunha penetración máis ben simbólica, psicolóxica, un código de letrados e de sectores dirixentes que configuraban o poder. Os nosos paisanos falaban galego porque non sabían falar outra cousa nin tiñan a penas oportunidade de aprendela. O xornal, a publicación impresa, circulaba entre minorías letradas nas cidades, nun país no que case o 90 % vivía no rural. A escola era cativa e de acceso restrinxido. Unicamente a catequese da doutrina católica actuaba coma código culto de socialización (en castelán), memorizado nos bancos das igrexas. A letra impresa era unha realidade estraña, cando non exótica, no código de relacións e no sistema de comunicación propio da cultura popular. Foi así durante séculos.

O panorama cambia radicalmente coa aparición da radio a partir dos anos trinta do presente século e, sobre todo, coa televisión. A cultura audiovisual irrompe esmagadoramente na realidade galegofalante. O paisano que sae coas vacas ou vai traballar na leira leva canda si o transistor (anos cincuenta), regalo ás veces do fillo emigrante en Frankfurt ou Xenebra. A radio é o gran vehículo de información e entretemento de masas, tamén das masas

*velle civilisation: la politique de la troisième vague*, Paris, Fayard, 1995; A. Touraine, *La sociedad postindustrial*, Barcelona, Ariel, 1972.

<sup>3</sup> Carme Hermida, *Os precursores da normalización*, Vigo, Xerais, 1992.



Tres radios Telefunken para unha década. De arriba abaixo *Alfa* de 1927, *Wiking 125 WL* de 1933 e *T644W* de 1936-37.

analfabetas, logo dos anos trinta e corenta, e convértese, sobre todo durante o franquismo, nun dos grandes vehículos de desgaleguización, factor activo, entre outros, do prexuízo e o cambio lingüístico. A radio é o símbolo da nova modernidade e, unha vez máis, coma na imprenta no século XV, a modernidade non fala galego.

Aínda que a invención da radio se establece convencionalmente en 1899, data en que Guglielmo Marconi consegue enviar unha mensaxe telegráfica dunha beira á outra da canle da Mancha, é a partir da década dos anos vinte cando podemos empezar a falar verdadeiramente de experiencias estables ou dos primeiros gromos dunha explotación sistemática do medio, que axiña se convertera —sobre todo nos Estados Unidos de Norteamérica— no gran vehículo de información de masas, auténtico xermolo ou desencadeante dos estudos sociolóxicos, técnicos e comunicacionais da nova sociedade.

A primeira experiencia de empresa radiofónica privada é de 1919 nos Países Baixos. Por aquelas datas, en Inglaterra, a Compañía Marconi desenvolvía actividades estables orientadas na mesma dirección, logo dalgúns ensaios anteriores de carácter experimental. En 1924 o número de aparatos receptores na Gran Bretaña era xa dun millón, fronte a trescentos trinta mil do ano anterior. Nos Estados Unidos, de cincuenta mil receptores de radio que había en 1921 pásase a catro millóns en 1925<sup>4</sup>, o que dá unha idea do crecemen-

to acelerado, verdadeiramente espectacular.

En España, a primeira lexislación sobre a radiodifusión é de 1924<sup>4</sup>. Desas datas son as emisoras de Barcelona, Madrid, Cádiz, Sevilla, San Sebastián, Asturias, etc. Hai que agardar á década dos trinta para ver aparece-las primeiras iniciativas en Galicia. O 5 de xaneiro de 1933, na primeira plana do xornal *El Compostelano*, publícase unha información da denominada Liga Santiaguesa Pro-Estatuto de Autonomía que literalmente di:

Rescindiendo el contrato con la empresa que primeramente se había comprometido a instalar la emisora radiofónica, van muy avanzadas las gestiones con la entidad "Unión Radio", filial de la Compañía Telefónica Nacional de España, para establecer la estación que desde nuestra vieja urbe ha de avivar la llama para que el magno acontecimiento de la consecución de nuestra Autonomía Regional sea un hecho cada vez más sentido y más querido por los ciudadanos de Galicia.

En estos días han llegado a Santiago dos ingenieros de esta entidad que están al habla con la Liga Santiaguesa y que vienen inspirados por los mejores deseos de servir desinteresadamente la causa y los intereses de Galicia y de Santiago, interés que tiene el precedente magnífico de la sesión de clausura de la

Asamblea de Municipios radiada gratuitamente a América y que tanta impresión causó en el alma de nuestros hermanos de tras el Océano<sup>6</sup>.

Un dos devanditos enxeñeiros era Ricardo María de Urgoiti, director executivo de Unión Radio, empresa constituída en 1924 que, ó abeiro da nova lexislación republicana (1932), viña activando a construción dunha rede de emisoras en todo o Estado para a explotación dunha gran cadea de radiodifusión comercial<sup>7</sup>.

Xa en 1929 Unión Radio tiña plans para Galicia, logo de establecer emisoras en Madrid, Cataluña, o País Vasco e Andalucía. Pensábase en Vigo como gran centro emisor comarcal, e mais noutro de carácter local na cidade da Coruña. Santiago non figuraba nos primeiros proxectos. Sen embargo, foi nesta cidade onde se estableceu a primeira emisora, Unión Radio Galicia, EAJ-4, que inicia a súa programación nos primeiros meses de 1933.

A nota da Liga Pro-Estatuto en *El Compostelano* continúa dicindo:

Desde luego el prestigio de Unión Radio hace concebir las mejores esperanzas en cuanto al éxito de la emisora desde el punto de vista técnico; todos conocemos la red que tiene establecida en España y ningún radioescucha habrá dejado de

4 Albert e Tudesq, pp.14-15.

5 Garitaonandía, pp. 130-140.

6 Extraído de "Pro-Estatuto. Liga Santiaguesa", en *El Compostelano*, 5-1-1933.

7 As empresas que constituiron Unión Radio eran as seguintes: AEG-Telefunken, Aeolian S.A., Compañía General de Electricidad (Lámparas Metal), Compañía General de Telegrafía sin Hilos (Marconi), Compañía Telefónica Nacional de España, Electrodo S.A., Omnium Ibérico Industrial (Radiola), Sociedad Española de Acumuladores Tudor, Sociedad Ibérica de Construcciones Eléctricas (Radio Corporation of América) e Bell S.A. (Western Electric). O 17 de xuño de 1925 inaugúrouse en Madrid a primeira estación de Unión Radio.

oir sus emisoras de Madrid, Valencia, Sevilla, San Sebastián, etc.

La de Santiago de Compostela será instalada con arreglo a la técnica más seria y depurada, y esperamos que satisfará las ansias de los gallegos que están pendientes de nuestro programa<sup>8</sup>.

Arturo Maneiro Vila e Xosé Ramón Pousa, entre outros, estudia- ron con certo detalle o proceso de constitu- ción da emisora compostelá<sup>9</sup>. Eu mesmo, noutro lugar, tratei con máis vagar este acontecemento, abofé que emblemático da nova realidade da comunicación que a partir deste momento aparece entre nós<sup>10</sup>.

En marzo de 1934, da man de Francisco Hervada García-Sampedro, anúnciase a creación de Radio Coruña; Radio Pontevedra tamén é de marzo dese ano, neste caso iniciativa do avo- gado e comerciante Enrique Vázquez Lascaille; Radio Vigo comeza a emitir no mes de abril, fundada por Santiago Montenegro Costas e Emilio Torrado Lima; Radio Ourense é de 1935, aínda que xa en 1932 o seu fundador, o indus- trial Ramón Puga Noguero, ensaiara algunhas emisións de carácter experi- mental, e Radio Lugo tamén é dese mesmo ano, propiedade de Ramón Beberide Ledo, natural de Vilafranca do Bierzo, que foi o seu director ata o seu falecemento en 1980. Velaquí a pri- meira estrutura da radiodifusión gale- ga, un conxunto de emisoras privadas

que logo, a partir dos anos corenta, des- pois da guerra civil, se incorporan como asociadas á Sociedade Española de Radiodifusión (SER), en parte conti- nuadora do espírito dos fundadores da primeira Unión Radio.

Interésanos neste traballo comen- ta-la presenza da lingua galega naque- las primeiras emisións. ¿Cal era a reali- dade social do idioma naqueles anos? Segundo as estimacións da profesora Carme Hermida, centradas máis ben na etapa do Rexurdimento e a primeira década do século, practicamente o 80% da sociedade tiña entón o galego como lingua primeira, cando non única, e en galego (dentro dos parámetros propios da sociedade tradicional, baseada na transmisión oral) producíase a sociali- zación dos individuos. Unicamente nas cidades certos sectores da burguesía ascendente, o alto funcionariado e os representantes da vella fidalguía e das institucións dirixentes —a Adminis- tración, a Igrexa, a Universidade— em- pregaban formalmente o castelán, aínda coñecendo e usando o galego na súa relación coas clases populares.

No primeiro tercio do século XX a situación era practicamente a mesma. En 1900, por exemplo, o 88,7% da poboación vivía en núcleos de menos de mil habitantes, segundo o profesor Barreiro Fernández. En 1930, esa por- centaxe era do 88,4%, o que dá unha idea da inmovilidade e da estabilidade

8 *El Compostelano*, *op. cit.*

9 A. Maneiro Vila, 1993 e X.R. Pousa Estévez, 1994.

10 V.F. Freixanes, *GEG*, 1994, pp. 54-60.

do sistema. O proceso de estrago da cultura tradicional en Galicia é un fenómeno bastante recente, prodúcese sobre todo na década dos cincuenta e sesenta, que é cando de certo podemos dicir que a sociedade galega se transforma radicalmente cara a modelos urbanos e castelanizadores; e aínda así, no ano 1970 o profesor Beiras Torrado estimaba unhas porcentaxes de ruralidade en Galicia do 71,5%, se entendemos por poboación rural “a que non está integrada nas sete principais agrupacións urbanas”<sup>11</sup>, únicos núcleos que neses momentos superaban os 50.000 habitantes.

Esta era a realidade social da lingua nos anos trinta, cando aparecen as primeiras emisoras de radiodifusión: un país instalado masivamente no seu idioma, pero con moi altos índices de ruralidade e de analfabetismo, economicamente atrasado, mal comunicado, sometido a relacións políticas de dependencia e submisión, aínda que con minorías cada vez máis conscientes desta situación e, xa que logo, decididas a asumi-lo protagonismo do cambio social.

Con estes núcleos minoritarios e sensibles, que en termos de socioloxía política poderíamos cualificar como a *intelligentsia* (sectores da pequenaburguesía con formación universitaria ou próximos ós movementos políticos e culturais do *galeguismo*), entran en relación os dirixentes de Unión Radio cando deciden poñer en marcha a pri-

meira experiencia de radiodifusión no país. E viceversa, dende o primeiro momento, a Liga Santiaguesa Pro-Estatuto de Autonomía, constituída por persoeiros relevantes e comprometidos coa reivindicación autonomista que había de callar no plebiscito de xuño do 36, decátanse das enormes posibilidades dun medio de comunicación e unha tecnoloxía que estaba chamada a transformar dun xeito radical os referentes culturais da sociedade.

En febreiro de 1933 o mesmo xornal *El Compostelano*, acaso o órgano de prensa que máis activamente apoia a nova emisora, recolle a intervención do doutor Sal Lence nos micrófonos da acabada de inaugurar Unión Radio Galicia:

El viernes pronunció su anunciada conferencia en la estación emisora Unión Radio Galicia, en Compostela, el ilustre doctor Sal Lence, de La Coruña, que se expresó en gallego, como hace siempre que habla en público, por pertenecer al partido galleguista.

Dijo —entrando en la primera parte de su discurso— que era para él un gran motivo de alegría el que ya contáramos con una Estación Radio emisora de Galicia, con la cual estaba alcanzada la primera parte de sus insistentes ruegos a la Comisión del Estatuto. La segunda parte —añade— estriba en dotar a los Ayuntamientos rurales de aparatos receptores adecuados. Recordó sus campañas de prensa a favor de la Telefonía rural, y dijo que la radio y el cine, cuando se saben emplear bien, son dos medios formidables

11 X.M. Beiras Torrado, 1972, pp. 215.



para civilizar a los pueblos, y sirven para abrir surco en el cerebro y en la conciencia de los hombres<sup>12</sup>.

A Liga Santiaguesa Pro-Estatuto era, de feito, a principal animadora naqueles momentos da reivindicación autonómica para Galicia, dentro do marco político da Segunda República e seguindo os pasos dos vascos e dos cataláns. Viña animada inicialmente dende o propio concello compostelán e presidíaa Salvador Cabeza de León, presidente tamén do Seminario de Estudos Galegos. Nela participaban entre outros Eladio Rodríguez González, Manuel Lugrís, Iglesias Corral, Rodrigo Sanz, Santiago Montero Díaz, Alexandre Bóveda, Avelino López Otero, figuras coñecidas do galeguismo cultural ou político. Cando en decembro de 1932 se reúnen en Compostela representantes dos municipios de toda Galicia para establece-la definitiva redacción do proxecto de autonomía, unha das preocupacións da Liga, e mais da Comisión de Propaganda desta, era sensibiliza-la poboación, sobre todo a aqueles sectores máis arredados ou desconfiados das preocupacións políticas, non só a prol da causa autonomista, senón dos grandes temas que naquel momento condicionaban o futuro da sociedade galega. Continúa *El Compostelano*:

Aun no hace mucho tiempo que la palabra hablada, y la escrita en el periódico, la revista y el libro, eran los únicos medios posibles de ilus-

trar a las gentes. Hoy, aquella palabra emitida ante un micrófono conmueve el éter que llena el espacio y, con ritmo y longitudes de ondas distintas, atraviesa instantaneamente los puntos más apartados de la tierra. Hoy, al más remoto campesino de la más remota aldea, le es dado, mediante un aparato receptor, recoger en su antena las noticias diarias de todo cuanto de interés pueda ocurrir en el mundo<sup>13</sup>.

Dende o primeiro momento, practicamente dende a súa inauguración, a emisora compostelá incorpora entre os seus colaboradores a primeira nómina do galeguismo. Antón Fraguas, daquela profesor na Universidade, foi o primeiro locutor de continuidade, encargado durante o período de probas de abrir e pecha-la programación, que se emitía dende unhas primeiras modestas instalacións na praza da Universidade e tiña a antena no outeiro de Santo Domingo de Bonaval. Da man de Fraguas, e mercede ás xestións do delegado da Compañía Telefónica en Santiago, Agustín Parelló, que nos faladoiros do café Español entrara en relación cos galeguistas, comezou a colaborar dun xeito estable un dos personaxes que máis populares se farían nestes anos, Xosé Mosquera Pérez, tamén chamado *o vello dos contos*, a quen se lle encomendou primeiro unha serie de programas de divulgación da cultura popular coa idea de esperta-lo interese das audiencias rurais e axiña continuou con seccións

12 "En torno del Estatuto: Radio-Difusión y Autonomía Gallega. Conferencia del Dr. Sal Lence" en *El Compostelano*, 6-2-1933.

13 *Ibidem*.

de teatro, contos e refráns, diálogos, etc., de grande aceptación.

Na revista *Nós*, en xullo de 1933 podemos le-lo seguinte:

Galiza conta hoxe c'unha boa Estación Emisora de radiotelefonía en Santiago qu'está desenrolando unha interesante laboura a prol da cultura galega.

Ademais das sesións de música galega e das conferencias de divulgación cultural e politéca (Sebastián González, Xurxo Lorenzo, Enrique Raxoy, Alvaro de las Casas, etc.) estableceu unha Seición Infantil, na quinta feira de cada semán, adicada por inteiro aos rapaces menores de dezaseis anos. O elemento principal d'ela é o recitador coñecido pol-"O Vello dos Contos", a quen seus admiradores veñen de render un sentido homenaxe<sup>14</sup>.

Mosquera Pérez (San Pedro de Carballal, Enfesta, A Coruña, 1895 —Santiago, 1965) dirixía daquela o grupo teatral "Cativeces", na liña de animación cultural e didáctica que iniciaran as Irmandades da Fala, e tiña especiais condicións para a declamación e a interpretación. Frecuentaba os faladoiros de Ánxel Casal e Camilo Díaz Baliño, que neses momentos traballaban nas publicacións da Editorial Nós, e era militante activo do Partido Galeguista. A devandita homenaxe celebrouse nos baixos do Hotel Compostela o 18 de xuño dese mesmo ano, promovido por un coñecido industrial de curtidos, Jacobo Varela de Limia, e coa participación de máis de

trescentas persoas, entre outras o alcalde da cidade, López Pol.

Engade a revista *Nós*:

O Sr. Mosquera Pérez, exercita con estilo propio a arte na que despintou Xoselín. Contos de nenos, folklóricos ou orixinás, fábulas, leiciós en col de cousas galegas, adiviñas e



Xosé Mosquera Pérez. *O Vello dos Contos*.

14 "A cultura galega hoxe en día" en *Nós*, nº 115, Ourense, Día de Galicia, 1933.

brincadeiras tradicionais forman o programa d'ésas sesións<sup>15</sup>.

Non todo o mundo o entendía así. Algúns meses despois, en outubro, o boletín *A Nosa Terra* dá conta das dificultades que o popular actor e locutor tiña coas autoridades. Baixo titular de "O Vello dos Contos, preso", informa o voceiro do PG:

Pol-o discurso que antes pronunciou ante o micrófono de Unión Radio, o popular Vello dos Contos foi denunciado e posto a disposición da autoridade xudicial, por orde gubernativa.

Temos de facer notar eiquí a nosa protesta enérxica contra do esceso de celo de quen teuimou ollar no discurso, o que ningún radiouvinte de Galiza viu, aínda escoitándoo moitos cuia patente de republicanismos está por riba de comadreos e anécdotas politiqueras<sup>16</sup>.

O galeguismo entende dende o primeiro momento que o novo medio é un vehículo extraordinariamente eficaz e cheo de posibilidades para a comunicación, mesmo para o adoutramento de sectores da poboación —certamente maioritarios— que ata agora viviran afastados de calquera discurso cultural, social e político. "Non vos quepa dúbida", chega a dicir Mosquera Pérez na súa intervención na homenaxe de xuño do 33, "na emisora nosa pode estar todo un rexurdimento racial verdadeiramente espléndido, insospeitado". No fondo, aínda que neste caso

interesadamente a prol dunha proposta política concreta, era o discurso da *modernidade*: a necesaria socialización da poboación de Galicia arredor dun proxecto común —o dos galeguistas—, capaz de supera-los mecanismos de dependencia ou relacións de carácter persoal que a sociedade agraria tradicional mantiña.

O programa de Unión Radio Galicia —Emisora Compostelá, segundo *El Eco de Santiago*— o 21 de marzo de 1933 era o seguinte:

De 14,30 a 15,30:

Música de Rossini, *Airiños aires* de Freire, *Fantasia* de Thomas, *Danza Japonesa* de Yeshitomo, *Moros y cristianos* de Serrano, *Muchachas de Viena* de Zichrer, *Rapsodia noruega* de Lalo e *Contos* de Mosquera Pérez, que ó primeiro eran dez minutos, pero que axiña se foron ampliando a máis tempo segundo o demandaba a audiencia.

De 20 a 21 horas:

Música de Balakirew, Paganini, Chopin, Ravel, Albéniz e outra vez *Recital de poesías gallegas a cargo del señor Mosquera Pérez*<sup>17</sup>.

En total dúas horas de emisión.

Antón Fraguas recoñeceu máis tarde que o novo medio de comunicación producía daquela unha especial seducción e curiosidade, tanto nas

<sup>15</sup> Ibidem.

<sup>16</sup> "O Vello dos Contos, preso" en *A Nosa Terra*, nº 313, 9-10-1933.

<sup>17</sup> *El Eco de Santiago* (21-3-1933). Tanto *El Eco de Santiago* coma o xornal *El Compostelano* recollen puntualmente a programación da emisora e comentan de cando en vez as intervencións máis sobranceiras.

masas coma nas minorías intelectuais, e que a presenza do galeguismo e das “forzas vivas” da cidade nos micrófonos foi dende o principio moi importante, “decisiva para que Unión Radio e a Compañía Telefónica se decidisen a montar a emisora en Compostela e bautizala, ademais, co nome de Radio Galicia”<sup>18</sup>.

O día 30 de abril de 1933, en horario de sobremesa, prográbase un *Pasatempo* en lingua galega, peza orixinal nun acto escrita por Ricardo Frade Giráldez (Santiago, 1939) cun reparto de catro actores no que, no papel de Xan, aparece o propio Antón Fraguas. Un editorial de *El Eco de Santiago* en 1934 proclamaba:

La emisora de Santiago ha prestado y presta beneficios enormes a la ciudad y a la cultura gallega, porque sus emisiones llegan a toda la región. Viene a ser como un exponente diario del espíritu compostelano que extiende su influencia alentadora a toda Galicia<sup>19</sup>.

“Toda a documentación existente sobre Unión Radio Galicia de Santiago [...] demostra que a motivación inicial para poñer unha emisora en Compostela era o desexo de dar difu-

sión radiada á propaganda do Estatuto de Autonomía”, afirma Maneiro Vila no seu estudio sobre a emisora compostelá<sup>20</sup>. Dende o punto de vista das persoas relacionadas coa Liga Santiaguesa Pro-Estatuto así foi certamente, aínda que non faltaron problemas dende a outra parte, os técnicos e propietarios de Unión Radio. Como sucedera noutras cidades, as empresas radiofónicas buscaban daquela un dobre apoio, por unha banda comercial e por outra, intelectual e de prestixio. Iso explica, segundo algúns informantes, a instalación dos estudos na praza da Universidade e maila ampla nómina de persoas de recoñecida sona no ámbito cultural que dende o primeiro día son invitadas a participar na programación. Esta apóiase basicamente na intervención de oradores en directo e na emisión de gravacións musicais; pero tamén explica certas diferencias que, nun primeiro momento, seica mesmo atrasaron a inauguración da emisora ó quererem marcar ámbalas dúas partes unhas certas regras de relación claras: o compromiso coa causa da autonomía e cos valores culturais galegos e a independencia necesaria para a explotación comercial da empresa<sup>21</sup>.

18 Declaracións persoais de Antonio Fraguas.

19 “La radiodifusión nacional” en *El Eco de Santiago*, 25-1-1934.

20 Maneiro Vila, A. 1993, p. 62.

21 Paga a pena profundar algo máis nestas diferencias, que sen dúbida existiron, sobre todo nos primeiros momentos da emisora e que, segundo algúns contemporáneos, mesmo retrasaron a súa inauguración. O apoio da Liga Compostelana Pro-Estatuto decidiu ós directivos de Unión Radio a montar en Santiago a primeira experiencia de radiodifusión galega, mesmo contra os planos iniciais de instalarse en Vigo e na Coruña. Foi unha activa xestión dos composteláns e, probablemente, do propio concello e do seu alcalde, animador da Asemblea Pro-Estatuto. Unión Radio, sen embargo, mantivo en todo momento o control do persoal técnico e dos primeiros equipos profesionais da emisora. A documentación a penas existe e, polo de agora, non temos máis ca comentarios e lembranzas dalgúns dos protagonistas. Velaquí un dos grandes problemas para o estudio das

“Los primeros locutores y, posteriormente, el cuadro de actores de la emisora eran profesores y alumnos de la vecina Universidad que encontraban en la radiodifusión una *experiencia excitante*”, escribe Xosé Ramón Pousa<sup>22</sup>. Filgueira Valverde, Antón Fraguas, Lois Tobío, Manuel Beiras García, o citado Sal Lence, o doutor Sebastián González (delegado do Partido Galeguista), Osorio Tafall, Ramón Valenzuela, Luis Iglesias (catedrático de Bioloxía da Facultade de Ciencias, que lles daba consellos ós labregos para a mellor explotación e aproveitamento das terras), Alfonso Rodríguez Castelao, Alexandre Bóveda, Suárez Picallo, Álvarez Dopazo, Lino Torre, Álvaro de las Casas, Xurxo Lorenzo, etc. son algúns dos colaboradores daqueles días. Se non todos, a meirande parte deles exprésanse en galego.

A revista *A Nosa Terra* dá conta nunha crónica, datada a finais de 1933, da asemblea “que tivo lugar no paraninfo da Universidade con representacións oficiais e partidos políticos pra decidir a data en que se ten que plebiscitar o estatuto aprobado pola Asemblea de Concellos”. Presidía o Comité Central, segundo a devandita publicación, Bibiano Osorio Tafall, e

falaron, entre outros, Poza Juncal por Acción Republicana, Carnero Valenzuela polo Partido Federal, Insua polos Republicanos Galegos e Alexandre Bóveda polo Partido Galeguista. O acto concluíu cunhas afervoadas palabras do secretario do Comité, o señor Rajoy Leloup, quen “[...] deu ante o micrófono da Unión Radio unha documentada e sentida conferencia chamando a tódolos galegos ao cumprimento do deber i escitando o sentimento dos cidadáns pra salvar a Galicia do aitual estado de preterición en que se atopa”<sup>23</sup>.

Xa en plena campaña estatutaria, no mes de maio e nos primeiros días de xuño, a mesma publicación anuncia mitins galeguistas a prol da autonomía nas principais poboacións galegas coa presenza case sempre dos micrófonos das “emisoras locais”<sup>24</sup>. Nas derradeiras semanas sobre todo, a actividade vólvese especialmente intensa, case frenética: “Polas emisoras de Radio de Galicia —A Cruña, Lugo, Ourense, Santiago, Vigo e Pontevedra— están dándose a cotío conferencias e charlas encol de moitos aspectos do Estatuto”<sup>25</sup>. E aínda máis: “Esta semana comezou a súa viaxe por toda Galicia o Cine Movil que percorrerá a zona rural,

empresas de comunicación en Galicia: a carencia case total de arquivos e documentación minimamente organizada.

<sup>22</sup> X.R. Pousa Estévez, 1994, p. 32.

<sup>23</sup> “No paraninfo da Universidade. Asambrea de representacións pra fixar a data plebiscitaria do Estatuto” en *A Nosa Terra*, nº 317, 27-11-1933.


<sup>24</sup> *A Nosa Terra*, nº 418, 12-6-1936. Información dos actos de propaganda galeguista nos tres meses anteriores ó plebiscito.

<sup>25</sup> *Ibidem*.

especialmente, e as feiras facendo unha interesantísima e eficaz propaganda escrita e oral"<sup>26</sup>.

Houbo un precedente importante que cómpre salientar por ser case que emblemático na historia do medio e porque, probablemente, foi a chispa que acendeu o interese do galeguismo pola nova experiencia de comunicación que se lle ofrecía. O 21 de novembro de 1932 *El Eco de Santiago* publica un artigo a iniciativa do seu director, Celestino Sánchez Rivera, proponendo que, a través da Compañía Telefónica, se retransmitisen a todo o mundo as conclusións da asemblea de alcaldes reunida para ratificalo anteproxecto de Estatuto de Autonomía. Seica a Telefónica estaba disposta a poñer gratuitamente os medios técnicos necesarios.

A cerimonia de clausura da asemblea foi o 19 de decembro, cun programa no que se incluía un saúdo do presidente da corporación compostelá, Raimundo López Pol, música galega, himno español e himno galego, as badaladas da Berenguela e unha resposta, dende a outra beira do Atlántico, do presidente do Centro Galego de Buenos Aires, daquela a comunidade emigrante máis poderosa e activa. Disque toda América puido escoitalas badaladas da campá da catedral, pero non Galicia, agás Santiago de



Ramón Valenzuela. *O Vello das Cestas*.

Compostela. Entón aínda non había no país emisora ningunha. A transmisión fíxose vía Madrid a través da liña telefónica e dende alí, a través dunha estación de 20 kw de potencia e lonxitude de onda de 14,38 metros, enviaron o sinal a 10.500 quilómetros de distancia, cara á capital argentina<sup>27</sup>.

Catro anos despois, o 5 de xullo de 1936, unha emisión semellante tería lugar dende o salón de actos da Facultade de Medicina. Dábase conta da proclamación do Estatuto e dos

<sup>26</sup> *Ibidem*.

<sup>27</sup> A. Maneiro Vila, 1993, p. 65. Participaron na experiencia, ademais da Compañía Telefónica Nacional de España, a Compañía Internacional de Radio, Unión Telefónica del Río de la Plata e Radio Splendide de Buenos Aires.

resultados do plebiscito do 28 de xuño. Daquela xa existía a EAJ-4 e as emisoras da Coruña, Vigo, Pontevedra, Lugo e Ourense con programacións todas elas de carácter moi similar: abondoso repertorio musical e conferencias ou intervencións radiadas, representacións de teatro lido, contos, rexoubas populares, algúns avisos sociais e de carácter comercial, etc.

Mais ¿cal era a lingua destas primeiras emisións? Dende os microfons de Radio Pontevedra, Ramón Valenzuela fixo popular outro personaxe paisano, o *Vello dos Cestos*, en parte inspirado no de Mosquera Pérez. A súa participación foi moi activa durante a campaña estatutaria. O propio Valenzuela escribiu guións para Unión Radio Galicia que desgraciadamente non se conservan, como tampouco a meirande parte da documentación deste período. É a través de testemuños orais e da memoria de particulares, ademais de notas e algunhas referencias na prensa, como podemos reconstruí-los feitos.

En Radio Coruña as emisións a prol da Autonomía foron constantes, coa participación entre outros de Ramón Villar Ponte, Silvio de Santiago (que en Caracas, anos máis tarde, había de poñer en marcha *Hora de Galicia*, audición radial promovida pola Asociación Lar), Santiago Domínguez, Manuel Insua, Fernández del Riego e “un avogado novo”, Luis Seoane<sup>28</sup>.

Unha gran parte destas intervencións eran en galego, sobre todo cando se trataba de retransmisión de mitins nas vilas e nas aldeas con participación do Partido Galeguista ou programas dirixidos expresamente á audiencia rural. Polas características do medio, a radio ofrece dende o primeiro momento a posibilidade de chegar a unha audiencia tradicionalmente afastada do discurso escrito e da alfabetización.

Do interese que dende o primeiro momento esperta a radio na *intelligentia* galeguista, que é a que se compromete activamente coa lingua nestes momentos, dan conta outras iniciativas diversas, non só de carácter cultural e político. A revista *Logos* de Pontevedra, por exemplo, informa no seu número 44, correspondente a xaneiro-marzo de 1935, da emisión dunha programación especial de Semana Santa dende a emisora Radio Pontevedra. Practicamente toda era en galego, con intervencións de Filgueira Valverde, Xerardo Álvarez Limeses, Pedret Casado, Blanco Porto, etc.<sup>29</sup>

Tamén en Pontevedra, o grupo “Labor Galega” dispoñía dunha hora semanal de emisión de carácter cultural en galego, ademais doutros espazos na programación xeral da emisora, nos que participaban Filgueira Valverde, Iglesias Vilarelle, García Vidal e os equipos dos “Ultreya”. Chamábase o espazo *A hora de Labor Galega* e incluía música, comentarios,

28 A. Maneiro Vila, 1993, p. 154.

29 “Unha Semán Maior pol-a Radio” en *Logos*, 44, xaneiro-marzo, 1935, p. 55.

reseñas de conferencias, noticia de libros, etc., neste caso con clara intención de rexistro culto, non populista, na súa preocupación por instala-la lingua en ámbitos de audiencia non exclusivamente rurais. O mesmo grupo programou para a devandita emisora representacións de teatro con obras como *Sinxebra* de Cotarelo Valledor ou *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste, entre 1934 e 1936<sup>30</sup>.

A guerra civil tronzou o posible desenvolvemento da lingua galega no medio, como tronzou o desenvolvemento histórico das institucións de identidade nacional e de autogoberno. A comunicación —e polo tanto, o idioma no que esta se establece— explícase dende as estruturas e os mecanismos de poder (de socialización) que en cada momento actúan na sociedade evolucionan e modifícase segundo os avatares históricos e mais é expresión ou espello das circunstancias políticas que condicionan o corpo social. Deixamos para outra ocasión o relatorio da presenza do idioma nas emisións radiofónicas da emigración americana, principalmente en Bos Aires, onde Núñez Búa e Xosefa Menéndez a *Anduriña*, facían programas para a colectividade emigrada en 1932, por exemplo, ó igual que Fernando Iglesias, *Tacholas*, Maruxa Boga, Maruxa Villanueva ou Varela Buxán dende os micrófonos de Radio Prieto ou Radio Ribadavia. Esta breve reseña limítase moi conscientemente ás primeiras emisoras de radio

que na década dos trinta inician as súas actividades no país.

Non é que a primeira radiodifusión galega, que nace no marco da Segunda República, se expresase en galego, non, aínda que o galego empezase a ter daquela unha consideración ascendente consonte co pensamento político que inspiraba un novo modelo de sociedade. A lingua destas novas empresas da comunicación é o castelán, que veu sendo o código dominante das institucións sociais de modernización en Galicia dende o século XV lingua das clases sociais hexemónicas dende a desfeita da nobreza nos derradeiros anos da Idade Media. As primeiras iniciativas da radiodifusión nacen entre nós da pequena burguesía vilega, comerciantes espelidos e profesionais inquedos, interesados no fenómeno dunha nova tecnoloxía que empezaba a estar de moda en todo o mundo. Trátase dun fenómeno urbano, baseado asemade nunha cultura urbana, conectada co exterior, igual que o foi a prensa no século XIX —e o cine ou a fotografía—, oposta no plano simbólico á cultura agraria do campesiñado e fundamentada a súa viabilidade empresarial na economía libre de mercado. O seu vehículo de expresión lingüística había de estar consonte, pois, cos modelos culturais, sociais, políticos e comunicacionais dominantes, onde o castelán era a lingua primeira —única— e o galego —agás as minorías ás que fixemos referencia— tiña

30 Información fornecida por Filgueira Valverde.



carácter marxinal, nin sequera hostil, simplemente ignorado.

Sen embargo, a realidade política da Segunda República (1931-1936), introduce un horizonte de cambio social, unhas expectativas, un novo estado de opinión acompañado de propostas políticas e ideolóxicas que facilita o desenvolvemento de valores, usos e actitudes novas verbo tamén do idioma. Os medios de comunicación, aínda sendo tan decisivos na conformación do modelo social, non son motores, senón espello ou reprodutores dos valores dominantes. O galego, como lingua de uso e como código de representación, símbolo da identidade nacional do país, está presente dende os primeiros momentos da radio; ben dun xeito vehicular, para chegar ás audiencias rurais instaladas no idioma, ben dun xeito reivindicativo e culto, na tradición dos precursores e nas coordenadas ideolóxicas do galeguismo ascendente. Ese estado de opinión que salientamos —esa ideoloxía, poderíamos dicir— viña agromando desde décadas anteriores, e debemos explicala dende a progresiva toma de conciencia por parte de cada vez máis amplas minorías (a *intelligentsia*, segundo A.D. Smith)<sup>31</sup> a prol da identidade nacional e, en parte, a prol da identidade lingüística, na medida en que esta constitúe unha das *marcas diferenciais* máis sobranceiras daquela. É un fenómeno que se volverá dar, en termos moi semellantes, nos anos de transición

do franquismo á democracia (1975-1980). A posibilidade dun novo marco histórico, unha nova mentalidade hexemónica baseada na estima dos valores propios, aparece vinculada ós procesos de cambio social e político: o posible e cíclico salto histórico cara á *modernidade*. Nese proceso, a lingua —“realidade simbólica” de comunidades ou nacións na procura da súa identidade— ten unha significación obxectiva e desencadeante.

## BIBLIOGRAFÍA

- Albert, P., e J. Tudesq, *Histoire de la Radio-Televisión*, trad. portuguesa *História de Rádio e Televisão. Da Telegrafia sem fios á Radiodifusão*, Lisboa, Ed. Noticias, 1981.
- Beiras Torrado, Xosé Manuel, *O atraso económico de Galicia*, Vigo, Galaxia, 1972.
- Freixanes, Víctor F., “Radiodifusión”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. XXVI.
- *A lingua galega nos medios de comunicación. Proposta de análise dos aspectos simbólicos e comunicacionais da lingua a través das institucións de socialización*, vol. I e II, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, 1994. Tese de doutoramento, inédita.

31 A.D. Smith, 1973, p. 130 e ss.

Garitaonandía, C., "El despertar de un nuevo medio: la radio", en Timoteo Álvarez, J. et al., *Historia de los medios de comunicación en España*, Barcelona, Ariel, 1989.

Hermida, Carme, *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo, Xerais, 1992.

Maneiro Vila, Arturo, *Historia da Radio-difusión en Galicia (1)*, A Coru-

ña, Fundación Caixa Galicia, 1993.

Pousa Estévez, Xosé Ramón, *El sistema radiofónico gallego*, Bellaterra, Universitat Autònoma de Barcelona, 1994. Tese de doutoramento, inédita.

Smith, Anthony D., *Theories of Nationalism*, Londres, 1971, trad. castelá *Las teorías del nacionalismo*, Barcelona, Península, 1976.



## REALISMO, GUERRA FRÍA E REIFICACIÓN DA HISTORIA. A VISIÓN HISTÓRICA DA TEORÍA REALISTA DAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS

Xavier R. Madriñán\*  
 Instituto Rosalía de Castro  
 Santiago de Compostela

Aínda que a palabra *sorpresa* podería identificar dun modo adecuado a reacción que no mundo suscitou o discurso político reformista de Mikhaíl Gorbachov dende que accedeu ó cumio do poder na Unión Soviética, en 1985, parece necesario recorrer a unha denominación moito máis drástica, aplicando quizais a palabra *desconcerto*, para representalo sentimento xeneralizado ante as medidas específicas en que se concretou a política de *perestroika* no eido das relacións exteriores. *Desconcerto* polo inesperado do xiro e pola entidade dos cambios introducidos polo novo líder da URSS, que, se é verdade que en campos coma o económico, o da integración nacional ou incluso o da política xeral non pasaron a miúdo da pura retórica deixando inafectada a natureza do sistema, na esfera da política exterior supuxeron unha auténtica revolución con respecto ás pautas do comportamento soviético tradicional da Guerra Fría.

Non é estraño que causasen confusión os contidos do que pronto empezaría a ser coñecido como “novo pensamento”. Aplicado como principio orientador dunhas relacións internacionais que a URSS propoñía agora fundar máis na cooperación que na confrontación cos vellos inimigos do Oeste, buscando o acordo sobre uns valores universais que permitisen obvia-las diferencias ideolóxicas e construír un mundo de paz baseado no rexeitamento do uso da forza e na revolucionaria idea —absolutamente rupturista coa liña tradicional da acción exterior das dúas superpotencias— dunha “seguridade común”, nacida do entendemento de que só a seguridade internacional podía garanti-la seguridade nacional. E aínda maior sería o asombro ó comprobar que o novo discurso do liderado soviético se traducía non só en conceptos como “suficiencia razoable” ou “defensa suficiente”, como autorreguladores da capacidade militar da URSS, senón que esta se reducía de

\* Catedrático de Xeografía e Historia.

modo real por aplicación dunha política unilateral ó efecto.

Na tan asentada mentalidade da Guerra Fría non podía senón sorprendelo ofrecemento dunha negociación xeral con Estados Unidos para a redución das capacidades militares de ámbolos países, pero tiña que causar estupor a sucesión de medidas de iniciativa propias que minguaban a potencia defensiva da URSS, como a moratoria unilateral de probas nucleares, o anuncio da retirada —cuantificada nos seus detalles— de forzas soviéticas dos países aliados da Europa Oriental, o compromiso de redución dos seus propios efectivos militares ou o desmantelamento de parte das súas armas nucleares tácticas<sup>1</sup>.

Fosen a consecuencia directa dos camiños abertos pola política gorbachoviana, fosen o resultado inevitable de procesos de maior amplitude derivados das insuficiencias que xa viña arrastrando o sistema soviético, e que, precisamente, Gorbachov pretendería corraxir co seu frustrado proxecto de reestructuración, os acontecementos con que culminou o seu mandato entre 1989 e 1991 —retirada da Europa do Este, unificación alemana, disolución do Pacto de Varsovia e desintegración da URSS— confirmaron aquela sensación de desconcerto á que aludiamos. Desconcerto na propia

Unión Soviética, nos Estados Unidos, na clase política dos países occidentais, nos seus medios de comunicación, na súa opinión pública e desconcerto tamén nos círculos académicos que en Occidente estudiaban as relacións internacionais, incapaces sequera de suxerir uns poucos anos atrás a posibilidade de que se desenvolvese semellante curso dos acontecementos.

A sensación de fracaso e de inutilidade que os sucesos de 1989-91 provocaron en boa parte dos practicantes da ciencia que se ocupa do estudio das relacións internacionais manifestouse en dous campos ben concretos. Por un lado, no terreo do estrictamente académico, pois o desmantelamento da URSS e o modo en que se produciu —de maneira inesperada, a velocidade acelerada e, en xeral, con carácter pacífico— contradecía os supostos sobre os que se construíra a disciplina nos anos posteriores a 1945. Por outro, aqueles dramáticos cambios parecían botar por terra o prestixio dos moitos estudiosos que, nesas catro décadas, consolidaran unha nova dimensión para os profesionais da materia, convertidos en cotizados expertos, asesores e conselleiros dos principais dirixentes políticos mundiais.

O desmentido das súas previsións pola realidade dos feitos, a súa incapacidade para albisca-lo que

<sup>1</sup> Sobre o "novo pensamento" e a redución da capacidade de defensa soviética pode verse Carlos Taibo, *Las fuerzas armadas en la crisis del sistema soviético*, Madrid, Los Libros de la Catarata, 1993, pp. 207-246.

sucedería, quebrou os lazos que se foran establecendo entre a academia e os centros de poder. ¿Cal podía se-la súa credibilidade como axentes consultores e promotores de orientacións concretas de política exterior? O descrédito cubriu a toda a caterva de intelectuais que se integraran no corazón dos centros de toma de decisión máis importantes do planeta. ¿Que valor terían, por exemplo, aqueles antes tan solicitados *sovietólogos*, os autoproclamados iniciados nos arcanos dun mundo do que, supostamente, só eles estaban en condicións de interpreta-los sinais que emitía, tan confusos para o común dos mortais?

En calquera caso, a ruptura da que debería se-la secuencia esperable de acontecementos, segundo a lóxica imperante nas interpretacións dominantes nos círculos profesionais das relacións internacionais, pareceu romper tamén a tendencia crecente a converte-la disciplina nun instrumento destinado primordialmente a facilitar unha base de racionalidade sobre a que opera-los axentes implicados na toma de decisións no escenario da política exterior. Propensión estimulada pola aparencia de estabilidade da propia Guerra Fría, que xerara a ilusión de que os comportamentos dos Estados e os resultados que deles derivaban se rexían por unha lóxica ben delimitada, e o coñecemento desta permitía a anticipación e a predicción.

A segunda metade dos anos oitenta acabou con semellantes suposicións acerca da posibilidade de adiantar e incluso de controla-lo futuro. O certo é que, por moito que, *a posteriori*, semellante pretensión pareza infundada, o modelo teórico dominante na esfera da política internacional na posguerra mundial, o realismo, non facía máis que compartir actitudes estendidas a outras ramas das ciencias sociais. Non contradecía esta lóxica o soste que unha teoría con capacidade explicativa da realidade debería ter, en consecuencia, un certo grao de capacidade predictiva<sup>2</sup>. Neste senso, os estudos sociais, en xeral, deixáronse arrastrar polo impulso de lexitima-lo seu carácter científico achegándose ó cumprimento dos requisitos que converten en ciencias ás que se ocupan da natureza (determinación de leis e, por tanto, predicción de acontecementos), esquecendo as limitacións explicativas e predictivas inherentes ó seu ámbito de actuación, onde non cabe construír teorías completas. No terreo das relacións internacionais, sen embargo, dominou durante décadas a crenza de que si existía tal posibilidade. De aí que o impacto tremendo do sucedido en 1989-91 fose moito máis alá do simple descrédito das teorías realistas para lle afectar á propia consideración científica dos estudos sobre as relacións internacionais e á posibilidade mesma de

2 Kjell Goldmann, "Introduction: Three Debates about the End of the Cold War", en Pierre Allan e Kjell Goldmann, *The End of the Cold War. Evaluating Theories of International Relations*, A Haia / Boston / Londres, Kluwer Law International, 1995, p. 8.

dispoñer dunha teoría válida para este campo.

A sorpresa e o desconcerto que acompañaron o final da Guerra Fría débéronse non só a que se trataba da presenza dun feito inesperado, senón a que estaba sucedendo realmente *o contrario* do que predicía o paradigma dominante, xustamente aquilo sobre o que había seguridade de que *non* se había producir nunca<sup>3</sup>.

Entre os factores que contribuíron a crear aquela sensación de estabilidade sobre a que se foran elaborando as posicións realistas está a súa peculiar visión da Historia. As teorías realistas fúndanse, en boa parte, na observación de certas regularidades no pasado, a partir das cales se infire a existencia de principios que actúan como constantes sobre os que cabe construír unha teoría explicativa de aplicación xeral no tempo e no espacio. Neste senso, as teorías realistas supoñen unha análise do pasado capaz de facer comprensible o presente e, en certo modo, de prognosticalo futuro, en canto á conducta dos Estados e ós resultados da súa interacción no sistema internacional. Tratando de afondar nestes últimos aspectos relacionados coa visión histórica realista, consideraremos os fundamentos históricos destas teorías, prestando unha especial atención ás diferentes lecturas que caben acerca da natureza e do final da Guerra Fría.

O obxectivo é apreciar a incidencia da visión do pasado, propia do realismo, na configuración da súa doutrina. Para isto, previamente, presentamos un breve panorama dos elementos nucleares das teorías realistas e do modo en que se viron afectados polos acontecementos de 1989-91.

## A TEORÍA REALISTA

---

### O REALISMO COMO TEORÍA DOMINANTE

---

As relacións internacionais constituíronse como disciplina científica e académica ó finaliza-la Primeira Guerra Mundial, nun nacemento ligado, xustamente, ó obxectivo de evita-la reaparición dun conflito coma o que durante os catro anos anteriores desangrara o continente europeo. A súa contribución consistiría na promoción do estudio científico das relacións entre os Estados para, por medio da análise dos principais problemas que lles afectaban, establecer un conxunto de coñecementos que permitisen encontrar vías de acordo que fixesen imposible un novo enfrontamento de semellantes magnitudes. Naceu a disciplina, por conseguinte, marcada cun carácter *normativo*, é dicir, orientada non tanto ó estudio da realidade daqueles anos canto á preparación do que debería ser un mundo mellor.

<sup>3</sup> Philip P. Everts, "The Events in Eastern Europe and the Crisis in the Discipline of International Relations", en Allan e Goldmann, *op. cit.*, pp. 62-63.

O envelenamento do panorama internacional durante o decenio de 1930 e o estoupido da Segunda Guerra Mundial farían inevitable o xurdimento dun novo enfoque que considerase, no canto da construción dun novo escenario, as realidades autenticamente existentes e que elaborase unha análise mellor fundada delas. A medida que a situación se foi agravando, íase impoñe-la idea de que o pensamento científico non debería dirixirse cara ó que resultaría desexable, senón que tería que ocuparse dos problemas reais e de proporcionar pautas para se enfrontar a eles dende bases racionais. Dende entón, as pretensións un tanto utópicas da primeira etapa quedarían a un lado: o *idealismo* —así denominado con certa carga pexorativa— deixou paso ó *realismo*.

A visión realista do sistema internacional converteríase na dominante no ámbito académico ata a última década do século XX. Incluso cando foi cuestionada máis a fondo, a partir dos anos sesenta, coa aparición dos paradigmas liberal e estruturalista, as novas aproximacións pareceron obri-

gadas a xustifica-la súa validez demostrando unha superior capacidade explicativa respecto á visión realista. Quere dicirse que, incluso ó ser obxecto de descualificación por propostas alternativas, estas deberon amosa-lo seu valor no propio terreo de xogo do modelo realista, que seguiría sendo, deste modo, a referencia fundamental nos estudos internacionais<sup>4</sup>.

#### PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS DA DOUTRINA REALISTA

Anque o modelo realista pode presentarse en diferentes versións, cada unha cos seus matices específicos, cabe enumerar un conxunto de crenzas básicas compartidas por todas elas. O que se pode considerar como a cerna do paradigma realista —o que Timothy Dunne chama o “realismo esencial”— exprésase con tres conceptos clave que caracterizan o funcionamento da política internacional: estatismo, supervivencia e autoaxuda<sup>5</sup>. Desenvolvendo os elementos nucleares da teoría realista podemos ordenar, seguindo a Grunberg e Risse-Kappen<sup>6</sup>, do seguinte xeito os seus presupostos básicos: a) *Unidade de*

4 Steve Smith, “The Self-Images of a Discipline: A Genealogy of International Relations Theory”, en Ken Booth e Steve Smith, *International Relations Theory Today*, University Park (Pennsylvania), The Pennsylvania State University Press, 1995, p. 20. Sostén este autor que o propio debate interparadigmático que enfrontou as principais formulacións teóricas das relacións internacionais tivo como efecto un certo ocultamento da verdade de fondo: a tradición realista seguiu sendo claramente dominante nos estudos.

5 Os “tres eses”, segundo a letra inicial das tres palabras correspondentes inglesas: *statism, survival, self-help*. Timothy Dunne, “Realism”, en John Baylis e Steve Smith (eds.), *The Globalization of World politics. An Introduction to International Relations*, Oxford University Press, pp. 109-124, onde se ofrece un resumo do realismo exposto de modo moi didáctico.

6 Isabelle Grunberg e Thomas Risse-Kappen, “A Time of Reckoning? Theories of International Relations and the End of Cold War”, en Allan e Goldmann, *op. cit.*, pp. 113-115. Con máis amplitude, C. Brown, *Understanding International Relations*, Houndmills, MacMillan, 1997, pp. 67-122, expón “A síntese realista” analizando os seus elementos fundamentais: “O Estado e a política exterior”, “Poder e seguridade” e “O equilibrio de poder e a guerra”.


*análise:* os Estados son os actores fundamentais nas relacións internacionais, compórtanse nelas seguindo pautas racionais dentro dun sistema no que só se diferencian entre si pola súa capacidade de poder. *b) Natureza do sistema:* os Estados intégranse nun sistema de carácter anárquico, é dicir, un no que non existe unha autoridade ou mecanismo superior ó conxunto dos actores e no que, por tanto, é a forza, o poder, e non o acordo, o que regula as relacións entre as partes e o que establece as súas posicións no sistema. *c) Comportamento dos Estados:* nun sistema dese teor, tódalas unidades que o conforman procuran sempre incrementa-lo seu poder (fortalecéndose elas mesmas ou establecendo alianzas con outras), como único modo de garanti-la súa propia seguridade, que se converte no obxectivo prioritario ó que cada Estado subordina o resto dos seus intereses. A “loita polo poder” que todos deben seguir se queren sobrevivir e a ausencia de instrumentos superiores de regulación das relacións obrigan a cada un dos Estados a preocuparse da súa seguridade (*self-help*), sen confiar en ningunha axuda doutros que tamén antepoñen a súa propia a calquera outra consideración. *d) Consecuencias:* a continua persecución dun incremento de poder por parte de cada unidade estatal para asegura-la súa supervivencia leva de xeito inexorable a un crecemento do potencial militar xeral que deriva nunha auténtica “carreira de armamentos”, en función do chamado “dilema de seguridade” co que se

enfroitan tódolos Estados, obrigados sempre a mellora-lo seu nivel de defensa para estar en condicións, polo menos, de iguala-lo poder dos seus veciños e garantir así a continuidade da súa existencia independente.

En suma, na visión dos realistas, o mundo é un lugar inseguro, no que a guerra é sempre unha posibilidade certa, no que a seguridade se converte na preocupación prioritaria de cada un dos actores que guían as súas relacións exclusivamente pola defensa duns intereses nacionais sempre definidos en termos de poder. Trátase dun mundo de Estados *egoístas*, orientados sempre a mellora-la posición propia de poder, un mundo no que, por definición, resulta imposible a cooperación, agás con carácter temporal.

Esta formulación, tan tinxida dun pesimismo que o realismo clásico enzalzaba na mesma natureza humana, ansiosa sempre de poder, recibiu un novo impulso a finais dos anos setenta baixo a forma do *realismo estrutural* ou *neorealismo*, elaborado a partir das propostas de Kenneth Waltz que pretende supera-los erros que apreciaba no realismo tradicional. A contribución fundamental de Waltz, ademais do rigor metodolóxico con que afirma a posibilidade de construír unha auténtica teoría —explicativa e predictiva— das relacións internacionais, vén da súa insistencia no carácter decisivo dunha serie de forzas estruturais (“systemic constraints”) que limitan e condicionan o comportamento dos Estados.





Tratado de Nankin en 1842 a bordo do Cornwallis. Gravado da época. Gran Bretaña conseguiu por este tratado liberdade para comerciar con cinco portos chineses. As alianzas entre estados serven para garanti-la propia seguridade e incrementa-lo poder.

A súa tese concibe o sistema internacional como unha estrutura definida pola anarquía, como principio de ordenamento, pola distribución das capacidades de poder das unidades, os Estados, e polo número de grandes potencias que establece sistemas unipolares, bipolares ou multipolares. Ó contrario que o realismo clásico, que concedía certa influencia nas accións dos Estados ás súas características específicas (ideolóxicas, políticas, etc.), o neorealismo outorga toda a prioridade á estrutura do sistema internacional, que determina de modo absoluto o comportamento dos actores. Comportamento que afirma ser

repetitivo e regular, con independencia dos trazos particulares de cada Estado, pois todos eles responden ós mesmos estímulos dun sistema que lles é común.

En semellante sistema, engádese, hai unha tendencia a que se manteña unha situación de equilibrio entre as grandes potencias, non pola súa vontade, pois cada unha delas preferiría estar en posición dominante, senón pola necesidade de contrarresta-lo perigo que para o resto supoñería unha concentración excesiva de forza nunha ou nun grupo delas. Deste modo, aínda non sendo buscado,

prodúcense continuas readaptacións que manteñen un *equilibrio de poder* entre as potencias, converténdose este nun dos factores que contribúen a mitigalos riscos de conflito internacional<sup>7</sup>. Este, por outro lado, xa non ten a súa raíz na condición humana, senón que é unha das consecuencias inevitables que derivan da natureza anárquica do sistema.

#### A QUEBRA DA FÓRMULA REALISTA

En calquera das dúas versións, clásica ou estrutural, o esquema realista resultou claramente cuestionado pola evolución dos acontecementos internacionais que seguiron á subida ó poder de Mikhaíl Gorbachov, coa súa política exterior baseada no ofrecemento de colaboración cos Estados directamente rivais, coa súa definición da seguridade propia en termos de seguridade colectiva, co abandono do seu *imperio* da Europa do Leste e coa redución unilateral da súa capacidade militar. Aínda máis, os cambios experimentados no sistema internacional como consecuencia destes novos presupostos non responderon ós presaxios realistas, pois se desenvolveron dunha forma, en xeral, non violenta e como resultado da renuncia dun dos principais actores a guiala súa acción exterior por aqueles principios, expostos máis arriba, que se consideraban inmutables. Non se produciu, dende logo, unha reacción de

forza na URSS como defensa da súa posición privilexiada no escenario internacional, pero tampouco non respondeu á conducta prevista o seu competidor principal, Estados Unidos, que non entorpeceu o camiño dos dirixentes soviéticos nin explotou o éxito que para el supoñían as dificultades polas que pasaba o seu inimigo, procurando, como cabería esperar segundo as previsións realistas, provoca-la súa eliminación definitiva como rival.

Deste modo, as concepcións realistas da política internacional víronse profundamente afectadas por un final da Guerra Fría que se amosaran incapaces de imaxinar nin no seu resultado nin nos seus modos. Lembrando o esquema de Grunberg e Risse-Kappen, o balance parece claro. En primeiro lugar, viuse afectada a presunción de conducta sempre racional e previsible dos actores internacionais. A desintegración máis ou menos negociada da URSS amosou que non sempre son dominantes os comportamentos que antepoñen a supervivencia do Estado, como sostén o esquema organicista-darwinista do realismo. Resultou evidente, ademais, que non en tódalas ocasións funciona a seguridade do Estado como factor determinante absoluto, desempeñando un papel decisivo outras consideracións de tipo étnico, económico ou político. Nesta mesma orde das prioridades,

<sup>7</sup> Kenneth N. Waltz, "Realist Thought and Neorealist Theory", en Robert L. Rothstein, *The Evolution of Theory in International Relations*, Columbia, University of South Caroline Press, 1991, pp. 21-37.

rompe por completo co modelo realista a redefinición dos intereses nacionais promovida por Gorbachov, que non foi rectificadas nin sequera cando era manifesto que se traducía nun debilitamento obxectivo das capacidades xerais do Estado co conseguinte fortalecemento das posicións rivais. Esta renuncia voluntaria dunha das dúas superpotencias a manter un equilibrio de poder coa outra parte dun sistema bipolar incide, para desmentilo, no corazón mesmo das formulacións realistas.

O final da Guerra Fría pareceu desautorizar tamén as especificidades da renovación do realismo clásico achegadas pola versión neorrealista. Sobre todo, en canto demostrou a importancia dos factores internos na configuración da acción internacional dos Estados. A política exterior de Gorbachov debeu de estar motivada, en boa medida, pola atención a acontecementos políticos e económicos internos, máis que condicionada por forzas de orixe estrutural limitadoras das súas opcións. En lugar de estímulos sistémicos, parece que foron criterios domésticos os que impulsaron os revolucionarios cambios experimentados no campo soviético a finais da década de 1980. Quedou claro, entón, que o sistema internacional é máis

dependente do carácter das súas unidades do que quere o realismo estrutural e que os Estados son capaces de desencadear cambios decisivos no sistema internacional<sup>8</sup>. Neste mesmo senso, cabe subliñar que os acontecementos abertos pola política reformista de Gorbachov amosaron o carácter autónomo que as ideas poden ter respecto das estruturas en canto motores de cambios en política exterior, así como a súa capacidade para experimentar mudanzas anque aqueles trazos de fondo permanezan invariables.

Como conclusión, sexa cal for a versión que se considere, hai tres aspectos nos que o final da Guerra Fría desmente o paradigma realista: a retirada soviética de Europa Oriental, o comportamento cooperativo da Unión Soviética ante o seu gran rival e a ausencia de guerra entre as grandes potencias<sup>9</sup>. E aínda se podería engadir, como último elemento sorprendente, que un proceso de cambio revolucionario do calibre deste, ó contrario que noutros momentos do pasado de intensidade semellante, non foi o resultado da acción de vangardas políticas ou de forzas de oposición organizadas nin deu lugar á conformación dun novo modelo alternativo, senón que resultou, precisamente, na consolidación do dominante<sup>10</sup>.

8 Andrew Linklater, "Neorealism in Theory and Practice", en Booth e Smith, *op. cit.*, p. 250.

9 William C. Wohlforth, "Realism and the End of the Cold War", en Michael E. Brown, Sean M. Lynn-Jones e Steven E. Miller (eds.), *The Perils of Anarchy. Contemporary Realism and International Security*, Cambridge (Mass.), The MIT Press, 1995, p. 27.

10 Fred Halliday, "The End of the Cold War and International Relations: Some Analytic and Theoretical Conclusions", en Booth e Smith, *op. cit.*, pp. 40-41.

Por suposto que o realismo, recuperado do desconcerto inicial, compoñería tamén as súas interpretacións acerca do final da Guerra Fría. Recoñecendo que a estrutura non o explica todo e que outros factores —económicos, ideolóxicos, etc.— xogaron un papel importante, o propio Waltz insiste en que a clave estivo nas variacións na distribución de poder, razón á que a súa teoría atribúe a capacidade de causar alteracións no sistema internacional. En realidade, o que se produciu, segundo estas matizacións neorrealistas, foi unha interacción entre causas estruturais e causas orixinadas no nivel estatal<sup>11</sup>.

Outros autores continúan opinando que a explicación realista, nas súas diversas variantes, segue a se-la máis axeitada para volver comprensibles os sorprendentes acontecementos de finais dos oitenta. Wohlforth, por exemplo, dende unha óptica expresamente realista que rexeita os supostos concretos do realismo estrutural, atribúe o final da Guerra Fría á percepción polo liderado soviético da decadencia relativa respecto ó seu rival e á convicción da necesidade de adaptalo esforzo exterior ás capacidades reais do país. Trataríase, simplemente, do recoñecemento da imposibilidade de manter por máis tempo o envite á hexemonía dos Estados Unidos. Esa ausencia de guerra, que tanto sorpren-

deu, explicaríase porque non asistimos á defensa dunha posición senón, sinxelamente, á retirada da súa aposta polo desafiante. O elemento explicativo básico para entende-lo final da Guerra Fría deixaría de estar no *equilibrio de poder*, propio da versión neorrealista, para se centrar na *hexemonía*. En todo caso, segundo Wohlforth, a falta de predicción duns feitos non invalida unha teoría, cousa que só se daría se os excluísese como posibilidade, o que non é o caso na súa opinión<sup>12</sup>.

En xeral, o tipo de argumentacións dos autores realistas tende a insistir neste último punto: a caída da URSS e o seu sistema foi un acontecemento inesperado, pero non incomprendible. Claro que estamos ante explicacións *ex post facto*, e moitos poderían pensar que, se tanta lóxica ten dentro do paradigma realista o que entón sucedeu, debería este ser capaz de predicilo a tempo e incluso de prescribir políticas adecuadas para o momento. É cabe lembrar que se de algo presumía a teoría realista era da súa capacidade de predicción e de prescripción<sup>13</sup>.

## A CONCEPCIÓN REALISTA DA HISTORIA

A tradición realista constrúese sobre unha serie de principios que, en boa medida, nacen da observación

11 Kenneth N. Waltz, *op. cit.*, p. 29.

12 William C. Wohlforth, *op. cit.*

13 Rafael Grasa Hernández, "La reestructuración de la teoría de las relaciones internacionales en la posguerra fría: el realismo y el desafío del liberalismo neoinstitucional", *Cursos de Derecho Internacional de Vitoria-Gasteiz*, Madrid, Tecnos-IUPV, 1997, pp. 103-147.

do pasado. Deste achegamento ós tempos idos resulta a comprobación da existencia dun conxunto de comportamentos, de respostas e de actitudes por parte dos actores do escenario internacional, neste caso os Estados, que se repiten no transcorrer da Historia. A constatación de semellantes regularidades sérvelles de fundamento ós realistas non só para presentar unha imaxe coherente do pasado, senón tamén —na seguridade de estar ante elementos perdurables— para constituír unha base explicativa sobre a que enténdelo presente e incluso para efectuar avances prospectivos sobre o porvir.


Desta maneira, a Historia desempeña unha dobre función nas teorías realistas. Por unha banda, ocupa un lugar destacado na xénese e na fundamentación da doutrina, pero, por outra, exerce tamén un papel decisivo na súa confirmación, continuamente actualizada, como resposta explicativa válida ós acontecementos da política internacional, calquera que sexa o tramo temporal en que estes se desenvolvan, en canto o pasado se ofrece como depósito de evidencias dispoñible para a ratificación dos seus principios teóricos. Precisamente, nesta dobre función que realiza a mirada sobre os tempos pretéritos na constitución e na reafirmación da teoría realista, baseada nunhas concepcións certamente discutibles da Historia —e pode dicirse que superadas no ámbito das Ciencias Históricas—, radica unha

das principais debilidades desta tradición.

En todo o paradigma realista resulta patente o peso que se concede á Historia nos dous aspectos citados, aspectos que, a partir de agora —anque a efectos de claridade analítica convén deixar constancia previa da súa diferenciación—, consideraremos de modo indiferenciado, tal como se reflicte nas aplicacións prácticas da teoría.

Na versión clásica do realismo, a referencia ó pasado é o factor que xustifica a súa formulación. Como froito da observación doutros tempos, sinalan os realistas a presenza de elementos invariables nas motivacións dos actos humanos. Deducen de tal persistencia que se trata de disposicións derivadas da propia condición da natureza humana, alleas, en consecuencia, ás continxencias de cada época, que non poden, dentro desta lóxica, afectarlles. Descubren, entre estas constantes irreductibles, presentes de modo estable como compoñentes das accións humanas, a preocupación pola supervivencia e a ansia de poder. Así foi e así será sempre, sosteñen, e de acordo con elas se comportan os Estados dende os tempos antigos, nun xogo político que permanece sempre inalterable nos seus fundamentos.

Recorda un realista como Colin Gray, que se define como membro da tradición na súa versión *neoclásica*, que, como en tempos de Tucídides, “o



Tucidides. Mármore atribuído a Silanio. Dende a época de Tucídides ata hoxe non cambiaron os móbiles nas relacións entre os seres humanos.

medo, o honor e o interese” seguen sendo ata hoxe mesmo os móbiles nas relacións entre os seres humanos e, en consecuencia, tamén entre as entidades políticas. O xogo da política, que é o da seguridade da comunidade, non cambia, como non o fai a natureza das relacións internacionais, onde a ameaza e a forza están sempre presentes como determinantes<sup>14</sup>. *Nihil novum sub sole*.

En canto ó realismo estrutural, xa vimos que nace dunha preocupación por dar resposta á comprobación

da persistencia de fenómenos repetitivos na conducta dos Estados ó longo do tempo, con independencia do seu carácter político, ideolóxico ou de calquera outra orde. O principio de anarquía polo que se ordena o sistema internacional e a súa tendencia case natural cara a un equilibrio de poder fortuíto crean unhas estruturas que emiten estímulos que os actores non poden deixar de atender —e, de feito, así adoitan facelo, afirma a teoría, dado que seguen un comportamento racional—, so pena de non cumprilo seu obxectivo prioritario, isto é, asegurala supervivencia como tales Estados. Aínda con outro fundamento, apréciase aquí a mesma característica que na versión realista clásica: no mundo da política internacional as cousas resultan ser sempre da mesma natureza; os cambios, cando se dan, son de entidade menor e mantéñense *dentro* do sistema.

#### INSUFICIENCIAS DA VISIÓN HISTÓRICA REALISTA

Tanto nunha coma noutra variedade do realismo, a Historia proporciona, pois, a xustificación inicial da teoría e mais actúa como provedora de casos, como depósito de evidencias que operan a xeito de confirmación das súas proposicións. A aparente solidez que a referencia ó pasado lle outorga asenta, sen embargo, sobre unha concepción da Historia baseada

14 Colin Gray, “Clausewitz Rules, OK? The Future is the Past - with GPS”, en Michael Cox, Ken Booth e Tim Dunne, “The Interregnum: Controversies in World Politics 1989-1999”, *Review of International Studies*, 25, número especial, decembro 1999, pp. 162-163.

nunha serie de supostos que están moi lonxe de ser indiscutibles.

A mirada histórica da tradición realista edifícase sobre a presunción da existencia dun *único* pasado, constituído como unha realidade *dada*, acerca da cal cabería exclusivamente unha soa descrición *verdadeira*. Segundo estas premisas, o pasado existe de modo independente respecto do observador, que só pode aspirar a *descubrilo* na súa verdade e a narralo tal como é. O relato que del se fai terá un grao maior ou menor de acerto en función da súa capacidade de adecuación respecto á *realidade* dos feitos, existente en por si.

As Ciencias Históricas, sen embargo, desbotaron hai tempo tal pretensión de autonomía do pasado fronte a quen o contempla e ó contexto en que se formula o seu relato. A elaboración da narración histórica é un proceso dependente do axente que a realiza e das circunstancias en que se leva a cabo a tarefa. Os presupostos ideolóxicos e as crenzas persoais, os valores e normas da sociedade en que se vive, asumidos moitos deles en forma non consciente; en resumo, o conxunto de trazos que configuran o *momento* dende o que se efectúa a contemplación do pasado constitúen un factor determinante do relato histórico. A Historia non se *descobre*, senón que se *constrúe*, por definición, dende o presente. Ó contrario das concepcións historicistas tradicionais, que comprenden a realidade actual como resultado de forzas e acontecementos de

tempos anteriores, debe insistirse en que é o presente o que se reflicte no pasado, condiciona o relato que del se fai e, en definitiva, constitúeo no mesmo proceso de narralo.

En consecuencia, sen necesidade de caer nun relativismo extremado e acientífico, pódese asegurar que existen múltiples pasados ou, con máis precisión, múltiples *relatos* do pasado. Non só ó longo do tempo, co que vai variando a consideración que merecen os datos doutras épocas, senón no mesmo presente, no que tamén son compatibles lecturas diversas das realidades pasadas. A Historia é, en definitiva, unha *construcción social* e, por tanto, como propia dun determinado contexto, suxeita a cambio, coa consecuencia de que caben relatos diferentes da materia que pretende describir.

A teoría realista das relacións internacionais a penas ten en conta esta dimensión cambiante e múltiple do relato histórico. A eliminación dos elementos contextuais na consideración do pasado lévaa a tomalo como almacén onde se acumulan *feitos* obxectivos, contemplados segundo criterios de puro positivismo, dispoñibles para ser utilizados como suposta confirmación empírica da doutrina. Pero nin sequera os *feitos* históricos son independentes da vontade de quen os utiliza para construí-lo seu relato. En realidade, unha forte e inevitable carga de subxectivismo opera en todo proceso de elaboración histórica, en canto este vén determinado por unha serie de factores nos que intervén a

vontade individual: a propia escola dos feitos ós que se atribúe a condición de *históricos*, a relación que se establece entre eles, o contexto dende o que se efectúa o proceso e o marco teórico no que se integran.

Con independencia de que se compartan ou non os enunciados de cada unha delas, os modos clásicos de entende-la historia, a súa natureza e os seus métodos, víronse fundamentalmente afectados nas tres últimas décadas do século XX —coma as ciencias da sociedade, en xeral— polo conxunto das novas formulacións achegadas polo postestructuralismo, o desconstrucionismo, a semiótica, o posmarxismo, o feminismo, o novo historicismo e demais propostas ligadas á condición posmoderna, desbotando a ilusión de que relato histórico ningún atine a reflecti-la *única* verdade, a representalo pasado na súa exactitude, “tal como realmente aconteceu”, segundo fixara Ranke como función do historiador<sup>15</sup>. Pero non é preciso acudir ás teorías asociadas ó discurso da posmodernidade, negador das vellas certezas sobre as que se ergueu o mundo moderno (obxectividade, verdade...), para relativiza-lo valor dos feitos e poñe-lo acento no carácter interpretativo de todo relato histórico. Mesmo os historiadores que aínda se mante-

ñen fieis ós patróns máis clásicos da súa disciplina recoñecen as limitacións que pechan a comprensión histórica e que tinxen o seu traballo cun inevitable aire de provisionalidade<sup>16</sup>.

Non ter en consideración estes elementos condicionantes do discurso histórico impide relativizalo no seu carácter de verdade indiscutible e conduce a unha *reificación* do pasado que nega validez a calquera outra descrición que del se faga. Desta orde é, xustamente, a construción que da Historia se realiza dende o paradigma realista, ó establecer constantes que atravesan o tempo e a continxencia histórica. Pero presumir unha *esencia* das cousas que permanece inalterable no tempo, nega-la continxencia, vén ser, en realidade, nega-la propia Historia. Por propoñer un exemplo ilustrativo, ¿que xuízo debe merecer, se non, a crenza neorrealista na irrelevancia do carácter ou do tipo político dos Estados para a determinación dos seus comportamentos? Soster que estes se rexen por pautas inmutables, incardinadas na súa natureza, ¿non supón caer nun puro determinismo, que resulta ser, por definición, ahistórico?

Tendo en conta o carácter estático que os tempos anteriores ofrecen coa perspectiva realista, incluso chega a

15 Unha boa comparanza entre as concepcións tradicionais sobre a Historia e as que nacen da óptica posmoderna, tomando como guías a coñecidos representantes dunha e doutra tendencias, en Keith Jenkins, *On 'What is History': From Carr and Elton to Rorty and White*, Londres, Routledge, 1995.

16 “¿[...] podemos escribir alguna vez la historia definitiva de algo, no simplemente la historia tal como la vemos hoy [...]? Aquí, en un sentido obvio, la respuesta es que no [...] todas las generaciones hacen sus propias nuevas preguntas sobre el pasado”, Eric Hobsbawm, *Sobre la historia*, Barcelona, Crítica, 1998, p. 242.



parecer que se segue optando nesta polo xa periclitado tópico clásico da *historia magistra vitae*, é dicir, o que presenta o pasado coma un compendio moralizante das actitudes que lles caben ós seres humanos. Claro que para seguir outorgando validez a semellante visión é preciso partir da asunción —anque non sempre se faga explícita nin se adopte de modo consciente— de que a natureza do que se somete a comparanza permanece inalterable por sempre. Só nese caso tería senso presenta-lo pasado, o relato que se fai dos acontecementos que se consideran significativos, como receita modélica e eficaz para realidades diferenciadas exclusivamente pola súa posición no espacio cronolóxico. Poucos dubidarían hoxe de que unha tal lectura do pasado hai tempo que corresponde a outros pagos ben diferentes dos que pisa a Historia académica. Sen embargo, parece subxacente aínda en certas explicacións que insisten en exceso no carácter propedéutico da mirada sobre os tempos pretéritos, que vén ofrecerse así, en certo senso —anque sexa de modo non intencional—, como negación mesma da posibilidade do cambio, dado que neste esquema o presente e o porvir aparecen, fatalmente, iguais na súa esencia ó que xa foi.

A teimosía da presentación estrutural do realismo na estabilidade dun sistema do que non se albisca final ningún, como consecuencia das limitacións que os seus propios trazos constituíntes lles imponen ás unida-

des que o configuran —e que, ó tempo, o reforzan coas súas accións, nun poderoso efecto de realimentación—, coloca esta rama doutrinal realista sempre á beira do *ahistoricismo*, en canto o contexto, o carácter do Estado e o seu réxime político carecen de significación para as súas accións no escenario internacional. En fin, unha teoría dese teor, anque pretenda fundarse nas leccións que lle proporciona e se diga informada por ela, supón a negación da Historia, incompatible cun grao tal de determinismo.

Por outro lado, volvendo á cuestión dos criterios que actúan á hora de compoñelas narracións históricas, deterémonos na consideración de tan só tres aspectos que poden ser suficientemente indicativos dos condicionamentos a que está sometido o relato histórico dende o momento mesmo da súa elaboración e que afectan tamén á utilización da Historia polo realismo: a falta de neutralidade da escolma dos elementos do relato, a proxección anacrónica de categorías e conceptos cara a tempos pretéritos, e a intencionalidade da periodización do pasado.

a) *A escolma de casos* que a teoría realista extrae do depósito da historia é inevitablemente tendenciosa, como en calquera relato do pasado que pretenda servir de xustificación a doutrinas explicativas do presente. Anque o proceso aparenta servirse de datos obxectivamente definidos nunha descrición científica deses tempos anteriores, a elección mesma, dado o carácter intencional con que se

efectúa, amósase cargada de valor, dende o momento en que é o observador o que outorga significación histórica e pertinencia a uns casos, mentres llelas denega a outros<sup>17</sup>. Discrecionalidade que se acentúa polo feito de que a propia busca de casos *comparables* ten lugar nun universo no que os acontecementos non se rexen por leis preestablecidas, senón que se orixinan nunha *causalidade múltiple* na que nin sequera despois de determinados os factores orixinantes cabe fixar con precisión o peso específico de cada un deles, considerados illadamente. Nestas circunstancias, a tarefa científica de establece-las conexións pertinentes entre os feitos concretos e as leis que os explican resulta grandemente dificultada, en tanto non pode caber dúbida ningunha de que “a historia sexa un pobre substituto dun laboratorio”<sup>18</sup>. En semellante campo de actuación, os presupostos dos que parte o axente da escolma desempeñan, sen discusión, un papel preponderante, e é patente o perigo de caer na actitude que o historiador Paul Schroeder atribúe ós realistas e a outros científicos polítics, a de consi-

dera-la historia cos mesmos ollos con que o saqueador de tesouros do pasado contempla un xacemento arqueolóxico: “indiferente ó contexto e ó significado máis profundo, interesado só en colle-lo que poida ser usado ou vendido de inmediato”<sup>19</sup>.

Máis que a descualificación das conclusións a que certos autores chegan a partir dunha visión nesgada e interesada que lles permite acomodar-lo relato do pasado ós seus intereses presentes, o que se precisa resaltar é non tanto a súa xustificación histórica, a fin de contas argumentable e suxeita a opinións diversas en termos científicos, senón a posibilidade mesma de presentar *outras* lecturas dos acontecementos pretéritos que desmenten as afirmacións neorealistas.

b) *A retroproxección de conceptos* no tempo afecta gravemente á comprensión dos acontecementos pasados. Considerar que os Estados manteñen comportamentos independentes da época na que actúan, e que así foi durante milenios, implica, entre outras, a suposición de que carecen de calquera entidade histórica e que, por

17 O propio E.H. Carr, nada sospeitoso ós ollos dos que seguen o enfoque do realismo nas relacións internacionais, en canto consideran a súa obra sobre o período de entreguerras *The Twenty years' crisis. 1919-1939* (1939) coma o sinal do abandono do paradigma idealista posterior á Primeira Guerra Mundial e o inicio do realista, afirmaba, xa a principios dos anos sesenta, na súa condición de historiador, que “la necesidad de fijar estos datos básicos [cos que traballan os historiadores] no se apoya en ninguna cualidad de los hechos mismos, sino en una decisión que formula el historiador *a priori*. [...] Solía decirse que los hechos hablan por sí mismos. Es falso, por supuesto. Los hechos sólo hablan cuando el historiador apela a ellos: él es quien decide a qué hechos da paso, y en qué orden y contexto hacerlo”. Edward H. Carr, *¿Qué es la historia?*, Barcelona, Ariel, 1999 [1961], p. 54.

18 Segundo J. Nye, citado en Grasa Hernández, *op. cit.*, p. 115.

19 Paul Schroeder, “Historical Reality vs. Neo-realist Theory”, en Brown, Lynn-Jones e Miller, *op. cit.*, p. 461.

tanto, se poden establecer comparacións entre, por exemplo, as entidades políticas da antigüidade clásica, os reinos feudais europeos, as cidades renacentistas italianas e os Estados democráticos da actualidade, atribuíndolles a todos a pertenza a unha orde conceptual absolutamente idéntica. Semellante conxectura, historicamente insostible, supón, ademais, o descoñecemento doutras formas de organización político-territorial diferentes da estatal, tal como hoxe se concibe, que actuaron nos tempos pasados e que habería que considerar con outros criterios.

A propia idea que hoxe se ten da soberanía é singularmente distinta á doutros tempos en que os límites da autoridade, incluídos os espaciais, tiñan un carácter ben dispar ó dos nosos días. Neste e noutros casos similares trátase, claro está, de conceptos socialmente construídos, suxeitos, en consecuencia, a alteracións ligadas ó transcórreo do tempo e ás modificacións conseguíntes no conxunto de normas e valores propios de cada sociedade. É este un terreo, o da "dimensión cultural" do cambio, no que o realismo, sobre todo na súa presentación estrutural, ten moi graves dificultades para se mover, incapaz de captar, por exemplo, as diferencias entre o sistema internacional medieval e o dos Estados modernos, en canto ó

feito de que, anque os dous están ordenados polo principio de anarquía, propio da ausencia dunha entidade superior a todos, neles os actores respectivos réxense nas súas relacións por códigos legais e morais ben distintos<sup>20</sup>.

c) *A periodización* en que se parece o tempo histórico afecta de maneira decisiva á súa comprensión. Unha opción en aparencia tan pouco significativa, que se adoita escudar en xustificacións puramente científicas, anque a miúdo deixa transcender orientacións ideolóxicas e preconcepcións teóricas, revela posicións de partida ben concretas. Non é, polo tanto, unha resolución *neutral* a parcelación do pasado, tal como amosa Habermas nas súas consideracións sobre a "puntuación" da historia alemana, onde subliña a diferente valoración que se suxire do fenómeno nazi polo feito de, por exemplo, preferir considerar con carácter unitario o período 1914-1989, en vez de toma-la etapa 1871-1945 como a era do nacionalismo e resalta-la "cesura" de 1945 coma a do nacemento da auténtica democracia no país<sup>21</sup>.

En definitiva, anque como toda teoría que presuma de selo o realismo pretende escapar das explicacións ancoradas no presente<sup>22</sup>, xa vemos cómo este se encontra plenamente integrado nas súas formulacións

20 John Ruggie, segundo Linklater, *op. cit.*, p. 254.

21 Jürgen Habermas, *Más allá del Estado nacional*, Madrid, Trotta, 1997, pp. 81-82.

22 Identifica Fred Halliday, *op. cit.*, p. 39, as prácticas máis aborrecidas no estudo das relacións internacionais: "the temptations of international history, the virus of 'presentism', the corruption of 'current affairs'".

históricas. Circunstancia que, en realidade, resulta inevitable en tódalas Ciencias Sociais, e que non lles afecta en demasía sempre que haxa conciencia da súa presenza no discurso. A gravidade provén da falta de percepción do feito e da proclamación dunha obxectividade que é imposible de conseguir neste tipo de coñecemento. É esa pretensión a que lastra as teorías realistas e, en última instancia, a que pode chegar a exercer un efecto paralizante sobre a evolución da propia ciencia das relacións internacionais.

Na visión realista, coa súa obsesión pola detección de regularidades, parecen latexar aínda as vellas concepcións cíclicas do tempo histórico, nas que presente e futuro son inevitables repeticións do pasado. Pénsese na súa idea de que a natureza anárquica do sistema internacional dificulta extraordinariamente todo intento de transformación, convertendo en recorrentes os vellos comportamentos estatais. Nada mellor para reflectir este carácter circular que o marabilloso título que o realista John J. Mearsheimer toma prestado do cineasta George Lucas para presentalo futuro inmediato das relacións internacionais trala fin da Guerra Fría coma unha volta á situación multipolar anterior a 1914: *Back to the Future*, “Retorno ó futuro”. No pasado está a lección que ilustra o presente e avanza o porvir. E aínda máis significativo

resulta o encabezamento do realista *neoclásico* Colin Gray na súa advertencia sobre os perigos de esquecer que a guerra está sempre presente nos propósitos da natureza humana: “The Future is the Past”. Ningunha outra frase podería representar mellor a negación da Historia<sup>23</sup>.

#### PERSPECTIVAS HISTÓRICAS DO FINAL DA GUERRA FRÍA

---

A orde internacional instaurada despois de 1945 pareceu durante moito tempo cadrar á perfección coa visión realista da política mundial. Ó longo de catro decenios fóranse consolidando unha serie de convencións e acordos, moitos deles asumidos de forma tácita, que permitiron confiar no mantemento dun certo grao de predictibilidade nos comportamentos dos Estados máis directamente implicados no conflito central da época. Deste modo, baixo a aparencia de inseguridade nacida da relación antagónica dos dous bloques rivais, foi afirmándose unha sensación de estabilidade na política internacional que lles deu ás formulacións realistas, sempre atentas a destaca-las regularidades da historia, a impresión de ser irrefutables. Só o final da Guerra Fría veu demostra-lo infundado de semellante ilusión de perdurabilidade do sistema e obrigou a unha reconsideración das teorías todas —non só as de raizame

23 John J. Mearsheimer, “Back to the Future: Instability in Europe After the Cold War”, en Brown, Lynn-Jones e Miller, *op. cit.*, pp. 78-129; Colin Gray, *op. cit.*

realista— elaboradas para unha adecuada comprensión das relacións internacionais.

A este respecto, en boa parte, a desautorización da doutrina realista pola evolución imprevista dos acontecementos dos últimos anos da década de 1980 vincúlase ás insuficiencias do modelo histórico en que se basea e que a cargan dende as súas mesmas orixes cun lastre difícil de soportar. Fixáremonos brevemente agora na Guerra Fría como referencia que permite comprobarlos modos en que un inadecuado enfoque histórico condiciona o paradigma realista e se traduce en incapacidade para explicar convincentemente os cambios revolucionarios que acompañaron o seu final.


A primeira das dificultades do realismo para comprende-la deriva iniciada na URSS tralo acceso ó poder de Gorbachov nace da súa conceptualización da Guerra Fría como unha realidade estática, coma froito da sobrevaloración dos trazos estruturais do escenario internacional. A insistencia na preponderancia dos condicionamentos sistémicos levara á doutrina a esquecer que, ó longo de catro decenios, a Guerra Fría coñeceu fases claramente diferenciadas —así percibidas, ademais, polos actores no seu momento— que, de certo, contribuíron a unha conseguinte modificación do comportamento dos Estados. Semellantes matizacións, sen embargo, non pareceron influír nas análises

realistas do conflito, dada a dificultade da teoría para integra-la continxencia, o contexto e o cambio no seu modelo explicativo.

A *reificación* realista da Guerra Fría e a falta de recoñecemento de que, co tempo, fora experimentando transformacións substanciais (en canto á percepción do inimigo, o armamento dispoñible, a capacidade económica...) manifestouse nunha especial dificultade para integra-lo seu final dentro duns esquemas nos que non encaixaba o inesperado desenlace. En realidade, trátase dun inconveniente inherente ó realismo, nacido dos seus problemas para explica-lo cambio. Incluso defensores das teses realistas recoñecen a debilidade da teoría a este respecto, debido á habitual asociación que establece entre o cambio e a guerra, considerándoos como ineludiblemente ligados. De maneira que a ausencia de violencia interestatal no derrubamento da potencia soviética e a aparente falta de referencias comparables na historia provocaron o desconcerto nos seguidores das concepcións realistas<sup>24</sup>.

Estreitamente relacionada con esta limitación encóntrase a que deriva da visión histórica realista da Guerra Fría. Formulada coma a única descrición válida do sucedido a partir de 1945, os relatos cientificamente fundados sobre as orixes e a natureza da Guerra Fría, sen embargo, son tan variados que, na súa propia existencia, constitúen unha corroboración da

24 William C. Wolforth, *op. cit.*, p. 16.



Fotograma do filme *Telefone rojo: ¿volumos hacia Moscú?*, de Stanley Kubrick. A Guerra Fría entre as grandes potencias tivo ó mundo a piques dun conflito nuclear en máis dunha ocasión. A tola carreira de armamento é satirizada neste filme.

multiplicidade da narración histórica, como mostra a simple enumeración dalgunhas das abundantes tipoloxías que intentan encadra-las moi diversas concepcións sobre o conflito bipolar.

Unhas, por exemplo, divídenas entre *a*) as que presentan a Guerra Fría coma unha loita inevitable que xorde das propias estruturas nas que se relacionan as potencias, como sosteñen os realistas, *b*) as que destacan a incompatibilidade entre dous sistemas ideolóxicos, *c*) as que sinalan a impor-

tancia decisiva dos factores internos, de comenencia de gobernantes e de grupos de intereses das dúas superpotencias, e *d*) as que buscan as razóns do enfrontamento nas apreciacións, a miúdo erróneas, dos dirixentes respectivos<sup>25</sup>. Clasificación que se corresponde case con exactitude coas que falan de catro escolas de pensamento ó respecto: “realista”, “intersistémica”, “internalista” e de “percepción errónea”<sup>26</sup>.

Pero tamén resultan plausibles as que encadran as explicacións sobre a Guerra Fría segundo tres interpretacións: a “sistémica” (loita entre potencias no sistema internacional anárquico), a “accidental” (orixinada en percepcións erróneas de ámbolos bandos) e a “imperialista” (resultado de políticas de dominación)<sup>27</sup>. Ou incluso as que prefiren seguir unha pauta cronolóxica para diferenciar entre interpretacións tradicionalistas (expansionismo soviético e resposta estadounidense como orixe), dominantes nos anos cincuenta, revisionistas (a belicosidade do bloque capitalista como factor principal), propias dos anos sesenta, e post-revisionistas, que ou ben insisten nas causas sistémicas (realismo) antepoñendoas ás ideolóxicas ou ben nas percepcións equivocadas sobre o inimigo (liberalismo)<sup>28</sup>.

25 Richard Ned Lebow, “The Rise and Fall of the Cold War in Comparative Perspective”, en Cox, Booth e Dunne, *op. cit.*, pp. 22-24.

26 Fred Halliday, *op. cit.*, p. 48.

27 Kjell Goldmann, *op. cit.*, pp. 3-5.

28 Oevind Oesterud, “Intersystemic Rivalry and International Order: Understanding the End of the Cold War”, en Allan e Goldmann, *op. cit.*, pp. 14-17.

Parece esta unha mostraxe, anque reducida, abondo para poñer de manifesto que as proposicións realistas son tan só unhas máis entre outras moitas posibles que presentan visos fundados de verosimilitude. Tal vez conviría resalta-lo seu carácter complementario, dada a capacidade de cada unha delas como explicación dun aspecto parcial da realidade que pretenden describir. Sen embargo, unha suposición deste cariz foi totalmente inadmisíbel para as doutrinas realistas ata que os acontecementos obrigaron a reconsidera-la exclusividade da súa interpretación.

Por outra banda, a Guerra Fría constitúe unha magnífica mostra do modo en que as concepcións previas do analista, sexan ideolóxicas, sexan teóricas, condicionan non só a comprensión do pasado, senón tamén as valoracións que se sosteñen acerca das súas repercusións no tempo actual. Co paradoxo engadido de que se explica o presente en función dunha visión do tempo pretérito que se orixina e se constrúe, precisamente, nese mesmo presente que se pretende explicar.

Nada ilustra mellor este proceso de retroalimentación que se establece no circuíto presente-pasado-presente, que as frecuentes valoracións que das orixes, natureza e final da Guerra Fría se efectúan nos últimos tempos dende un liberalismo que parece vencedor indiscutible a partir de 1989 e que con-

solida unha interpretación ideolóxica do conflito bipolar e do seu desenlace, reducíndoo a unha pura loita entre autoritarismo e democracia ocasionada polas pretensións expansionistas de Stalin e os seus sucesores<sup>29</sup>. Semellante asunción como verdade histórica por un grupo considerable de estudiosos da que no seu día foi a xustificación ideolóxica dun dos bandos só pode entenderse no contexto de euforia liberal predominante da década dos noventa, nacida xustamente da fin da Guerra Fría. Non é estraño, neste ambiente, que as catro décadas posteriores a 1945 aparezan coma unha simple e indebida interrupción da que debería se-la evolución *natural* da modernización seguindo a vía liberal iniciada na ilustración. Os acontecementos de 1989-91 suporían, neste senso, a derrota definitiva da que, dende 1917, se presentou como unha opción alternativa.

Por outro lado, é verdade tamén que o peso das realidades do momento é tan abraiante nun considerable número de análises do pasado, que hai un risco certo de caer nun “megalopresentismo”<sup>30</sup>, nun sobredimensionamento do presente que leve a considera-lo ano 1989 como a data clave dunha centuria que ofrece moitas outras posibilidades de elección. Perigo que se agrava pola visión eurocéntrica (occidental, por extensión) predominante nas Ciencias Sociais —e dende

29 Kjell Goldmann, *op. cit.*, pp. 3-5.

30 Fred Halliday, *op. cit.*, p. 41.

logo na Historia e nas relacións internacionais—, que determina claramente a escolma de fitos significativos do século XX. Resaltar ata o exceso a transcendencia de 1989 non fai senón reflecti-la concepción do mundo dominante nas análises da Guerra Fría, tan eurocéntrica coma para consideralo período como o de “A longa paz”<sup>31</sup>, esquecendo a terrible realidade bélica que padeceron durante o seu transcurso millóns de seres humanos.

A consideración dos acontecementos con perspectiva histórica —recordamos que construída dende o presente— non sempre é garantía, como pretende o paradigma realista, de alcanzar unha valoración correcta. Ese enfoque pode obrigar, certamente, a unha relativización do momento actual, pero é grande tamén a probabilidade de que se lle acabe outorgando a este unha significación engadida que o tempo e os desenvolvementos posteriores quizais terminen demostrando non estar moi ben fundamentada.

Neste senso, as alternativas en oferta constitúen un abano tan amplo coma para consideralo final da Guerra Fría —a súa valoración histórica— como conclusión de procesos de longa duración que poden retrotrae-

-los seus comezos a datas tan dispares coma 1917, 1789, 1648 ou incluso 1492. Resulta patente, nestes casos, que as decisións sobre a *puntuación* da Historia condicionan a propia imaxe da Guerra Fría que se amosa así, respectivamente, como *a*) a fin da loita entre a ideoloxía socialista e a capitalista comezada co triunfo da revolución bolxevique, como *b*) culminación da transición entre dúas ordes diferentes iniciada coa caída do Antigo Réxime, hai 200 anos<sup>32</sup>, como *c*) unha nova etapa do sistema internacional de Estados edificado no Tratado de Westfalia de mediados do século XVII ou, incluso, como *d*) un fenómeno, máis ben irrelevante, da evolución do *sistema-mundo* dende os comezos do capitalismo moderno no século XV, que ten como conflito crucial ó que enfrenta a *centro* e *periferia*<sup>33</sup>, e no que a Guerra Fría sería tan só o último paso dunha *guerra civil* entre dúas propostas alternativas —occidentais as dúas— de organización da modernidade.

Resulta evidente que de cada unha destas diferentes comprensións do pasado se deduce unha avaliación específica dos acontecementos de finais da década de 1980. Pero tamén

31 John L. Gaddis, *The Long Peace*, Nova York, Oxford University Press, 1987. Incluso alguén tan respectuoso con outras realidades coma o historiador Eric J. Hobsbawm enmarca o seu “curto” século XX entre dúas datas claramente *europas*, 1914 e 1989. Outras visións do mundo encontrarían sen dificultade momentos de similar o maior importancia para gran parte dos habitantes deste planeta.

32 Chris Brown, “History Ends, Worlds Collide”, en Cox, Booth e Dunne, *op. cit.*, p. 41. Fred Halliday, en Booth e Smith, *op. cit.*, p. 41.

33 Heikki Patomäki, “What Is It That Changed with the End of the Cold War?”, en Allan e Goldmann, *op. cit.*, pp. 190-199, ofrece unha boa análise, á luz dos intereses das relacións internacionais, da construción teórica do *sistema-mundo* de Wallerstein.



cabe afirmar que todas elas reflicten *unha parte* da realidade ou, se se prefire, que ningunha delas é *falsa*. Claro que, en consecuencia, semellantes premisas non parecen apropiadas para constituír unha base sólida sobre a que edificar unha teoría —realista ou non— que se pretende que supoña unha explicación completa e non suxeita a indeterminacións coma as que nacen dun enfoque, como é o propiamente histórico, dependente da continxencia, que admite resultados diversos e que acepta narracións múltiples dos procesos que relata.

## CONCLUSIÓN

Nada máis indicativo das dificultades para capta-la transcendencia histórica do final da Guerra Fría que a confusión en que se sumiu entón a propia ciencia das relacións internacionais. A todos lles pareceu evidente que en 1989-91 acababa unha época, dando por certo que é imposible —outra vez as prediccións— o retorno dun sistema internacional de tensión bipolar. Pero poucos se atreveron a caracteriza-la nova fase na que supostamente entraba o mundo. Nin sequera houbo acordo sobre unha denominación precisa para a nova orde que debería estar empezando. É ben significativo o feito de que se fose consolidando progresivamente unha etiqueta

tan chea de ambigüidade coma a que propón referirse ó mundo de hoxe como o da “posguerra fría”. Concepto impreciso que denota na súa vaguidade unha incapacidade patente para delimita-la *nova* realidade da que se predí a existencia, pero que non se acerta a definir máis que por referencia o que se proclama que xa deixou de existir. Ou que é cualificada de *interregno*<sup>34</sup>, coma se o mundo atravesase un espacio temporal baleiro, de duración e resultados imprevisibles.

Todo isto parece reflectir un atorramento académico e mediático ó que non é allea a amplitude e variedade das comprensións históricas sobre o que foi a propia Guerra Fría. Dende logo, parece prematuro consideralos acontecementos de 1989-91 coma unha *divisoria histórica* do carácter das grandes revolucións francesa ou soviética, da Segunda Guerra Mundial ou da descolonización, por citar algunhas referencias comunmente aceptadas como tales. Entre outras cousas, porque se carece de perspectiva para saber se se está ó final dunha época ou se se trata tan só dun momento clave *dentro* dun período máis longo, que virá determinado por acontecementos posteriores, historicamente *impredicibles*. ¿Quen pode saber se algunha vez se falará do *antes* de 1989 como se fala hoxe dos tempos do Antigo Réxime, por exemplo?

34 Por esta denominación optan os editores do número especial de *Review of International Studies* xa citado, os moi prestixiosos Michael Cox, Ken Booth e Tim Dunne: “The Interregnum: Controversies in World Politics, 1989-1999”, na introducción do cal xustifican o uso deste termo “transitorio” para designa-lo paso a unha nova

Pero se a conmoción causada polos sucesos de 1989 reafirma a crenza de que o futuro é, para a Historia, fluído e aberto, non debe esquecerse que, tamén para a Historia, se dá un efecto semellante cara a atrás. O final da Guerra Fría amosa que o pasado é igualmente aberto, ó estimular unha relectura dos tempos pretéritos que non pode ser senón multifacética, poliédrica, quebrando os vellos esquemas derivados da aparencia de estabilidade de que se revestira o mundo bipolar, froito da reificación á que fóra sometido polas análises dominantes. Esa é unha das leccións que derivan do desconcerto causado polo final da Guerra Fría nas teorías das relacións internacionais e, como tal, deberá ser tida en conta á hora de propoñer novas alternativas. Claro que algúns poden pensar que, sobre tales bases inseguras, sen datos incontrovertibles que confirmar empiricamente en procesos semellantes ós habituais nas ciencias da natureza, pouca esperanza queda de construír unha auténtica teoría. Quizais a Ciencia das relacións internacionais, que durante tanto tempo centrou o seu interese na seguridade, deba acostumarse a aceptala incerteza da Historia como unha das variables constituíntes das súas análises. Non por eso deixará de ser unha ciencia.

sociedade internacional. Pero lémbrese que un interregno é, en realidade, un tracto temporal entre dúas etapas do *mesmo* sistema.

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Allan, Pierre e Kjell Goldmann (eds.), *The End of the Cold War. Evaluating Theories of International Relations*, A Haia / Boston / Londres, Kluwer Law International, 1995.
- Baylis, John e Steve Smith (eds.), *The Globalization of World politics. An Introduction to International Relations*, Oxford University Press, 1997.
- Booth, Ken e Steve Smith, *International Relations Theory Today*, University Park (Pennsylvania), The Pennsylvania State University Press, 1995.
- Brown, Chris, *Understanding International Relations*, Houndmills, Macmillan, 1997.
- "History Ends, Worlds Collide", en Cox, Booth e Dunne, pp. 41-58.
- Brown, Michael E., Sean M. Lynn-Jones e Steven E. Miller (eds.), *The Perils of Anarchy. Contemporary Realism and International Security*, Cambridge (Mass.), The MIT Press, 1995.
- Carr, Edward H., *¿Qué es la historia?*, Barcelona, Ariel, 1999.

- Cox, Michael, Ken Booth e Tim Dunne, "The Interregnum: Controversies in World Politics 1989-1999", *Review of International Studies*, 25, número especial, decembro 1999.
- Dunne, Timothy, "Realism", en Baylis e Smith, pp. 109-124.
- Everts, Philip P., "The Events in Eastern Europe and the Crisis in the Discipline of International Relations", en Allan e Goldmann, pp. 55-81.
- Gaddis, John L., *The Long Peace*, Nova York, Oxford University Press, 1987.
- Goldmann, Kjell, "Introduction: Three Debates about the End of the Cold War", en Allan e Goldmann, pp. 1-11.
- Grasa Hernández, Rafael, "La reestructuración de la teoría de las relaciones internacionales en la posguerra fría: el realismo y el desafío del liberalismo neoinstitucional", *Cursos de Derecho Internacional de Vitoria-Gasteiz 1996*, Madrid, Tecnos-UPV, 1997, pp. 103-147.
- Gray, Colin, "Clausewitz Rules, OK? The Future is the Past - with GPS", en Cox, Booth e Dunne, pp. 161-182.
- Grunberg, Isabelle e Thomas Risse-Kappen, "A Time of Reckoning? Theories of International Relations and the End of Cold War", en Allan e Goldmann, pp. 113-115.
- Habermas, Jürgen, *Más allá del Estado nacional*, Madrid, Trotta, 1997.
- Hobsbawm, Eric, *Sobre la historia*, Barcelona, Crítica, 1998.
- Halliday, Fred, "The End of the Cold War and International Relations: Some Analytic and Theoretical Conclusions", en Booth e Smith, pp. 38-61.
- Jenkins, Keith, *On 'What is History'. From Carr and Elton to Rorty and White*, Londres, Routledge, 1995.
- Lebow, Richard Ned, "The Rise and Fall of the Cold War in Comparative Perspective", en Cox, Booth e Dunne, pp. 21-40.
- Linklater, Andrew, "Neorealism in Theory and Practice", en Booth e Smith, pp. 241-261.
- Mearsheimer, John J., "Back to the Future: Instability in Europe After the Cold War", en Brown, Lynn-Jones e Miller, pp. 78-129.
- Oesterud, Oevind, "Intersystemic Rivalry and International Order: Understanding the End of the Cold War", en Allan e Goldmann, pp. 12-23.
- Patomäki, Heikki, "What Is It That Changed with the End of the Cold War?", en Allan e Goldmann, pp. 179-225.
- Rothstein, Robert L., *The Evolution of Theory in International Relations*,

Columbia, University of South  
Caroline Press, 1991.

Smith, Steve, "The Self-Images of a  
Discipline: A Genealogy of  
International Relations Theory",  
en Booth e Smith, pp. 1-37.

Schroeder, Paul, "Historical Reality vs.  
Neo-realist Theory", en Brown,  
Lynn-Jones e Miller, pp. 421-  
461.

Taibo, Carlos, *Las fuerzas armadas en la  
crisis del sistema soviético*, Madrid,  
Los Libros de la Catarata, 1993.

Waltz, Kenneth N., "Realist Thought  
and Neorealist Theory", en  
Rothstein, pp. 21-37.

Wohlforth, William C., "Realism and  
the End of the Cold War", en  
Brown, Lynn-Jones e Miller, pp.  
3-41.





# *Estudios*



# A CONDUCTA DE FUMAR DURANTE A ADOLESCENCIA: PREVALENCIA EN GALICIA E APUNTES PARA A PREVENCIÓN

Bernardo José Gómez-Durán\*  
Universidade da Coruña\*\*

## 1. INTRODUCCIÓN

Na actualidade, unha das grandes preocupacións sociais e dos estudiosos do desenvolvemento é a iniciación, cada vez máis temperá, no consumo de substancias que crean adicción e que afectan de modo dramático á saúde física e psicosocial das persoas ó longo da súa vida. É a adolescencia un momento evolutivo crítico ou de alto risco para a asunción deste tipo de conductas, pois durante este período relativamente curto de tempo vaise adquirindo —ata se consolidar— a identidade psicosocial (Erikson, 1950 e 1980; Marcia, 1980); esta consolidación lévase a cabo paralelamente e á vez influenciada, por unha serie de cambios non só no aspecto físico, senón tamén en tódolos demais aspectos, como son: *o ámbito social*, xa que da dependencia familiar se pasa a outorgar unha maior importancia ós iguais e ó desexo de se separar do control do

adulto e a asumir unha maior autonomía; no *ámbito psicolóxico* consolídanse os valores e crenzas e hai unha maior preocupación por parte dos suxeitos pola súa identidade; e no *ámbito cognitivo* chégase a desenvolver por completo o pensamento formal.

Ó longo da adolescencia prodúcese un cambio de comportamento progresivo e, aínda que este comeza a se notar xa na adolescencia temperá (a partir dos 11-12 anos), maniféstase de maneira máis radical nas idades tardías desta etapa, a partir dos 14 ou 15 anos. Ademais, nestas idades a influencia dos compañeiros é maior, co que aumentan as conductas de risco. Neste sentido, os compañeiros teñen un maior influxo nas experiencias inmediatas, mentres que os pais seguen actuando máis nas metas a longo prazo (Windle, Miller-Tutzauer, Barnes e Welte, 1991).

Por outra banda, algúns estudosos encontraron diferencias nos hábitos

\* Profesor Titular de Psicología Evolutiva e da Educación.

\*\* O presente estudio foi posible gracias ó proxecto de investigación: "Influencia das actitudes sociais e a conducta antisocial no consumo de substancias adictivas durante a adolescencia", subvencionado pola Universidade da Coruña.

de saúde segundo a sexo, a idade e outras variables demográficas (*cfr.* Dean, Colomer e Pérez-Hoyos, 1995; Terre, Ghiselli, Taloney e DeSouza, 1992).

Durante a etapa adolescente desenvólvense comportamentos que van influír posteriormente no estilo de vida do adulto. Os hábitos establecidos nestes anos son máis resistentes ó cambio, polo que resulta necesaria a instauración de condutas positivas de saúde durante este período. Non hai dúbida de que os cambios que se producen nos individuos ó longo do seu ciclo vital, non sempre seguen o curso esperable ou desexable dende a perspectiva evolutiva. O coñecemento do desenvolvemento que xorde dos estudos descritivos e explicativos en Psicoloxía do Desenvolvemento posibilita, precisamente, a consideración dos tipos de cambio que se afastan do seu curso normal.

Así, o coñecemento dos trastornos de desenvolvemento facilita a intervención, considerada como a actuación sobre os problemas de desenvolvemento que xa se presentaron no suxeito, coa intención de aliviálos e mellorar, deste modo, a súa ulterior evolución. Ó tempo, facilita a intervención considerada nos seus dous sentidos:

1. De tipo preventivo, poñendo o acento no feito de poder actuar anticipándonos á aparición de problemas de desenvolvemento nos grupos de risco (véxase, por exemplo, Vega Fuente,

1993) que dende diversas ópticas e propostas teóricas recolle a literatura científica ó respecto.

2. Dende unha perspectiva optimizadora, o que implica a estruturación e planificación dunha serie de accións encamiñadas a presenta-las condicións óptimas para que o desenvolvemento sexa o mellor posible.

## 2. INICIACIÓN NO CONSUMO DE TABACO E SAÚDE

---

A aprendizaxe e iniciación dunha gran variedade de comportamentos relevantes para a saúde teñen lugar durante a adolescencia. Algúns autores consideran que os comportamentos que comprometen o benestar físico están relacionados, en gran medida, coa oportunidade social de legalización que lles permite ós adolescentes acceder a eles (Jessor, 1984).

Dende finais dos anos setenta e principios dos oitenta houbo numerosos autores que estudaron os estilos de vida relacionados coa saúde na adolescencia. Con este termo facemos referencia a condutas observables que constitúen hábitos, é dicir, que son recorrentes ó longo do tempo e que posúen consecuencias para a saúde (Elliot, 1993). O estudo dos estilos de vida incluíu tradicionalmente tanto condutas de risco coma condutas que realzan a saúde. As condutas de risco inclúen os comportamentos que implican consecuencias negativas para a saúde, a curto e/ou longo prazo; entre



elas, a máis estudiada foi o consumo de substancias: tabaco, alcohol e drogas ilegais (Cfr. Becoña, Palomares e García, 1994; Donovan, Jessor e Costa, 1988), ó lado da conducción perigosa ou a falta de uso de medidas preventivas nas relacións sexuais (Grube e Morgan, 1990; Vingilis e Adlaf, 1990).

As conductas que realzan a saúde son aqueles comportamentos que posúen consecuencias positivas para esta, coma por exemplo a práctica de exercicio físico de xeito regular, unha alimentación equilibrada ou as medidas de hixiene bucodental (Aaro, Laberg e Wold, 1995; Donovan, Jessor e Costa, 1993).

Sobre a iniciación no consumo de tabaco, tres grandes enfoques preventivos representan a raíz dos programas que se aplican na actualidade: o Enfoque das Influencias Sociais, o Enfoque Cognitivo-Conductual e o Enfoque Cognitivo-Evolutivo. Máis adiante faremos unha exposición máis detallada deles.

Algunhas das variables de personalidade que poden explica-la iniciación no consumo de substancias durante a adolescencia é a do "Lugar de Control" como autopercepción que o rapaz ou a rapaza teñen sobre a natureza e as consecuencias da súa conducta en relación cos seus hábitos de saúde. A indefinición sobre si mesmo, a falta de preparación para a toma de decisións, as crises de valores que afectan ó ámbito das relacións familiares e psicosociais son, entre outros, os posibles

determinantes de que se adquiran conductas problemáticas, tal como sostén a Teoría do comportamento Problemático de Jessor e Jessor (1977). Seguindo a estes últimos autores, os adolescentes tenden a implicarse en conductas problemáticas coma o consumo de drogas, a delincuencia e o baixo rendemento académico, xa que as perciben como funcionais, como conductas que lles poden axudar a conseguir algún obxectivo persoal ou que lles serven para algunha función. Dusenbury, Botvin e James-Ortiz (1990) sosteñen que algúns adolescentes utilizan estas conductas-problema para facer fronte ó fracaso, ó fastío, á ansiedade ou para ser aceptados polo seu grupo de iguais.

Pode ser interesante clarificar, sequera brevemente, algúns dos termos que empregaremos con certa frecuencia no sucesivo.

Mussacchio de Zan (1992) sinala, seguindo a Newton, que a drogadicción está considerada como unha enfermidade crónica, progresiva e terminal. "Crónica", porque cando un mozo se habitúa ó benestar artificial a súa cura esixirá que nunca máis volva consumir drogas que alteren a súa psique. Engade que esta característica é comparable á dos alcohólicos e diabéticos, que poden vivir de xeito perfectamente saudable durante toda a súa vida, sempre que cumpran convenientemente o tratamento prescrito. "El dependiente de drogas, a su vez, debe evitar para siempre las sustancias psicoactivas y tiene que organizar su vida

de acordo con un equilibrio emocional que resolva sus conflitos, buscar objetivos válidos que den un sentido a su existencia y adquirir una madurez afectiva que lo ayude a superar las dificultades propias de una vida normal” (Mussacchio de Zan, 1992, p. 24). “Progresiva”, non só porque o paciente necesita cada vez máis cantidade de droga para conseguilo mesmo efecto, senón que deberá tamén cambiar a calidade, substituíndoa progresivamente por outras máis incisivas. Deste xeito, os síntomas mostrarán maior gravidade ó se producir un deterioro neuropsicolóxico máis avanzado. Finalmente, “terminal”, xa que, introducido na carreira da adicción progresiva, o individuo destrúe a súa vida, sexa en sentido literal (morte por sobredose, trastornos cardíacos, enfermidades intercorrentes, suicidio), sexa en sentido amplo: deixa de ser unha persoa pensante, dona de si e dos seus afectos, que poida dirixilo seu destino.

O tabaco considérase unha droga dado que un dos seus compoñentes —a nicotina— é un alcaloide que xera adicción (Surgeon General, 1988) e así é cualificado entre outros como droga legal no Plan de Galicia sobre drogas (EDIS, 2000, p. 15). O tabaco provoca grandes problemas de saúde pública ó se rexistrar unha alta taxa de mortalidade anual por enfermidades relacionadas co seu consumo (OMS, 1974, 1979, 1983, 1988; Royal College of Physicians, 1983; Surgeon General, 1988).

O Surgeon General en 1988 concluíu que o tabaco era unha substancia

farmacoloxicamente adictiva ó responder ós criterios de toda substancia que produce adicción: a) prodúcense patróns de inxestión compulsiva da droga, b) inxírese unha substancia psicoactiva ou de alteración do humor mediante o uso da droga, o que produce como resultado uns patróns de conducta determinados, e c) a droga funciona coma un reforzador da conducta producindo unha continuidade na inxestión do produto. Esta substancia pode producir efectos agradables nos que a consomen, causa tolerancia e dependencia física e ten efectos tóxicos adversos (Surgeon General, 1988).

O DSM-IV ó se referir ó trastorno inducido por nicotina, expón de maneira clarificadora o que é a abstinencia desta substancia:

[...] A característica esencial da abstinencia de nicotina é a presenza dunha síndrome de abstinencia característica que se desenvolve despois da brusca interrupción do consumo de produtos que conteñen nicotina tralo seu consumo diario durante períodos prolongados (Criterios A e B). A síndrome de abstinencia inclúe catro ou máis dos seguintes síntomas: estado disfórico ou depresivo, insomnio, irritabilidade, frustración ou ira, ansiedade, dificultades de concentración, inquietude ou impaciencia, diminución da frecuencia cardíaca, aumento do apetito ou aumento de peso. Os síntomas de abstinencia provocan un malestar clinicamente significativo ou deterioro laboral, social ou doutras áreas importantes da actividade do individuo (Criterio C). Os síntomas non se deben a enfermidade médica nin se explican mellor pola presenza doutro

trastorno mental (Criterio D) (APA, 1995, p. 255).

O tabaco componse de máis de 3000 substancias. As máis coñecidas e probablemente as máis danifias para o organismo son: nicotina, alcatráns (ambas presentes no fume do tabaco ó ser inhalado) e monóxido de carbono (esta última resultado da combustión e, por tanto, tamén inhalada). A nicotina, que se metaboliza en poucas horas en cotinina, é a substancia responsable da dependencia debido á súa condición de axente reforzante, e a súa ausencia desencadea a síndrome de abstinencia. Este xorde ó suspende-lo consumo de nicotina e, entre outros síntomas, maniféstase pola fatiga, irritabilidade, ansiedade, insomnio, diminución da frecuencia do pulso e da presión arterial, e hiperfaxia.

Como teremos ocasión de comprobar, é na adolescencia cando se adoita iniciar-lo consumo desta substancia. A adolescencia será considerada en adiante como unha etapa do desenvolvemento do ser humano que se inicia cara ós 11-12 anos, ó se produci-la pubertade, e transcorre ata os 19-20 no Mundo Occidental. Trátase dunha etapa transitoria entre a infancia e a idade adulta, especialmente caracterizada por cambios no desenvolvemento físico-fisiolóxico, cognitivo, persoal, social, etc., e na que o suxeito é proclive a experimentar con novas situacións ata agora descoñecidas para el. Tales situacións adoitan ser definidas como psicosociais, e a isto débese que a ini-

ciación á conducta de fumar teña unha orixe psicosocial.


### 3. IMPLICACIÓNS EVOLUTIVAS

---

A adolescencia pódese considerar realmente coma unha das etapas do desenvolvemento na que ten unha maior transcendencia a formación de hábitos de todo tipo. A sensibilidade ás presións do grupo, a imitación de modelos non parentais, a tendencia a descubrir novas facetas do mundo no que vive, converten o adolescente nun suxeito proclive a iniciar actividades que, sen dúbida, afectarán ó desenvolvemento da súa personalidade, á súa conducta social e, cada vez máis, á súa propia saúde.

Os datos existentes sobre a incidencia do consumo de drogas na adolescencia conducen á necesidade ética e científica de poñer tódolos medios ó noso alcance para colaborar na prevención destes problemas.

O cambio ó longo do ciclo vital é certamente modificable e optimizable mediante a intervención, corrección e prevención. A intervención non só debe servir para corrixir posibles desviacións de conducta, senón fundamentalmente para prever e optimizar. Coñecida unha regularidade no cambio, pódese optimizar este en vez de esperar a que xurdan as deficiencias e logo resolvelas. "Para optimizar el desarrollo es necesario una teoría que acepte como primer principio la actividad de la persona, y en segundo lugar



Carteis de dous filmes de moita difusión (1947-1946 respectivamente). Os mozos sintense tentados polas actitudes dos ídolos cinematográficos.

que tenga en cuenta las diferencias interindividuales (consecuencia de la interacción persona-medio ambiente), es decir, una persona con unas capacidades, con unas motivaciones, con un estilo de vida inserta en un medio ambiente con exigencias concretas.” (Rubio Herrera, 1992, p. 28).

Os factores cos que se vinculan estes cambios psicolóxicos están relacionados coa etapa da vida na que se atope a persoa que, no estudio que nos ocupa, é a adolescencia. A intervención preventiva debe considerar, por conseguinte, as variables normativas relacio-

nadas coa idade, é dicir, o conxunto de influencias determinadas biolóxica e ambientalmente que se correlacionan significativamente coa idade cronolóxica. Tamén se deberán ter en conta as variables normativo-históricas que inflúen sobre o desenvolvemento do adolescente, por exemplo, ó considerala coorte á que pertencen e as influencias que deste feito se derivan. Por último, as variables non normativas referidas a aqueles determinantes ambientais e biolóxicos que teñen efecto concreto sobre historias vitais individuais, ou sexa, as experiencias

familiares, do grupo de iguais, da saúde, etc., que o adolescente viviu ata o momento e que implican unha particularidade individualizadora que pode sinala-la súa maior ou menor predisposición a iniciarse na conducta de fumar.

Podemos deseña-la intervención preventiva en función destes conxuntos de influencias, dado que por si mesmos son progresivos e interactúan a través da existencia individual. De feito, como se poderá observar a seguir, estes sistemas de influencias que configuran unha serie de variables participantes na iniciación ó hábito de fumar, son contemplados en maior ou menor grao polos principais enfoques preventivos da conducta de fumar. As características máis concretas da intervención serán expostas ó considerar estes enfoques. Para unha revisión máis exhaustiva sobre a intervención preventiva en relación co consumo de substancias, pódense consultar en castelán algunhas publicacións como as de Becoña, Palomares e García (1994), Comas, Espín e Ramírez Goicoechea (1992), Izquierdo Moreno (1992), Sánchez Vidal (1993) e Vega Fuente (1993).

#### 4. A PREVALENCIA DO CONSUMO DE TABACO ENTRE OS ADOLESCENTES GALEGOS

Antes de sinala-las principais correntes preventivas en tabaquismo, é necesario chama-la atención sobre a prevalencia desta conducta na poboación sobre a que se desexa intervir. As

estadísticas ó respecto non deixan dúbidas sobre a incidencia que o hábito de fumar ten sobre os adolescentes. A iniciación na conducta de fumar e as súas principais variables foi estudiaada por numerosos autores e institucións gobernamentais e internacionais (véxanse, por exemplo, Méndez, Fraga, Alcaraz, Jiménez e Peralbo, 1992 e Organización Mundial de la Salud-Comité Regional Europeo, 1988). Mostramos, a seguir, algúns datos obtidos dun estudio realizado na Comunidade Autónoma de Galicia.

tade das empresas para que participen nos programas de FCT dunha forma activa. Por unha parte o seu concurso é absolutamente necesario, pero por outra non existe un mecanismo que asegure a “provisión” acertada e permanente de empresas colaboradoras, mecanismo que ademais será moi difícil de deseñar.

O problema derivase de que non temos no noso país unha tradición de corresponsabilidade na formación profesional coma a que existe noutros países do noso contorno; isto é así a pesar de que tódolos axentes implicados —educativos e empresariais— opinan, polo menos no nivel teórico, que este é un aspecto absolutamente necesario se



Ás veces o sistema educativo non ten os seus currículos adaptados ó mundo da produtividade empresarial; entón o mesmo sector industrial crea os seus propios centros. Así naceu o *Instituto de Tecnología y Diseño Industrial* creado pola *Asociación Textil de Galicia* en colaboración con outras institucións. (Foto César Quián. *La Voz de Galicia*).

se quere alcanzar unha formación para o emprego efectiva.

É cando menos rechamante observar cómo no deseño de todo o sistema educativo se deixou esta cuestión —que non é precisamente nimia— ó desenvolvemento posterior por parte de cada administración educativa. Non se deseñaron mecanismos máis amplos a nivel estatal como podería ser, a modo de exemplo, un mecanismo fiscal que animase as empresas a participar, ou unha compensación económica á empresa (este último sistema implantárono algunhas administracións educativas). Son recursos interesantes pero tamén poden xerar disfuncións ó nos atopar con empresas dispostas a colaborar aínda cando non teñan moito que achegar ó proceso formativo do alumno.

Na maioría dos casos o factor que si é determinante é a vontade real da empresa que accede a acoller alumnos partindo dun espírito de verdadeira colaboración e corresponsabilidade.

É necesario fomentar un ambiente propicio para que as empresas se sintan partícipes do proceso educativo, ademais de que a súa contribución sexa recoñecida e valorada convenientemente. Pensemos que estas, á fin e ó cabo, están constituídas e dirixidas por persoas que, como tales, tamén desexan encontrar utilidade á súa achega persoal e profesional.

Aquí é fundamental o papel institucional que teñen que asumirlos distintos elementos do sistema educativo

(titores, coordinadores de Formación en Centros de Traballo, direccións dos Centros e a propia Administración) no referente ó contacto coas empresas, ben sexa a través das institucións que as representan ou individualmente con cada empresa. É claro que as necesidades de contacto institucional son diferentes atendendo ós distintos tipos de empresas e á relación que xa se teña con elas. Non é o mesmo unha pequena empresa, coa que se contacta para realizar unha FCT concreta, que unha grande empresa, pensemos por exemplo naquelas coas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou convenios marco de cooperación, coas que se pode levar a cabo unha colaboración máis ampla cá propia FCT, incluso para formación do profesorado.

Así podemos definir tres niveis institucionais:

Un primeiro no que estarían o tutor e o coordinador de FCT no centro educativo que asumirían un papel operativo de concreción e desenvolvemento da FCT, ademais do contacto inicial coas empresas máis pequenas.

Un segundo nivel no que estarían as direccións dos centros. Estas asumirían non soamente o papel formal que lles asigna a normativa —fundamentalmente a sinatura dos convenios de colaboración—, senón que tamén deberían procurar manter un bo ambiente de colaboración coas empresas, sobre todo coas de tamaño máis reducido; en definitiva, garantir un axeitado desen-



volvemento nas relacións escola-empresa.

Un terceiro nivel no que estaría a Administración educativa que asumirá un papel activo na consecución de convenios marco coas grandes empresas ou con organizacións patronais, co fin de dar a coñece-la finalidade da FCT e, en definitiva, deseñar convenios máis amplos de colaboración. Esta sería a función institucional con maiúsculas. Nesta liña, hai que comenta-la importancia de convenios acadados con grandes empresas ou con sectores concretos coma os recentemente asinados con varios sectores productivos e empresas.

Os papeis que terían que desempeña-los tres estamentos citados non son de ningún xeito excluíntes nin teñen porque solaparse; son complementarios xa que deben ir moito máis alá das funcións que ten encomendadas cada un segundo dispón o Regulamento Orgánico dos Centros ou a lexislación que regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de Formación Profesional Específica, e como consecuencia a propia FCT

En Galicia temos un factor engadido de especial dificultade que fai necesario un maior esforzo de todos na busca e mantemento das empresas colaboradoras, pequenas ou medianas na maior parte dos casos. Estamos a falar da peculiar dispersión poboacional existente e da dificultade de acceder a empresas de interese cando os centros educativos están situados en zonas

afastadas dos centros de concentración empresarial. Nestes casos a colaboración que poden presta-las empresas da comarca é dunha gran relevancia, podendo chegar a ser un factor case crítico. Así, a relación entre o centro educativo e a empresa tería que ter un revestimento institucional máis forte e estable que o simple interese das persoas encargadas do desenvolvemento da FCT que están suxeitas a traslados e cambios de función no centro.

Sería desexable dispor dunha maior cantidade potencial de prazas en empresas colaboradoras có número de alumnos que hai que colocar cada curso (pensemos que un curso académico pode haber dúas ou máis quendas de FCT). Trátase de non satura-las empresas con constantes envíos de alumnos, salvo que estas mostren predisposición. Esta saturación é susceptible de aparecer, posto que nalgún caso os alumnos poden supoñer unha carga para as empresas que están inmersas na súa actividade diaria e nos seus propios problemas e que, ás veces, dificilmente se poden subtraer á lóxica productivista que lles dicta o mercado. A experiencia demostra que os alumnos fan unha contribución productiva á empresa ó pouco de comeza-la súa FCT —aínda que hai diferencias duns sectores productivos a outros—, que representan unha faceta máis da vida laboral coa que se vai encontra-lo futuro traballador. Neste caso os titores da empresa e do instituto deben tratar de canaliza-los posibles problemas dunha forma satisfactoria.

Dito isto concluímos que queda unha importante tarefa por desenvolver na que o “voluntarismo do profesorado e das propias empresas” é un elemento imprescindible<sup>7</sup>, tal vez o máis importante e absolutamente imprescindible, pero non o único que tería que estar presente.

## 5. AS CONTRIBUCIÓNS “OCULTAS” NA RELACIÓN EMPRESA-CENTRO EDUCATIVO

Poderíamos defini-las contribucións ocultas na relación entre o sector productivo e o sector educativo como todo tipo de información, formación ou colaboración que se intercambia dunha maneira máis ou menos informal e sempre de xeito colateral ó fin primeiro, que será a formación do alumno. Estas contribucións supoñen unha potencialidade que debe ser tida moi en conta, xa que dificilmente se poden conseguir por outra vía que non sexa o contacto directo.

Neste intercambio que se produce na relación entre o sistema educativo e o sistema productivo definimos dous niveis: un, que chamamos “macro”, ou relación entre sistema educativo e sistema productivo a nivel xeral; e outro, que chamamos “micro”, ou nivel de relación entre un centro educativo e unha empresa concretos.

No nivel que denominamos “macro” debemos facer unha obrigada

reflexión sobre as vantaxes que achega a relación entre o mundo educativo e o mundo productivo. Este contacto debe permiti-la necesaria permeabilidade entre ambos, sempre en prol dunha maior calidade na formación e tamén na configuración das cualificacións profesionais. Non se pode entender unha Formación Profesional Regulada dentro do sistema educativo que non teña un contacto e un referente constante no mundo productivo —neste sentido destacaremos que esta necesaria permeabilidade mutua debe ser maior que a que existe na actualidade— se non corrémo-lo risco de ter un sistema de formación que non forme os individuos nas necesidades reais do sistema productivo.

Pero o noso ámbito de interese, neste momento, é o segundo dos citados niveis, o que denominamos “micro”. Se facemos un balance empresa-centro educativo o saldo sería abafantemente positivo a favor da escola e das persoas que integran a comunidade educativa. Trátase dunha relación en certo modo asimétrica, na que os centros educativos reciben moito máis do que achegan.

Dentro das contribucións “micro” que resultan positivas para os centros podemos cita-las seguintes:

En primeiro lugar, dispónse dun “banco de probas” onde se pode avaliar a calidade do ensino e a súa conexión coas necesidades do sistema

<sup>7</sup> Informe do Consello Escolar do Estado do curso 1996-97. Dispoñible en internet en <http://www.mec.es/cesces/texto-informes.htm>.



A Formación en Centros de Trabajo ofrece un 'banco de probas' onde avalia-la calidade do ensino dirixido á produtividade empresarial.

productivo. Nesta liña, hai que cita-la tendencia actual a considera-lo profesor como un elemento imprescindible para o proceso de concreción curricular, ó asumi-lo papel de "investigación e desenvolvemento do currículo"<sup>8</sup>, sempre baixo o prisma da mellora do seu labor como docente. Aquí os alumnos, as reunións con eles e as opinións que proporciona a pro-

pia empresa son unha información de primeira man que ten un gran valor.

En segundo lugar, a FCT é un elemento de dinamización e de motivación para o profesorado e para o equipo docente. Pódese observar como moitos titores, a pesar do esforzo engadido que supoñen estes primeiros

8 L. Stenhouse, *Investigación y Desarrollo del Currículo*, Madrid, Ed. Morata, 2ª ed., 1987.

cursos de posta en marcha da FCT adoitan quedar satisfeitos co contacto coas empresas e están dispostos a repetir este tipo de experiencias; o mesmo ocorre cos coordinadores de Formación en Centros de Traballo que existen nos institutos.

En terceiro lugar, acerca-lo alumno ás perspectivas laborais reais, comprobando *in situ* cal é a situación do sector no que pretenden desenvolver-la súa futura vida laboral. Poderíamos resaltar neste apartado a importancia que ten a Formación e Orientación Laboral cara á integración do futuro profesional no mundo do traballo e polo tanto a importancia do módulo formativo de “Formación e Orientación Laboral”, ademais dos de “Relacións no Contorno de Traballo”, “Administración, Xestión e Comercialización na Pequena Empresa” e o de “Proxecto Integrado”, para os ciclos formativos que os teñen.

En cuarto lugar, é un acicate para o alumno, sérvelle de motivación no seu proceso de aprendizaxe, ademais de anima-lo profesor para ofrecer unha mellor formación.

En quinto lugar, é unha fonte de contactos para posteriores actividades, como poden ser visitas ás empresas ou charlas puntuais que poida da-lo persoal da empresa; proporcionándolle tamén ó profesor información sobre a realidade tecnolóxica e a evolución do sistema productivo.

A raíz deste último parágrafo, podemos reflexionar sobre a grande

importancia que o contacto co mundo productivo ten para un profesorado que, moitas veces, pode levar desconectado da actividade productiva moito tempo ó se dedicar á actividade docente a tempo completo. Este problema xa foi mencionado, de forma moi marxinal, no *Libro Blanco para la Reforma del Sistema Educativo* e, posteriormente, a LOXSE (art. 56) marca a inclusión de actividades formativas en empresas para o profesorado de formación profesional.

## 6. CONCLUSIÓNS E PERSPECTIVAS

---

a) O camiño emprendido coa implantación da FCT é un camiño sen retorno, na medida en que esta formación é unha necesidade do noso sistema de Formación Profesional; por isto dificilmente se pode concibir unha volta a modelos coma os da Lei Xeral de Educación de 1970. A observación das tendencias que se seguen en países do noso contorno xustifica aínda máis a súa implantación. O futuro tamén marca un camiño de certa converxencia entre a Formación Regulada, a Formación Ocupacional e a Formación Continua, polo tanto, os modelos máis academicistas e cerrados teñen que ser definitivamente superados.

b) A regulamentación que se lle deu á FCT dótaa dunha gran fortaleza e dunha gran coherencia interna. Outórgaselle o papel de garante do seu

correcto desenvolvemento ó currículo, á planificación de tarefas, ós titores e á avaliación.

c) O principal risco que pode sufrir a FCT é a calidade das actividades formativo-productivas que deben desenvolver os alumnos nas empresas, toda vez que o perigo que se albiscaba ó principio da implantación da FCT, a falta de empresas dispostas a colaborar, parece estar superado.

d) En relación co punto anterior, vaise consolidando progresivamente a idea da necesidade dun espírito de corresponsabilidade formativa e de coparticipación entre o sistema educativo e o sistema productivo, pero queda aínda pendente a consecución dunha verdadeira participación e imbricación das empresas na Formación Profesional Regulada, fronte ó da simple colaboración tal como veñen asumindo normalmente ata o de agora.

e) O contacto entre o mundo productivo e o mundo educativo comporta uns efectos positivos que de ningunha maneira se poden infravalorar nin desprezar.

f) No noso país a Formación Profesional Regulada está formalmente encadrada dentro do ámbito educativo, polo que corresponderá a este (Administración educativa, centros docentes e profesorado) a función de pilotar este proxecto para que poida chegar a bo porto.

## 7. BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

Cano Sánchez, J., *La nueva Formación Profesional*, Madrid, Ed. Escuela Española, 1993.

Consejo Escolar del Estado, *Informe do curso 1996-97*, dispoñible en internet <http://www.mec.es/cesces/texto-informes.htm>.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, *Manual de Formación en Centros de Traballo*, Santiago de Compostela, 1998.

Carreras García, J., "La Formación Profesional y la Empresa", *Herramientas Revista de Formación Para el Empleo*, Vol. III, 1994.

Echeverría Samanes, B., *Formación Profesional. Guía para el Seguimiento de su Evolución*, Barcelona, PPU, 1993.

García Garrido, J.L., *Sistemas Educativos de Hoy*, Madrid, Dykinson, 3ª ed., 1993.

González, L., "La Reforma de la Formación Profesional a Partir de la LOGSE", *Herramientas Revista de Formación Para el Empleo*, Vol. I, 1991.

Hamel, Gary, e C. K. Prahalad, *Compiendo por el Futuro*, Barcelona, Ariel, 1999.

MEC, *Libro Blanco Para la Reforma del Sistema Educativo*, Madrid, 1989.

- Pineda Herrera, P. "Las Prácticas en Alternancia como Motor de la Ocupación en la Formación Profesional: Estudio de un Caso", en *Economía de la Educación*, Las Palmas de Gran Canaria, CIES, 1994, pp. 617-629.
- Robert Grant, M., *Dirección Estratégica*, Madrid, Cívitas, 1996.
- Stenhouse, L., *Investigación y Desarrollo del Currículo*, Madrid, Ed. Morata, 2ª ed., 1987.
- Torroba Arroyo, I., *La Formación en Centros de Trabajo. Programación y Evaluación*, Madrid, Ed. Escuela Española, 1995.
- VV.AA., *Formación, Transición e Empleo*, Vigo, Xerais, 1995.
- VV.AA., *Revista Galega do Ensino. Especial Formación Profesional*, 20, 1998.





# *Prácticas*





## EPIGRAFÍA ROMANA. PAUTAS SOBRE O SEU TRATAMENTO DIDÁCTICO

Javier Gómez Vila\*  
Instituto de Monterroso

*“Admiror, paries, te non cecidisse,  
qui tot scriptorum taedia sustineas”<sup>1</sup>.*

### INTRODUCCIÓN

A necesidade de comunicación unida ó desexo de que a información perdurase fixo da escritura sobre materiais duros unha constante ó longo dos séculos. Non fai falla retrotraerse ó mundo asirio, grego ou exipcio, abonda con botar unha ollada á nosa Galicia actual para poder contemplar unha morea de inscricións, dende as estampadas nos linteis das portas coa data de construción das vivendas rurais ata as distintas mensaxes que seguen a esborranchar as paredes dos edificios, os bancos dos parques e as portas dos servicios.

Pero de tódalas épocas a maioría dos epigrafistas prefiren unha, quizais levados pola elegancia do texto e a coitada feita das letras, e esta é, sen dúbida, a romana. De feito, o romano

cando se aburría compraciase en esborranchar todo obxecto susceptible de soportalo, coma por exemplo o anónimo campesiño de Esperante que gravou sobre a pedra do muíño *“opus bene, finish”*<sup>2</sup>. Pero tamén empregaba a pedra cando adoraba os deuses, lembraba os mortos, eloxiaba os emperadores e cando enchía de miliarios as súas famosas vías.

A inxente cantidade de inscricións romanas, así como a innegable beleza que posúen, explican en parte o éxito da epigrafía romana, que non sería tanto se non fose polo enorme interese amosado polos intelectuais renacentistas italianos que situaron a epigrafía romana no cumio máis alto. O sistemático labor de recuperación de inscricións uniuse ó fervente desexo de imita-lo mundo clásico, o que provocou que moitos pintores renacentistas as introduciran nos cadros,

\* Profesor de Xeografía e Historia.

<sup>1</sup> Graffiti pompeiano: “Paredes, admiróme de que non te derrubases, pois soste-lo aburrimiento de moitos escritores”.

<sup>2</sup> En Sta. María de Esperante (Lugo) hai constancia da existencia dunha vila romana de tipo rural. A inscrición está gravada no interior dun *“catillus”* e pódese traducir por “traballei ben, acabouse”.

transformándoas, dese xeito, en venerables vestixios.

A epigrafía romana converteuse nunha ferramenta imprescindible para todo estudioso do mundo antigo. A información que se pode extraer dun epígrafe é realmente abundante e variada; a grandes trazos pódese resumir nos seguintes puntos:

1. O texto en si mesmo.

2. O nome das deidades, xa sexan do panteón romano como, por exemplo, do castrexo.

3. O nome das persoas e o seu *origo*, moi importante no caso da epigrafía de Gallaecia, xa que é a única maneira de coñece-lo nome dos nosos devanceiros e a zona á que pertencían.

4. Rotas e mansións do imperio que aparecen en distintos soportes, xa sexa barro (táboas de Astorga) ou bronce (vasos de Vicarello). Así mesmo, os miliarios, ademais de informar sobre o Emperador que os sufragou, amosan as distancias á próxima cidade e serven como identificadores do trazado do camiño.

5. Leis (*leges publicae*), decisións do Senado (*Senatus consulta*), estatutos de asociacións (*Collegia*), táboas de hospitalidade e padroado (*tesserae hospitales* e *tabulae patronatus*), constitucións dos emperadores (*Constitutiones imperatorum*), etc.

6. Moitas inscricións completan o texto cun relevo que serve para anali-

zar dende a roupa de moda ata as actividades comerciais.

Curiosamente, e como estamos a ver, a pesar da enorme información que se desprende dela, a epigrafía romana é unha disciplina case reservada exclusivamente ós investigadores. O seu tratamento didáctico é practicamente nulo, salvo algunhas fotos que ilustran sen máis algúns manuais e os illados intentos dalgún museo de facer percorridos epigráficos. En certa medida, isto pode deberse á complexidade que *a priori* poida parecer que implica a análise dun epígrafe, sobre todo para o alumnado. Tamén é certo que o seu estudio non é obrigatorio en tódalas especialidades das licenciaturas de humanidades, polo que moitos docentes poden atoparse indefensos á hora de abordar curricularmente cuestións epigráficas.

Tendo en conta estes inconvenientes pareceunos oportuno tratar-lo tema dende dúas perspectivas. Por unha banda, tratar de facer uns contidos e obxectivos base que poidan ser empregados tanto por alumnos como por docentes e que sirvan como guía e material de aula. E por outra, poñer en práctica este deseño base con grupos de alumnos de distintos niveis para analiza-lo seu funcionamento e corrixi-las súas posibles deficiencias. Neste artigo intentaremos, pois, plasma-las dúas liñas de investigación, así como os resultados obtidos.

## EPIGRAFÍA ROMANA. CADERNO DE TRABALLO

Intentar facer un resumo sempre é arriscado e obviamente incompleto pero, tendo en conta os problemas atopados, cremos que é a única solución válida. Como a intención é que este caderno sexa útil tanto para docentes como para discentes estruturámolo en dúas partes fundamentais:

- A. A escritura
- B. As inscricións

### A. A ESCRITURA

#### A.1. O ALFABETO

O alfabeto romano procede dun tipo especial de alfabeto grego, o *calcídico*, que despois dunha serie de transformacións se converte no alfabeto latino sobre o século II a. C. Consta de 23 letras: A, B, C, D, E, F, G, H, I, K, L, M, N, P, O, Q, R, S, T, V, X, Y, Z. Só existe un único signo “V” para un dobre valor fonético, vocálico e semiconsonántico, polo tanto respectaremos este trazo e non distinguiremo-la “V” da “U” escribindo sempre “servvs”. O mesmo pode aplicarse ó “/i/” aspirado, ex. “*Iuridicos*” que non debe ser transcrito como “J”.

#### A.2. SIGNOS DIACRÍTICOS

Os que coñecemos ó través das inscricións son o *apex*, que é unha especie de acento agudo empregado sobre vocais longas para distinguir entre

dúas palabras. En moitas ocasións tamén se emprega de xeito simplemente decorativo. Desaparece a partir do século II d. C.

O *silicus* ponse sobre a letra que debe ser lida dúas veces. Ten forma de coma ou de acento circunflexo, “*serûs*” = “*seruus*”.

#### A.3. INTERPUNCIÓNS

Empregábanse tanto para separar palabras como con fins decorativos. A máis empregada é o triángulo co vértice cara a abaixo (∇). A partir do século I d. C. comeza a empregarse unha integración en forma de folla chamada *federata* (♣). Os círculos foron tamén profusamente empregados, sobre todo a partir do século II, xunto co uso do trépano.

#### A.4. A ONOMÁSTICA

O nome romano está composto de tres elementos básicos:

A.4.1. *Praenomen* que sería o nome propio, é dicir, o que comparten varias persoas co mesmo apelido. Polo xeral tan só se empregaban os dezasete *praenomina* seguintes, que, ó ser moi coñecidos adoitaban ir abreviados:

A(ulos)	AP(nus)	C(aios)
IN(aeus)	D(ecimus)	L(ucius)
M(arcus)	M(anius)	N(umerius)
P(ublius)	Q(uintus)	S(eruius ou gius)
SEX(tus)	S/SP(urius)	TI/TIB (erius)
T(itus)	V(ibius)	

A.4.2. *Nomen* é o distintivo de tódolos individuos descendentes dun mesmo grupo de parentesco. Por exemplo *Tollivs* derivado de *Tollvs*<sup>3</sup>.

A.4.3. *Cognomen*, aparece tardiamente e o seu emprego non se xeneralizará ata o s. I a. C. Nun principio foi probablemente un alcume, por iso moitos se refiren a características físicas ou espirituais: *Caecus*, cego; *Cicero*, garavanzo, *Caligula*, diminutivo de *caliga*, sandalia.

A.4.4. Filiación. O nome romano tamén facía constar quen era o pai, poñendo despois do nome paterno en xenitivo a abreviatura F(ilius); *SEGVIA SEVERINI F(ilia)*, Segua, filla de Severinus.

A.4.5. *Origo*, xeralmente sitúase ó final e indica a procedencia do individuo cando a persoa aludida se atopa fóra do lugar de procedencia. Por comodidade, chámase *origo* a calquera indicación de procedencia (cidade, provincia, *conventus*, castro...). Non aparece ata a segunda metade do s. II, momento no que os xuristas precisaron o seu contido de vinculación ás obrigacións municipais. Na Gallaecia romana esta indicación da cidade ou do castro é de suma importancia xa que nos permite analizar, entre outros factores, os movementos de poboación e a organización social e territorial galaico-romana. Nos séculos anteriores o termo posuía un significado técnico de vinculación administrativa, aínda que o indi-

viduo non nacera nesa zona. *NICER CLVTOSI [F(ilius)]* ⤵<sup>4</sup> *CARIACA PRINCIPIS ALBIONUM*, Nicer, fillo de Clutos do castro de Cariaca, príncipe dos Albións.

#### A.5. EDICIÓN DAS INSCRICIÓN

Creemos que a mellor maneira de proceder á análise dun epígrafe é a través de fichas individuais que conteñan tanto os datos da peza, como a elaboración destes seguindo as normas convencionais. Deste xeito os aspectos que convén reflectir nas fichas serán os seguintes:

##### 1. Datos externos

- Lugar e data do achado, con referencia ó contexto arqueolóxico naqueles casos en que sexa posible.
- Lugar actual de conservación da peza, ou indicación de que se atopa perdida.
- Bibliografía do epígrafe.
- Documentación gráfica, xa sexan fotos, debuxos ou calcos.

##### 2. Datos internos

- Descrición da peza: tipo, material e medidas, se é posible, tanto do campo epigráfico como do conxunto.
- Descrición do estado de conservación.

3 Cfr. Tvlo Hostilio segundo a lenda foi o terceiro rei de Roma.

4 Sobre o tema do "c" invertido véxase G. Pereira Menault, 1982, e M.L. Albertos, 1977, entre outros.

— Descrición da decoración empregada.

### 3. Transcrición do texto

Neste apartado intentarase integra-las partes perdidas e resolve-las abreviaturas. En epigrafía empréganse unha serie de signos convencionais chamados *sistema Leiden*, xa que foron establecidos no XVIII Congreso de Leiden en 1931, e que, a grandes trazos, son os que se seguen a empregar na actualidade. Son os seguintes:

- ( ) Ponse entre parénteses o desenvolvemento da abreviatura que nós coñecemos. Por exemplo: D.M.S. = D(is) M(anibus) S(acrum).
- (...) Abreviatura non coñecida polo transcritor.
- [ ] Letras perdidas por rotura ou desgaste do material que o transcritor pode restituír.
- [---] Letras perdidas das que non consta o seu número.
- [-----] Liña irrecoñecible.
- Número indeterminado de liñas irrecoñecibles.
- [ [ ] ] Letras que foron borradas, pero que se aprecian.
- [.] Letras perdidas non restituíbles. Cando é un punto é unha soa letra, pero cando son tres ou máis puntos son tres ou máis letras.

[ ] Letras que o transcritor corrixe.

< > Letras non escritas polo lapicida e que o transcritor restituíe xa que son obrigadas no texto.

{ } Letras que deben ser omitidas.

Xeralmente, a transcrición do texto faise en letras maiúsculas, reservando as minúsculas para supli-las partes perdidas ou ilexibles. Así mesmo, na transcrición adóitase poñer unha raia oblicua cada vez que o texto cambia de liña no epígrafe.

Os lapicidas romanos abusan reiteradamente do uso das abreviaturas, polo que se fai necesario un coñecemento delas, así como da súa transcrición e tradución. A continuación citáremo-las máis empregadas:

- D.M.S. D(is) M(anibus) S(acrum).  
Consagrado ós Deuses Manes.
- I.O.M. I(ovi) O(ptimo) M(aximo).  
A Xúpiter, óptimo, máximo.
- L.V. L(ares) V(ialibus).  
Ós deuses das rutas.
- ⊃ Castellum. Castro.
- C C(enturia). Centuria.
- CAES CAES(ar). César.
- COH COH(ors).  
Cohorte (500 soldados).
- COLL COLL(egium). Colexio.
- COS CO(n)S(ul). Cónsul.

EX OFF	EX OFF(icina). Do taller.
E.V.	E(x) V(oto). Por unha promesa.
F.	F(ili). Fillo.
F.C.	F(aciendum) C(uravit). Fixo esta dedicatoria.
FL	FL(avivs). Flavio.
HIS	HIS(pania). Hispania.
H.S.E.	H(ic) S(itus) E(st). Aquí xace (o defunto).
IMP	IMP(erator). Emperador.
LEG	LEG(atus ou io). Legado ou lexión.
L.	L(ibertus). Liberto.
LEG.AVG	LEG(atus) AVG(usti). Legado de Augusto.
M.F.	M(onumentum) F(ecit). Fixo o monumento.
M.P.	M(ilia) P(assuum). Mil pasos (xeralmente en miliarios).
PONT.	PONT(ifex). Pontífice.
P.P.	P(ater) P(atriciae). Pai da patria.
P(RO).S.	P(ro) S(alute). Pola saúde.
S.P.Q.R.	S(enatus) P(opulus)Q(ue) R(omanus). Senado popular de Roma.
S.T.T.L.	S(it) T(ibi) T(erra) L(evis). Que a terra che sexa leve.
TRIB.	TRIB(unus). Tribuno.

V.S.L.M	V(otum) S(olvit) L(ibens) M(erito). Ofreceu este voto de boa gana.
V.L.A.S	V(otum) L(ibens) A(nimo)S(olvit). Ofreceu este voto con ánimo alegre.

## B. TIPOS DE INSCRICIÓN

### B.1. ESTELAS

Son monumentos de lembranza ó defunto. Nelas poden aparecer relevos dos falecidos co nome debaixo ou, simplemente, unha pedra fincada verticalmente no lugar da tumba con algún tipo de decoración e un texto alusivo ó finado. A estrutura que presentan é sinxela: moitas soen empezar con D.M.S., seguido do nome do falecido, o seu *origo*, sobre todo se finou nun lugar distinto ó do nacemento, a idade e, nalgúns casos, a indicación de quen fixo a estela:

**Id:** 17 **C:** Apana Ambolli **Lh:** Crecente. Parroquia de S. Román da Retorta.

**T:** APANA. AMBO / LLI. F. CELTICA / SVPERTAM. / (⊃) MIOBRI. / AN. XXV. H. S. E. / APANVS. FR. F. C.

**Tr:** APANA AMBOLLI F(filía) CELTICA SVPERTAM(arica) [⊃] MIOBRI AN(norum) XXV H(ic) S(itus) E(st) APANVS FR(ater) F(aciendum) C(uravit).

**Tra:** Apana, filla de Ambolo, céltica Supertamarica (orixinaria do pobo dos Célticos que viven por riba do río Tambre) do castelo de Miobro, morta á idade de 25 anos, xace aquí. O seu irmán, Apanus, foi o promotor desta dedicataria.

**L:** M.P.L. **Med:** 280x71x20. **Tp:** I.F. **M:** Granito.

**D:** Na parte superior hai unha escena de catro personaxes a modo de retrato de familia, con vestiario e peiteados á moda romana, na parte inferior hai un epígrafe.

**B:** Rodríguez Colmenero, A. (1996, pp. 283-288). Caamaño Gesto, M. (1999).

**Ob:** Atopada en 1995 por D. Manuel Carreira Gonzáles nun camiño de Crecente ó proceder á apertura dunha gabiá de condución de auga. O lugar está sito á beira da vía XIX do Itinerario de Antonino e moi preto de S. Román da Retorta onde se atopou un miliario de Calígula.

## B.2. ARAS

Son monumentos votivos de forma prismática. Normalmente presentan unha inscrición dedicada ás divindades, tanto indíxenas como romanas, como forma de agradecemento ou favor relixioso. Na parte superior adoitan levar un ou máis orificios, denominados *focus*, empregados para as libacións. Este tipo de inscricións acostuma empregar unhas fórmulas bastante ríxidas: o nome da



Estela de Crecente. Lugo.

divindade (en dativo) seguido da indicación *sacrum*, o nome do que dedica<sup>5</sup> (en nominativo) e o motivo polo que se dedica a ara, xa sexa por cumprir unha promesa (*ex voto*), porque así llo comunicaron nun soño (*ex visv*), por unha orde do Deus (*ex iussv*), pola saúde de alguén (*pro salute*), etc.:

**Id** : AF18 **C**: Capito Carminius

**Lh**: Vilar de Perdizes. Montalegre.

**T**: IOVI / O. MX / CAPITO / CARM / V. L. A. S.

**Tr**: IOVI O(ptimo) M(a)X(IMO)  
CAPITO CARM(inius) V(otum)  
L(ibente) A(nimo) S(olvit).

**Tra**: Capito Carminius ofreceu este voto a Xúpiter Óptimo Máximo con ánimo alegre.


**L**: Concello de Montalegre. **Tp**: I.V. **Med**: 87x38x8. **M**: Granito.

**D**: Presenta un *focus* (10x3) na súa parte superior. Tanto o frontón como a base están fracturados na súa banda esquerda.

**V**: 1.4 CARM(enius) (Schulze, 1933).

**B**: Schulze (1933). Lourenço Fontes, A. (1980, pp. 5-20). Rodríguez Colmenero, A. (1987, pp. 51-52).

**Ob**: Procede dun lugar chamado Pena Escrita, onde existe un santuario rupestre e onde tamén se atopou unha ara dedicada ó deus Larouco. A ara foi recollida no castelo medieval de



Vilar de Perdices. Portugal.

Montalegre por intercesión do Padre Fontes. Consérvase no recibidor do Concello de Montalegre á espera de que se rematen as obras de restauración do castelo destinado a museo.

### B.3. HONORÍFICAS

Teñen a finalidade de honrar a unha persoa. O epígrafe pode

<sup>5</sup> O dedicante non ten porque ser necesariamente unha persoa física, pode tratarse tamén dun *collegivn*, unha *civitas*, unha *provincia*, etc.



acompañá-la estatua, estar gravado nun arco, nun monolito ou nunha columna. A súa orixe está nos *elogia* que son unha precisa e simple enumeración dos cargos exercidos polo homenaxeado. Este costume particular pasou a ser público cando Augusto ordenou dispoñer no seu foro as estatuas dos xenerais máis famosos cos seus correspondentes *elogia* escritos sobre o plinto. El mesmo deixou o relato das súas fazañas na, quizais, máis famosa inscrición latina: a *Res Gestae Divi Avgvsti* para que fora copiado en táboas de bronce diante do seu mausoleo.

Dentro das honoríficas cómpre distingui-los miliarios. Tiñan forma de columna cilíndrica asentada sobre base cúbica e dispoñíanse ó longo das vías co obxectivo de sinala-las distancias, medidas en millas, con relación a un punto determinado. Moitas veces os miliarios levaban os títulos do Emperador que construíu ou reparou a vía, de feito, nalgúns tan só aparecen estes títulos, polo que se podería pensar que se empregaban só como propaganda do Emperador.

**Id:** AF337. **C:** Miliario Adriano.  
**Lh:** Entre Bobadela e Busteliño.

**T:** IMP. CAES. DIVI. TRAIANI/  
PARTHICI. F. DIVI. NERVAE. N/TI.  
TRAIANO. HADRIANO/AVG. PON-  
TIF. MAX. TRIB. POT/XVII. COS. IIII.  
P. P. A BRACARA/ MILEA P LXXIV


**Tr:** IMP(eratori) CAES(ari) DIVI  
TRAIANI PARTHICI. F(ilio) DIVI  
NERVAE. N(epo)TI TRAIANO. HA-  
DRIANO AVG(usto) PONTIF(ici)

MAX(imo) TRIB(unicia). POT(estate)  
XVII CO(n)S(uli). IIII P(atrici) P(atriciae) A  
BRACARA MILEA P(asuum) LXXIV

**Tra:** O César Emperador Tráxano Adriano fillo do divino Tráxano Pártico e neto do divino Nerva, Augusto, Pontífice Máximo, coa potestade tribunicia pola XVIIª vez, cónsul pola IVª, Pai da Patria. A Bracara 74 millas.

**L:** MPO **Med:** a: 226, d: 71. **Tp:** miliario. **M:** Granito

**B:** Rodríguez Colmenero, A. (1987, pp. 448-449). CIL, 4839. IRG, IV, 40.



Miliario de Adriano.

**OB:** Foi atopado entre Bobadela e Busteliño (Xunqueira de Ambía, Ourense) no século pasado por Fr. Pedro Cid ó lado da Vía Nova, posiblemente *in situ*. Data do ano 132 ou 133 xa que é cando Adriano recibe a XVII potestade tribunicia.

#### B.4. INSTRUMENTA

Dentro deste grupo inclúense tódalas inscricións que teñan soporte móbil e poidan transportarse con facilidade. Das trinta e unha categorías nas que tradicionalmente se subdividen os *instrumenta* distinguimos, en orde á súa importancia, as seguintes:

B.4.1. *Lateres signati*. Son selos sobre ladrillos. A súa estrutura é moi simple: un nome en xenitivo dunha persoa de alto rango, probablemente o dono do obradoiro, outro en nominativo coñecido como *offinator* ou encargado da produción, e a alusión ó lugar onde se fabricaba, xa fose unha finca (*fundvs*), un obradoiro (*officina*), un forno (*fornax*) ou o lugar de extracción e manufactura (*figlina*).

**Id:** AF487b **C:** Legio VII **Lh:** Descoñecido.

**T:** LEG. VII. G. F.


**Tr:** LEG(io) VII G(emina) F(elix).

**Tra:** Lexión VII Gémina Feliz.

**L:** MPO **Med:** 28x27x7 **Tp:** LS **M:** Barro.

**B:** Rodríguez Colmenero, A. (1987, p. 660). IRG, IV, 135. HAE, 293. Osaba, B. (1948-49, p. 107).

**Ob:** É descoñecida a súa procedencia, aínda que algúns autores o sitúan na zona oriental da provincia de Ourense. O selo reflicte só o nome da unidade militar que o fabricou. Son abundantes os ladrillos que conservan marcas da Lexión VII Gémina, sobre todo no seu campamento de León. É posible que na zona do achado existise unha *vexillatio* ou destacamento da mesma unidade militar.



Legio VII Gemina.

B.4.2. Ánforas. Son obxectos de cerámica que se empregaban para conter bebidas. Aparecen dous tipos de inscricións: os *tituli picti* e os selos. O primeiro está escrito sempre con tinta indeleble e consta de cinco elementos no caso da ánfora bética:

α. Situado no colo expresa o peso en libras da ánfora baleira.

β. Nas costas da ánfora aparece reflectido o nome dos comerciantes que transportaban o aceite. Son os chamados *negotiatores* e poden pertencer á mesma familia ou a varias, iso si, están asociados con fins mercantís.

γ. Outro elemento numeral, nesta ocasión situado no ventre, que expresa o peso do aceite en libras.


δ. Quizais sexa este elemento, situado no mango, o máis importante xa que é a indicación do control feito sobre a ánfora. Nel indícase a cidade de orixe, o *praedium* de onde procede o aceite, unha datación consular e o *cognomen* en nominativo do *ensor*, é dicir, do encargado de certifica-lo peso.

ε. É esta unha indicación numérica de significado descoñecido que non aparece con regularidade.

B.4.3. *Tesserae*. Son pequenas pezas de metal, marfil ou madeira, de formas diferentes, empregadas para fins diversos: entrada a banquetes e espectáculos, autorización a recibirlas racións de gran e rubricar pactos de hospitalidade ou padroado (*tesserae hospitales-tabulae patronvs*). Esta última categoría era moi importante na antiga Gallaecia.

**Id:** 84 **C:** Tillegus Ambati  
**Lh:** Carbedo, O Courel.

**T:** APPIO IVNIO SILANO P SILIO / NERVA COS / TILLEGVS. AMBATI. F. SVSARRVS / ⊃ AIOBAIGIAECO. HOSPITIVM / FECIT. CVM LOVGEIS CASTELLANIS / TOLETENSIBVS. SIBI VXORI. LIBE / RIS POSTERISQVE. SVIS. EVMQ / VE VXOREM LIBEROSQVE. EIVS / IN FIDEM. CLIENTELANQVE. SVA / M. SVORVMQVE. IN PERPETVO. CAS / TELLANEI. TOLETENSIS. RECEPERVNT / EGIT. TILLEGVS. AMBATI



Titulus pictus sobre un ánfora olearia Bética.

IPSE / MAG. LATINO. ARI. ET. AIO TEMARI.

**Tr:** PPIO IVNIO SILANO P(ublio) SILIO NERVA CO(n)S(ulibus) TILLEGVS AMBATI F(ilius) SVSARRVS ⊃ (castellum?) AIOBAIGIAECO HOSPITIVM FECIT CVM LOVGEIS CASTELLANIS TOLETENSIBVS SIBI VXORI LIBERIS POSTERISQVE SVIS EVMQVE VXOREM LIBEROSQVE EIVS IN FIDEM CLIENTELANQVE SVAM SVORVMQVE IN PERPETVO CASTELLANEI TOLETENSIS RECEPERVNT EGIT TILLEGVS AMBATI (filius) IPSE MAG(istris) LATINO ARI(filio) ET AIO TEMARI(filio).

**Tra:** Sendo cónsules Appius Iunius Silanus e Publius Silius Nerva, Tilegus, fillo de Ambatus, do pobo dos Susarrus e pertencentes ó castro Aiobaigiaeco, fixo un pacto de hospitalidade cos Lougei, habitantes do *castellum de Toletum*, para si mesmo, para a

súa muller, para os seus fillos e para os seus descendentes. Pola súa parte, os habitantes do *castellum de Toletum*, recibírono para sempre como cliente, a el e ós seus. Levantou acta do acordo Tilegus mesmo, fillo de Ambatus, sendo maxistrados Latinus, fillo de Arus, e Aius, fillo de Temarus.

**L:** MPL **Med:** 28x16,5 **Tp:** Tessera Hospitales **M:** Bronce.

**D:** Texto epigráfico gravado sobre unha cartela enmarcada por columnas estriadas que soportan un frontón triangular no que se asoma unha cabeza de guerreiro tocado cun helmo. A ámbolos dous lados unhas *ansae* para colgar.

**Var:** 1.3: SVSARAVS (Vázquez Saco, 1958, p. 59); 1.13: IATINOARI (Ors, 1960; HAE).

**B:** IRPL, 55. Rodríguez Colmenero, A. (1995, pp. 22-23). Vázquez Saco (1958-59, p. 271). Ors, D' (1960, pp. 143-146). HAE, 1965. ILER, 5835. Lomas Salmonte, J. (1996, pp. 171-192). López Barja, P. (1993, pp. 229-231).

**Ob:** Apareceu en 1959 na torre de Cabreira (Carbedo, O Courel). Trátase dun pacto de hospitalidade habido entre un particular e unha comunidade. Tanto IRPL como Rodríguez Colmenero (1995) dátana no ano 28 d. C. Foi atopada nunha tumba de inhumación.

B.4.4. *Tabellae defixionvm*. Son pequenas táboas finas de materiais duros, xeralmente chumbo, con forma



Texto da Tabula do Courel.

rectangular enroladas ou pregadas. A linguaxe empregada é variable, dende o grego ás linguas indíxenas, sendo o latín o máis común. Eran usadas para causar un prexuízo a un individuo concreto, invocando á divindade neste empeño. Nelas aparece o nome da vítima con toda unha serie de precisións coma o lugar onde vive, o oficio, etc. Tamén adoita aparecer-lo nome da divindade, vinculada case sempre ó mundo dos mortos: Plutón, Mercurio, Proserpina. Como se trata de facer efectiva unha maldición inclúen unha fórmula máxica para consagra-la vítima ó deus (*deferre, demandare, devolver*). Noutras indícase qué é o que o Deus debe facer con ela, en subxuntivo con *ut (abducas, crucies, cocidas)* ou en imperativo.

## EPIGRAFÍA ROMANA. TRATAMENTO CURRICULAR

A experiencia que desenvolvemos pretendeu principalmente achega-los alumnos ó día a día do mundo antigo. As máis das veces tanto o latín coma a propia historia antiga son tratados dun xeito desnaturalizado, como datos esquecidos, sucesos incoherentes, palabras mortas<sup>6</sup> que discorren polas páxinas dos libros de texto afastándose progresivamente das nosas experiencias e intereses. Esa historia escrita con maiúsculas é necesario dotala dun sentido que incardine a súa estrutura, que lle devolva a súa coherencia, é necesario pois volvela humanizar. Contradictoriamente, son as propias Ciencias Sociais as que deshumanizan o verdadeiro protagonista delas presentándonolo como un obxecto máis do devir histórico. Esquécese, polo tanto, o máis importante do ser humano: os seus sentimentos, as súas inquedanzas, a súa humanidade. Non só dos grandes homes, senón tamén, de todos aqueles que polas súas circunstancias seguen a sufri-lo anonimato da nosa historia a pesar de seren eles os que a fixeron posible dende a súa inconsciencia.

En fin, a experiencia trata de analiza-lo cotián a través dos documentos máis próximos ó alumnado: os epígrafes. En case tódalas zonas temos testemuños epigráficos que nos están a falar das propias vivencias dos nosos devanceiros. Daquel *Parraqvvs* que lle deu o

nome ó Parga actual, daquela Apana que con tan só dezasete anos falece en Lugo despois dun longo camiño dende Noia, de cómo vestía, de cómo era a súa familia, do amor profesado polo seu irmán plasmado na lápida, de Philtates, perruqueira de profesión e antiga escrava de condición...

### 1.1.OBXECTIVOS XERAIS

- Lectura correcta dos epígrafes.
- Transcrición e comprensión da mensaxe.
- Análise do nome romano, do indíxena e das distintas divindades, establecendo as diferencias e semellanzas.
- Análise e interpretación da decoración e das imaxes.
- Comprensión e valoración do concepto da morte no mundo romano.
- Comprensión do concepto de perdurabilidade e memoria do defunto a través da tumba.
- Comprensión e análise do panteón romano e indíxena. Diferencias e semellanzas.
- Diferenciación, a través das inscricións, dos cidadáns romanos fronte ós indíxenas.
- Coñecemento e valoración do entorno histórico circundante, situando

<sup>6</sup> Nos últimos anos estase a desenvolver toda unha serie de experiencias prácticas para revitaliza-la lingua latina e afasta-la súa imaxe de lingua morta. Neste senso *vid.* J.M. Muñoz Real, 1995.

outros achados arqueolóxicos da zona.

- Valoración do latín como axente romanizador e vínculo de unión entre distintos pobos, no pasado e no presente.

## 1.2. ELECCIÓN DOS GRUPOS DE TRABAJO

---

Dado que un dos obxectivos da experiencia era indaga-la posibilidade de trata-la epigrafía con grupos de alumnos sen coñecementos da lingua latina, optouse por elixir, por unha banda, cursos medios: o extinguido 2º curso do primeiro ciclo de FP e 4º da ESO, e pola outra un 3º curso do segundo ciclo da FP. A elección deste último responde á necesidade de contrastar cómo o propio desenvolvemento persoal, provocado pola maior idade e diferente actitude, podía influír no tratamento do tema, tendo en conta que tampouco tiñan coñecementos da lingua latina. Así mesmo, considerouse oportuno, facer todo o contrario nalgún grupo. Deste xeito, elixiuse un 2º de Bacharelato onde si tiñan coñecementos previos da lingua.

## 1.3. DURACIÓN DO PROXECTO

---

Non tódolos cursos necesitaron do mesmo tempo para alcanza-los obxectivos sinalados. Para os dous cursos de 2º FP1 e o de 4º da ESO empregáronse doce horas, mentres que para 3º de FP2 foron 10 horas. As quince horas dedicadas en 2º de Bacharelato non foron debidas a unha dificultade no desenvolvemento da actividade

senón todo o contrario, xa que a actividade programada tan só ocupou oito horas, mentres que as sete restantes foron solicitadas polos propios alumnos que amosaban un verdadeiro interese pola lectura dos epígrafes e a súa interpretación. Fíxose necesaria entón a elaboración de máis material gráfico que era “devorado” axiña, de feito, neste curso foron interpretados trece epígrafes dos cales a metade foron lidos directamente das fotografías mentres que nos outros cursos só foron empregadas seis inscricións e a súa lectura facíase a partir de debuxos, de xeito que resulta máis doado ca con fotografías.

## 1.4. AVALIACIÓN

---

O primeiro que tiñamos necesidade de avaliar era a nosa propia metodoloxía para determinar se era válida para alcanza-los obxectivos establecidos. O desenvolvemento da experiencia co primeiro grupo de FP (1997) amosou unha enorme dificultade por parte dos alumnos para entende-las inscricións. Este problema foi debido, en parte, a que previamente non se lles facilitara ningún vocabulario base nin se lles explicara suficientemente as diferentes estruturas que adoitan presenta-los distintos tipos de inscricións. Como amosa o gráfico a deficiencia foi resolta, en parte, cos seguintes grupos proporcionándolles previamente as abreviaturas e transcricións dos epígrafes, así como unha explicación pormenorizada das estruturas. Aínda con todo, e a pesar da rebaixa considerable

das porcentaxes de dificultade, esta é a parte que máis dificultade presenta, debido, quizais, á falta de costume de ler inscricións. De feito, comprobouse que segundo se ían lendo, as seguintes eran moito mellor lidas e interpretadas cás primeiras.




Gráfico 1. Índice de superación de obxectivos.

Se observámo-lo seguinte gráfico pódenos sorprende-la escasa dificultade na realización da experiencia en 2º de Bacharelato. Isto débese a varios motivos, entre os que cabe destaca-la presenza do Latín como materia nestes alumnos, a enorme motivación que




Gráfico 2. Porcentaxes de dificultade observadas no proceso.

amosaron en todo momento, o maior desenvolvemento intelectual propio da idade e, tamén, o feito de se-lo grupo máis reducido de tódolos que participaron.

## CONCLUSIONES

1. A experiencia é factible neste abano de cursos sempre e cando sexa sistematizada e axeitada ó nivel.

2. É conveniente entregar material ós alumnos (caderno de traballo) para unha mellor comprensión e asimilación.

3. É unha experiencia motivadora, xa que se lles presenta un material descoñecido para a maior parte dos alumnos que *a priori* semella ser moi difícil pero posteriormente descóbrense que non o é tanto. Esta capacidade para "ser quen de" causa na maior parte dos casos unha satisfacción.

4. É útil empregala en materias vinculadas co mundo clásico. De feito, as inscricións empregámolas en Historia de Galicia de 2º de Bacharelato para a comprensión dos deuses castrexos *versus* romanos e a onomástica indíxena *versus* galaico-romana, así como para analiza-los desprazamentos de poboación na Gallaecia. De xeito semellante, podémola aplicar na materia de Cultura Clásica na ESO.

5. A experiencia pode ser completada cunha visita a un museo<sup>7</sup>, experiencia sen dúbida motivadora xa que á hora de ler inscricións é moito máis “real” lelas sobre o propio soporte que sobre un papel.

## SIGLAS E ABREVIATURAS

---

B: Bibliografía

BML: Boletín do Museo de Lugo

CIL: Corpus Inscriptionum Latinorum

D: Decoración

HAE: Hispania Antiqua Epigraphica

Id: Número de orde do epígrafe

IF: Inscrición Funeraria

IRG: Inscricións Romanas de Galicia

IRPL: Inscricións Romanas da Provincia de Lugo

IV: Inscrición Votiva

L: Lugar de conservación do epígrafe

Lh: Lugar do achado

LS: Lateres Signati (ladrillos)

M: Material

Med: Medidas

MPL: Museo Provincial de Lugo

MPO: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Ob: Observacións

T: Texto da inscrición

Tp: Tipoloxía

Tr: Transcrición

Tra: Traducción

Var: Variantes

## BIBLIOGRAFÍA

---

Albertos, M.L., *Organizaciones suprafamiliares en la Hispania Antigua*, Valladolid, 1975.

\_\_\_\_\_ “Perduraciones indígenas en la Galicia romana, los castros, las divinidades, y las organizaciones gentilicias en la epigrafía”, en *Actas del Bimilenario de Lugo*, Lugo, 1977, pp. 17-28.

Arias Vilas, F., Patric Le Roux, e Alain Tranoy, *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París, (IRPL), 1979.

Caamaño Gesto, M., “El miliario de Friol, Aportaciones al conocimiento de la vía XIX”, B.M.L., 1999.

Diego Santos, F., *Epigrafía romana de Asturias*, Oviedo, (ERA), 1959.

García Marín, J., Javier Gómez Vila, e Eulogio Pernas, “La visita a museos en el marco de la reforma. Una experiencia significativa: o Museo do Pobo Galego”, *Cadernos de*

<sup>7</sup> Vid. García Marín, J., Javier Gómez Vila e Eulogio Pernas, 1993. Neste traballo inténtase sistematizalas visitas a museos no marco da aprendizaxe significativa.



- Innovación Educativa*, I, 1993, pp. 189-202.
- Lomas Salmonte, Fco. Javier, "Consideraciones sobre las civitates del cuadrante noroccidental de la Península Ibérica", en *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico. Actas del Congreso Internacional*, T.I. Lugo, 1996, pp. 171-192.
- López Barja, P., *Epigrafía romana*, Santiago, Tórculo, 1993.
- Lorenzo Fernández, J. A., D'Ors, e F. Bouza Brey, *Inscripciones romanas de Galicia IV, Provincia de Orense*, Santiago de Compostela, (IRG), 1968.
- Lourenço Fontes, A., "Culto ao Deus Larouco, Iupiter, e Ateguina", en *Actas do Seminário de Arqueologia do Noroeste Peninsular*, Guimaraes, III, 1980, pp. 5-20.
- Muñoz Real, J.M., *Latín y prensa escrita. Una experiencia práctica en el aula*, Madrid, Ed. Clásicas, 1995.
- Ors, A. D', "Nuevas aras romanas de Lugo", *Emérita*, XXVIII, 1960, p. 328. Corrixido en *Emérita*, XXIX, 1968, p. 128.
- Osaba, B., "La epigrafía romana del Museo de Orense", en *Memorias 1948-49*, p. 107.
- Pereira Menault, G., "Los castella y las comunidades de Gallaecia", *Zephyrus*, XXXIV-XXXV, 1982, pp. 249-267.
- \_\_\_\_\_, "La formación histórica de los pueblos del norte de Hispania. El caso de Gallaecia como paradigma", *Veleia*, I, 1984, pp. 270-287.
- Rodríguez Colmenero, A., *Lucus Augusti. Urbs romana*, Lugo, 1995.
- \_\_\_\_\_, "Estela romana, monumental, de Crecente (Lugo)" en *Larouco 2*, 1996, pp. 283-288.
- \_\_\_\_\_, *Aquae Flaviae. Fontes epigráficas*, Chaves, Cámara municipal de Chaves, 1987.
- Roldán Hervás, J.M., *Repertorio de epigrafía y numismática latina*, Salamanca, 1969.
- Schulze, *Zur Geschichte lateinischer Eingenanamen*, Berlín, 1933.
- Vázquez Saco, F., "Nuevas inscripciones romanas de la provincia de Lugo", *BCML*, VI, 1958-1959, pp. 270-273.





## PROXECTO: “OS PEMENTOS DA NOSA ESCOLA”

Javier Iglesias Valiño\*  
 Ana M<sup>a</sup> Fariñas Pérez\*\*  
 Escola de Educación Infantil  
 Xanza-Valga

O proxecto que denominamos “Os pementos da nosa escola” consiste nunha experiencia realizada con trinta e un nenos de 3, 4 e 5 anos de idade que comeza no mes de maio, cando plantámo-los pementos na horta da escola por xentileza da nai dun antigo alumno que nolos cedeu. Durante o verán foron coidados polos alumnos e mailos seus pais.

O traballo abrangue dous cursos e tres experiencias distintas segundo o tipo de pemento. No primeiro, o curso 1998-1999, plantamos pementos de Herbón e no segundo, o presente curso escolar 1999-2000, centrámonos máis nos pementos do piquillo, ou chouri-ceiros, e nos morróns.

Tanto no mes de outubro deste curso coma no do pasado recollémo-los pementos da horta arrincando as plantas. Ó facelo vimos que ofrecían resistencia (a función de sustento da raíz) e trasladámoslos ó interior da escola. Alí observámo-la forma de planta e as súas distintas partes: raíz, talo, froita e follas, e comentámo-las funcións de cada

unha ó tempo que comparamos con libros e revistas as fotografías e debuxos desta e doutras plantas.

Seguidamente arrincámo-la raíz e vémo-lo conducto do zume e cál é a súa función. A seguir tocámo-las plantas, ulímolos, etc. e mesmo recollemos uns caracois que había e que decidimos gardar nunha caixiña e alimentar coas leitugas da nosa horta escolar.

Observámo-las follas das distintas plantas de pemento e finalmente separámo-las, coidando de non lle arrinca-lo rabo e non esmagalos; isto esixe unha certa precisión da súa motricidade fina, un control da forza da man. Amontoámo-los pementos e posteriormente separámo-los que estaban podres e observamos que estes están brandos, que se poñen negros, soltan auga e incluso atraen os mosquitos. Cos talos e coas follas, así como cos pementos podres, decidimos facer un composto natural que utilizaremos para estercémo-las árbores do patio. Quédannos pois, na escola, os froitos sans que teremos que clasificar.

\* Profesor de Infantil.

\*\* Profesora de Infantil.



Arrancando os pementos da nosa horta escolar.

Cada neno colle un pemento, tócao, óleo, mira qué cor ten, fíxase na súa forma e vaino agrupando dependendo da variedade á que pertenza. Despois abrimos algúns e vemos que no seu interior todos teñen sementes, nervaduras ou nervios, carne, e por fóra a pel. Con coidado probámo-las sementes e vemos que moitas picaban mentres que a carne normalmente non. Así descubrímo-lo sabor picante. As sementes plantámolas en tarros.

Debuxamos tódolos pasos dados ata o de agora e os rapaces contan coas súas palabras o feito en cada momento.

Isto é importante porque así se centran nos diferentes aspectos do traballo e fan unha secuenciación temporal máis significativa ó seren eles os protagonistas. O feito de resumir unha experiencia deste tipo vailles axudar a esquematizar textos ou feitos máis complicados no futuro cunha redacción máis madura unha vez que dominan en cursos superiores a lecto-escritura.

Fotografámo-los distintos pasos dados e elaboramos entre todos un gran mural no que recollemos todo o feito ata o de agora e poñémoslle o títu-

lo: “OS PEMENTOS DA NOSA ESCOLA”.

Pasaremos agora a relatar por separado o que fixemos cos tres tipos de pementos:

- Pementos de Herbón.
- Pementos morróns.
- Pementos chouriceiros ou do pi-quillo.

Hai que ter en conta que as experiencias realizadas foron pensadas de xeito que puideran ser levadas a cabo por nenos destas idades que, recordemos, teñen 3, 4 e 5 anos.

## 1. OS PEMENTOS DE HERBÓN

A denominación de orixe “Pementos de Herbón” chega tamén ata a zona da nosa escola. Con esta variedade decidimos facer unha conserva de pementos en vinagre, para o cal previamente analizamos qué era unha conserva, para qué servía, qué tipos de conservas hai no mercado, etc.

Trouxemos á escola conservas variadas e vimos que estas tiñan unhas etiquetas ou envases que poñían unhas letras e uns números, así como debuxos, que eran importantes para saber cousas sobre o que se envasaba. Concluímos, tras ver cáles eran os aspectos



Separando o froito da planta e clasificandoo.

esenciais, que nós tamén iamos facer unha etiqueta con información para as nosas familias sobre a conserva que levaríamos para a casa. Nesa etiqueta poñeríamos os ingredientes, a data de consumo preferente, o peso, o lugar onde foi envasada e o debuxo dun pemento.

Pasamos pois agora a lava-los pementos de Herbón, secalos e metelos dentro do bote de cristal previamente esterilizado ou fervido e cheo de vinagre que os nenos trouxeron das súas casas. Vimos que ó metelos dentro o vinagre desborda, e esta é unha noción intuitiva do principio de Arquímedes.

Tras envasalos, puxéronlle-lo seu nome na tapa e cubriron as etiquetas. Cada neno pesou o seu bote, anotou o peso en gramos e fixo o debuxo do froito. Despois pegámo-la etiqueta e cada un levouno para a súa casa para preparar unha receita de cociña cos seus pementos.

Fixemos fotografías desta experiencia e colaboramos nun mural explicativo dos pasos dados e outro cos distintos tipos de conserva.

## 2. OS PEMENTOS MORRÓNS

Para os pementos morróns decidimos que pediríamos a cada neno que trouxeran unha receita da súa casa para cociñalos na escola.

Suxerímoslles ás familias que fagan partícipes ós seus fillos facendo que se fixen en que estas se copiaron

dun libro de receitas, de revistas, ou que as sabían os seus pais, nais, avós, fixándose tamén en que teñen un título, uns ingredientes, o número de persoas para as que se calculan estes e a preparación, que é a explicación da receita.

Recollemos tódalas receitas e elaboramos un recetario de pementos morróns que serviría para levar e preparar logo nas súas casas uns as receitas dos outros. De entre todas, seleccionamos unha por votación, concretamente a titulada “Espirais tricolores con pementos e salsa de tomate” e preparámola.

Observamos que esta receita, ó igual que outras que vimos, necesitaba uns ingredientes, que era o que faría falta ter para elaborala. Miramos qué instrumentos necesitamos: tixola, pota, cullerón, fornello, pratos, garfos, coitelos de punta roma, mantel e panos de mesa. Vimos tamén a necesidade de contar cun peso (para axustar as cantidades) e un reloxo (para calcular o tempo de cocción).

Unha vez que tiñamos todo o necesario preparámo-los ingredientes entre todos, para o cal necesitamos coller pementos verdes e vermellos e cortalos, sacándolles tamén o rabo, as nervaduras brancas e as sementes. Así mesmo, cortamos tamén allos e cebola. A frixidura e a cocción quedou exclusivamente en mans das mestras por ser esta unha actividade que entrañaba perigo para os nenos. Unha vez preparada, para o cal tivemos que ler moitas

veces a receita para saber qué facer en cada momento, procedemos a poñer a mesa para degustala. O éxito foi grande pois contentou moito os cativos que fixeron desta a súa única comida de mediodía, e non só eles, senón tamén ás mestras, polo que só quedou por toma-la sobremesa cousa que fixo cada un na súa casa.

Debuxamos e fotografámo-la experiencia e colocamos todo no taboleiro da escola e cada neno copiou despois a receita.

### 3. OS PEMENTOS CHOURICEIROS OU DO PIQUILLO

En realidade englobamos co mesmo nome os pementos que para uns eran do "piquillo" e para outros "chouriceiros", pois ó parecer eran os mesmos aínda que nunhas zonas lles chamaran dun xeito e noutras de outro.

Ó separa-los pementos en grupos imos vendo en qué se diferencian uns doutros e imos xuntando no grupo de "pementos chouriceiros" aqueles que se parecen pola súa fisionomía externa. A estes decidimos atalos polo rabo e colocalos a secar colgados dunha barra coa intención de que, unha vez secos, cada neno levara un para a casa co fin de usalo nunha receita de cociña feita en familia.

Fixemos fotografías desta experiencia para confeccionar un pequeno álbum fotográfico explicativo de todos os pasos dados ata que os pementos se

colgaron da barra, contando o que faciamos en cada foto. Fixeron, así mesmo, un debuxo da experiencia e contaron o que fixeron, sempre coas súas letras.

Ó final de todos estes traballos confeccionamos un libro con forma de pemento titulado *Os pementos da nosa escola*, con portada de cartolina e unha folla de cores, no que se recolle o seguinte:

Páxina 1: Dada a silueta dun pemento os nenos teñen que pintala e cubrirla de anacos de papel segundo o gusto e a creatividade de cada un.

Páxina 2: Estampado con pintura dun pemento cortado lonxitudinalmente e outro horizontalmente.

Páxina 3: Dada a forma dun pemento deben debuxar, pintar e nomea-las partes: sementes, nervios, carne, pel e rabo.

Páxinas 4 e 5: Proporcionámoslles fotos das experiencias e teñen que poñerlle un pé de foto coa explicación do que se fai en cada unha.

Páxina 6: Traballo co texto dunha poesía aprendida relacionada co pemento completando palabras que faltan. A poesía é a seguinte:

"¡Mama, Papa!"

— Mamá, papá, Periquiño quéreme pegar.

— ¿Por qué?

— Por nada.



Colgando a secar os pementos do piquillo ou chouriceiros.

— Por algo será.

— Por un pemento, por un tomate, por un anaco de chocolate.

Páxinas 7 e 8: Relato e debuxo da experiencia feita cos pementos chouriceiros.

Páxinas 9 e 10: Copiado da receita de pementos morróns feita na escola. Nunha páxina copian o nome dos

ingredientes e na outra relatán a preparación.

Páxina 11: Debuxo da conserva realizada cos pementos de Herbón.

Páxina 12: Buscámo-lo significado de pemento que dá o dicionario da Real Academia da Lingua, facemos unha fotocopia ampliada e pegámola nesta páxina.







*O prazer de ler*  
*Literatura infantil e juvenil*



## O PRACER DE LER

---

### Literatura infantil e xuvenil

*Agustín Fernández Paz*  
 Instituto Os Rosais II  
 Vigo



**Título:** *Teodemiro soña con dragóns*

**Texto e**

**ilustracións:** Xan López Domínguez

**Colección:** Montaña Encantada

**Editorial:** Everest Galicia

Primeiros lectores

Neste álbum, peculiar e magnífico, o ilustrador Xan López Domínguez réndelle unha orixinalísima homenaxe a Antonio Gaudí, o arquitecto ó que se lle deben, ademais da Sagrada Familia e outras tantas obras sobradamente coñecidas, os fascinantes espazos do Parque Güell de Barcelona.

A penas hai neste libro unha feble liña argumental: Teodemiro é un home maior que soña con dragóns. Páxina a páxina, nunha proposta cada vez máis abraiante, asistimos á plasmación plástica deses dragóns que enchen os seus sonhos: grandes coma casas ou pequenos

coma bichos bóla; feroces e brutais ou mansos coma cadelos; dragóns namorados da lúa ou agochados no fondo do mar... Todos eles rodean a Teodemiro, en escenarios que remiten a espazos do Parque Güell ou a algunhas das construcións máis características do estilo de Gaudí.

O álbum é un galano para os ollos. Encadres que xogan con variados tipos de plano e ángulos de visión, figuras siluetadas con groso trazo negro e cheas de intensas cores planas, composicións ategadas de elementos... En suma, unha excelente proposta plástica que paga a pena salientar.



Este libro, que inaugura a colección Sondeconto da editorial Kalandraka, é unha proposta que merece unha atención especial. A partir dunha serie de pezas para piano que o compositor Marcial del Adalid escribiu para a súa filla María hai máis dun século (gravadas agora pola Orquesta Sinfónica de Galicia e recollidas no CD que acompaña o libro), Neira Cruz escribiu un intenso e poético texto, ilustrado posteriormente por Kiko da Silva.

A historia é sinxela: cando Tano naceu, seu pai plantou no xardín unha semente de baobab. Árbore e neno foron medrando, e, cando Tano

**Título:** *A memoria das árbores*  
**Autor:** Xosé A. Neira Cruz  
**Ilustracións:** Kiko da Silva  
**Música:** Marcial del Adalid  
**Colección:** Sondeconto  
**Editorial:** Kalandraka Editora  
 De 6 anos en diante

fixo cinco anos, seus pais celebraron unha festa. Como tamén o seu irmán-árbore estaba de aniversario, o neno levoulle un anaco de pastel. Pola noite, cando Tano xa durmía, espertárono uns golpes na fiestra. Era o baobab, que viña invitado á súa festa de aniversario. Unha festa fantástica, que remata cando chega o amencer dun novo día.

Ademais da forza evocadora do texto, merece mención especial o experimento plástico de Kiko da Silva, que, con madeira, plastilina e pinturas, dá vida ás diferentes escenas da historia.



Inés é unha nena de seis anos que vive nunha pequena aldea da Galicia do interior. Os seus pais son labregos e pasan moito tempo ocupados nos labores da terra. Na casa hai unha cadela, a Faísca, que é a compañia insubstituíble da nena; e tamén hai un can de caza, o León, que lle fai as beiras á cadela.

A novela, onde o narrador omnisciente intervéñ con frecuentes comentarios, coma se estivesemos nunha narración oral, conta a vida cotiá da nena e a súa relación cos dous ani-

**Título:** *Inés e a cadela sabia*  
**Autor:** Darío Xohán Cabana  
**Ilustracións:** M<sup>a</sup> Ángeles Maldonado  
**Colección:** Tucán  
**Editorial:** Rodeira  
 De 6 anos en diante

mais. Só no último tercio do libro asistimos a un feito fóra do rutineiro: Inés e os cans caen no pozo dunha mina de area abandonada, e tódolos veciños da aldea saen na súa procura, unha procura que ten un remate feliz.

Darío Xohán Cabana ofrécenos un libro inzado de optimismo, un canto ás situacións sinxelas da vida, narrado con mestría, nun ton onde se mesturan a tenrura e o humor. As ilustracións de Ángeles Maldonado, de carácter realista, reforzan ese vitalismo presente no texto.



Marta Matapitos, a malvada protagonista desta novela, é a directora dun colexio. Ninguén o sabe, pero trátase “do derradeiro membro dunha malvada caste de meigas chuchonas, personaxes malévolos que vampirizan a enerxía vital dos nenos”. Como ela di, un colexio é o lugar ideal, pois está sempre cheo de nenos. Casilda Belida, bibliotecaria e profesora de educación infantil da escola, será quen se opoña a tan terribles personaxe (coa valiosa axuda do conserxe e, sobre todo, dos seus alumnos).

Con este punto de partida, Gloria Sánchez proponnos unha narración onde nos atopamos



Xa hai máis de dous anos que estes tres autores lucenses iniciaron unha empresa de grandísimo alento: poñer por escrito os contos populares da tradición oral galega, tomando como punto de partida todos os materiais editados con anterioridade e tamén as versións orais recollidas polo equipo etnográfico Chaira. Este traballo está a aparecer dentro dunha colección específica, “Cabalo Buligán”, en edición moi coitada, con ilustracións a cor de diferentes artistas. Polo de agora apareceron catro volumes dedicados ós “Contos Marabillosos” e, con este que se

**Título:** *Matapitos.com*  
**Autor:** Gloria Sánchez  
**Ilustracións:** Fran Jaraba  
**Colección:** Merlín  
**Editorial:** Edicións Xerais de Galicia  
 De 9 anos en diante

cunha revisión moi orixinal e libre dalgúns dos máis populares contos tradicionais, desde *Brancaneves* ata *Hansel e Gretel*. Hai moito humor neste libro, un humor que vai da ironía crítica á aberta comicidade, plasmado nuns personaxes magníficos (as ilustracións de Fran Jaraba son un complemento indispensable) e nuns diálogos delirantes.

Como Marta Matapitos é unha adicta á informática, os lectores atoparanse cunha sorpresa se se conectan á Rede e teclean este enderezo: <http://www.xerais.es/matapitos.com/>

**Título:** *Contos de maxia, IV*  
**Autor:** Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba  
**Ilustracións:** Irene Fra  
**Colección:** Cabalo Buligán  
**Editorial:** Edicións Xerais de Galicia  
 De 10 anos en diante

referencia aquí, outros catro dedicados ós “Contos de Maxia”.

No presente volume, atopámo-los relatos *O príncipe lagarto*, *Aladina*, *A caixa dos demachiños* e *O mozo, a meiga e o xigante*. Son textos axeitados para calquera idade, especialmente apropiados para seren lidos en voz alta. Cabe salientar neles o traballo exhaustivo e rigoroso a partir das diversas fontes, a altura literaria dos textos e o engado das historias (sobre todo, a que abre o volume). As ilustracións de Irene Fra, minuciosas e realizadas con técnica mixta, recrean eficazmente o mundo dos relatos.



O primeiro que chama a atención neste libro é o espazo xeográfico e cultural no que se sitúan os catorce contos que o compoñen: as terras americanas da conca do Amazonas e os espazos abertos onde vivían os antigos indios, no que hoxe son os EE UU. Os autores recorren ó vello artificio do manuscrito atopado, do que eles son simples transcriutores. Neste caso, os papeis corresponden a un parente xornalista que pasou unha boa parte da súa vida profesional nas terras anteditas.

**Título:** *Contos do reino Mamorangá*  
**Autor:** Ana Mª Fernández e Xoán Babarro  
**Ilustracións:** Xulia Barros  
**Colección:** Elefante Contacontos  
**Editorial:** Ir Indo  
 De 12 anos en diante

O contido dos papeis son uns contos breves, case sempre narradas cun ton mítico que os fai especialmente atractivos. A maioría baséase nas lendas maias, aztecas ou sioux ("Eu, aguiá", "A sabedoría de Muller Luz"...); outras son narracións realistas que nos ofrecen o contraste entre a visión do mundo que ten o narrador, europeo, e os personaxes indíxenas cos que se relaciona ("Xé Samba", "Flor de Lúa"...). Unha proposta distinta, narrada con eficacia, á que paga a pena achegarse.



Estamos nos últimos anos do século XVIII. Roi, o protagonista e narrador deste libro, cóntanos cómo foi a súa infancia e mocidade: o seu nacemento nunha aldea preto do cabo Vilán, os anos de rapaz nos que soñaba con navegar por tódolos mares do mundo, o desembarco na costa fisterrá do pirata Arripai, "o máis sanguinario e terrible dos mares", que rapta á mocíña do que Roi estaba namorado... Finalmente, Roi acaba embarcando co capitán Araña, un corsario galego que xurara acabar para sempre co pirata Arripai.

**Título:** *Capitán Araña*  
**Autor:** Rafael Lema  
**Ilustracións:** Eduardo Reimóndez  
**Colección:** Xuvenil  
**Editorial:** Sotelo Blanco  
 De 12 anos en diante

Son moi escasas as novelas xuvenís que teñen o mar como escenario, e máis escasas aínda as que abordan o mundo da piratería fuxindo dos tópicos humorísticos ou dos esquemas rutineiros da novela de aventuras. Aínda que só fose por iso, *Capitán Araña* merecería ser salientada. Pero é que, ademais, está narrada con alento épico, cunha lingua madura que outorga unha poderosa verosimilitude a todo o narrado. Tan só o remate, algo apresurado, embaza a forza do conxunto.



Esta novela é a gañadora da segunda convocatoria do Premio Abril, un feito que xa a fai merecedora de atención. Este premio, creado hai dous anos por Editores Asociados (Galaxia é a editorial galega do grupo) e Ámbito Cultural, comezou a súa andaina o ano pasado, cando resultou gañadora a excelente *Silencio no corazón*, de Jaime Cela, xa recollida nesta sección.

A historia que se narra en *Camiños sen fin*, escrita orixinariamente en bable, é de ambiente mariñeiro. Pedro, o narrador, cóntanos as súas lembranzas da vida no mar: o seu intenso desexo

**Título:** *Camiños sen fin*  
**Autor:** Pablo Antón Marín Estrada  
**Traducción:** Leandro García Bugarín  
**Colección:** Costa Oeste  
**Editorial:** Galaxia  
 De 13 anos en diante

de ser mariñeiro, os meses de práctica na pesca de baixura da man de seu pai, a súa primeira (e única, por razóns que se coñecen ó remate do libro) marea nas augas do Gran Sol, a descuberta do sentimento amoroso...

Por riba da historia, que podería ser unha máis das que teñen como tema a relación entre o mar e os homes, o que singulariza este libro é a súa linguaxe. Narrado sen concesións a unha pretendida comercialidade, o texto ten un ton poético e elexiaco que o eleva por riba doutros libros dirixidos ós lectores mozos.



*As cousas claras* é a novela gañadora do Premio Merlín deste ano 2000. Cómpre dicilo desde o primeiro: trátase dun libro excelente, escrito con mestría, onde se nos conta unha historia que aborda algúns dos aspectos máis espíntos da sociedade actual.

Marga, a protagonista e narradora, é unha rapaza de dezaseis anos que está a cursa-lo bacharelato. Vive soa con súa nai, coa que mantén unhas difíciles relacións. No instituto hai un profesor, Mon, que propón unhas clases diferentes, onde aborda temas "conflictivos". Un día, o centro aparece sementado de carteis onde se

**Título:** *As cousas claras*  
**Autor:** Xosé A. Neira Cruz  
**Colección:** Fóra de Xogo  
**Editorial:** Edicións Xerais de Galicia  
 De 13 anos en diante

acus a Mon de relacionarse sexualmente con alumnos. Iso motiva unha áspera polémica e, aparentemente, un intento de suicidio do profesor. Marga e mailo seu amigo Afonso van descubrir, cando empezan a remexer no caso, que a realidade era moi distinta.

Xosé A. Neira Cruz ofrécenos unha novela que entronca coa mellor tradición da narrativa xuvenil. A que non renuncia a contar o mundo en toda a súa complexidade, por dura que sexa, sen renunciar tampouco a mostrar a forza irrefreable da vida, capaz de impoñerse ás circunstancias máis adversas.



Aínda que hai un breve texto que serve de fío conductor, *El erizo de mar* é un álbum onde a ilustración é a protagonista absoluta. A autora, partindo da imaxe dun ourizo de mar, vai realizando sucesivas transformacións que nos levan a outros elementos, respectando sempre a proximidade visual entre cada un e o seguinte. Despois de chegar ata as propostas máis diversas, nunha

**Título:** *El erizo de mar*  
**Texto**  
**e ilustracións:** Iela Mari  
**Colección:** Sopa de Libros  
**Editorial:** Anaya  
 De 4 anos en diante

roda de imaxinativas sorpresas, remata volvendo outra vez ó ourizo de mar, nun traxecto cerrado e circular.

Velaquí un álbum que é unha festa para a imaxinación e unha deliciosa caixa de sorpresas. Encantaralle ós primeiros lectores, pero tamén engaiolará a calquera persoa que se achegue a el libre de prexuízos.



Remata o inverno; na horta, as árbores froiteiras comezan a agromar. Logo, na primavera, todas se enchen de flores. Os insectos e os paxaros vanse achegando a eles. Pero a cerdeira, a pereira, a ameixeira... tódalas árbores os rexeitan, polos trastornos que provocan. Tan só a maceira os acolle: dilles que poden facer nela os seus niños, instalarse entre as súas pólas. E o mesmo fai coas toupas, e cos ourizos, e cos leiróns... Os paxaros e outros animais fan a súa vida na maceira, entre as olladas escépticas das árbores que a rodean.

**Título:** *El manzano*  
**Texto:** Mira Lobe  
**Ilustracións:** Angelika Kaufmann  
**Traducción:** Eduardo Martínez  
**Editorial:** Lóguez Ediciones  
 De 7 anos en diante

Despois chega o inverno: caen as follas e aparece a neve. As outras árbores teñen frío e soledade. Só a maceira non se sente soa, porque garda a lembranza de tantos amigos que viviran ou dormen a carón dela.

Este álbum, que recibiu numerosos premios en Austria e Alemaña, é un deses poucos libros que nos quedan gravados na memoria. En tempos de insolidariedade e rexeitamento ante a inmigración, esta sinxela e intemporal historia ofrece unha mensaxe integradora e solidaria, ben doada de entender polos lectores máis novos.





María leva varios días agardando o paso das aves que, procedentes do Norte, marchan a terras máis cálidas. Sempre se deteñen preto da súa aldea, pero este ano non dan chegada.

A nena, acompañada dalgúns animais da súa casa, emprende camiño cara ó Norte, na procura das aves. Despois dunha longa viaxe, chegan por fin a unha “xigantesca cidade con fumegantes chemineas”. Alí atopan as aves, voando desconcertadas polas súas rúas: orientáranse pola luz da cidade, crendo que seguían a do sol.



“Os vencellos voan sempre. Todo o día e toda a noite. Durante o día voan xogando e cazando. Comen mosquitos e outros insectos voadores. Pola noite soben canto poden polo ceo escuro e dormen planeando, coas ás abertas.” Estas son as primeiras liñas do libro, e a tentación do lector é a de pensar que está ante unha esaxeración, axiña desmentida polas enciclopedias, onde atopámo-la confirmación de que as cousas son así: o vencello pasa case toda a súa vida no aire.

Nesta pequena novela, Gonzalo Moure cóntano-la vida de Gordo, un vencello rebelde,

**Título:** *No eres más que una pequeña hormiga*  
**Autor:** Adrià Godia  
**Ilustracións:** Judit Morales  
**Editorial:** Ediciones SM  
 De 7 anos en diante

Entón María e os animais constrúen un enorme paxaro, poñéndolle ás á bicicleta da nena. Cando María monta nela e bota a voar polo aire, tódalas aves a seguen, retomando así o camiño que sempre fixeran.

Este álbum levou o Premio Lazarillo de Ilustración no ano 1998. Un premio acertado, porque, se ben o texto é atractivo, son as ilustracións as que impoñen o seu protagonismo. Feitas cunha mestura de diversas técnicas, sempre con cores frías e cunhas arriscadas composicións, chaman a nosa atención pola súa beleza e orixinalidade.

**Título:** *El vencejo que quiso tocar el suelo*  
**Autor:** Gonzalo Moure  
**Ilustracións:** Fernando Martín Godoy  
**Colección:** Pájaros de Cuento  
**Editorial:** Everest  
 De 8 anos en diante

empeñado en pousar no chan para vivir experiencias novas, ignorando así as leis non escritas da súa especie. É unha narración tenra e dura, de fondo alento poético (as ilustracións de Fernando Martín reforzan esta vertente), adubada sempre cunha pinga de humor.

Este libro forma parte dunha nova e interesante colección, “Pájaros de Cuento”, da que ata agora apareceron nove títulos, cada un deles protagonizado por un paxaro distinto. Son historias de ficción moi diversas, que teñen como única premisa a de mostrarnos os paxaros tal e como son na realidade.



*Si ves un monte de espumas* é o título do fermoso poema de José Martí que abre esta escolma de poesía infantil hispanoamericana. Como di Ana Garralón no prólogo, “os vinteseis autores que aparecen nesta selección naceron en América Latina, terra fermosa de longas distancias e grandes contrastes: de México a Tierra del Fuego, é dicir, de Norte a Sur, hai máis de dez mil quilómetros e moitas culturas diferentes. Sen embargo, todos estes autores teñen algo en común e é que nalgún momento das súas vidas escribiron versos para nenos”.



Carla pertence a unha familia onde a cultura se vive intensamente (o pai é director de teatro e a nai, actriz; seu irmán Sergio, ó que está moi unida, é pintor e pasa unha tempada en New York). A novela comeza cando a rapaza inicia 3º da ESO e, xunto ó seu amigo Jaime, empeza a vivi-las inquietudes da adolescencia.

Ó colexio chega un novo profesor, David, que entra en contacto con Carla de modo casual. Axiña lle pide que se integre nun grupo de rapaces que está formando, cō obxectivo de discutir de libros, de cine, de pintura... Carla e Jaime entran no grupo e, pouco a pouco, nun proceso

**Título:** *Si ves un monte de espumas y otros poemas*  
**Autor:** Selección de Ana Garralón  
**Ilustracións:** Teresa Novoa  
**Colección:** Sopa de Libros  
**Editorial:** Anaya  
 De 8 anos en diante

Trátase dunha escolma luminosa e fascinante, onde atopamos poemas de autores de sona (José Martí, Nicolás Guillén, Amado Nervo, Gabriela Mistral...) a carón doutros menos coñecidos que nos sorprenden pola súa calidade (Hugo Molina, Emma Pérez, Gloria Jiménez, Gastón Figueira...). Un agasallo para calquera persoa, grande ou pequena, que se achegue a estas páxinas.

As numerosas ilustracións de Teresa Novoa, formalmente innovadoras, iluminan con novas perspectivas a beleza dos textos.

**Título:** *Llámalo X*  
**Autor:** Marinella Terzi  
**Colección:** Gran Angular-Alerta Roja  
**Editorial:** Ediciones SM  
 De 13 anos en diante

de idealización, a rapaza acaba por namorarse do profesor. Paralelamente, comezan a espallarse rumores de que David tivera que marchar doutro colexio por motivos nunca aclarados. Este e outros acontecementos obrigarán a Carla a madurar e a vivir intensamente o amor e a amizade.

*Llámalo X* é unha novela de iniciación que aborda todo o complexo mundo dos sentimentos e contradicións que se experimentan nos anos da adolescencia. É é, tamén, unha apaixonada defensa do valor que ten a arte para axudarnos a entende-lo mundo e a nosa propia vida.



**Título:** *Una guerra africana*  
**Autor:** Ignacio Martínez de Pisón  
**Colección:** Gran Angular  
**Editorial:** Ediciones SM  
De 14 anos en diante

Estamos nos tempos da guerra con Marrocos. É o ano 1921 e acaba de producirse o chamado desastre de Annual. José Carril, o mozo protagonista, alístase no exército por fuxir da fame e da miseria. Forma parte do grupo mandado polo sarxento Medrano, un antigo mestre anarquista, que trata de resistir a presión dos soldados de Abdelkrim. En Melilla, de xeito casual, José Carril entra en contacto cun pequeno grupo anarquista (onde destaca a figura de Aurora, unha militante que prepara un atentado), oposto activamente a unha guerra inxusta e cruel. A

experiencia bélica e o contacto con determinadas persoas (o grupo de soldados, o sarxento, Aurora) axudarlle a conformar a súa visión do mundo e da vida.

Nesta novela, de magnífica escritura, aparecen reflectidos de xeito extraordinario o fanatismo ideolóxico, a crueldade da guerra e as serias carencias de todo tipo que dominaban na España daquel tempo. Resulta estimulante atopar propostas narrativas coma esta dentro da literatura orientada á mocidade.





# *Recensiones*





**Título:** *O reto da innovación na Educación Especial*  
**Autor:** José Ramón Alberte Castiñeiras (ed.)  
**Editorial:** Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, 2000  
**Colección:** Informes e Propostas, 3  
**Núm. pp.:** 705  
**Tamaño:** 24 x17

Esta obra nace do resultado do traballo e a reflexión dun gran número de profesionais comprometidos tanto profesional como persoalmente co progreso, co descubrimento, que buscan novas alternativas, profesionais, en definitiva, comprometidos coa difícil tarefa da innovación na educación especial. A atención á diversidade constitúe unha das principais aspiracións da educación básica obrigatoria e un dos principios xerais que a LOXSE establece. Pretende que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferencias individuais en canto a valores, expectativas persoais, autoconcepción, estilos de aprendizaxe, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de aprendizaxe, etc. do alumnado.

O libro conta con cincuenta e catro achegas, o que demostra a capacidade de convocatoria do editor. Así, neste volume, no que desde diversas ópticas se aborda unha cuestión tan candente, atopamos múltiples propostas que podemos agrupar en cinco grandes bloques: integración e innovación; formación e desenvolvemento profesional para a atención á diversidade; organización educativa e atención á

diversidade: Educación Infantil, Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Postobrigatoria; innovacións e uso de recursos; experiencias concretas de atención á diversidade, educación e traballo.

Poderíamos asumir un consenso no que as medidas de atención á diversidade son medidas de individualización do ensino que deben procurarse nun ensino adaptativo. Nos distintos capítulos preséntanse múltiples e diversas propostas, tanto teóricas como prácticas de diferentes medidas de atención á diversidade, presentando unha feliz conxunción de aspectos teórico-prácticos que permiten contextualizar, e a partir de aí comprender máis claramente qué está a ocorrer no ámbito da educación especial no noso país.

O Real Decreto 696/1995 de 28 de abril de ordenación da educación dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais establece que os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais asociadas a sobre-dotación intelectual, a discapacidade psíquica, sensorial ou motora, e aqueles que precisan de compensación

educativa por estaren nunha situación social ou culturalmente desfavorecida se escolaricen, con carácter xeral, nos centros e programas ordinarios.

Así, atopámonos con achegas nas que se traballa sobre *adaptacións de acceso ó currículo*, que supoñen por tanto modificacións que compensen dificultades para acceder ó currículo, tales como dificultades de acceso físico (que requiren medidas de adaptación nos espazos, mobiliario, recursos didácticos, etc.) ou dificultades na comunicación (que requiren en ocasións a utilización de sistemas e códigos distintos ou complementarios da linguaxe oral); *adaptacións curriculares*, nas que a adaptación supón efectuar modificacións nos propios elementos curriculares (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación).

Pola súa vez, o alumnado que non consegue o título de graduado en Educación Secundaria pode acceder á oferta ordinaria ou específica de programas de Garantía Social que se adaptará ás necesidades específicas deste tipo de alumnado; as modalidades existentes son: iniciación profesional, formación-emprego, talleres profesionais ou modalidade para o alumnado con necesidades educativas especiais. Tamén terá acceso, trala súa formación básica a unha oferta formativa deseñada especialmente para facilita-la súa transición á vida adulta e laboral. Estes programas de transición á vida adulta estarían encamiñados a facilitalo desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social dos alumnos.

Indícase que, nos centros de educación especial, se escolarizan exclusivamente os alumnos e alumnas con necesidades educativas asociadas a condicións persoais de discapacidade unidas a atraso mental severo ou profundo, a plurideficiencias ou a trastornos graves de personalidade, cando na avaliación psicopedagóxica se considera que sería mínimo o seu nivel de adaptación e integración nun centro ordinario e que van requirir adaptacións moi extremas en practicamente tódalas áreas do currículo. Neste sentido a resposta educativa que se debe proporcionar ós alumnos con necesidades educativas especiais non debe centrarse unicamente nas súas características propias senón na organización do centro e da aula adaptando obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía xeral ás súas características singulares.

Todos estes aspectos son presentados con minuciosidade e rigorosidade neste libro, que resultan de enorme utilidade para todos aqueles estudantes e profesionais preocupados pola temática da Educación Especial. Tendo en conta estas contribucións, as análises, as investigacións presentadas, as experiencias compartidas polos diferentes autores expertos na temática que participan neste libro, constataremos que tocan o fondo do que supón verdadeiramente o núcleo de todo proceso educativo calquera que sexa o nivel ó que desexemos aplicalas, resultando un inequívoco sinal da evolución e avance neste ámbito, presentándonos



non só unha panorámica actual da Educación Especial, senón das medidas e solucións aplicables á realidade.

Cabe resaltar nesta obra que os seus autores utilizan unha linguaxe directa e concisa sen resentirse por isto o rigor das súas contribucións, de lectura fácil, que non se perde en tentativas de achegamento ó tema, senón que reflicte o resultado dunha reflexión valente e achegada á realidade dos

nosos centros educativos, gracias a que todos eles son profesionais cunha presenza nas prácticas educativas dos diferentes niveis do sistema educativo do noso país que, sen dúbida, contribúe a que a calidade educativa sexa cada día unha realidade.

*Cristina Abeal Pereira*  
Universidade de Santiago de  
Compostela







**Título:** *Aforismos sobre el arte de saber vivir*  
**Autor:** Arthur Schopenhauer  
**Editorial:** Debate, Madrid, 2000  
**Núm. pp.:** 223  
**Tamaño:** 19 x 13

A Editorial Debate acaba de promover unha nova colección sobre “el arte de vivir”, na que se recollen obras de diferentes autores que nos propoñen reflexións e pautas para afronta-la vida con outra mirada. Os sete libros publicados tratan de nos orientar sobre a busca, os modos, camiños e formas de pensar e actuar para conseguila felicidade. O primeiro dos volumes editados é o libro de Epicuro *Sobre la felicidad* ó que seguen outros: *Meditaciones* (Marco Aurelio), *Imitación de Cristo* (Tomás de Kempis), *Maestro de vida* (M. de Montaigne), *Oráculo manual y arte de prudencia* (Baltasar Gracián). Os dous últimos corresponden á obra de Arthur Shopenhauer, que agora comentamos, e *La conquista de la felicidad*, publicada por Bertran Russell.

Todos queremos, desexamos, ser felices. Atopamos xa en Aristóteles que o fin natural do home é ser feliz. Este mesmo filósofo lémbra-nos que, a pesar da evidencia desta apreciación natural, é difícil saber qué é a felicidade para o home. Os homes e as mulleres somos distintos, diverso será tamén o que cada un fai para conseguila. Por iso, a “arte de vivir” é unha tarefa persoal e,

se ben o desexo é común a todos, a súa realización é un quefacer individual.

Esta colección permítenos ir rastrexando nalgúns filósofos, variados no tempo, en ideas e propostas, sobre o tema da felicidade, obxecto de estudio desta serie de libros que, no seu conxunto, pode ser un material válido para os alumnos. En efecto, ler e revisa-los clásicos sobre cuestións que de forma perenne nos interesan a todos pode ser un bo exercicio filosófico. O tema da felicidade é un tema de onte, de hoxe e de mañá e todos nos sentimos implicados por igual.

Un dos autores elixidos nesta colección para tratar sobre a “arte do vivir” é Arthur Shopenhauer (1788-1860). Na súa obra *Parerga y paralipomena*, concretamente no primeiro tomo, atópase a *Eudemonología o aforismos sobre el arte de vivir*. Trátase dunha obra de madurez e nela Schopenhauer compendia e expón a súa “filosofía para o mundo” deixándono-la súa sabedoría práctica para sobrevivir nun mundo que tantas veces nos é hostil. Os aforismos que alí se atopan son coma unha autobiografía psicolóxica do autor. Son

o compendio de observacións, intuicións, respostas a situacións complexas da vida, das relacións e convivencias cos demais ¿Como resolvelas sen deixar de ser feliz?

Ó longo dos seis capítulos deste libro vainos amosando o contido de tanta sabedoría condensada en poucas páxinas pero que son o resultado de toda unha vida de lectura e reflexión. Comeza cunha distinción fundamental: “lo importante es lo que somos, no lo que tenemos” e enriquece esta reflexión con distintas contribucións doutros autores que afondaron nestes mesmos temas como Epiteto, Aristóteles, Cicerón, Shakespeare, Goethe, etc. En concreto, reflexiona amplamente sobre un texto de Aristóteles (*Ética Eudemia*, VII, 2) que di que “la felicidad es de quienes se bastan a si mismos”.

Schopenhauer continúa as súas reflexións formulando as diferencias sobre os que teñen o necesario, e máis, para vivir e os que carecen diso e polo tanto aspiran a ter máis. O autor ironiza e analiza profundamente os medios que estes empregan para conseguilo. Baseándose nestas diferencias dos homes polas súas posesións radican os diferentes niveis de aspiracións e con iso as sensacións de felicidade ou de dor que ten cada un.


Pero ademais de ser, de ter, xorde outra interrogante: ¿que somos para os demais? ¿que representamos? Todo isto afecta á felicidade. Son interesantes os argumentos nesta liña para conseguir-la tranquilidade de espírito e a independencia ante as opinións.

Finaliza Schopenhauer, a través de máximas e consellos prácticos, presentando unha serie de consideracións referidas ó comportamento que debemos ter, en primeiro lugar, con nós mesmos; en segundo lugar cómo comportarnos cos demais e, por último, conclúe facendo unhas advertencias sobre o interesante que é reflexionar sobre os cambios que se van producindo en nós nas distintas etapas da vida. Deste xeito aplica a sabia sentenza de Voltaire: “quen non ten o espírito que corresponde á súa idade, ten tódolos infortunios da súa idade”.

Estas páxinas, escollendo sobre todo determinados textos, proporcionan un material moi útil para facer reflexiona-los nosos alumnos sobre un tema tan vital e tan importante como é “o saber vivir sen deixar de ser feliz”. Trátase dunha cuestión ética e pragmática na que esta obra e outras da colección nos poden axudar.

María del Carmen García Sánchez  
Instituto Rosalía de Castro  
Santiago de Compostela





**Título:** *Educación e Neurociencia*  
**Autores:** Lisardo Doval Salgado e Miguel A. Santos Rego (eds.)  
**Editorial:** Galigraf, A Coruña, 1999  
**Núm. pp.:** 153  
**Tamaño:** 21,05 x 12,05

A obra *Educación e Neurociencia* pretende traza-las conexións existentes entre campos do saber ata o de agora escasamente relacionados: a Educación e a Neurociencia. Ó longo das súas páxinas, os distintos autores tentan amosarnos cómo a Pedagogía, en tanto que ciencia da educación, pode recoller moitas pautas de actuación das neurociencias, ó tempo que as diversas situacións educativas lles poden ofrecer ás neurociencias excelentes campos de experimentación nos que probar teorías fóra dos laboratorios. Baixo estas consideracións, o libro, que comeza cunhas notas *In Memoriam* ó profesor Lisardo Doval Salgado, coeditor e investigador profundamente preocupado pola temática que nel se aborda, desenvólvese en oito capítulos.

Coa lectura do primeiro capítulo, achegámonos ó concepto de neurociencia, un campo científico amplo, xeral e complexo no que están implicadas perspectivas totalmente básicas como a Bioloxía Molecular ou mesmo Ciencias Sociais coma a Pedagogía, a Psicoloxía ou a Antropoloxía. A lectura dalgúns dos aspectos puntuais da investigación en Neurociencia amósanos que hoxe

certamente sabemos moito acerca das funcións concretas e de determinados substratos estruturais do sistema nervioso central, aínda que nos faltan respostas claras sobre o seu funcionamento. Estas son, en opinión do autor, as razóns fundamentais que avalan a necesidade de coordinar esforzos e un traballo interdisciplinario dende a Anatomía, Fisioloxía, Física, Farmacoloxía, Psicoloxía..., para avanzar nun campo científico tan prometedor coma este das neurociencias.

O capítulo segundo ocúpase de achegarnos ó funcionamento do cerebro humano e á súa aplicación ás áreas de aprendizaxe, dando conta da coexistencia, na actualidade, de dúas teorías nun principio enfrontadas. A teoría das "localizacións" funcionais e a teoría da "totalidade" funcional. Actualmente sabemos que o cerebro humano funciona coma unha totalidade, pero tamén que determinadas áreas son imprescindibles para poder desenvolver unha función concreta. Gracias á investigación sabemos ó tempo, que a codia cerebral se subdivide en tres áreas: áreas sensitivas e sensoriais, áreas

motoras e áreas de asociación superior, psíquicas e prefrontais.

Así mesmo, o funcionamento do sistema nervioso central humano é compatible coa especialización de aspectos funcionais deste e, en especial, coa presenza de dous hemisferios. A partir dos estudos e experimentos feitos con animais e con pacientes con cerebro cirurxicamente dividido, comprobábase que a percepción, a memoria e a aprendizaxe se executan de forma independente en ámbolos dous hemisferios. A linguaxe e a fala son funcións case exclusivas do hemisferio esquerdo, ó igual có movemento voluntario complexo, a lectura, a escritura e o cálculo matemático; pola súa parte, o hemisferio dereito está especializado en funcións non lingüísticas, no recoñecemento de padróns complexos na visión, a audición e os sentidos táctiles, no sentido do espacio e, en xeral, nos actos creativos asociados ás expresións artísticas e imaxinativas.

No seguinte capítulo, o terceiro, os autores expoñen o importante papel que xogan as imaxes mentais na aprendizaxe e a súa relación coa creatividade. Así mesmo, suxiren que o vínculo entre imaxes mentais e creatividade pode tamén establecerse baseándose na especialización hemisférica. Como poñen de manifesto numerosos estudos, e mesmo os testemuños subxectivos de persoas creativas no mundo artístico e científico, as imaxes mentais e a creatividade son importantes no desenvolvemento do individuo e están intimamente relacionadas. Así, por

exemplo, grandes figuras da literatura dan conta de que as súas obras foron creadas copiando imaxes mentais ou auditivas, ou describindo imaxes visuais. Tamén as ideas creativas de afamados científicos parecen xurdir, a miúdo, como imaxes mentais concretas.

O vínculo entre imaxes mentais e creatividade tamén se pode establecer baseándose na especialización hemisférica. A revisión dos diversos estudos leva a pensar que o hemisferio dereito ten un papel preponderante na creatividade, non obstante, ámbolos dous hemisferios interactúan para producir un acto creativo. Pero, na dominancia hemisférica dun individuo, é ademais necesario considera-la influencia doutras variables coma por exemplo as diferencias sexuais, as características de personalidade ou os estilos cognitivos. Finalmente, os autores deste traballo fan unha reflexión sobre as implicacións educativas que teñen as imaxes mentais, e subliñan a necesidade de desenvolver nos estudantes habilidades de procesamento da información tanto verbais coma non verbais.

O autor do seguinte capítulo detense na definición e caracterización dos “estilos cognitivos” afondando no estudio de dous deles, os máis relevantes dende o punto de vista da investigación básica e aplicada: “dependencia-independencia de campo perceptivo” (DIC) e “reflexividade-impulsividade”. Os estilos cognitivos son dimensións sintetizadoras que resumen o método cognitivo básico no que unha

persoa se apoia ó se enfrontar ás diversas formas de estimulación sensorial; definen os modos xerais que ten cada individuo de procesa-la información e de resolver problemas. A análise que o profesor García Ramos fai do construído “estilos cognitivos” deixa patente as súas implicacións no proceso educativo, ó lle axudar ó profesor a entender-las actuacións dos alumnos. Así, unha das súas principais aplicacións educativas reside, sen dúbida, na posibilidade que nos fornecen de estudia-lo modo persoal de cada individuo para procesa-la información e a recepción dos estímulos externos.

Do capítulo quinto son autores os profesores Lisardo Doval Salgado e Miguel A. Santos Rego, editores da obra, que partindo dunha concepción da educación como desenvolvemento intencional das potencialidades do individuo, propoñen a “pedagogía adaptativa”, como a parte da pedagogía que, mediante a reflexión sobre o fenómeno da educación como proceso de adaptación, constrúe e propón modelos de intervención pedagóxica válidos para eleva-los cocientes de adaptabilidade do educador ás características do educando, e do educando ós requirimentos de cada tarefa. Para eles, a pedagogía adaptativa xustifícase a partir da evidencia dunha diversidade de estilos, habilidades, estratexias e procedementos que definen o concurso ou dinámica interactiva de alumnos e profesores, tanto nos seus compoñentes interrelacionais coma intrarrelacionais. Propoñen, así mesmo, as princi-

pais consideracións técnicas da pedagogía adaptativa, a saber: a creación na aula dun clima desinhibidor, a posta en práctica de accións pedagóxicas favorables ó desenvolvemento integral das funcións de todo o cerebro, moi especialmente as do hemisferio dereito e a selección de tarefas de aprendizaxe axeitadas ó desenvolvemento de estratexias e tácticas adaptativas.

En definitiva, a pedagogía que os autores propoñen tenta recordárno-la necesidade de adapta-la intervención ós estilos e estratexias procesadores e de aprendizaxe nos estudantes e ás mesmas condicións sociais que se viven ou perciben nos contextos de educación formal.

A continuación, o profesor Bernardo Gargallo López, no sexto capítulo, acérganos ó coñecemento do estilo cognitivo “reflexividade-impulsividade” e á investigación e programas de intervención por el realizados. O esquema teórico que é obxecto de estudo ten un carácter bipolar e está acouitado por dúas variables fundamentais:

1. Latencia ou demora temporal, é dicir, o tempo previo á emisión da resposta por parte do suxeito, en situacións de certa incerteza, que chega a ser longa para algunhas persoas mentres para outras, pola contra, chega a ser bastante breve.

2. Precisión ou exactitude na resposta, isto é, calidade do rendemento intelectual que conduce ós acertos ou erros .

En xeral, parece que os suxeitos reflexivos empregan máis tempo cós impulsivos en analiza-las cousas, son máis coidadosos e acertan máis porque as súas estratexias de análise son axetadas, mentres que nos impulsivos ocorre o contrario. Dende o punto de vista educativo, o estilo cognitivo “reflexividade-impulsividade” parece ter múltiples e variadas implicacións en relación á atención, o rendemento académico, a capacidade de inhibición ou control de movementos, o desenvolvemento cognitivo e a capacidade mental, a metacognición, a habilidade lectora, a agresividade, o autocontrol e a resolución de problemas.

No seguinte capítulo, o autor aproxímanos a dúas acepcións do termo “reflexividade”. Así, a reflexividade maniféstase nas actividades encamiñadas á percepción e adquisición da información ou experiencia, dominio máis influído polas dimensións supraconscientes ou superracionais da nosa mente, e as súas potencialidades actívanse a través da meditación reflexiva. Ademais, a reflexividade está ligada co pensamento racional, lóxico, consciente, que é un aspecto esencial do pensamento crítico. Así, en relación coa primeira acepción, o profesor débelle axudar ó alumno a descubri-las súas posibilidades, favorecendo o uso da imaxinación e a intuición e utilizando, de modo frecuente, técnicas de relaxación, visualización, imaxinería guiada e meditación. Polo que respecta á segunda acepción do termo “reflexividade”, o autor é partidario de que no

deseño dun programa educativo se teñan en conta factores ambientais, psicolóxicos, cognoscitivos e persoais-sociais no seu desenvolvemento.

O derradeiro capítulo ocúpase do síntoma de confusión b/p na escritura, un síntoma que aparece frecuentemente nos nenos disgráficos e que se adoita considerar unha disfuncionalidade á hora de percibir obxectos no espacio ou de se proxectar sobre o espacio percibido. Ó longo das súas páxinas faise un percorrido por algunha das síndromes nas que se presenta o síntoma de confusión b/p, a saber:

- Síndromes debidas a problemas no estado xeral de actividade por carencias afectivas ou por perturbacións do ton cortical.
- Síndromes debidas a problemas na linguaxe impresa, sexa na lectura previa á copia ou ben no dictado.
- Síndromes debidas a deficiencias na linguaxe expresiva-escrita, por agnosia no recoñecemento e conciencia do propio corpo, ou por disfuncionalidades no centro da escritura (Centro de Exner).

Froito de tan variada etioloxía, no traballo destaca a necesidade de desenvolver liñas pedagóxicas baseadas nun coñecemento profundo de cada síndrome e as súas características.

En síntese, as diferentes contribucións incluídas neste libro teñen a intención de presenta-los intereses comúns entre dous campos do saber que ata agora coexistían baixo un




descoñecemento mutuo e, por tanto, incorporar unha visión dende as neurociencias aínda emerxente, pero capaz de ofrecer alternativas a algúns dos problemas pedagóxicos máis importantes. Dende estas premisas, os autores trazan as relacións existentes entre a educación e as neurociencias para amosarnos que a Pedagogía, en tanto que ciencia da educación, pode ver mellorado o seu *status* na medida en que adquire unha maior toma de conciencia sobre a repercusión que a investigación neurolóxica ten para a educación do individuo e, á inversa, porque

tamén se adiviñan beneficios que a Pedagogía pode chegar á interpretación dun déficit ou disxunción cerebral previamente identificada. En definitiva, trátase de proclama-la emerxente relación entre educación e neurociencias, algo que, como xa suxiren os editores na introducción á obra, hoxe non é só pertinente, senón absolutamente imprescindible se queremos acadar unha educación de calidade.

*Ana M<sup>a</sup> Porto Castro*  
Universidade de Santiago  
de Compostela







**Título:** *La Animación con personas mayores*  
**Autora:** Carolina Elizasu  
**Editorial:** CCS, Madrid, 1999  
**Núm. pp.:** 199  
**Tamaño:** 23 x 15

Este libro non é un caso singular nun momento en que, política e socialmente, preocupa o problema das persoas maiores, que supoñen máis dun 15% da poboación de Galicia. Figura co número dezaoitto nunha ampla colección titulada: Escuela de Animación. Neste momento, o seu último volume *Expresión musical, educación y tiempo libre* ocupa o número vintedous.

¿Cal é o obxectivo desta colección? Trátase fundamentalmente de poñer a disposición do público unha serie de obras nas que o rigor da exposición teórica vén acompañado pola experiencia e praxe activa de moitos dos seus autores. Neste caso, a autora leva anos traballando como animadora de persoas maiores en España e Francia e coñece profesionalmente moi ben este tema.

Dúas cuestións temáticas serven de base para o proxecto desta obra. Por unha parte a situación das persoas maiores e por outra o tema da animación sociocultural. En canto á primeira, a autora opta pola denominación de “persoas maiores” e non de “terceira idade”, termino que tivo certo éxito a

partir dos anos sesenta e que hoxe é substituído polo primeiro. A razón é a connotación negativa que ofrece a expresión “terceira idade” ó da-la sensación de grupos de persoas que, por non estaren activas, se atopan en certa situación de marxinalidade e incapacidade. En consecuencia, deben ser obxecto dunha merecida atención e descanso en maior medida que un colectivo activo e participativo na nosa sociedade en función das súas capacidades. Hai pouco reseñabamos nestas mesmas páxinas nunha obra cun título innovador *¿Qué hacen las personas mayores por nosotros?*

En canto á segunda temática, o núcleo central da obra está referido á animación sociocultural, outra expresión na que a influencia francesa resulta tamén importante. A idea da animación sociocultural (ASC) vense impondo como contrapartida á simple “difusión cultural” dende metade do século. Se esta considera os individuos e as comunidades como meros receptores da cultura a ASC pretende convertelos en axentes activos. Esta dialéctica conceptual ten a súa implicación e continuidade na distinción entre

“democratiza-la cultura” para eleva-lo nivel cultural das masas e a “democracia cultural” que se interesa polo feito de que os colectivos sociais sexan suxeitos creadores e participantes nas propias e diferentes accións de intervención cultural sen nega-lo reparto dos beneficios culturais para todos. Ambas situacións non son excluíntes pero, sobre todo, a perspectiva da ASC pretende promover nos distintos membros da sociedade unha participación activa do seu propio desenvolvemento tanto social coma cultural.

No caso das persoas maiores, a ASC ten unhas connotacións moi particulares que son estudadas neste traballo. Por unha parte, este colectivo goza de maior tempo libre ó se atopar en situación de xubilación e dispoñer dun tempo liberado dos condicionamentos laborais. Por outra, esta situación ten un risco por canto a persoa maior pode diminuí-la súa actividade e as súas relacións sociais. Ante este feito problemático a autora preséntano-la ASC coma unha actividade e un programa que lles permita ós maiores integrarse e participar de forma voluntaria en tarefas colectivas nas que a cultura xoga un papel estimulante. A función do “animador” e dos diferentes “programas” consiste precisamente en provoca-la inquietude dunha aprendizaxe continua que lles permita ós maiores entender os cambios rápidos da nosa sociedade e participar activamente na soa realidade cotiá.

Dende este presuposto básico que aclara o núcleo e obxectivo fundamen-

tal desta obra, a autora divídeala en cinco capítulos. Un primeiro dedicado a expoñe-la situación da vellez hoxe, tanto dende o punto de vista demográfico coma socioeconómico, sanitario e educativo, para analizar no segundo o sistema de protección social. Estes dous capítulos son, por tanto, introductorios para profundar logo nas situacións particulares da súa vida.

O terceiro e cuarto capítulo asumen o núcleo central ó comenta-los diferentes procesos de actividades de animación. Descríbense os modelos institucionais da animación (capítulo terceiro) e analízase (capítulo cuarto) as actividades de animación tanto no propio domicilio coma en diferentes institucións, sen esquecer-la motivación e os soportes técnicos para organizar e participar nos diferentes programas.

Particular atención merece o tema dos fogares e clubs de xubilados dada a extensión deste programa. Para a autora estas institucións (residencias). Considera que hoxe reflicten un modelo de xubilación anacrónico como etapa de merecido descanso na que soamente se deben realizar actividades recreativas que non se puideran gozar ó longo da vida profesional.

A partir desta crítica amplamente xustificada, proponse un novo modelo moito máis activo, sen nega-la función de encontro e de gozo deste “descanso” merecido. Neste novo modelo trátase de romper coas situacións de pasividade e de dependencia para que os propios socios sexan autoxestores e

animadores, formen parte de asociacións e desenvolvan actividades que potencien unha inserción social dinámica e variada. Estes fogares necesitan, por tanto, unha reconversión que dea resposta ós máis variados intereses dos maiores e teña en conta o novo perfil do xubilado que se vai xa configurando e que, na súa opinión, cada vez ten menos que ver coa persoa que “vén pasa-lo rato”.

Ó tema da xubilación dedica a autora o seu último e amplo capítulo rexeitando os modelos e prácticas da “xubilación-ocio” e da “xubilación como segregación”. A súa proposta é un novo modelo cultural de xubilación que busca unha nova utilidade social para os maiores en oposición á condena a un ocio forzoso, a ser enviados ó mundo dos improductivos e marxina-dos da sociedade. A preparación para a xubilación reivindica unha persoa maior activa a través do intercambio de


servicios prestados das transferencias que recibe da propia sociedade. Todo isto debe traducirse nunha participación na vida asociativa, no compromiso voluntario que lle permitirá a este colectivo estende-la noción de traballo máis alá da actividade productiva e organizada e comprometerse en proxectos e actividades tanto de carácter social, como culturais, formativos, deportivos, etc.

En síntese, esta obra non trata só do tema actual da velez senón que tamén analiza a súa situación, ofrece o modelo e práctica de animación socio-cultural para converte-lo tempo libre dos maiores nun tempo e nunha ocasión de participación, formación, desenvolvemento persoal e compromiso social.

*Agustín Requejo*  
Universidade de Santiago  
de Compostela







**Título:** *Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica*  
**Autor:** Jaume Sarramona  
**Editorial:** Ariel, Barcelona, 2000  
**Núm. pp.:** 272  
**Tamaño:** 22 x 15

A Editorial Ariel iniciou nos últimos anos con motivo da posta en marcha das novas titulacións nas facultades de Ciencias da Educación (Pedagogía, Psicopedagogía e Educación Social) unha colección específica denominada Ariel Educación. Son moitas as obras que leva publicadas, tanto as que podemos denominar “manuais de estudio” en formato grande como obras máis específicas que acollen temáticas puntuais sobre determinadas cuestións educativas.

Neste ano acaba de publicar un novo título sobre *Teoría de la Educación* que completa outras publicacións como *Teorías e institucións contemporáneas de la educación* (1997) e *Educación no formal* (1998). ¿Que é o que distingue esta obra dos anteriores traballos? Neste caso estamos ante un texto íntegro do autor fronte a colaboracións puntuais en determinados capítulos de obras precedentes. O máis particular é o propio subtítulo: *Reflexión y normativa pedagógica*.

Tal como di nas breves páxinas dedicadas á súa presentación a *Teoría da Educación* é un conxunto sistemáti-

co de coñecementos que ten como obxectivo básico mellora-la práctica educativa por medio de propostas e normas de acción. Por tanto, na opinión do autor “no puede considerarse meramente especulativa sino eminentemente aplicativa o tecnológica” (p. 8). Con estas aclaracións básicas o que se pretende nestas páxinas é facer unha selección de contidos esenciais para a intervención educativa, tanto nos ámbitos da educación de carácter formal como non formal e informal.

Os temas escollidos aparecen agrupados en tres partes claramente diferenciadas. A primeira leva por título “La educación como tarea de humanización” e a súa intención é ofrecerlle ó lector unha visión global da educación como “proceso” de “comunicación”, como “proceso sistémico” que engloba diferentes tipos de intervencións e como “estructura social” composta de elementos humanos, institucións e funcións que conflúen nun país ou territorio, nun sistema educativo.

Esta ampla visión sistémica dedica na segunda parte un espacio moito máis extenso ás “instituciones y a la

práctica educativa” tomando como referencias principais a familia como “institución social y educativa”, a escola, os profesionais da educación (“el profesor como educador profesional”) e o suxeito da educación. Xunto a estes contextos nos que a acción formativa ten diferentes tipos de intervencións, o autor non esquece que no propio espacio escolar están presentes determinados instrumentos e circunstancias. Entre os principais está o currículo que, co seu conxunto de prescricións propostas polas diferentes administracións educativas, constitúe o ámbito académico sobre o que se materializa a actuación profesional dos profesores e a interacción co colectivo de alumnos nos diferentes tramos do sistema educativo.

Dada a importancia do currículo como instrumento de formación e aprendizaxe para o colectivo de alumnos, a súa aplicación débese adaptar ás circunstancias particulares. En consecuencia, nesta parte expóñense algunhas das cuestións máis importantes que afectan ó fenómeno da “atención á diversidade”: diferencias aptitudinais ante a educación flalumnos con problemas e superdotadosfl, diferencias de xénero fla práctica da coeducaciónfl e diferencias culturais nas súas dimensións máis específicas fla educación intercultural e a diversidade lingüística.

Estas páxinas dedicadas a temas tan específicos resultan hoxe fundamentais. Un sistema educativo baseado esencialmente na “comprensividade”

non pode tratar a todos por igual se ten como obxectivo común o de ofrecer a tódolos alumnos unha educación básica de, polo menos dez anos para, a continuación, seguir formándose conforme ás súas necesidades, os seus itinerarios laborais, as diferentes capacidades e situacións vitais, etc. Estamos, no momento actual, ante un dos grandes retos da educación. Dedicar máis tempo ó estudio destes problemas esenciais creo que é un dos méritos desta obra.

Non menos importante é o tema da participación co que se pecha este apartado. É difícil desenvolver unha sociedade democrática se as diferentes institucións sociais flentre elas a escolafl non asumen o reto da participación de toda a comunidade educativa. Pero xunto á dimensión máis micropolítica, o autor expón unha perspectiva nova da participación vinculada á calidade do propio sistema educativo. Dende tal perspectiva, a participación non só é unha manifestación de democracia interna do propio sistema, resulta tamén unha garantía de calidade: “aunque sea a costa de emplear una terminología propia del mundo empresarial, es preciso recordar que la “calidad total” de un organismo tiene como requisito básico la participación y el compromiso institucional de todos y cada uno de sus miembros” (p. 195).

Acostumados a revisar múltiples manuais de Teoría da Educación, en moitos bótanse en falta cuestións relacionadas cun dos problemas básicos da acción educativa: a aprendizaxe



considerada dende a perspectiva pedagóxica. Introducir esta cuestión nun libro de Teoría da Educación é, en palabras do propio autor, algo “poco habitual” pero resulta indiscutible para os futuros e actuais pedagogos. Non é de estrañar por tanto que esta obra veña a cubrir esta necesidade en toda a terceira parte (pp. 199-268).

Nesta última parte faise un percorrido moi ben sistematizado polos diferentes modelos pedagóxicos que teñen que ver coas diversas formas de aprendizaxe, entendida tal acción “no sólo como conocimientos sino como habilidades y actitudes en el marco de una escala de valores que convierte tales aprendizajes en realmente educativos” (p. 200).

Estes capítulos documentan de forma moi sinxela e clara algúns dos modelos da aprendizaxe: “o modelo asociacionista”, o “modelo pedagóxico da imitación”, o “modelo cognitivista”, “o modelo educativo constructivista” e

o “modelo de resolución de problemas”.

É evidente que a aplicación destes modelos variará moito segundo as circunstancias, o obxectivo e a acción de aprendizaxe que se pretenda realizar, de aí a responsabilidade e a necesidade de que os profesionais da educación os coñezan. Neste sentido, este último apartado é unha contribución particular para coñecer e actuar ante as diferentes situacións de aprendizaxe que se producen no proceso educativo.

Poderíanse incluír moitos outros temas pero cremos que esta obra cumpre moi ben o seu grande obxectivo e especificidades: ofrecernos unha “reflexión y normativa pedagógica” suficiente para atopar orientacións e respostas ós problemas e situacións coas que se enfrenta a educación actual.

*Agustín Requejo*  
Universidade de Santiago  
de Compostela







**Título:** *La descentralización de la enseñanza*  
**Autor:** AA.VV.  
**Editorial:** Egido e ICE-USC, Zaragoza, 1999  
**Núm. pp.:** 308  
**Tamaño:** 24 x 17

Toda tarefa conxunta, solidaria, en torno a unha cuestión ou preocupación común deixa normalmente un pouso agradable que é resultado da colaboración e o esforzo compartido para que as cousas que empezan rematen ben. Aquí hai un exemplo en forma de libro, resultado dunhas xornadas celebradas en Compostela a comezos do ano noventa e nove.

A obra é produto dunha eficaz acción coordinadora en torno a un tema clave do noso desenvolvemento educativo que é obxecto de análise, discusión e propostas de avance. A ocasión para facelo, pódese dicir que inmellorable, posto que tódalas comunidades autónomas de España contan xa con competencias en materia de ensino sen excepción de ningún nivel. A descentralización na educación non é, xa que logo, un tema máis dentro da política educativa, senón que está a ser, e seguirá sendo, o tema por excelencia. Estou seguro de que constituirá un dos aspectos sobre os que pivotarán futuras valoracións na marcha dos acontecementos que teñen que ver co ensino e coa formación dos cidadáns.

Non hai sociedade aberta se hai vixilantes obsesionados cos seus destinos, iluminados respecto das finalidades e propósitos de vida que todos, individuos e grupos, deben seguir. Por iso, a verdadeira democracia non pode deixar de lado a auténtica asociación entre liberdade e responsabilidade. Situar preto dos administrados a toma de decisións que mellor lles conveñan ás persoas e ós colectivos, comprometidos coas regras convivenciais, axuda a preparar condicións de progreso, porque este ten bastante que ver coa maneira de asumi-lo control da nosa vida.

Estamos, pois, diante dunha obra colectiva pero de propósito —que non de pensamento— único. Preguntar e preguntarse pola descentralización educativa ten moitas posibles respostas que pasan antes polos criterios nos que se pretendan construír tales respostas. Non se pode negar que a dimensión de criterios neste proxecto, apoiado tamén polo Consejo de Universidades e a Consejería de Educación de Castilla-La Mancha, á parte do substancial apoio da Universidade de Santiago de Compostela, deriva das indicacións

que a mesma legalidade impón sobre o eixo temático. Quérese dicir, simplemente, que o centro da atención indagadora está explicitamente situado nunha plataforma de análise e consideración político-administrativa, cunha visión incluso máis escorada cara ó segundo deses compoñentes analíticos que cara ó primeiro, alomenos no senso historicista da palabra.

Neste volume cabe apuntar certa falta de consistencia no xeito de estruturalas partes e capítulos pois, á parte de non ter en tódalas entregas epígrafes semellantes ou parellos (a expectativa está influída polo exame da temática dende territorios varios), prodúcese unha mestura, non sempre comprensible, entre ensino universitario e non universitario. Pequenos detalles, sen dúbida, pero que cómpre ter en conta cando o que se está a facer é conxuntar, para a súa presentación pública, diferentes relatorios dun evento congresual, e dun relatorio a un capítulo de libro hai case sempre, por non ser máis rotundo, unha certa distancia. O arranxo das partes en beneficio do todo é algo loxisticamente esperable neste tipo de transformación discursivas.

Certo que estes detalles formais non teñen que afectar necesariamente á calidade do produto. En xustiza, tal é o caso deste interesante empeño editorial, capitaneado polo Profesor Antonio Embid Irujo, profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Zaragoza e Presidente da Asociación Española para o Estudo do Dereito e da Política da Educación. Tamén aquí

desexo facer un pequeno apuntamento. Precisamente pola súa función de director ou coordinador da obra, o que debería face-lo Dr. Embid é un estudio introductorio xeral e non tanto un prólogo, cometido que se deixa normalmente nas mans dalgunha autoridade política ou académica allea ás páxinas do libro.

Vaiamos coa referencia xeral ó contido. Once estudos, de epicentro e formato desigual, son os que sitúan o lector nunha boa ocasión de nutri-lo seu marco de reflexión sobre o proceso ex-tenso e in-tenso seguido e os resultados acadados no traxecto político e social que vai dende aquel país, no que Madrid era e representaba todo, a este no que todos estamos chamados a dicir moito máis no ámbito lexítimo das competencias recoñecidas a cada parte do sistema.

O camiño percorrido é innegable e está a da-los seus froitos. Agora ben, non nos deixemos contentar demasiado polos logros xa que a viaxe histórica aínda está lonxe de se achegar ó seu destino. Seguimos sendo un país onde a implicación real dos municipios na educación é obxectivamente insignificante e onde a efectiva autonomía dos centros, nos que radica a verdadeira posibilidade de eleva-la calidade do sistema, permanece como materia pendente.

Dende a análise en perspectiva global, coa que se arranca e coa que se pecha, ata a incursión na realidade de cada comunidade (Aragón, Andalucía,

Cataluña, Estremadura, Galicia, e as Illas Baleares, son as referencias territoriais aquí incluídas), pasando por un par de aspectos nucleares na dinámica acometida, a saber, planificación de centros e financiamento do ensino, o que se ofrece a todos, especialistas, profesores, estudantes e público en xeral, é un libro útil e necesario para comprender a realidade do noso sistema educativo, sen deixar de albisca-la súa vinculación dialéctica co macrosistema social e o seu encaixe cultural nas coordenadas dun país renovado nunha Europa cada vez máis unida.

Con todo, non é dos libros que cómpre ler dunha atacada pois nin se presta pola esencia do seu contido nin o aconsella o sentido mesmo da disposición de temas e aspectos principais. Préstase, nese senso, a unha repousada lectura comparativa respecto daquilo que interesa en termos xerais ou particulares, sempre relacionados cos puntos neuráxicos da descentralización educativa levada a cabo no noso país.

O libro representa unha boa oportunidade para coñecer e valorar criticamente o xa proxectado e realizado acerca da educación en España e na meirande parte das comunidades autónomas (botamos en falta estudos sobre o País Vasco e Canarias, dada a relevante peculiaridade das súas traxectorias no marco xeral da política educativa española). Conforma un deses tomos que ningún estudioso da educación debe perder de vista na súa biblioteca profesional, posto que pode precisalo en calquera momento e, dende logo, nos periódicos repastos que cumpriría facer dun fenómeno importante na historia recente do noso sistema educativo. Consultalo coa frecuencia que aconselle cada circunstancia redundará nunha vantaxe engadida para quen desexe aproveitar o tempo que outros, xenerosamente, nos concederon.

*Miguel Anxo Santos Rego*  
Universidade de Santiago  
de Compostela







**Título:** *A convivencia nos centros escolares de Galicia*  
**Autor:** AA.VV.  
**Editorial:** Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000  
**Núm. pp.:** 698  
**Tamaño:** 24 x 17,5

O último informe sobre o estado do sistema educativo en Galicia ten como eixo a cuestión da convivencia nas escolas. Á parte do estudio en si mesmo, a reseña que segue é motivo de sincera ledicia para o asinante por un dobre motivo. Primeiro, porque a investigación se deseñou e se levou a cabo dende o Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade Compostelá, no marco da continua e productiva colaboración entre o Consello Escolar de Galicia e o ICE e nun intre de especial significado para o instituto xa que cumpriu tres décadas de fructífero traballo a prol da educación na nosa comunidade autónoma. E segundo, polo acerto na elección do tema. É xusto felicitar e agradecerlle ó Consello Escolar de Galicia o patrocinio deste tipo de estudos, que tanto axudan a perfilar avances como a descubrir desafíos no horizonte común desta terra e das súas xentes.

*A convivencia nos centros escolares de Galicia* é un título suficientemente expresivo para un informe, agora libro, na encrucillada temporal na que nos movemos en Europa e no resto do planeta. A cabalo entre un século que se

vai, tan pródigo en avances revolucionarios para o progreso individual e colectivo, como en vergoñentas afrontas á dignidade do ser humano; e outro que asoma no que todos témo-la esperanza de que o mundo, cada vez máis interdependente e globalizado, poida discorrer por camiños de equidade, paz e liberdade.

Falando en termos puramente culturais, co engaste crítico derivado da dinámica histórica, se o século XX estivo presidido por un paradigma asimilacionista, como sutil produto dunha época (industrial) afanada na busca de man de obra homoxénea, hai motivos para pensar que o século XXI será propicio para outro, sensible ós froitos da diversidade humana no desexable camiño da interculturalidade. Aspiración convivencial de primeira magnitude no imperio da complexidade e da heteroxeneidade que nos rodea. Quizais haxa motivos para o optimismo dende unha lectura da realidade, ou das realidades, onde aparece privilexiada a creación en detrimento da produción en masa.

O respecto á diversidade humana e cultural conecta na nosa sociedade co valor da tolerancia como vía de desenvolvemento, educativamente asociable ó que J. Delors denominou "aprender a vivir xuntos", ou sexa, a convivir, aprendendo a dinamizar civicamente estratexias de cooperación, definindo e operando en novos espazos de comunicación. Neste senso, tamén a educación e a escola están a muda-la súa función, reformulando proxectos, programas e habilidades precisas para educadores e educandos. Unha axenda distinta, en poucas palabras, é a que se está abrindo camiño na formación das mulleres e dos homes de hoxe e de mañá. Non pode estrañar, xa que logo, a importancia atribuída á convivencia como activo de crecemento e de cohesión social, e mesmo como indicador —tamén prognosticador— dun compromiso eficaz na prestación do servizo educativo, a todas luces emblemático para os que seguimos defendendo, con honestidade fáctica, os servizos públicos fundamentais.

Así pois, os máximos responsables dun sistema educativo, que aspiren a estar á altura das circunstancias, teñen que favorecer-lo encontro, efectivamente integrador, das distintas instancias implicadas no labor de educar. Sen elas é unha inxenuidade agardar ningún artellamento razoable de proxecto educativo, susceptible de xerar e potenciar actitudes e pautas de convivencia baseadas nun radical sentido da democracia, pero da democracia con maiúsculas, non da casposa interpreta-

ción que aínda se segue a dar de tan magnífica palabra.

A escola foi e segue a se-la institución clave na apaixonante tarefa de construír e fortalece-la democracia nunha sociedade que, como a nosa, se reconece cada día máis pluralista, ó tempo que máis segura de si mesma, da súa identidade histórica, e das canles para se proxectar axeitadamente no concerto da multiculturalidade global e local.

Precisamente por iso, democracia implica aprender a con-vivir, pero non de costas ou con olímpica ignorancia do outro, senón co-laborando a reo na identificación de turbulencias (para exemplo, a violencia na escola, ou nos seus arredores, que esnaquiza a convivencia e alimenta a marxinação en distintos formatos) e nas propostas de cambio que afectan, como diría Habermas, ó "mundo da vida". Cómpre cementa-la aprendizaxe de habilidades socio-cognitivas e afectivas, imprescindibles en toda acción que sirva ó cultivo do coñecemento, intercambio, tolerancia, respecto, axuda, resolución de conflitos, etc. Tendo claro, iso si, que a educación en valores e a tolerancia na escola poden ser receitas preventivas daquilo que perverte a convivencia nos centros, pero non poden ser, ou interpretarse, a modo de virtuosismos pedagóxicos para non facer nada, isto é, para non intervir cando as circunstancias así o aconsellan.

Permítaseme a licencia. Se algún barómetro elocuente hai na democra-



cia, que afecta á calidade do seu progreso, este é o da convivencia na esfera pública da sociedade civil. E aí, nin querendo se podería canea-la rutilante presenza da escola, dos centros que, non o esquezamos, son educativos por esencia funcional e que para seren iso, educativos, deben estar en condicións de interconectar, teórica e praxicamente, os conceptos senlleiros de liberdade, pluralismo, solidariedade, xustiza, paz e desenvolvemento. Sen eses eixos de tracción dianteira na ruta do progreso democrático, pervivirán, cos seus nefastos efectos, as doses de prexuízo e arrogancia que envelenan a convivencia e converten o discurso dos seus protagonistas nunha ridícula posta en escena do que non son.

É importante enfatizar —*hic et nunc*— que a aprendizaxe da convivencia non se pode predicar só para os demais, coma se fose unicamente un obxectivo referido ó crecemento formativo dos nosos alumnos ou un alegato de uso estratéxico cos pais. Conforme, do mesmo xeito, o espello no que temos que mirárno-los profesores e os equipos de dirección. A mellora da convivencia nos centros comporta unha simbólica atalaia de observación actitudinal e de conducta á que referir un compromiso de educación moral ou, se así se prefire, de civilidade na misión que se supón que temos. Do contrario, ¿a que xogamos ou a quen queremos enganar?

En definitiva, convivir é facer a cotío cultura do diálogo, tolerar positivamente as conviccións opostas, prepa-

rarse para o manexo e resolución participada dos conflitos. Fortalece-la convivencia non é cuestión de remedios máxicos senón de sentido común e de responsabilidade compartida. Lembremos que educar para a democracia supón ensina-la asunción da discrepancia, mobilizando a convivencia de diversos valores e de diversas racionalidades.

Coido que estamos diante dun interesantísimo informe sobre este problema que preocupa, con razón, por afectar a un dos núcleos superestructurais e de obrigada consideración nos principios e finalidades da mesma escola.

O estudio foi comandado polo Profesor Zabalza, de acreditada experiencia neste tipo de incursións, á fronte dun nutrido grupo de investigadores que, ademais da presenza dos que traballan no ICE compostelán, pon de manifesto a posibilidade de artellar conxuntamente proxectos de indagación educativa, de utilidade para a sociedade galega, dende as tres universidades que conforman o noso sistema universitario.

A calidade do traballo, da súa metodoloxía e do xeito de levalo adiante fanse visibles dende o principio do informe, tendo en conta as dificultades de entretecer abordaxes cuantitativas con outras de carácter cualitativo. Trátase dun estudio que merece ser visto no seu conxunto para mellor aprecio das arestas e da ensamblaxe

que esixe un esforzo desta natureza na ordenación escolar do noso territorio.

Atopará o lector conclusións e propostas atinadas e suxestivas sobre o estado convivencial das nosas escolas. Pero que ninguén busque conclusións definitivas no estudio. Sería sospeitosa a simple tentación de facelo. Como toda empresa científica no proceloso mundo das ciencias sociais, favorece a diversidade interpretativa do que está a pasar nos centros, tanto intramuros como no que atinxe á súa relación coa comunidade, pero, o máis significativo,

é que apunta vieiros polos que aínda deben transitar outros convois de exploración, unindo algúns cabos soltos —que sempre quedan— na busca de claves que sirvan para mellora-la convivencia nos centros escolares de Galicia. Isto será o mesmo, dun xeito ou doutro, que optimiza-la convivencia de cantos, nacemento á parte, vivimos e traballamos neste Fogar de Breogán.

*Miguel Anxo Santos Rego*  
Universidade de Santiago  
de Compostela





- Título:** *Aprendiendo y enseñando a traducir. Learning and Teaching to Translate. Aprendendo e ensinando a traducir*
- Autores:** Ignacio Palacios Martínez e Elena Seoane Posse
- Editorial:** Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, 2000
- Colección:** Instituto de Ciencias da Educación / Materiais didácticos, 12
- Núm. pp.:** 181
- Tamaño:** 21 x 15

A importancia da traducción no mundo actual fai xurdir numerosos estudos de tipo teórico que teñen como finalidade principal a aprendizaxe e o descubrimento dos mecanismos que implican os procesos tradutores. Fronte a estes, os estudos de carácter práctico son escasos. Por isto, e pola súa calidade, o libro recentemente publicado polos profesores universitarios Ignacio M. Palacios Martínez e Elena Seoane Posse merece, sen dúbida, unha calorosa benvinda.

A obra destaca desde o primeiro instante polo seu título en tres idiomas: castelán, inglés, e galego: *Aprendiendo y enseñando a traducir. Learning and Teaching to Translate. Aprendendo e ensinando a traducir*, no que xa se adiantan as linguas que van a ser sometidas a consideración ou traducción. É tamén salientable que o título escrito en inglés apareza en cursiva, o que parece indica-la prioridade que se concede á lingua inglesa, tomada como base para

algunhas traduccións e como fin noutras ó incluír tanto traduccións directas coma inversas.

Aínda que polo título o tema poida parecer moi especializado, os autores presentan os contidos cunha linguaxe accesible. Esta accesibilidade vén dada polo carácter fundamentalmente práctico do libro que non se subscribe a unha teoría ou modelo concreto senón que reducen os seus aspectos “mais teóricos” a útiles consellos, pautas e claves totalmente orientados á posta en práctica da actividade tradutora. Así mesmo, calquera termo especializado aparece adecuadamente subliñado no texto e indícase a súa inclusión e explicación no Glosario. Por todo isto, é axeitado para o público xeral, non só para profesionais da traducción ou do ensino senón tamén para alumnos ou persoas interesadas, e incluso para aquelas que decidan iniciarse no tema.

Tras unha breve introducción na que os autores explican cómo xurdiu a obra, así como as súas partes fundamentais, seguen catro capítulos, un Glosario, o capítulo 6 e a Bibliografía que pecha o libro.

O capítulo primeiro expón trece premisas básicas que equivalen a recomendacións prácticas sobre a tradución baseadas na propia experiencia docente dos autores. Os capítulos segundo e terceiro constitúen o corpo principal da obra. Presentan unha serie de textos nos que destaca a variedade de rexistros empregados, a información previa e orientativa sobre estes, as propostas de tradución e as notas. Mención especial merecen tamén a actualidade e autenticidade dos textos que non foron modificados ou adaptados para os fins didácticos da obra: o ensino da lingua inglesa, fundamentalmente, e a práctica e aprendizaxe da tradución como fin en si mesma. O capítulo segundo inclúe soamente traducións directas, inglés-castelán e inglés-galego. O terceiro contempla traducións inversas de castelán-inglés e galego-inglés. Trátase de textos dos rexistros educativo, epistolar (exemplos de cartas ó director, cartas privadas e cartas comerciais), relixioso, culinario, económico, literario, xurídico-administrativo, xornalístico, publicitario e técnico-científico que aparecen en ámbolos dous capítulos, os cales, por outra banda, presentan estruturas simétricas con catro apartados fundamentais:

1. “Preparación para a tradución” na que se anticipan características, tanto lingüísticas como extralingüísticas dos textos (en concreto son as seguintes: tema do texto, estrutura, formato, estilo, ton, propósito do autor, coñecemento do destinatario, aspectos gramaticais —fundamentalmente sobre construcións—, puntuación, punto de vista do narrador, etc.). Hai que subliñar-la importancia deste apartado posto que reflicte as ideas e recomendacións expresadas no capítulo primeiro en canto á necesidade de atender a cuestións extralingüísticas.

2. “Texto orixe” en castelán, galego ou inglés.

3. “Tradución proposta”, todas elas moi elaboradas, meditadas e axeitadas. Quixera sinalar tamén a importancia deste apartado en canto que ofrece posibles alternativas consideradas polos autores e nunca traducións definitivas, erro no que adoitan caer outros libros deste tipo.

4. Por último, inclúense notas con referencias e comentarios pormenorizados sobre a opción elixida en cada caso, principalmente sobre problemas gramaticais e léxicos: estruturas, construcións, acrónimos, información morfolóxica, falsos amigos, frases feitas, campos semánticos, préstamos, anglicismos, ambigüidade, etc., pero tamén outros comentarios máis xerais sobre a tradución dos títulos, recursos literarios ou incluso sobre problemas extralingüísticos, coma diferencias culturais, etc.

O cuarto capítulo dá un xiro creativo e innovador ó traballo ó incluír dezaseis variadas e innovadoras actividades comunicativas de carácter práctico de comprensión e expresión oral e escrita orientadas ó ensino e aprendizaxe da traducción. Todas e cada unha delas presentan uns obxectivos específicos, por exemplo, reforza-lo vocabulario e os coñecementos gramaticais, favorece-la aprendizaxe de estratexias, contrasta-lo inglés coa L1, conciencia-lo alumno da importancia das diferencias culturais, etc. Aínda que todas estas actividades, nas que se especifican os procedementos para a posta en práctica no contexto da aula, están pensadas para persoas cun nivel intermedio ou avanzado, é de destaca-la súa adaptabilidade a outros niveis.

A intención dos autores de facer un traballo de rigor con bases metodolóxico-didácticas ben fundamentadas é evidente. Sen chegar a caer en tecnicismos ou teorías que poidan dificultar a finalidade deste traballo. Por todo isto, un Glosario alfabético con cincuenta claras definicións de termos lingüísticos mencionados e debidamente identificados ó longo do libro constitúe o que poderíamos cualificar coma o cume final do traballo.

Para rematar, tanto se analizámo-la obra globalmente, coma se só temos en conta algunha das súas partes, xorde un valioso instrumento, non só para aquelas persoas que pretendan iniciarse ou mellorar na traducción, senón tamén para todos aqueles docentes que desexen revisar ou incluso introducir novas ideas nas súas clases. Polo tanto, pódese dicir que o libro resposta ás expectativas do lector cando se achega a un título aparentemente tan complexo e globalizador, [...] *Aprendendo e ensinando a traducir*, que, en principio, puidera parecer difícil de abarcar nun libro que non excede das 181 páxinas.

En definitiva, o tratamento dos contidos destaca polo uso dunha linguaxe sinxela de doada comprensión, así como por outros aspectos mais técnicos como poden se-lo emprego da experiencia docente como base ou a utilización, non só de textos auténticos sen manipulación senón tamén a inclusión de actividades contextualizadas e situacións que lle conceden á obra unha perspectiva práctica e pedagóxica.

M<sup>a</sup> Isabel Balteiro Fernández  
Universidade de Santiago  
de Compostela







**Título:** *Ten o seu punto a fresca rosa*  
**Autor:** Mª Xosé Queizán  
**Editorial:** Xerais, Vigo, 2000  
**Núm. pp.:** 293  
**Tamaño:** 22 x 14,5

Éche un libro estimulante, e como calquera epíteto referido a esta novela pode resultar particularmente ambiguo, enténdase *estimulante* no sentido... intelectual. Xa o título ten unha gracia mareante que guinda evocacións romántico-pondalianas ou polo menos podería insinuar unha historia do mérito das de Bárbara Cartland, pero despois resulta que a *rosa* máis ben pode ser das do xardín de Gertrude Stein.

E entrando en materia (porque materia temática si que hai nesta novela) atopámonos na soleira do libro cunha sesión de autoerotismo nada elíptico a gusto dunha adolescente, María, que é unha das pezas (*boa peza*, dirían as prexuzosas mentes) da poliédrica estrutura de personaxes que se sitúan en triángulos non tanto sentimentais como xenitais. Toda esta xeometría e a súa implicación accional resultará á fin peneirada por un trío policial —Manolo, Róber e Lupe— que resulta moi rendible tanto dende o punto de vista técnico coma diexético. Pero precisamente a unha trama tan rica non resultará doado darlle, en

tódolos casos, cabal entidade e caracterización.

Nun primeiro nivel polarízanse por un lado os personaxes femininos e por outro os masculinos (obviamente). Os primeiros gozan dun maior aprecio cualitativo e dedícaselle máis atención á descrición dos tipos psicolóxicos e ós esquemas de pensamento e conducta. Con particular estima é tratado o personaxe de Charo Santoro, sobre quen finalmente recae o papel de simbolizala *muller nova*, a reconstrución da muller que estivo sepultada baixo as estereotipias culturais. Será “unha aprendizaxe difícil, que teño que levar a cabo” (p. 250). Máis esquemático resulta Petra, edificada con dous brochazos: determinismo (á maneira, digamos, zoliana) e elementalidade, pero coherente na expresión dos seus resortes conductuais, a excepción de que o seu lesbianismo acaba admitindo papeis de parella convencional. No transcurso da súa relación con Charo quere ter unha nena “como quere un home tradicional ter criaturas e formar un fogar” (p. 173). O malo de Petra é que é un home, “ninguén é perfecto”,

que diría aqueloutro naquela película de Marilyn Monroe.

Non falta a estampíña de Lucía, (santa) esposa exemplar e alienada, que sublima soidades ó piano e ignora (vidas que consisten en non parar de ignorar) que María, a filla que adoptaron ela e mailo seu home, veu sendo *instruída* por el en marciais artes parafílicas.

E xa na nómina de personaxes masculinos, batemos con este Antonio Torras, que non deixa de enganchar reminiscencias valleinclinianas, pero en versión urbanícola-industrial. Coma un Montenegro representa ese derradeiro grao de decadencia moral parafílicamente ilustrada: don Pedrito Montenegro rematou gustando do rústico vampirismo sexual naquela violación da muiñeira Liberata; Antonio anda enleado na paidofilia (non nos gusta dicir pedofilia) incestuosa. A capacidade de dexeneración das aristocracias —rurais ou burguesas— non mingua historicamente, só se refina e perfecciona. En xeral os personaxes masculinos de *Ten o seu punto a fresca rosa* cadran en seren seres débiles, hipócritas, de psique inferior, máis ou menos reptilíneos, e, sobre todo, parvos. Qué vocábulo tan sublime ten aquí o galego para enfeixa-la diversidade dos estóidos universais de Erasmo, afinando nesta ocasión nos parvos do país. A “parvicie”, dicía Blanco Amor, non ten cancelas. Parvos intolerantes, parvos sindicalistas —hai un estupendo nesta novela—, parvos-progres do 68, unha galería, en fin, de criaturas, de

homiños e macacos que fican nun macaquíño: o doutor Luna. Resulta case nietzscheanamente achaiador o panorama: “homes, qué pequeno o máis grande”, lamentaba Zaratustra. Qué ben o pasa o narrador con todos estes liliputienses (ás veces liliputeiros). É orxiástica esta relación *titiritesca* entre narrador —mesmo cando a focalización é interior— e personaxes.

A asimetría cualitativa entre personaxes femininos e masculinos faise definitivamente expresiva nun dos esquemas máis actanciais: o do trípode policial. O home ou é de feitura franquista, inculto e curto (de recursos intelectuais) coma Manolo, ou é, por riba de curto, reducido a un deses clónicos *politicamente correctos*, coma Róber. Sen embargo ela, Lupe, é estudiada, intelixente e feminista.

A temática do libro é farturenta e didáctica. O primeiro que hai que aprender é que a emancipación feminina empeza polo corpo e hai que somete-los módulos de normalidade sexual á desconfianza ou á aniquilación, porque despois de todo, como demostrou Henry Havelock Ellis (*Estudios de psicología sexual*), a noción mesma de normalidade é absurda. Hai que descubri-la “chaviña” (segundo canta a etimoloxía). Despois de se liberar das últimas entregas emocionais, ideolóxicas, partidarias ou multipartidarias, só a *chaviña* do tesouro che garante un asilo supremo; só o *tender button* (Gertrude Stein) te redime dun par de séculos de botóns, costura e máquina Singer e sobre todo das chantaxes emocionais



do amor, esa droga das mulleres. Qué razón tiña Alexandra Kollontái cando falaba da “catividade amorosa” da muller, dese “Eros sen ás”, na que fica atrapada. Total que fronte ó eros áptero quedan dúas solucións: ou a autosuficiencia sexual, a autarquía xenital, porque sempre é mellor cando se fai soa. Colette diría a principios de século aquilo de: “podedes facelo todo vós soas”. E se lle deixáramos participar a Woody Allen engadiría que, polo menos, o autoerotismo ten a vantaxe de facére-lo amor con alguén a quen ti queres ou, por outra banda, o lesbianismo, que, como se recoñece no libro de Queizán, non escapa ós males da paixón destructiva, pero que, digamos —dicimos nós—, vén sendo coma o que Churchill opinaba da democracia, *mutatis mutandi*: é o menos malo dos sistemas.

E nesta aporía está detido un dos vieiros principais do feminismo. Se se quere ir máis alá haberá que enfrontalo problema do código semantoxénico masculino do amor, e consecuentemente crear unha *resignificación*, que equivalería a unha revolución humanística, á invención dunha nova maneira de soñar, un novo sistema de maravilosas mentiras que nos axude a levar (a aturar) as nosas insoportables certezas. A muller está farta de significar o que vén significando, farta e dorida non só por se vir tendo que someter a unha orde simbólica masculina, senón porque ese código excluía da felicidade as feas. “A muller que non é fermosa só vive a metade da vida”, dicía Mme. de

Seigné con esa impasibilidade parecida ó cinismo que practican certas intelixencias. E o mesmo pensaron as que tanto tiveron —a mesma Anaïs Nin— sobre as que nada tiveron. Non hai porque seguir soportando o peso dos soños dos homes (e moito menos o peso dos seus quilos), pero alixeirar ese lastre, creando un novo sistema de representacións para definirse como “suxeita de desexo” vai custar un ollo da cara e a xema do outro. De momento só se alcanzou a fase da soidade clitoridiana.

E nesta reivindicación do papel de *suxeita* o movemento non pode ficar nunha especie de dereito de transferencia: o home xa leva moito tempo colonizando a beleza do corpo feminino (sobre todo dos corpos fermosos, porque un tema interesante lamentablemente ausente no libro é o da percepción do propio corpo); xa é hora de facer un traspaso do obxecto para usolésbico (véxase a reveladora secuencia do sindicalista alá pola p. 64). Sospeitamos que a cousa non está en que ó prevalece-la fortaleza dos bíceps suceda agora o predominio da musculatura *pubococíxea*, nin que unha cultura falocrática se supere coa promesa dun paraíso *clitorisíaco*. Despois de todo, é bo que estas propostas de ensaio sobre os novos gozos —que tamén teñen as súas sombras— poidan convivir con formas de sensualidade *de toda a vida*. Xa Georg Simmel desconfiaba que puidese haber un erotismo que regalase un pracer máis intenso ca tomar a man unha primeira vez, ou ca

un bico furtivo dos de sempre, ou a clara conciencia dun amor correspondido. En todo caso, a ver qué pasa nos próximos tempos. O romanticismo sexual parece que chegou ó seu fin e a muller por el fabricado tal vez sexa “unha obra ficticia” (Flaubert), de xeito que haberá que darlle a estas alturas a razón a Rimbaud: o amor hai que reinventalo.

Hai outros contidos de interese nesta novela: a crítica social. Dende a alta burguesía industrial descéndese ata o *lumpen*. Falta tal vez detemento na crítica das clases medias intelectuais, esas que guindaron as utopías sesenta-eoitistas ó fondo das súas piscinas volviendo ós clásicos da man de Petronio: *Tanto magis expedit inguina quam ingenia fricare*.

Particular interese como tema ten a propia cidade, Vigo, o único ser para o que se lle reserva un amor sentimental. Son inspiradas as descrições da beleza paisaxística (atardeceres dende o monte do Castro), detalladas as referencias ós contidos junguianos dos seus cidadáns, coma ocorre na secuencia da procesión do Cristo da Victoria onde o narrador se recrea sacándolle comicidade ó solemne desfile que encabezan as autoridades consabidas “cos cus apertados... como se o pregado do cu lles obrigase a enrugar o bico” (p. 104). Moi lograda a plasticidade desta estampa; así mesmo, o ambiente de

radicalización contra a Dictadura nos primeiros anos setenta queda acertadamente suxerido.

Verbo do estilo, M<sup>a</sup> Xosé Queizán aposta pola narración sobria, a frase escorrida, mesmo pola “frase macho”, que diría Flaubert, cousa que podería ter unha paradoxal gracia. Non entra primeiramente nas pretensións desta autora o achado dun adxectivo imprevisible. A sorte de non padecer o que alguén chamou “a febre do estilo” lexítima o emprego de epítetos gastados e recursos bovaristas, esa “enfermidade de transmisión textual”. Sen embargo, no medio destas consideracións xerais, a *noluntade* de estilo (outra forma de estilo) québrase en non poucas ocasións na procura de metasemias orixinais e arriscadas, coma cando o corpo (de María) é “peixe no edredón, que é o mar”. Ou coma cando un director de orquestra fai movementos coma os do “arroaz”. Non falta un engadido de oportuna poeticidade noutros momentos: “os seus dedos fúndense nas teclas como pés na area de ignotos desertos de saudade”, nin o entrecosto do humor e a ironía polo relato adiante.

O que se dicía: o libro é estimulante e un (un/unha) pásaos ben coa súa lectura.

Xosé Manuel G. Trigo  
Instituto de Ames  
Bertamiráns (A Coruña)





**Título:** *La primera luz. Libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia.* (Facsimile)  
Por M...[Manuel M. Murguía]

**Estudio introductorio:** (En volume distinto)  
Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González

**Coordinador:** Vicente Peña Saavedra.

**Editor:** Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**Núm. de pp.:** 64 / 120.

**Tamaño:** 16 X 10 / 19 X 9.

No ano dedicado a facer memoria do ilustre fillo de Arteixo, Manuel Antonio Martínez Murguía, non se podía esquecer-lo o seu interese polo ensino en Galicia, se cadra a súa teima máis profunda e sentida. "Los hombres todos tenemos siempre una madre á quien debemos amar y venerar —lémbra-nos el mesmo no seu saúdo introductorio, "A los niños", nesta sinxela publicación, *La primera luz*—: esta madre es la PATRIA." E o descubrimento e revelación desta "patria" é obxectivo prioritario e único, non só deste pequeno libríño, senón tamén de todo o seu inxente labor como investigador e historiador.

Un traballo sinxelo, realizado co pensamento posto na súa primeira filla, Alejandra, á que se dirixe no prólogo con estas fermosas palabras: "Y tú, hija mía, venida ayer á este valle de lágrimas, tú en quien pienso al escribir este libro, aprende, hija de mi alma, á

amar á esta Galicia infortunada, en donde han nacido tus padres y en donde has visto la primera luz." pero no que, sen dúbida, alentan cobizas dunha moito maior transcendencia.

Esta edición, que reproduce facsimilarmente a segunda, "corrixida" e "tirada en Lugo na imprenta de Soto Freire en 1868", preséntase con sobrecuberta, xunto cun coidado e rigoroso estudio dos profesores Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González, nun pequeno volume independente de 120 páxinas, dentro dun estoxo en cartoné brando de cor azul. Presentación que contribúe a poñer de relevo o claro senso de homenaxe desta publicación ó autor de *La primera luz*.

Despois dun breve, ben que rigoroso, estudio do contexto socio-cultural educativo —"o autor e a súa obra", "Galicia nos anos centrais do século XIX: sociedade e cultura", "a realidade

escolar galega a mediados do século XIX" e "os libros de texto"—, no que aparece *La primera luz*, os profesores Vicente Peña e Manuel Fernández detéñense con especial atención e acaimento na análise e significado da obra mesma. Dentro dos límites dun traballo desta clase —trátase só dun pequeno prólogo—, os autores logran con éxito poñer de relevo aqueles aspectos desta obrinha de Murguía, sobre todo os de carácter didáctico e pedagóxico, que fan dela algo máis ca un traballo "interesante", segundo algunhas opinións da crítica, e, incluso, máis ca unha "obra tan seria, tan útil y tan galleguista", como a cualificou César Vaamonde Lores. "Resulta evidente —escriben— que estamos perante un libro *menor* na produción bibliográfica de Murguía, se o comparamos con obras como *Diccionario de escritores gallegos* (1862), *Historia de Galicia* (1865-1913), *Los precursores* (1885), *Galicia* (1888), etc. Pero cremos —engaden— que hai que valoralo no seu propio contexto, sen esquecer nin omitir cal era a súa finalidade expresa."

É *La primeira luz* —en palabras destes profesores— "un pequeno manual que, anque escrito en castelán, pode ser considerado como o primeiro que persegue a parcial galeguización dos contidos escolares ou, se se prefire, a academización xa dende o nivel educativo elemental da cultura galega". Unha obra que, aínda que concibida polo autor "para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia", recibiría, por Real Orde do 26 de abril de 1860, "o

referendo legal para poder ser empregada como manual de lectura en todas as escolas do *Reino de España*".

"Polo que fai á concepción e contidos da obrinha no seu conxunto —precisan—, trátase certamente dun manual escolar de "lectura", e non de "historia" en sentido estricto, que se ocupa, non embargante, sobre todo da historia e da xeografía de Galicia, nun momento no que a meirande parte dos manuais de lectura en España contiñan textos relixiosos ou abordaban cuestións relativas á hixiene, ás boas maneiras, etc.". Contido que se presenta "combinando de xeito encadeado a forma *descriptivo-expositiva co sistema interrogativo ou catequético*, así denominado por se-lo procedemento utilizado polos mestres cristiáns ou catequistas na ensinanza da relixión."

Sen embargo, "ó noso entender —escriben—, a importancia cardinal de *La primera luz*, sen esquecer nin minimiza-la súa funcionalidade e relevancia pioneira como libro escolar de lectura, consiste en que nesa pequena e modesta cartilla podemos atopar a semente e a esencia das principais ideas de Murguía sobre a lingua, a historia e a xeografía de Galicia, que o autor considera factores diferenciais —e nalgúns casos de superioridade— da patria galega, sobre todo respecto de Castela. Nesta liña argumental —engaden—, o mozo Murguía aborda neste opúsculo historiográfico aural, de forma condensada, temas fundamentais no seu pensamento e na súa concepción de Galicia, sobranceando

os padróns étnico, xeográfico, lingüístico e histórico da nacionalidade galega."

A pesar de coincidir plenamente con esta interpretación e valoración de *La primera luz* de Murguía, teño sen embargo a sospeita de que os profesores Peña Saavedra e Fernández González, quizais en exceso estrictos coa condición esencialmente divulgadora do seu traballo, renuncian á oportunidade de afondar noutros aspectos, non menos relevantes, do pensamento do noso historiador. Non parece, neste senso, suficiente intentar explicar, por exemplo, que a razón de que a primeira das biografías da lección XXIII da cartilla de Murguía estea dedicada a Santa Mariña —¿por qué non tamén á figura de San Pelayo da seguinte lección?— se poida deber simplemente ó "feito de que o libro de lectura tiña que pasar pola censura eclesiástica e por iso, se cadra, lle pareceu oportuno escoller este personaxe".

Sendo evidente esta circunstancia, non sería malo lembrar que xunto ós "padróns étnico, xeográfico, lingüístico e histórico da nacionalidade galega", sobranceados por Murguía nesta obra como "temas fundamentais" do seu pensamento e da súa concepción de Galicia, o carácter profundamente relixioso —non necesariamente cristián— do pobo galego. Unha herdanza que o propio Murguía remonta ata as súas mesmas orixes, segundo el o pro-

pio pobo celta, tal como nos lembra na lección XII desta *cartilla*: "Las costumbres de aquellos sencillos pobladores, su religión y su lengua, de la que tantas palabras conservamos todavía, se encarnaron en nosotros, y podemos decir que los celtas, esos celtas poderosos de quien tantas grandes naciones se glorían de descender, fueron los principales pobladores de Galicia."

Murguía non é, de certo, sospeitoso nesta materia. Aínda que persoalmente escéptico como historiador e como mestre, non intentou nunca inventar, no senso de imaxinar ou crear, unha historia inexistente de Galicia, senón, simplemente, descubri-la verdade e poñela á vista e ó servizo dos galegos. Reflexión que, sen dúbida, ten só a súa explicación no propio carácter suxerente do traballo dos profesores Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González, un verdadeiro convite ó aproveitamento da *La primera luz* de Manuel Murguía e, en xeral, de toda a súa obra. Mérito, de certo, non pequeno para un estudio que quere ser sobre todo un sinxelo e doado achegamento, didáctico-pedagóxico, ó complexo mundo do ensino no século XIX, e un camiño cara ás novas perspectivas do ensino en Galicia.

*Manuel Quintáns*  
Centro Ramón Piñeiro  
Santiago de Compostela





<b>Título:</b>	<i>Contos da Galicia romana: un novo xeito de coñecer a romanización de Galicia</i>
<b>Autor:</b>	Fernando Lillo Redonet
<b>Editorial:</b>	Toxosoutos, Noia, 2000
<b>Colección:</b>	Ensino
<b>Núm. pp.:</b>	71
<b>Tamaño:</b>	24 x 17

A materia de Cultura Clásica ten en Galicia unhas particularidades que os novos manuais desta materia escritos en galego poñen de relevo. Sen embargo, aínda que temos xa os libros de texto axeitados para guía-las nosas clases, faltan materiais de apoio e unidades didácticas que estudien os aspectos da cultura clásica máis relacionados coa cultura galega. O libro que reseñamos é unha mostra de cómo poden ser estes materiais de apoio e está pensado para o seu uso práctico e inmediato nas aulas.

Nada mellor cás propias palabras do autor para comprende-lo que supón esta obra didáctica: “*Contos da Galicia romana* propón un novo xeito de coñecer a romanización da nosa terra. A través de contos ficticios, pero baseados sempre nas fontes históricas, literarias e arqueolóxicas, aprendemos os principais aspectos da conquista e da romanización de Galicia. Nestes contos seguimos a Teucro no seu regreso dende Troia ata a ría de Pontevedra, introducímonos no castro de Santa Tegra da man dun lexionario romano, acompañamos a Xulio César na súa expedición contra os herminios, asistimos á trágica sorte

dos guerreiros do monte Medulio, visitamos a cidade de Lugo no tempo dos romanos e contemplamos a enxeñería romana para a extracción do ouro nas minas das Médulas”.

Estes contos van seguidos de actividades que os fan apropiados para o seu uso na materia de Cultura Clásica, Latín ou Grego. O seu autor, Fernando Lillo Redonet, emprega un sistema que xa experimentou con éxito noutras das súas obras coma *Un salmantino en Roma*, *Noches romanas*, *Un salmantino en Mérida* ou *Un salmantino en Segóbriga*. O sistema consiste en dar vida á antigüidade clásica a través de curtos relatos ficticios que sempre teñen un fondo histórico debidamente comprobado polas diversas fontes. Neste caso, por medio de narracións postas en boca de personaxes que realmente existiron, o alumnado toma contacto dun xeito sinxelo cos principais feitos da romanización de Galicia.

No primeiro conto, titulado “Os gregos na Gallaecia: a odisea de Teucro”, ofrécese un relato ó estilo da épica homérica que refire a extraordinaria aventura de Teucro dende a toma

da cidade de Troia ata a súa chegada a Helenes, actual Pontevedra. Despois da lectura, ó alumnado preséntaselle una serie de actividades de comprensión do texto e de afondamento no tema da colonización grega da nosa terra.

O segundo conto, “De cando os romanos chegaron a Gallaecia”, presenta o relato da expedición de Décimo Xunio Bruto centrándose no contacto dos romanos cos habitantes dos castros dos que se describen os seus costumes e vivendas. Neste conto, Décimo Xunio visita o castro de Santa Tregra que, por mor dos trasnos da imprenta, queda en dúas ocasións escrito como “Santa Prega??” o que é un erro moi de lamentar aínda que non estraga a orixinalidade do relato do lexionario romano. Os exercicios correspondentes destacan o feito da conquista e o contacto entre as dúas culturas.

Tamén se relaciona coa conquista o terceiro conto, “A guerra de Gallaecia de Xulio César”, que mostra un achegamento á figura do xeneral romano e ós motivos da súa expedición ás terras do norte e ás míticas illas Cassitérides.

O cuarto conto titulado “A traxedia do Medulio” remata a serie dedicada á conquista coa heroica resistencia dos guerreiros cántabros, ástures e galaicos neste monte de dubidosa localización. Aquí o relato está posto en boca dun espía romano que, infiltrado entre os indíxenas, é testemuña do tráfico final destes.

Os dous últimos contos están relacionados xa co proceso de romaniza-

ción. En “Lugo: unha Roma en pequeno” asistimos á descrición de *Lucus Augusti* con tódolos adiantos que tiña unha cidade romana que atraía os indíxenas á órbita de Roma. Nas actividades tomamos contacto coas vivendas, as rúas e as termas romanas, elementos todos que fixeron aumenta-la calidade de vida dos indíxenas.

No último conto, “Unha viaxe ás minas de ouro das Médulas”, asistimos á viaxe dun personaxe real de *Lucus Augusti* que transita polas vías romanas ata As Médulas, describindo con todo detalle o funcionamento desta explotación mineira. As actividades axudan á comprensión de todo o que relata o protagonista.

A obra contén tamén unha breve cronoloxía e unha bibliografía básica. Para finalizar, penso que se debe resalta-la novidade destes contos que, dun xeito ameno, nos achegan ás raíces da nosa historia; e non dubido que o alumnado pode aprender gozando, tanto se se utilizan como lectura na casa e posterior comentario na aula, como se se traballa directamente con eles lendo o conto en voz alta na clase. O profesorado ten, en resumo, un material adecuado e orixinal que se pode completar coas explicacións que se consideren oportunas e con diversos medios audiovisuais como diapositivas e vídeos.

M<sup>a</sup> Luisa Ortiz Ruiz

Colegio Internacional SEK-Atlántico  
Poio-Pontevedra





**Título:** *La casa de Patrick Childers*  
**Autor:** Lázaro Covadlo  
**Editorial:** Mondadori, Barcelona, 1999  
**Núm. pp.:** 222  
**Tamaño:** 23 x 14

Lázaro Covadlo é un escritor bonaerense establecido en Barcelona que presenta esta novela despois de publicar *Remington Rand, una infancia extraña*, e *Conversaciones con el monstruo*, á parte do libro de contos *Agujeros negros*, que fixo del un dos autores a seguir; daquela, os seus incondicionais agardaban impacientemente a nova obra deste peculiar autor de culto.

Un pode pensar, ó colle-la novela nas súas mans, que a portada é unha evidente declaración de intencións: unha mansión estilo Nova Inglaterra, coas súas clásicas referencias ó xénero gótico, se usámo-la etiqueta anglosaxona (para nós é unha historia de medo ou de pantasmas). Pois ben: ¿É a portada un engano, ou ben unha chanza ó lector? Máis tarde hei explica-las miñas dúbidas con respecto a isto. Agora, se analizámo-la obra, vemos que está narrada en primeira persoa polo personaxe central, Raúl Ramírez, e que está dividida en dúas partes claramente diferenciadas, tanto no contido coma no deseño editorial.

Na primeira sección repousa a trama xeral: Raúl Ramírez, home casa-

do e cunha filla, vai morrer en pouco tempo; foxe da súa casa sen dar noticia ningunha, e vai vivir a unha mansión illada na que o seu antigo dono, Patrick Childers, se aforcou hai moitos anos. Así, a procura da soidade é o pretexto para as lembranzas que necesita plasmar para que non caian no esquecemento, polo que esta parte está centrada no relato da súa vida e na casa, que adquire protagonismo propio; a razón disto é que Covadlo introduce o catálogo (ou decálogo) do xénero gótico, isto é, unha casa illada habitada por pantasmas por mor dunha morte violenta, ruídos atemorizadores, o retrato cambiante do morto, a baixada ó soto, etc.

Pero este non é o único recurso utilizado, tamén recorre o novelista a unha variación do manuscrito achado, e a través do diario de Patrick Childers descobre a súa vida, as súas motivacións, que, por certo, semellan seren todas de tipo sexual co que temos unha estraña mestura do xénero gótico co erótico, e non porque nesa primeira categoría non apareza o erotismo ¡nin moito menos! senón porque o protagonista nunca é un ser pasivo nestes relatos e porque o ton erótico do diario

de Childers —situado nos anos vinte— é demasiado moderno, anacrónico en outras palabras.

O mellor desta primeira parte é a narración das historias secundarias por parte de Raúl Ramírez (as do seu mellor amigo e do seu peor inimigo), e a baixada ós sotos labirínticos da casa, que nos fan lembra-lo sinistro mundo dos cegos de *Sobre héroes y tumbas*. O peor, que a pretendida atmosfera gótica non encaixa co ton usado e este nin de lonxe reflicte a “profunda congoja” que o narrador di sentir.


A segunda parte céntrase na vila próxima á casa, que tamén pertenceu a Patrick Childers, e na relación do protagonista con Florencia e Patricio Kerrigan. Pois ben, constitúe un xiro totalmente inesperado e mais desconcertante. A vila é un lugar irreal polo esaxerado, un sitio poboado de bébedos, lascivos, ladróns, zanfoneiros, que nos fai pensar na Babilonia dos sermóns eclesiásticos mais cun toque galdosiano ou incluso valleinclanesco e, finalmente, pasado pola turmix por Roberto Arlt. Aquí, en *totum revolutum*, os homes e mailas mulleres levan os nomes e maila sangue dos antigos moradores da casa, nun enguedello endogámico do que ninguén está libre: Florencia, a amante de Raúl, resulta sela filla e maila nai dun fillo de Patricio Kerrigan.

A relación do protagonista con Florencia fai troca-la textura da narración; agora céntrase máis no plano erótico, ata o punto de chegar case que a

roza-la materia do *culebrón* con situacións moi preto do teatro do absurdo e un final bizantino; xorde, tamén, un elemento de intriga, se cadra o mellor desta parte, cando tanto Raúl coma Florencia se van identificando cada vez máis coa historia de Childers, ata o punto de representaren a mesma vida, as mesmas obsesións daquel, retomando deste modo a liña gótica do comezo.

O caso é que, cando a novela se achega á fin e semella evidente que Raúl vai morrer deixando tras de si unha estraña historia de excesos, chega a resolución: xúntanse os fíos da madeixa e a fin é sorprendentemente boa. Un fío que quedara solto, insinuado, é o que sostén este remate nunha situación sen saída; sen embargo quedan moitas dúbidas respecto á novela, por exemplo: ¿Era a intención do escritor mestura-los xéneros dun xeito irónico, ou en realidade escapóuselle das mans a urda da historia e mais da trama? ¿Utilizou o ton e o personaxe adecuados para a narración da historia? ¿Tentaba o autor crea-la atmosfera que creou na casa, que é ou debería ser de feito un protagonista tan axeitado coma o mesmo Raúl Ramírez? ¿Foi a súa intención inaugurar un novo xénero, isto é, o folletín gótico? Penso que soamente Lázaro Covadlo podería responder estas preguntas, pero o lector normal non pode evitar remata-lo libro con esta sensación de dúbida.

Miguel Ángel Otero Furelos  
Instituto Os Rosais II  
Vigo



**Título:** *The Plato papers*  
**Autor:** Peter Ackroyd  
**Editorial:** Vintage, Londres, 2000  
**Núm. pp.:** 139  
**Tamaño:** 20 x 13

Peter Ackroyd, o autor de *Hawksmoor* e *Chatterton*, un dos grandes santóns da literatura posmoderna inglesa, despois da case que inadvertida *Dan Leno & The Limehouse Golem* (*Dan Leno, el Golem y el Music Hall*, Edhasa, 1999) acaba de publicar a súa última novela, *The Plato papers*, aínda non traducida ó castelán no momento de facer esta recensión. Este polifacético escritor, novelista e mais biógrafo, semella dar un xiro á súa narrativa habitual con esta obra.

Por unha vez o autor non sitúa a súa ficción no pasado histórico de Inglaterra senón que opta por escolle-lo futuro. Mais non pensemos que é unha novela de ficción científica, nin moito menos, *The Plato papers* é máis unha fábula ca unha hipótese sobre o tempo vindeiro. E se nesta obra abandona o característico trazo posmoderno da historiografía si lle engade a ironía propia desa corrente ou tendencia, así como a intertextualidade con fins cómicos.

Na novela, un home chamado Platón, orador de oficio, diríxese ós habitantes do Londres do século corenta para lles explica-la historia da cidade

e mais da súa cultura, que se corresponde coa cultura do século vinte. Platón fala dende un mundo totalmente distinto do noso, onde a noción do tempo non existe e tanto a raza humana coma o mesmo ámbito no que habita mudaron a súa esencia, de xeito que este é un universo idealista onde moran seres máis preto dos anxos ca dos homes. Platón fai consideracións en torno a ese mundo pasado do que o home destoutro mundo non ten máis ca fragmentos que interpretar.

No século corenta o pasado está dividido en varias eras: a Era de Orfeo, correspondente á época clásica grega, na que os mitos son considerados reais e non interpretacións dos fenómenos da natureza; a Era dos Apóstolos, a de Xesús Cristo, que dende un punto de vista inxenuo expón tódalas contradicións do cristianismo; a nosa era, que na novela é chamada "Mouldwarp" (un termo de difícil interpretación que pode ser un reto para a persoa que realice a tradución da novela), e que dura ata a desaparición da nosa civilización e a eventual extinción do home como a especie que coñecemos agora; e, finalmente, a época na que se desenvolve a

narración “Witspell” (outro termo que vai dar dores de cabeza pola súa ambigüidade), que ten como prólogo a conciencia propia do home de que o universo é unha emanación de si mesmo.

Ackroyd usa tres procedementos para narra-la historia: a conversación en modo teatral de varios personaxes, entre eles o mesmo Platón falando coa súa alma, que van desentrañando os pormenores da trama; un glosario de palabras rescatadas do pasado que Platón reinterpreta nunha boa mostra do enxeño e mailo humor do autor, por exemplo a “telepatía” é ‘dor causada pola televisión’, e, por último, o propio Platón meditando e disertando sobre a historia perante os seus concidadáns, de xeito que, sen sabelo, por medio dos erros do seu coñecemento do pasado, está a construír unha relación dos feitos pretéritos totalmente diferente do que en realidade foi. Se é que podemos usar aquí a palabra “realidade” que, na novela, se amosa como un terreo permeable e cambiante, non inmutable. Platón confunde a Darwin con Dickens e considera ó primeiro un novelista, mentres que a Freud o etiqueta de autor cómico; considera a teoría da relatividade coma un mito de creación e cambia os papeis de Poe, Eliot, Hitchcock e outras iconas da nosa cultura. Deste xeito, o autor proba que é imposible interpreta-la historia porque nos vén dada por datos que non son fiables.

O caso é que Platón, un inadaptable na súa época, un visionario, baixa quizais na súa imaxinación, quizais en

“realidade”, ó mundo inferior, que é unha caverna na que aínda viven os habitantes do Londres do noso século; pero o feito é que despois desta viaxe a Hades Platón retorna ó seu mundo con dous obxectos dese mundo inferior cheo de paixón, morte, dor e vida: un reloxo e uns dados.

Platón sofre un xuízo ó regresar e conta-la súa experiencia. É un herexe que corrompe a mocidade. Platón sementa dúbidas sobre o edificio místico no que se basea a súa civilización, pon en entredito tódalas crenzas establecidas, introduce a posibilidade da incerteza (os dados), e a morte en forma de tempo (o reloxo). Tense que ir, mais a dúbida permanece.

Esta estraña novela pódese considerar coma unha meditación acerca da realidade, acerca de cómo este concepto é a mestura de múltiples interpretacións de fenómenos suxeitas a prexuízos ideolóxicos —relixiosos, lingüísticos, políticos, filosóficos, etc.— que consideramos inamovibles e certos; o mundo, o home, precisan certezas, por isto Ackroyd fai unha parábola sobre estas nocións coa intención irónica de amosarnos como manipulámo-lo pasado para podermos interpreta-los seus restos segundo os nosos intereses. A tese central de Ackroyd é que vivimos nun constructo feito co material inestable dunha ciencia imperfecta; o mundo é unha necesidade que se sustenta de mentiras, medias verdades ou, incluso, da ignorancia. E por último, tamén penso que o autor reivindica a nosa era, con tódalas súas tachas, a

pesar da traxedia cotiá que é a vida: non é casualidade que Platón baixe á terra, atope a caverna e comprenda que as espadas de Damocles do tempo e mais do azar nos fan máis humanos cá vivencia anódina dos espíritos puros

nun mundo sen medos, pero tamén sen esperanzas.

*Miguel Ángel Otero Furelos*  
Instituto Os Rosais II  
Vigo







**Título:** *El bosque originario*  
**Autor:** Jon Juaristi  
**Editorial:** Madrid, Taurus, 2000  
**Núm. pp.:** 347 páxinas  
**Tamaño:** 15 x 24

Din as historias do libro que Martiño Lutero foi o primeiro autor en vender masivamente as súas obras pola soa virtude do seu propio nome. Abría así o reformador alemán o rexistro de escritores dos que non é preciso coñece-lo contido concreto do seu último traballo para que os editores pelexen por se facer cos dereitos de publicación e os lectores acudan ansiosos por el ás librerías. Sexa pola calidade que se lles presupón, coma no caso dos autores xa *consagrados*, sexa pola eficacia da promoción planeada por competentes departamentos de mercantilización editorial e axencias de representación literaria, como acontece cos *best sellers* de hoxe, hai *sinaturas* que converten en éxito comercial todo canto subscriben... mesmo antes de ser publicado.

Pode dicirse que Jon Juaristi forma parte desta especial categoría de autores que contan cunha moi ampla e fiel freguesía dende que en 1997 *El bucle melancólico* acadara cifras de vendas sorprendentes nun mercado tan cativo como é o do xénero ensaístico. O éxito daquela obra, que quería poñer ó descuberto as inconsistencias intel-

tuais e as insuficiencias éticas do discurso do nacionalismo etnicista vasco, incluso lles deu nova vida mercantil ás que anos antes o autor dedicara xa a outros aspectos da mesma cuestión: *El linaje de Aitor* (1987), onde se ocupaba da invención no século XIX da narrativa histórico-lendaria que foi configurando a tradición vasca sobre a que erguería a súa doutrina o nacionalismo aranista; e *Vestigios de Babel* (1992), onde rastrexaba dende os inicios da idade moderna as relacións que unen as fabulacións sobre unha identidade española primitiva e sobre o particularismo vasco, que sería presentado durante un longo período, precisamente, como a mellor expresión daquela.

Non é habitual ver libros de ensaio encabezando as listas de vendas, como tampouco non o é que intelectuais de gran prestixio se aveñan a compaxina-lo seu labor profesional coa produción de traballos menos eruditos destinados ó público non especializado. Pocos membros desta selecta comunidade intelectual parecen dispostos —ou capaces— a renunciar ós rigorosos requirimentos do aparato científico en favor do esforzo que

supón *rebaixa*-lo ton, a linguaxe e as pretensións para achega-los seus coñecementos a un abano maior de lectores. Claro que un obxectivo como este esixe, ademais, ocuparse de materias que formen parte das preocupacións e dos intereses de amplos estratos da sociedade e sobre as que o intelectual poida difundir coñecementos ou opinións máis cualificadas cás que recibe o común da xente a través dos medios de comunicación de masas.

Juaristi, profesor universitario de Literatura e, dende hai pouco, director da Biblioteca Nacional, hai tempo que decidiu espallar por medio de artigos periódísticos e obras literarias dirixidas a lectores de nivel cultural medio as súas teses sobre o nacionalismo vasco. A calidade da súa escrita e o carácter polémico do asunto na sociedade española explican o éxito editorial dunha empresa que merece agradecemento. Aínda que só fose, con independencia de compartí-las súas ideas, polos riscos que supón adoptar unha posición de compromiso público antinacionalista en Euscadi. Riscos —incluído o físico— que deitan da especial xenreira que suscita nos antigos camaradas o que ousa abandonar-la *igrex*a ideolóxica na que noutrora compartiran militancia. Por volver á referencia inicial —e perdóese a comparanza—, se Lutero se convertera nun satán para os católicos, que botaron sobre el no seu día as máis desmedidas e ruíns descualificacións persoais, Juaristi é hoxe unha das figuras máis aborrecibles para o nacionalismo vasco. Pois se o monxe agostiño

—que, á fin, non abandonara as súas crenzas cristiás— merecía para Roma castigo por herexe, o escritor vasco —que chegara a formar parte de ETA na súa mocidade— parece merecelo aínda máis por apóstata, por romper de todo coa doutrina nacionalista, traizón que, para os vascos que aínda comungan con ela, eleva ó grao máximo a *perversión* do seu comportamento.

*El bosque originario* ofrece un percorrido por algunhas das lendas das orixes que diversos pobos europeos foron construíndo dende a antigüidade clásica ata este mesmo século. Desfilan pola obra as mitoloxías orixinarias dos antigos gregos, os relatos romanos que procuraban xa o prestixio dunha ascendencia troiana para a súa cidade —fabulación amplamente imitada despois, no medievo—, as xenealoxías bíblicas —lexitimacións ben lóxicas nunha cultura cristiá como a europea—, as posteriores fantasías sobre as raíces xermánicas ou célticas de certas nacións e, por fin, as elucubracións sobre os pobos arios, inocentes nun principio pero inspiradoras despois das políticas máis malignas do século.

Non queda a obra, sen embargo, na pura presentación dos personaxes e dos episodios dos que se compoñen as distintas narracións lendarias e mais na descrición do seu proceso de elaboración no transcorrer dos séculos. Resulta patente a vontade do autor de aproveitar toda ocasión para amosa-las implicacións que este tipo de figuracións teñen aínda nos tempos modernos e mesmo na actualidade. E é que,



nalgúns casos, a persistencia das construcións xenealóxicas é certamente sorprendente. Véxase, por exemplo, as que aínda hoxe se articulan arredor dun celtismo que impregna un sentimento cultural difuso en diversos países europeos nos que se proclama unha raíz céltica: ¡cantos cren aínda no estereotipo físico dos celtas, todos louros e altos, ou na dicotomía coa que Matthew Arnold contrapoñía na Gran Bretaña do XIX os ingleses pragmáticos, materialistas e masculinos cos celtas fantasiosos, espirituais e femininos! Son mitos de extraordinaria duración, que aínda serven tanto para cualificar manifestacións artísticas —lémbrese a etiqueta de *música celta*— coma para sustentar propostas políticas que resultan verdadeiramente asombrosas na era da democracia.

Quen se achegue ó traballo de Juaristi poderá comprobar que as construcións xenealóxicas sempre foron elaboradas cun designio político. No seu momento serviron para a exaltación das dinastías reais ou para a xustificación dos privilexios aristocráticos —facendo, por exemplo, de raizame

goda a nobreza castelá ou de liñaxe franca a francesa— e do dominio dos señores sobre os campesiños. Pero tamén hoxe, convenientemente depurados dos seus compoñentes máis estrafalarios, os mitos orixinarios, proyectando cara a atrás os pobos ata tempos inmemoriais, sustentan a miúdo as reivindicacións dos nacionalismos etnicistas. Os exemplos son abundantes mesmo na civilizada Europa: dende un Le Pen que non renuncia á crenza nunha nación francesa de bases raciais de stirpe gala ata os supostos e exclusivos dereitos históricos dunha nación sobre un territorio que alicerzan as terribles guerras balcánicas do presente e outras moitas reivindicacións políticas. Xustamente, é dos perigos que derivan da conversión de certos relatos fantasiosos dun pasado imaxinario en fundamentación de doutrinas e programas políticos do presente, da mestura irresponsable do ámbito cultural co político, do que parece querer advertir Juaristi coa súa obra.

Xavier R. Madriñán  
 Instituto Rosalía de Castro  
 Santiago de Compostela







- Título:** *El retablo de la flagelación de Leonor de Velasco*  
**Autor:** J. Yarza Luaces  
**Editorial:** El Viso, Madrid, 1999  
**Núm. pp.:** 157  
**Tamaño:** 24 x 19

O volume que nos ocupa, saído do prelo en xuño de 1999, é produto dun encargo que o actual propietario do retablo lle fixo ó profesor Yarza. Coñecedor do seu rigor, pediulle que analizara técnica e iconograficamente a obra que, pintada ca. 1485-90, constitúe unha excelente representante da pintura baixomedieval burgalesa.

Yarza comeza facendo unha breve contextualización no ambiente social e artístico no que se desenvolveron os artistas autores da peza. Como é sabido, a cidade de Burgos era no século XV, cando se pinta o retablo, unha das máis poderosas do reino de Castela en virtude dunha laboriosa burguesía comercial. Tamén gozou do favor real, cristalizado na fundación da Cartuxa de Miraflores —panteón de Xoán II, da raíña Isabel de Portugal e mais do Infante Alfonso— con monumentos funerarios de grande interese. De entre os nomes de pintores que saen á palestra convén, segundo o profesor Yarza, subliñarlos do Mestre dos Balbases, Alonso de Sedano ou o Mestre da Visitación, que presentan certas características estilísticas localizables nos paneis da peza analizada.

Encargado, segundo Yarza, por dona Leonor de Velasco, membro dunha familia que gozaba dun poder inmenso —a Capela do Condestable da catedral de Burgos é boa proba disto—, para a igrexa conventual das clarisas de Medina de Pomar, onde ocuparía o lugar de honor: a ábsida central. Está formado por oito táboas dedicadas á Paixón de Cristo, coas seguintes escenas: *Santa Cea*, *Oración no Horto e Prendemento*, *Cristo na casa da Caifás* e *Negación de Pedro*, *Flaxelación*, *Ecce Homo*, *Camiño ó Calvario*, *Crucifixión e Enterro*. Dous gardapós laterais presentan as figuras de seis apóstolos e de dous anxos, ocupados estes últimos en sostelas armas dos Velasco.

A seguir, Yarza dedica un capítulo a discernirlas mans que traballaron na obra, chegando á conclusión de que participaron dous mestres cuns trazos estilísticos diferenciados. Especula coa posibilidade de que o retablo fora contratado por un único pintor que, ó deixar inacabado o conxunto, deu paso a un segundo artista, que para Yarza é o Mestre de Oña, responsable dunha porción menor do encargo, concretamente o *Xesús na casa de Caifás*, o *Santo*

*Enterro*, o gardapó e, quizais, algunhas figuras nas táboas realizadas polo primeiro mestre. Deixando a un lado cuestións técnicas (que se poden seguir doadamente nas fotografías de detalle), un dos aspectos máis sobresaíntes do primeiro pintor, que Yarza relaciona co Mestre da Visitación, é o seu interese por establecer un vínculo entre o devoto e a obra mediante o recurso de pintar figuras que miran cara a nós, táctica xa profusamente utilizada en Italia, como estudiou John Shearman (*Only Connect... Art and the Spectator in the Italian Renaissance*, Princeton UP, 1992).

Tras dunha breve biografía de dona Leonor de Velasco, considerada por Yarza a doante que aparece retratada, vén un longo capítulo dedicado á análise iconográfica dos paneis. Destaquemos algunhas cuestións:

O tema da *Flaxelación*, ferinte, declamatorio, que dá nome ó retablo, está en consonancia co desenvolvemento dunha nova vivencia de relixión que pasaba, segundo San Francisco e os grandes místicos, pola identificación do fiel cos sufrimentos de Cristo. Para Yarza, as polémicas ideolóxicas cos xudeus na España do século XV explicarían a existencia de importantes ciclos dedicados á Paixón. Dentro desta liña hai que entende-los conspicuos apéndices nasais de Xudas e dalgúns outros personaxes negativos. Chama a atención a importancia do tema da *Negación de San Pedro*, que Yarza explica nun sentido penitencial, aínda que non acabamos de quedar convencidos do pretendido ton misóxino que o

autor quere detectar, incluso admitindo a súa hipótese dun mentor iconográfico masculino. Subliña tamén o feito de que a pretendida dona Leonor non dirixa a súa mirada ó Flaxelado senón cara a un punto indeterminado ¿no exterior da pintura?, algo que non é en absoluto excepcional: véxase, por exemplo, a táboa da *Árbore de Xessé*, obra de Geergen tot Sint Jans, conservada no Rijksmuseum de Amsterdam, na que a doante, unha novísima monxa, axeonllada á dereita da Árbore, dirixe a súa atención cara a algo que, novamente, parece acharse fóra do ámbito pictórico. Eu penso que a clave pode estar no contexto para o que foi concibida a obra desgraciadamente, ó se perder toda noticia segura deste, non se pode avanzar máis. Neste sentido lembro a primeira vez que puider ver pinturas de Caravaggio *in situ* (p. ex. *Santa Maria del Popolo*, Roma), é nese momento cando se comprende nidiamente o papel do xogo compositivo que chamamos “diagonal barroca”.

Na *Última Cea* e no *Prendemento* é digno de mención o feito de que Xudas apareza nimbado. Aínda que o nimbo é un elemento iconográfico pagán (J. con Schlosser, *Präludien*, Berlín, 1927, p. 19 e segs.) e durante certo tempo aparece circundando a cabeza de personaxes nefastos, coma o Herodes da basílica de Santa Maria Maggiore en Roma, a finais do século XV non cabía dúbida acerca do seu emprego. Yarza atribúe esta anomalía a un erro do artista, explicación que nos custa aceptar: ¿é admisible que tal incorrección lle

pasara tamén inadvertida á cliente? É certo que existen moitos exemplos de erros na arte relixiosa, véñennos agora á cabeza os vintetrés anciáns da Apocalipse esculpidos en Carboeiro. Pero no caso de Xudas propoñemos outra posible explicación — aínda que recoñecemos que é tan indemostrable coma a do erro—: Yarza, ó describi-la táboa da *Flaxelación*, demórase na figura do primeiro plano, un saión que improvisa uns azoutes, que ten a súa orixe no teatro litúrxico. Pois ben, conservase un texto, procedente de Oberammergau, cunha redacción data-da no século XVII pero que é unha posible versión dun drama litúrxico máis antigo; nel Xudas é descrito portando o nimbo que lle será arrebatado por un anxo durante a Santa Cea. Deixamos aquí esta noticia como mera

suxestión (a nosa gratitude ó profesor Peter Dinzelbacher, Princeton Institute for Advanced Study, e a Otfried Lieberknecht, Berlín).

O espacio non nos deixa moita marxe. Soamente nos resta incidir na posible utilización da figura do can como iconografía antixudía na táboa do *Ecce Homo*, ou nos hipotéticos retratos nalgunhas das figuras. O rico complemento crítico, que produce sa enveixa ós que non temos boas bibliotecas preto de nós, é outro dos incentivos para se aproximar a este libro editado a un prezo moi razoable tendo en conta a boa calidade do volume.

Carlos Sastre Vázquez  
 Instituto Os Rosais II  
 Vigo







**Título:** *El teorema del loro. Novela para aprender matemáticas*  
**Autor:** Denis Guedj  
**Editorial:** Anagrama, Barcelona, 2000  
**Núm. pp.:** 537  
**Tamaño:** 22 x 14

¿En que forma se pode concibi-la relación entre as disciplinas científicas e a Literatura ou, en particular, entre as Matemáticas e a Literatura? Dende un punto de vista amplo pódese dicir que o dominio da linguaxe e algunha dose de creatividade son ingredientes necesarios para a produción, tanto das obras literarias coma das matemáticas. Ademais, ambos tipos de obras adoitan ter como un dos seus obxetivos a explicación ou a interpretación dalgunha parcela da realidade e acostuman a ser valorados tamén pola súa compoñente estética. Difiren, por suposto, na natureza das linguaxes empregadas, nos métodos e no carácter da explicación que se pretende. Pero non creo que sexan moitas as conexións existentes entre Literatura e Matemáticas como tales campos de estudio. Tan diferentes lle parecían a Dirac, o físico-matemático, que cando se enterou de que Oppenheimer escribía poesía, foino ver e díxolle que non entendía cómo alguén que se dedicaba ó estudio da Física podía escribir poesía simultaneamente. Dirac argumentaba que no

ámbito das ciencias se busca dicir algo que ninguén soubese antes, con palabras que todo o mundo entende e que, en poesía, se está limitado a dicir algo que todo o mundo sabe con palabras que ninguén pode entender.

Outra sorprendente opinión sobre a poesía podemos atopala na nota que o matemático Charles Babbage, o deseñador do primeiro ordenador dixital automático<sup>1</sup>, enviou a Lord Tennyson cando escribiu *A visión do pecado*:

“Señor,

No seu, polo demais fermoso poema, hai un verso que di:

Cada momento morre un home,

Cada momento nace un.

Debe ser manifesto que se iso fose certo a poboación do mundo se mantería estable. En realidade, a taxa de nacemento é lixeiramente superior á de defunción.

Suxeriría que na próxima edición do seu poema, dixese:

*Cada momento morre un home,*

*Cada momento nace 1 1/16.*

<sup>1</sup> Charles Babbage contou para o seu traballo sobre a Máquina Analítica coa colaboración da matemática Ada Augusta King, condesa de Lovelace, filla do sexto Lord Byron, o célebre poeta.

Estrictamente falando, isto non é correcto, a cifra real é tan longa que non me entra nunha ringleira, pero penso que a cifra  $1\ 1/16$  será suficientemente precisa para a poesía.

Son, os anteriores, puntos de vista que se poden considerar caricaturescos por esaxerados, pero que nos din que non é tan estraño atopar científicos que mostran interese pola creación literaria. Máis infrecuente é o caso contrario. Cóntase en David Wells, *El curioso mundo de los matemáticos*, Gedisa, Barcelona, 2000, que Paul Valéry estaba interesado nas Matemáticas como “el paradigma de la actividad puramente mental”. Pierre Féline someteuno “a una prueba bastante dura para medir su capacidad de abstracción. Le propuse la lectura de una obra singular: *Théorie des ensembles* de Georg Cantor. No eran necesarios unos conocimientos amplísimos para poder enfrentarse a este trabajo: bastaba con las reglas elementales del cálculo. Pero he aquí que, a las pocas páginas, la mente se ve obligada a detenerse, exhausta. Al día siguiente intentábamos continuar pero cada día que pasaba avanzábamos menos[...]”. A pesar deste mal comezo sinala Féline que: “Cuando le volví a ver algún tiempo después, vi que se hallaba muy cómodo en este terreno en el que el pensamiento sólo ve transformaciones y combinaciones de conceptos abstractos”.

A relación entre Literatura e Matemáticas, polo tanto, hai que buscarla, principalmente, a través de persoas que tiveron e teñen contacto con ambas artes. Hai exemplos de literatos

famosos que tiveron unha formación matemática, coma os premios Nobel de Literatura José Echegaray e Alexander Solzhenitsin. Anque Echegaray tamén foi un matemático profesional, quizais os exemplos máis significativos e máis coñecidos de persoas que destacasen nas dúas facetas sexan Omar Khaiame e Charles Ludwig Dodgson. O astrónomo e alxebrista persa do século XI, Omar Khaiame, é famoso polas súas cuartetos, chamadas *Rubaiatas*, nas que enxalza as delicias do viño e do amor, subliñando que todo o demais é cinza e ilusión e facendo tamén súa a omnipresente divisa na literatura poética universal do *carpe diem*. O matemático e lóxico inglés Dodgson é máis coñecido polo pseudónimo de Lewis Carroll, que empregou para asinala-la súa inmortal creación *Alicia no país das maravillas*.

Outro exemplo máis recente do contacto entre Literatura e Matemáticas constitúeo o grupo *Oulipo* (Ouvroir de littérature potentielle) fundado no seo do Colexio Patafísica en 1960 polo matemático francés François Le Lionnais xunto con Raymond Queneau, co obxecto de estudar cientificamente as limitacións da creación literaria. Unha das súas tarefas é a investigación sobre procedementos de manipulación textual (o S+7, a literatura definicional e outras). Queneau, máis coñecido polos seus *Exercicios de estilo* (1949) e pola novela *Zazie no metro* (1959), publica en 1961 *Cent mille milliards de poèmes*, no que os lectores, baseándose en dez sonetos, poden chegar a construír ata dez poemas



diferentes que dan lectura, segundo o autor, para 190.258.751 anos.

Pero o libro que comentarei, como indica o seu ambicioso subtítulo, pretende explotar outro tipo de relación con poucos antecedentes coñecidos<sup>2</sup>: aproveita-la trama dunha novela para contar algo de historia das Matemáticas, coa esperanza de que o lector aprenda un pouco sobre esta arte. Seguramente na historia da Literatura hai exemplos de obras nas que aparecen cuestións relacionadas coas Matemáticas. Lembro, en particular, a narración de Aldous Huxley *O mozo Arquímedes* na que se describe o pracer estético que experimenta un neno, Guido, excepcionalmente dotado para esta disciplina, ó descubrir por si mesmo o teorema de Pitágoras e unha das súas demostracións. Pero na obra de Denis Guedj, as Matemáticas non son unha anécdota. Máis ben dá a impresión de que a trama da novela se ideou para lle dar pé ó autor para contar algo sobre a súa historia.

O argumento xira en torno á desaparición en circunstancias estrañas dun vello matemático, Grosrouvre, en Manaos. Alí reunira unha prodixiosa biblioteca de clásicos matemáticos que, xunto cunha carta, envía a un libreiro, filósofo, de nome Pierre Ruche ( $\pi R$ ) amigo da época universitaria. Na carta dille que descubriu unha demostración para o gran teorema de Fermat ( $x^n + y^n = z^n$  non ten solucións enteiras se

$n > 2$ ) e outra para a conxectura de Goldbach (calquera número par é a suma de dous números primos). Estos dous famosos resultados quizais sexan os de enunciado e comprensión máis simple para un non profesional das Matemáticas, polo que foron sempre obxecto de innumerables intentos de demostración polos afeccionados que, erroneamente, supoñen que o traballo é asequible. O teorema de Fermat foi demostrado hai un par de anos polo matemático inglés Andrew Wiles. A conxectura de Goldbach segue sendo unha conxectura.

Na novela cóntanse as accións que levan a cabo os protagonistas —o citado R. Max (un neno xordo) e os xemelgos Jonathan e Lea— para desentraña-lo misterio da desaparición do matemático Grosrouvre e das súas demostracións. Anque a clave deste enredo está no papagaio falangueiro que pode repetir de memoria resultados matemáticos, os protagonistas vense na necesidade de estudar ou de repasar un pouco da historia das Matemáticas para conseguir desentraña-lo misterio. Para isto válese da biblioteca do matemático Grosrouvre. Aparecen, máis ou menos ordenadamente, os grandes matemáticos gregos Tales, Pitágoras, Eudoxo, Euclides, Apolonio, Arquímedes, etc.; os árabes al-Jwarizmi, al-Tusi, al-Karagi, etc.; os europeos do século XVI Tartaglia, Ferrari, Cardano, Viète, etc.; e nun dis-corer ata épocas máis modernas,

<sup>2</sup> En 1997, o alemán Hans Magnus Enzensbergir publica o exitoso libro *O díaño dos números*, no que se relata cómo un díaño pequeno pretende iniciar a un neno nalgúns aspectos das Matemáticas.

Fermat, Descartes, Leibniz, Newton, Gauss, Euler, Abel, Galois, etc. O autor preocúpase case máis do anecdotario que da descrición e da análise dos resultados matemáticos máis relevantes, evitando a complexidade que suporía o feito de se adentrar en xustificacións ou demostracións. Merécelle especial atención o problema dos inconmensurables, os tres problemas clásicos —a cadratura do círculo, a duplicación do cubo e a trisección do ángulo—, e a resolución alxebraica das ecuacións polinómicas. O libro está cheo de historias, pero detense especialmente en conta-la de Omar Khaiame<sup>3</sup>. Dos vinteseis capítulos que ten o libro dedícalle dous, porque é unha das que posúeu máis elementos literarios e porque o autor busca na súa trama un certo paralelismo entre a vida de Omar e a dos seus personaxes. Esta asignación do espacio no texto temén dá unha idea de que no libro hai máis Literatura que Matemáticas, e as que hai son descritivas, están ben contadas e son fáciles de ler. O tipo de coñecemento matemático que pretende transmitirlo autor é global: unha historia das grandes correntes matemáticas e dos problemas que as suscitaron. Pero para lles sacar partido ós datos e comentarios que achega Guedj é necesario partir dunha certa formación Básica.

Dudo que a súa lectura sirva para aprender Matemáticas no sentido que

se lle dá á palabra “aprender” no contexto escolar. Ninguén que lea o texto aprenderá, por exemplo, a resolver unha ecuación de segundo grao ou a calcula-la tanxente a unha curva, aunque no texto se citen estes resultados. Dicía Michael Atiyah que “resulta moi difícil saber comunica-lo coñecemento que un ten de algo porque se chega a iso despois de dar voltas e máis voltas[...] Pode que sexas quen de expoñelo de tal xeito que chegar ó punto clave lle levaría a alguén moito menos tempo do que empregaches ti. Pero se esa persoa non se emprega a fondo co problema e non é quen de ve-los perigos agochados que encerra, entón non o entenden realmente”. Non quero dicir con isto que o libro non teña os seus méritos, pero si que ten un subtítulo moi atrevido. Ten a virtude de integrar, con máis ou menos acerto, os contidos de tipo matemático na trama da novela, co que, para que esta siga sendo unha novela, non abusa da linguaxe formal na súa exposición. Algún divulgador científico díxo unha vez que por cada fórmula que aparece nun libro se perden un mínimo de mil lectores. *El teorema del loro*, que foi un *best seller* en Francia, ha perder moi poucos por este motivo.

José Luis Valcarce Gómez  
 Instituto Pontepedriña  
 Santiago de Compostela

<sup>3</sup> No libro lese Omar Jayyam. Non hai unha grafía unívoca para este nome persa. Na traducción de Christovam de Camargo de *Las rubaiotas* (Ed. Losada, Bos Aires, 1971) achégase: Khayyám, Kheyyám, Jayyam, Khaiam ou Khaiami. Plaza y Janés na súa colección Rotativa, publica en 1969 unha versión na que emprega o nome Kheyyam.



*Novidades  
editoriais*



## ALGUNHAS NOVIDADES EDITORIAIS

### Literatura

*Ana María Platas Tasende*  
 Instituto Rosalía de Castro  
 Santiago de Compostela

#### NARRATIVA

AA.VV., *Todo por unha teima e catro contos máis*, Xunta de Galicia, 2000.

Alatríste, Sealtiel, *El daño*, Madrid, Espasa Calpe, 2000.

Alonso, Syra, *Diarios*, ed. de Carme Vidal, Vigo, A Nosa Terra, 2000.

Alvarez Cáccamo, A., e outros, *Tecendo panos*, Santiago, Laiovento, 2000.

Amat, Nuria, *El siglo de las mujeres*, Barcelona, Ediciones del Bronce, 2000.

Amis, Martin, *Exito*, trad. de Héctor Silva, Madrid, Punto de Lectura, 2000.

Araguas, Vicente, *Agora xa foi*, Santiago, Laiovento, 2000.

— Orde do 6 de setembro de 2000 pola que se establecen axudas para financia-las actividades das asociacións, federacións e confederacións de alumnos de centros docentes de niveis non universitarios. (DOG, 18/09/00).

## 16. POSTOS DE TRABAJO

### 16.1. ACCESO Ó CORPO DE MESTRES

— Orde do 16 de marzo de 2000 pola que se convoca concurso-oposición para ingreso no corpo de mestres en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma de Galicia así como a adquisición de novas especialidades. (DOG, 22/03/00). Corrección de erros, (DOG, 23/03/00).

— Resolución do 3 de maio de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fan públicas as listas provisionais de admitidos e excluídos do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades. (DOG, 11/05/00).

— Resolución do 5 de maio de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a data do sorteo para determina-la composición dos tribunais que deberán xulga-lo procede-

mento selectivo de ingreso así como a adquisición de novas especialidades, do corpo de mestres. (DOG, 11/05/00).

— Resolución do 29 de maio de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se nomean os tribunais que deberán xulga-las probas do proceso selectivo para o ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades, convocado pola Orde do 16 de marzo de 2000. (DOG, 07/06/00).

— Resolución do 30 de maio de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se elevan a definitivas as relacións de aspirantes admitidos e excluídos ó proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado por Orde do 16 de marzo de 2000. (DOG, 09/06/00).

— Resolución do 8 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán o proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como os da adquisición de novas especialidades, polas que se anuncian as datas, as horas, e os lugares nos que se farán as presentacións dos aspirantes e se anuncian tamén as datas, as horas e os lugares nos que se celebrarán a proba de coñecementos de lingua galega e a proba de carácter práctico. (DOG, 16/06/00).

— Orde do 8 de xuño de 2000 pola que se declaran aptos na fase de prácticas os opositores que superaron o

procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 12 de marzo de 1999. (DOG, 20/06/00).

— Orde do 1 de setembro de 2000 pola que se fai pública a lista dos opositores seleccionados no proceso selectivo convocado pola Orde do 16 de marzo de 2000, para ingreso no corpo de mestres en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición de novas especialidades. (DOG, 15/09/00). Corrección de erros, (DOG, 06/10/00).

— Orde do 18 de setembro de 2000 pola que se nomean funcionarios en prácticas do corpo de mestres os opositores seleccionados no procedemento selectivo convocado pola Orde do 16 de marzo de 2000 e que están ocupando vacantes dotadas orzamentariamente. (DOG, 02/10/00).

## 16.2. ACCESO Ó CORPO DE ENSINO SECUNDARIO

— Orde do 25 de febreiro de 2000 pola que se nomean funcionarios de carreira do Corpo de profesores técnicos de Formación Profesional e profesores de Música e Artes Escénicas, seleccionados nos procedementos selectivos convocados por Orde do 8 de xuño de 1994. (BOE, 17/03/00).

— Real Decreto 321/2000, do 3 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 1692/1995, do 20 de outubro, polo que se regula o título profesional

de Especialización Didáctica. (BOE, 04/03/00).

— Orde do 15 de marzo de 2000 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas, e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 22/03/00).

— Resolución do 17 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se regula a composición das comisións avaliadoras da fase de prácticas establecida na Orde do 15 de marzo de 2000, pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso no corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas. (DOG, 03/05/00).

— Resolución do 18 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a composición das comisións avaliadoras da fase de prácticas dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas convocados por Orde do 15 de marzo

de 1999, en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 03/05/00).

— Resolución do 2 de maio de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a data do sorteo para determina-la composición dos tribunais que deberán xulgar-los procedementos selectivos de ingreso e acceso ós corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas. (DOG, 10/05/00).

— Orde do 27 de abril de 2000 pola que se modifica a do 7 de febreiro de 1995 pola que se publicaba a lista de opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 8 de xuño de 1994, no relativo ó corpo de profesores de ensino secundario, especialidade tecnoloxía administrativa e comercial. (DOG, 12/05/00).

— Resolución do 9 de maio de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a lista provisional de admitidos e excluídos para participar nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas, en expectativa de ingreso, e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios anteditos

corpos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 16/05/00).

— Orde do 31 de maio de 2000 pola que se declaran aptos na fase de prácticas os aspirantes que superaron os procedementos selectivos para acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas convocados por Orde do 19 de marzo de 1997 e do 15 de marzo de 1999. (DOG, 09/06/00).

— Resolución do 31 de maio de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se procede a nomear e facer pública a composición dos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas convocados por Orde do 15 de marzo de 2000. (DOG, 09/06/00).

— Resolución do 9 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a lista definitiva de admitidos e excluídos ós procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios dos devanditos cor-

pos, na Comunicade Autónoma de Galicia. (DOG, 19/06/00).

— Resolución do 12 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso ós corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas nas que se anuncian as datas, as horas e os lugares en que se fará a presentación dos aspirantes e tamén as datas, as horas e os lugares en que se realizarán as probas de coñecementos de lingua castelá, lingua galega e o primeiro exercicio. (DOG, 15/06/00).

— Resolución do 12 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais dos aspirantes definitivamente admitidos ós procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario e profesores de música e artes escénicas convocados por Orde do 15 de marzo de 2000. (DOG, 16/06/00).

— Resolución do 16 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se modifica parcialmente a composición dos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores

de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas convocados por Orde do 15 de marzo de 2000, especialidades de piano, saxofón e violoncelo. (DOG, 21/06/00).

— Resolución do 16 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se procede a modifica-la resolución do tribunal de organización e procesos de mantemento de vehículos que xulgará o procedemento selectivo de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario na que se anuncian as datas, as horas e os lugares en que se realizará o primeiro exercicio. (DOG, 21/06/00).

— Resolución do 23 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se procede a modifica-la lista definitiva de admitidos e excluídos ós procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios dos devanditos corpos, na Comunicade Autónoma de Galicia. (DOG, 04/07/00).

— Resolución do 27 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ós corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores



fesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e ingreso no corpo de mestres. (DOG, 04/07/00).

— Resolución do 17 de xullo de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ós corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e ingreso no corpo de mestres. (DOG, 24/07/00).

— Orde do 11 de agosto de 2000 pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron os procedementos selectivos convocados por Orde do 15 de marzo de 2000, para ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 23/08/00).

— Orde do 20 de setembro de 2000 pola que se nomean funcionarios en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas os

opositores que superaron que superaron os procedementos selectivos convocados por ordes do 19 de marzo de 1997 (DOG do 3 de abril), 15 de marzo de 1999 (DOG do 22) e 15 de marzo de 2000 (DOG do 22) e están ocupando vacante dotada orzamentariamente. (DOG, 29/09/00).

### 16.3. CONCURSOS DE TRASLADOS

---

#### 16.3.1. CORPO DE MESTRES

---

— Resolución do 23 de marzo de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncian as vacantes para cubrir no concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado pola Orde do 10 de novembro de 1999. (DOG, 07/04/00).

— Resolución do 5 de abril de 2000 pola que se fai pública a adxudicación provisional de destinos do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefe ou xefa do departamento de orientación, convocado pola Orde do 19 de novembro de 1999. (DOG, 11/04/00).

— Orde do 23 de marzo de 2000 pola que se convoca concurso de traslados e procesos previos do Corpo de Mestres para cubrir postos vacantes en centros públicos de Educación Infantil, Primaria, Educación Especial, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación de Adultos das Cidades de Ceuta e Melilla. (BOE, 03/04/00). Corrección de erros, (BOE, 06/04/00).

— Resolución do 15 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se publica a adxudicación provisional de destinos do concurso de traslados de mestres, convocado por Orde do 10 de novembro de 1999. (DOG, 28/04/00).

— Resolución do 25 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se publica a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefe ou xefa do departamento de orientación, convocado pola Orde do 19 de novembro de 2000. (DOG, 03/05/00).

— Resolución do 5 de xuño de 2000 pola que se publica a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado por Orde do 10 de novembro de 1999. (DOG, 15/06/00).

#### 16.3.2. CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO

— Resolución do 7 de marzo de 2000 pola que se publica a adxudicación provisional de destinos do concurso de traslados dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres de taller de artes plásticas e deseño. (DOG, 15/03/00).

— Orde do 16 de marzo de 2000 pola que se fan públicas as vacantes definitivas dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas para o curso 2000-2001. (DOG, 12/04/00).

— Resolución do 17 de abril de 2000 pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores de ensino secundario, formación profesional, escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño. (DOG, 02/05/00).

#### 16.4. VACANTES PROVISIONAIS DE ENSINO SECUNDARIO

— Orde do 3 de febreiro de 2000 pola que se fan públicas as vacantes provisionais dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas para o curso 2000-2001. (DOG, 24/02/00).

— Resolución do 6 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se dictan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2000-2001, entre profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comuni-

dade Autónoma de Galicia. (DOG, 13/06/00).

#### 16.5. PRAZAS DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS EN SECUNDARIA

---

— Anuncio do 28 de xuño de 2000, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións en determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario e outros. (DOG, 01/08/00).

#### 16.6. COMISIÓNS DE SERVICIO

---

— Orde do 17 de marzo de 2000 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, para cubrir prazas de asesores técnicos na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 10/04/00). Corrección de erros, (DOG, 17/04/00).

— Orde do 30 de marzo de 2000 pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir determinadas prazas, en réxime de comisión de servizo, por funcionarios docentes de ensino non universitario, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 14/04/00).

— Orde do 16 de xuño de 2000 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que

imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir postos de profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 20/06/00). Corrección de erros, (DOG, 23/06/00).

— Orde do 14 de xullo de 2000 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, para cubrir prazas de asesores técnicos na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 27/07/00).

— Orde do 31 de agosto de 2000 pola que se resolve o concurso público de méritos para cubrir determinados postos en réxime de comisión de servizos, por funcionarios docentes de ensino non universitario. (DOG, 02/10/00).

#### 17. ESTABLECEMENTO DE POSTOS DE TRABALLO DOCENTES

---

— Orde do 31 de xullo de 2000 pola que se establecen ensinanzas, número de unidades e postos de traballo docentes que corresponde prover por funcionarios do corpo de mestres no CEIP Virxe do Mar de Narón (A Coruña), no CEIP Isaac Peral de Ferrol (A Coruña), no IES Saturnino Montojo de Ferrol (A Coruña), e na EEI Nosa

Señora do Carme de Marín (Pontevedra). (DOG, 05/09/00).

## 18. PROFESORADO: FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO

---

### 18.1. CONVOCATORIAS DE CONCURSOS DE MÉRITOS

---

— Orde do 27 de marzo de 2000 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servicio de Formación do Profesorado. (DOG, 04/04/00)

— Orde do 27 de marzo de 2000 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir postos de directores ou directoras dos Centros de Formación e Recursos. (DOG, 04/04/00).

— Orde do 27 de marzo de 2000 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos Centros de Formación e Recursos. (DOG, 04/04/00).

— Orde do 6 de outubro de 2000 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de directores ou directoras dos centros de formación e recursos.

— Orde do 6 de setembro de 2000 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servicio de

Formación do Profesorado. (DOG, 27/09/00).

— Orde do 6 de setembro de 2000 pola que se resolve o concurso público de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de Formación e Recursos. (DOG, 02/10/00).

### 18.2. CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

---

— Orde do 7 de febreiro de 2000 pola que se convoca un curso de especialización mestres en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 04/04/00).

### 18.3. CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS

---

— Orde do 29 de febreiro de 2000 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario. (DOG, 09/03/00).

— Orde do 26 de xullo de 2000 pola que se convocan axudas económicas para a realización de actividades de formación dirixidas ó profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2000 e organizadas polas asociacións e fundacións con fins pedagóxicos, legalmente constituídas. (DOG, 17/08/00).

— Orde do 26 de xullo de 2000 pola que se convocan axudas

económicas para a realización de actividades de formación dirixidas ó profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2000 e organizadas polos movementos de renovación pedagóxica. (DOG, 17/08/00).

#### 18.4. PROXECTOS DE FORMACIÓN EN CENTROS

---

— Orde do 17 de marzo de 2000 pola que se convocan proxectos de formación e asesoramento do profesorado en centros docentes non universitarios para o curso 2000-2001. (DOG, 04/04/00).

#### 18.5. LICENCIAS POR ESTUDIOS

---

— Orde do 22 de marzo de 2000 pola que se convocan licencias por estudos para o curso 2000-2001 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión. (DOG, 10/04/00).

— Orde do 5 de setembro de 2000 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licencias por estudos para o curso 2000-2001 destinadas a funcionarios docentes non universitarios. (DOG, 14/09/00).

#### 18.6. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

---

— Orde do 3 de abril de 2000 pola que se convocan actividades formativas para o curso 2000-2001 destinadas a profesorado de inglés e de francés, e

se aproban as súas bases de concesión. (DOG, 17/04/00).

## 19. PROGRAMAS EDUCATIVOS

---

### 19.1. PROGRAMAS DA UE

---

— Resolución do 24 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional, pola que se conceden axudas para o desenvolvemento de proxectos educativos conxuntos no marco do Programa Sócrates, Lingua, Acción E, que se van a realizar entre o 1 de marzo de 2000 e o 31 de xullo de 2001. (DOG, 11/05/00).

— Resolución do 26 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional, pola que se fai pública a lista de candidatos seleccionados como beneficiarios de axudas concedidas pola Unión Europea dentro do Programa Sócrates, Comenius 3.2 Axudas para a formación do profesorado e persoal educativo. (DOG, 11/05/00)

— Resolución do 14 de xullo de 2000 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se resolve, con carácter definitivo, a convocatoria de axudas para a formación continua de profesores e formadores de linguas estranxeiras de acordo coa Acción B de Programa Lingua (capítulo 3

do Programa Sócrates). (DOG, 08/08/00).

#### 19.2. ESCOLAS VIAXEIRAS

---

— Resolución do 6 de marzo de 2000, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se seleccionan os centros desta Comunidade Autónoma que participarán na actividade de escolas viaxeiras durante o ano 2000. (DOG, 21/03/00).

#### 19.3. PROGRAMAS DEPORTIVOS

---

— Resolución do 21 de marzo de 2000, do Consello Superior de Deportes, pola que se aproba a lista de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e de métodos non regulamentarios de dopaxe no deporte. (BOE, 07/04/00)

#### 19.4. PRESTACIÓN SOCIAL SUBSTITUTORIA

---

— Orde do 6 de marzo de 2000 pola que se convocan os centros de ensinanzas non universitarias para incorporarse á bolsa de entidades colaboradoras no programa de prestación social substitutoria do servizo militar. (DOG, 04/05/00). Corrección de erros, (DOG, 10/05/00).

#### 19.5. INTERCAMBIOS

---

— Resolución do 10 de marzo de 2000, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se convoca intercambio de Mestres dentro do programa hispano-francés “Experimento controlado para a ensi-

nanza precoz das linguas vivas”. (BOE, 29/03/00).

— Orde do 23 de febreiro de 2000 pola que se conceden axudas para a realización de intercambios escolares entre alumnos matriculados en centros docentes españois. (BOE, 23/03/00).

— Orde do 23 de febreiro de 2000 pola que se conceden axudas para a realización de intercambios e encontros escolares entre alumnos de Centros docentes españois e de Centros docentes de Estados membros da Unión Europea. (BOE, 23/03/00).

#### 19.6. LEITE ESCOLAR

---

— Orde do 13 de abril de 2000 pola que se instrumenta na Comunidade Autónoma de Galicia a axuda ós alumnos de centros escolares para o consumo de leite e determinados produtos lácteos. (DOG, 25/04/00).

#### 20. TÍTULOS

---

— Real Decreto 274/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece o título de técnico superior en Animación Turística e as súas correspondentes ensinanzas mínimas. (BOE, 14/03/00).

— Real Decreto 320/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen os títulos

de Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior nas especialidades de fútbol e fútbol sala, se aproban as súas correspondentes ensinanzas mínimas e se regulan as probas e os requisitos de acceso a estas ensinanzas. (BOE, 29/03/00).

— Resolución do 5 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se convoca a proba extraordinaria para a obtención do título de graduado escolar para maiores de dezasete anos nas convocatorias de xuño e setembro e se dictan instrucións para a súa realización. (DOG, 27/04/00).

— Resolución do 12 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se convoca a proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos na convocatoria de xuño e de setembro e se dictan instrucións para a súa realización. (DOG, 08/05/00).

## 21. UNIVERSIDADE

---

### 21.1. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

---

— Decreto 41/2000, do 25 de febreiro, polo que se aproba a modificación dos estatutos da Universidade de A Coruña. (DOG, 02/03/00).

### 21.2. CERTIFICADO DE APTITUDE PEDAGÓXICA

---

— Resolución do 29 de marzo de 2000, da Dirección Xeral de Universidades, pola que se autoriza, con carácter provisional, a impartición de ensinanzas conducentes á obtención do certificado de aptitude pedagóxica na Universidade de A Coruña. (DOG, 31/05/00).

### 21.3. ACCESO Á UNIVERSIDADE

---

— Orde do 23 de febreiro de 2000 pola que se regulan as probas de acceso á universidade para os alumnos e as alumnas que cursaron as ensinanzas de bacharelato previstas na Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. (DOG, 14/03/00).

— Orde do 3 de marzo de 2000 pola que se regula o proceso de incorporación para o curso 2000-2001 dos estudantes ó nivel universitario do ensino nos centros das tres universidades galegas. (DOG, 16/03/00).

— Real Decreto 990/2000, do 2 de xuño, polo que se modifica e completa o Real Decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que se regula a proba de acceso a estudos universitarios. (BOE, 03/06/00).

— Orde do 15 de xuño de 2000 pola que se fixa o prazo para que os estudantes soliciten prazo na Universidade Nacional de Educación a Distancia (BOE, 20/06/00).

— Orde do 26 de xullo de 2000 pola que se desenvolve a disposición adicional cuarta do Real Decreto 69/2000, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á Universidade. (BOE, 28/07/00).

#### 21.4. AXUDAS, BECAS, BOLSAS E SUBVENCIÓNS

— Orde do 17 de febreiro de 2000 pola que se convocan bolsas e axudas para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou cursos de verán, destinadas a estudantes universitarios de segundo e terceiro ciclo ou recentemente titulados, tanto licenciados como diplomados universitarios, nalgunha das universidades do sistema universitario de Galicia. (DOG, 07/03/00).

— Orde do 22 de febreiro de 2000 pola que se convocan bolsas e axudas ó estudio de carácter especial para estudantes galegos, descendentes de galegos ou residentes en Galicia que cursen estudos universitarios de primeiro ou segundo ciclo no curso 2000-2001, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevindas e non previstas. (DOG, 07/03/00).

— Orde do 24 de febreiro de 2000 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de doce bolsas para estadias de persoal dos departamentos de estudos galegos de univer-

sidades de fóra da Comunidade Autónoma e a súa colaboración en proxectos de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. (DOG, 16/03/00).

— Orde do 10 de marzo de 2000 pola que se convocan subvencións a universidades galegas para a organización de congresos, simposios e xornadas que favorezan a proxección universitaria, tanto no ámbito local como no nacional e internacional. (DOG, 22/03/00).

— Orde do 15 de marzo de 2000 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de axudas ó estudio e accións de apoio económico ós estudantes universitarios, e se anuncia a súa convocatoria, correspondente ó curso académico 1999-2000. (DOG, 28/03/00).

— Orde do 28 de marzo de 2000 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou cursos monográficos para investigadores non vencellados ás universidades galegas e, se procede, á súa convocatoria. (DOG, 14/04/00).

— Orde do 15 de maio de 2000 pola que se efectúa convocatoria pública de axudas ós estudantes universitarios galegos, descendentes de galegos ou residentes en Galicia interesados en solicitarlos créditos para financiamento dos seus estudos universitarios do pri-



meiro ciclo e primeiro e segundo ciclo, e prorroga-los concedidos na convocatoria anterior. (DOG, 07/06/00).

— Orde do 16 de maio de 2000 pola que se efectúa convocatoria pública de axudas ós estudantes universitarios galegos, descendentes de galegos ou residentes en Galicia interesados en solicita-los créditos para financiamento dos seus estudos de terceiro ciclo e prorroga-los concedidos na convocatoria anterior. (DOG, 07/06/00).

— Orde do 21 de xuño de 2000 pola que se convocan 2600 axudas ó estudio de carácter especial denominado becas-colaboración para o curso 2000-01. (BOE, 08/07/00).

— Orde do 21 de xuño de 2000 pola que se convocan becas de mobilidade para o curso 2000-01 para os alumnos universitarios que cursan estudos fóra da súa comunidade autónoma. (BOE, 21/06/00).

— Orde do 4 de xullo de 2000 pola que se convocan dúas bolsas de colaboración en tarefas de sensibilidade xeral e seguimento do procedemento de orientación e información ós estudantes e do procedemento de acceso ás universidades. (DOG, 10/07/00).

— Orde do 14 de xullo de 2000 pola que se convoca un concurso público de méritos para a selección de profesor ou profesora bolseiro de lingua, literatura e cultura galegas para as universidades de Murcia, do País Vasco,

Autónoma de Barcelona, de Salamanca, de Cork, de Oxford, de Rennes II-Haute Bretagne, Nova de Lisboa, do Minho (Braga), de Varsovia, Freie Universität d Berlín, de Trier, Ruprecht-Karls de Heidelberg, de Birmingham, da República (Montivideo), de Padua e de Tubinga. (DOG, 24/07/00).

— Orde do 10 de xullo de 2000 pola que se resolve a do 10 de marzo de convocatoria de subvencións a universidades galegas para a organización de congresos, simposios e xornadas que favorezan a proxección universitaria, tanto no ámbito local como no nacional e internacional. (DOG, 28/07/00).

— Orde do 28 de xullo de 2000 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria (programa de promoción xeral da investigación e programas tecnolóxicos). (DOG, 21/08/00).

— Orde do 11 de agosto de 2000 pola que se resolve o concurso público convocado na do 10 de febreiro de 2000, para a adxudicación de dúas bolsas para realizar estudos relacionados coa Unión Europea no Colexio de Europa (Bruxes e Natolín). (DOG, 30/08/00).

— Orde do 23 de agosto de 2000 pola que se resolve a convocatoria da do 4 de xullo de 2000, de dúas bolsas

de colaboración en tarefas de sensibilidade xeral e seguimento do procedemento de orientación e información ós estudantes e do procedemento de acceso ás universidades. (DOG, 30/08/00).

— Orde do 11 de agosto de 2000 pola que se resolve a concesión de axudas para accións de apoio económico ós estudantes universitarios correspondentes ós anexos I, II, III, IV, V e VI da Orde do 15 de marzo de 2000. (DOG, 04/09/00).

## 21.5. TÍTULOS

---

Acordo do 17 de maio de 2000, do Consello de Universidades, polo que se fixan os límites de prezos por estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais para o curso 2000-2001. (BOE, 02/06/00)

— Decreto 157/2000, do 22 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes ós estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2000/2001. (DOG, 28/06/00).





# *Normas para os autores*



## NORMAS PARA OS AUTORES

---

*Comité de Redacción*

Os profesores interesados en remitir estudos, prácticas, recensións de libros ou noticias para a súa publicación na *Revista Galega do Ensino* (RGE) deberán aterse ás seguintes indicacións, tendo en conta que non se aceptarán os traballos que non as respecten:

1ª) As colaboracións serán inéditas. Consistirán en investigacións teóricas ou prácticas relacionadas co ensino. Deben presentar especial interese para calquera dos niveis do ensino que se integran no contido multidisciplinar da RGE. Preferiranse os traballos dun só firmante e non se aceptarán os asinados por máis de dous. O nome e os apelidos do autor, seguidos do do centro docente ou institución onde traballe, figurarán debaixo do título. As recensións darán noticia de libros de actualidade (enténdese do mesmo ano en que se envían á Revista) e nelas o nome, apelidos e centro do autor poranse ó final. Cando se trate dunha primeira colaboración, indicaranse, en folio á parte nome, centro, enderezo e teléfono. Axuntarase un breve currículo (15 a 20 liñas).

2ª) Os autores presentarán os traballos en disquete, acompañados de copia impresa en letra Courier tamaño 12, paso non compensado. Cada páxina debe ter 2.275 matrices (caracteres + espazos en branco), o que equivale a folios Din A4 de 35 liñas con 65 matrices por liña.

### **Aplicacións soportadas.**

#### Ficheiros de texto

Sempre que sexa posible, o ficheiro deberá estar almacenado en formato *Word 97 para Windows*.

*Word 97 para Windows* soporta ficheiros de:

*Word Perfect* ata a versión 5.x para MS.DOS e Windows,

*Microsoft Publisher 2.0*

E ficheiros MS-DOS e ASCII

*Word Perfect 5.1* para MS-DOS.

*QuarkXPress 3.3* para Power Macintosh

*Postscript* con formato MAC ou PC.

#### Follas de cálculo

O xestor de follas de cálculo utilizado é *Excel 97* para Windows.

Soporta conversión desde formato.

Lotus 1-2-3,  
 QuattroPro/DOS,  
 Microsoft Works,  
 dBASE,  
 versións anteriores de *Excel*.

Bases de datos

O xestor de base de datos é *Acces 97 2.5 para Windows*. Os ficheiros con formato dBASE son recoñecidos pola aplicación.

3ª) Os orixinais deberán estar correctamente redactados e puntuados, e escritos, se for posible, en lingua galega. A RGE, que seguirá as normas oficiais do idioma galego, incluso nas opcións preferidas por elas, resérvase a capacidade de facer correccións de estilo, maiormente naqueles puntos que poidan resultar escuros ou ambiguos. Non se usará letra negra (grosa). A cursiva ou as comiñas deberán responder ás convencións internacionais. Toda sigla ha de ser desenvolvida entre parénteses a primeira vez que se cite nun traballo. Exemplo: RAG (Real Academia Galega).

4ª) Así mesmo, a RGE prégalles ós autores o envío de ilustracións de boa calidade, en cor ou en branco e negro (fotografías, fotocopias, mapas, debuxos, gráficos). Para a publicación das recensións é imprescindible a fotocopia da cuberta do libro.

5ª) Os traballos terán a extensión seguinte (cítanse a mínima e a máxima en folios Din A4, entendendo incluídos cadros e esquemas): “Colaboracións Especiais”, 15-25; “Estudios”, 10-25; “Prácticas”, 6-15; “Recensións”, 3-5; “Noticias”, 1-4.

6ª) No caso de estaren divididos en apartados e subapartados, os orixinais han ir acompañados do correspondente índice, organizado con cifras ou letras. Este índice non se publicará.

7ª) O Comité de Redacción decidirá a conveniencia da publicación dos traballos, que serán avaliados por especialistas nas materias de que se trate.

8ª) Os colaboradores da RGE recibirán unha ficha, que cubrirán cos seus datos e o seu perfil académico e profesional.

9ª) A cada autor dun traballo publicado na RGE enviaránselle tres exemplares dela e vintecinco separatas.

10ª) Os estudos con notas presentarán estas preferentemente a pé de páxina.

11ª) As referencias bibliográficas que aparecen no corpo do traballo disporanse abreviadamente segundo un dos modos seguintes, máis adiante detallados:

(A. Parrilla, *La integración...*, p. 18)  
 — sistema europeo:

(Parrilla, 1992a, 18) — sistema americano:

Debe terse en conta que o sistema europeo prefire a substitución das referencias bibliográficas incrustadas no corpo do traballo por chamadas e notas a pé de páxina, nas que non hai orde alfabética e os nomes dos autores figuran antes dos apelidos; nelas adoitan usarse as referencias bibliográficas cos datos editoriais completos.

O sistema americano permite suprimir as notas a pé de páxina cando son exclusivamente bibliográficas, polo que resulta indispensable unha bibliografía final na que se detallen tódolos datos.

12ª) A bibliografía consultada como base das colaboracións colocárase ó final delas, ordenada alfabeticamente polos apelidos dos autores, seguidos dos seus nomes, completos ou abreviados coa letra inicial; despois poñerase coma ou dous puntos. Debe entenderse que, feita calquera destas eleccións, non se mesturará coa outra.

Utilizárase sangría francesa, é dicir, sangranse tódalas liñas, agás a primeira de cada entrada.

Os títulos de libros, revistas e xornais irán en letra cursiva; os de capítulos de libros, de artigos aparecidos en revistas e xornais, ou de traballos en libros colectivos poñeranse entre comiñas, indicando a continuación o xornal, revista ou libro en que se integran.

Escribíranse logo tódolos datos editoriais, sempre pola mesma orde: lugar de edición, editorial, ano (se non se citou antes, segundo o sistema americano) e, se se desexa, colección. No caso das revistas abonda con poñer o número e o ano; no de xornais, a data completa.

Indicárase o número da edición do libro, abreviadamente ou voado, só cando non sexa a primeira.

Sinaláranse as páxinas que comprenden o capítulo ou o artigo ós que se fai referencia.

Cando se citen dous ou máis traballos dun autor, ordenáranse cronoloxicamente, pero o apelido e o nome só aparecerán na primeira entrada: nas seguintes substituíranse por un trazo longo ó que seguirá, sen puntuación intermedia, o título que corresponda.

Elixido un sistema (o europeo ou o americano), non se mesturará co outro.

Prégase un uso atento e rigoroso da puntuación, tal como se observa nos exemplos que seguen. Os apartados, que aparecen aquí por razóns de claridade, non se reproducirán na lista de referencias bibliográficas, que debe compoñerse con atención exclusiva á orde alfabética.

Reitérase, así mesmo, que esta orde non se respecta nas notas a pé de páxina, nas que os nomes propios van antepostos ós apelidos. En todo caso, os números xa publicados da RGE poden servir de guía para estas ou outras dúbidas.

## SISTEMA EUROPEO

### A) LIBROS dun só autor:

Goldstein, A., *Prescription for child mental health and education*, New York, Pergamon, 1978.

Parrilla, A., *La integración escolar y los profesores*, Madrid, Cincel, 2ª ed., 1992 (ou 1992²).

Tarrío Varela, A., *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Xerais, 1995.

## B) LIBROS de varios autores:

Cando os autores son dous ou tres, só se inverte o nome do primeiro. Se son máis de tres adóitase citar só o primeiro, seguido de "e outros". Se foran moitos e ningún deles figurase como coordinador, editor, director, recompilador, etc., utilizaranse as siglas AA.VV. ou VV. AA. (Varios Autores).

Ares Vázquez, M. Carme, e outros, *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais, 1986.

López Casanova, A., e E. Alonso, *El análisis estilístico. Poesía /Novela*. Valencia, Bello, 1975.

Santamaría, Andrés, Augusto Cuartas e Joaquín Mangada, *Diccionario de incorreciones, particularidades y curiosidades del lenguaje*, Madrid, Paraninfo, 1995.

VV. AA., *Comprensión lingüística en estudiantes de Primaria y ESO*, Madrid, Ministerio de Educación y Cultura, 1996.

\*\*\*

## C) ARTIGOS aparecidos en revistas e xornais:

Laín Entralgo, P., "¿Generación del 98?", *El País*, 26-XI-1996, pp. 13-14.

Siguán, M., "O ensino bilingüe. Unha perspectiva de conxunto", *Revista Galega do Ensino*, 1, 1993, pp. 13-30.

Theilgaard, A., "Aggression and the XYY personality", *International Journal Law & Psychiatric*, 6, 1983, pp. 413-421.

\*\*\*

## D) CAPÍTULOS de libros dun só autor:

Moreno Báez, E., "Manierismo y Barroco", en *Reflexiones sobre el 'Quijote'*, Madrid, Prensa Española, 1971<sup>2</sup>, pp. 107-125.

\*\*\*

## E) TRABALLOS en publicacións colectivas (libros de varios autores, dicionarios, enciclopedias, actas, misceláneas...):

Fernández Mosquera, S., "Quevedo y los emblemas: una comunicación difícil", en S. López Poza (ed.), *Literatura emblemática hispánica. Actas del I Simposio Internacional*, A Coruña, Universidade, 1996, pp. 447-459.

Oliveira, A. Resende de, "Pai Gómez Charinho", en G. Tavanni e G. Lanciani (eds.), *Diccionario de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993, pp. 502-503.

Requejo Osorio, A., "Desarrollo Comunitario y Educación", en J. M. Quintana (coord.), *Iniciativas sociales en educación informal*, Madrid, Rialp, 1991, pp. 349-360.

## SISTEMA AMERICANO

O sistema americano permite unha maior brevidade debido ás referencias bibliográficas intercaladas no corpo do traballo e ó aforro de notas a pé de páxina. Na bibliografía todo se pon igual ca no europeo, con excepción da data, que figura entre parénteses despois do nome do autor. Cando se mencionen varios



libros dun autor publicados no mesmo ano, usaranse letras minúsculas comezando polo *a*. Daremos só algúns exemplos elixidos entre os dos apartados anteriores:

A)

Parrilla, A. (1992a): *La integración escolar y los profesores*, Madrid, Cincel, 2ª ed.

Tarrío Varela, A. (1995): *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Xerais.

B)

López Casanova, A., e E. Alonso (1975): *El análisis estilístico. Poesía/Novela*, Valencia, Bello.

C)

Siguán, M. (1993): “O ensino bilingüe. Unha perspectiva de conxunto”, *Revista Galega do Ensino*, 1, 13-30.

D)

Moreno Báez, E (1971<sup>2</sup>): “Manierismo y Barroco”, en *Reflexiones sobre el ‘Quijote’*, Madrid, Prensa Española, 107-125.

E)

Oliveira, A. Resende de (1993): “Pai Gómez Charinho”, en G. Tavanni e G. Lanciani (eds.), *Diccionario de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 502-503.

13ª) Nas RECENSIÓNS deben figurar sempre os mesmos datos e pola mesma orde:

**Título:** *Letra cursiva minúscula.*

**Autor:** Nome e apelidos.

**Traductor:** Cando sexa pertinente.

**Editorial:** Nome dela, lugar e ano de edición.

**Colección:** Se a hai e desexa mencionarse.

**Núm. pp.:** Número de páxinas.

**Tamaño:** Número de cm de alto por número de cm de largo.

14ª) A bibliografía correspondente a cada traballo non poderá superalas tres páxinas.

15ª) Enténdense como NOTICIAS as que informen sobre investigación, educación e ensino. Poderán anunciarse congresos, cursos, certames, bolsas, actos culturais, etc., sempre que sexa coa anticipación conveniente e non resulten desfasadas no momento da aparición da RGE.

Así mesmo, mediante breves resumos, pódense dar NOTICIAS de acontecementos recentes: congresos, cursos, exposicións, estreas teatrais, concertos e actos culturais diversos.

16ª) O Comité de Redacción reserva-se a facultade de introduci-las modificacións que estime oportunas na aplicación das normas publicadas. Os orixinais non serán devoltos.



